

Estratexia

Rías Baixas

Turismo 61



Contido

Parte I. Introducción	4
1. Contexto e introdución estratéxica	5
Parte II. Diagnóstico e marco operativo	9
2. Diagnóstico turístico	10
2.1. Evolución da economía mundial e o seu impacto no turismo	10
2.2. O turismo en España	14
2.2.1. O fenómeno das Vivendas de Uso Turístico (VUT)	19
2.3. A dinámica turística en Galicia	21
2.4. A provincia: demografía, economía, infraestruturas e recursos turísticos	28
2.4.1. Oferta turística	29
2.4.2. Demanda turística	58
2.5. Contorna competitiva	74
2.6. Transformación dixital en Rías Baixas	80
2.6.1. Aspectos relevantes da transformación dixital en Rías Baixas	82
2.6.2. Gobernanza para a transformación dixital de Rías Baixas	84
2.6.3. Evolución das Rías Baixas como DTI	89
3. Proceso participativo para a elaboración da estratexia	97
3.1. Análise e identificación de retos	99
3.2. Validación da estratexia e achega de propostas	104
4. DAFO	107
Parte III. Formulación estratéxica	115
5. Misión, visión e valores	116
6. Eixes estratéxicos	119
7. Principios de xestión	125
Parte IV. Plans de actuación	128
Parte V. Agradecementos	310



Parte I

Introducción



1 Contexto e introdución estratéxica

A provincia de Pontevedra ten no seu sector turístico un **ramo estratéxico da súa economía**. Esta afirmación susténtase nun sinfín de datos cuantitativos e, por tanto, obxectivos. Cifras de emprego, número de empresas que conforman a cadea de valor ou a crecente dimensión da súa estrutura de aloxamento dan testemuño da importancia desta actividade no día a día do territorio.

Esta primeira e rápida análise está feita desde unha perspectiva da oferta do destino. Tomar como referencia o prisma da demanda permite referendar o afirmado, especialmente pola positiva evolución das principais estatísticas nos últimos tempos. Neste sentido, **o pasado ano 2023 foi histórico en canto a resultados**, posto que non só se confirmou a recuperación pospandemia senón que incluso se superaron os indicadores do exercicio 2019, que era ata o día de hoxe a anualidade de referencia no historial de datos do destino. Concretamente, o número de persoas aloxadas e de noites en establecementos regrados da provincia medrou un 8,30% e un 6,95%, respectivamente, se se compara o 2023 co 2019. Neste período, o turismo internacional medrou máis dun 20%.

Ademais, as perspectivas son inmejorables, a teor das cifras rexistradas no que vai de ano. Sen ir máis lonxe, no primeiro trimestre de 2024 a demanda hoteleira medrou un 14,86% respecto ao mesmo intervalo temporal do exercicio anterior, incremento que tamén se replica en termos de facturación, cun 12,30% extra.

A provincia presume dun patrimonio cultural e natural único, conta cunha boa infraestrutura de aloxamentos e equipamentos e dispón dunha

marca, Rías Baixas, ben posicionada tanto en mercados nacionais como internacionais. Estes son, entre outros, puntos fortes que permiten ao destino afrontar con optimismo as oportunidades que se presentan. De feito, existe un gran potencial para desenvolver produtos e experiencias turísticas con capacidade de atracción dun turismo interesado en experiencias únicas e sostibles.

Non obstante, aínda hai cuestións nas que hai marxe de mellora e certas ameazas que se cinguen sobre a actividade turística: a estacionalidade da demanda, o desequilibrio territorial nos fluxos de visitantes (con velocidades de desenvolvemento do sector diferentes no interior e na costa) e un incipiente malestar co turismo en determinados puntos en momentos concretos do ano, entre outros.

Chegados a este punto, se ben o anterior Plan estratéxico provincial de turismo 2021-2023, elaborado nun contexto completamente mediatizado pola pandemia da COVID-19, sentou as bases para a transformación intelixente do destino, o momento actual require o deseño dunha folla de ruta que prepare a provincia de Pontevedra para **competir en óptimas condicións no mercado turístico nacional e internacional no que resta de década.**


Plenamente consciente da importancia e experiencia do ecosistema turístico provincial, o **Servizo de Turismo Rías Baixas impulsou un proceso participativo que procurou dar voz a toda a cadea de valor**, tanto aos ámbitos público como privado, de cara a identificar os principais retos aos que se enfronta o destino de aquí a 2030.

Este proceso estratéxico aséntase nun método de traballo que busca facilitar a implantación da planificación en todo o territorio que comprende o destino Rías Baixas e que está pensado para **atender as necesidades de todos e cada un dos 61 concellos** da provincia de Pontevedra. Así, **esta Estratexia Rías Baixas Turismo 61 ten entre as súas aspiracións clave a cohesión de todo o territorio provincial como un destino único**.

E faino **situando ás persoas no centro da estratexia**, con tres perspectivas: a da poboación local, a das persoas que nos visitan e, como non, a das traballadoras e traballadores do sector. Neste sentido, **o concepto de calidade de vida aséntase como o pilar clave que da sentido ao plan**. Un territorio que é amable para vivir e ideal para traballar é, sen dúbida, un destino perfecto para visitar.

Liderada pola Deputación de Pontevedra, a presente Estratexia Rías Baixas Turismo 61 está artellada ao redor de **cinco eixes estratéxicos e 42 propostas de actuación**, que computan un orzamento global que supera os **45 millóns de euros**.





Parte II

Diagnóstico e marco operativo



2.

Diagnóstico turístico

2.1. Evolución da economía mundial e o seu impacto no turismo

Após a estabilización da crise sanitaria orixinada pola pandemia de COVID-19, o contexto político e económico global está a marcar o ritmo da economía a nivel mundial, orientándose cara a unha **fase de crecemento moderado, aínda que ensombrecido pola presión de tendencias inflacionistas**. Esta situación levou a unha contracción da actividade económica en potencias como Estados Unidos, o Xapón, a China, e outras rexións de Asia, evidenciando a complexidade e a interconexión dos mercados globais.

A Comisión Europea aumentou a súa proxección de crecemento económico para a zona euro do 2023, grazas a un inicio de ano “mellor do esperado” e nun contexto de desaceleración dos prezos da enerxía e melloras nas cadeas de subministracións. A Comisión Europea espera agora un crecemento do Produto Interno Bruto (PIB) de 1,1% para o 2023, por enriba de 0,8% estimado en febreiro e do 1,6% no 2024, fronte ao 1,5% previo, nos 20 países que comparten a moeda única. A mesma tendencia obsérvase para o conxunto da Unión Europea (UE), cuxo crecemento prognosticado é de 1% no 2023, fronte ao 0,8% e de 1,7% no 2024, unha décima máis da estimación previa.

En Estados Unidos, a situación económica ha experimentado un retroceso, entrando nunha fase de recesión técnica, o cal se reflicte na redución das taxas de crecemento económico, que rexistraron niveis negativos nos últimos dous trimestres consecutivos. Este cambio de tendencia pon de manifesto os retos aos que se enfrontan as economías avanzadas no escenario pospandémico. Pola súa banda, a economía chinesa atopouse nunha situación complexa debido aos rigorosos confinamentos implementados en varias áreas do país, como medida para controlar gromos do virus. Esta política de restricións afectou significativamente o seu ritmo de crecemento económico.

Doutra banda, **no que atinxe á inflación, segundo a Comisión Europea, na zona euro prevese que diminúa a 5,4% e espérase que descenda aínda máis a 2,3% en 2024. No 2025, a taxa de inflación debería acadar o 2,0% e prevese que se manteña próxima a este nivel en 2026, alcanzando o 1,9%.** Isto fai que, ata agora, o consumo privado lograrse sosterse a pesar do aumento nos prezos, pero se esta situación persiste, é probable que se vexa unha diminución na renda dispoñible das familias. Isto podería levar as familias a

botaren man dos seus aforros para manteren os seus niveis actuais de consumo. Aínda que isto pode parecer contradictorio, observouse unha diminución nos niveis de confianza do consumidor, o que podería conducir a un incremento na taxa de aforro como medida precautoria. **Os altos niveis de inflación están a ter un impacto directo na política monetaria, evidenciado polo incremento nas taxas de interese. Esta situación repercute negativamente no consumo dos fogares ao aumentar o custo das hipotecas e outros préstamos.**

Outro dos elementos que podería agravar aínda máis a situación económica é a evolución do conflito en Ucraína. Este enfrontamento ten un impacto directo nos prezos das materias primas, particularmente no do gas natural, o que podería desembocar nunha situación de estanflación, onde o estancamento económico acompaña-se de alta inflación. Ademais, enfróntanse riscos adicionais como as interrupcións nas cadeas de subministración e loxística, o cal está a afectar a actividade económica global. No mercado laboral, a escaseza de traballadores en certos sectores está a limitar a capacidade operativa de moitas empresas.

No que concirne ao turismo, e máis concretamente aos destinos turísticos, fóra dos países asiáticos, estes comezaron a levantar as restricións de viaxe establecidas debido á COVID-19. **As ganas de viaxar propiciaron un incremento das viaxes, mais as altas taxas de inflación, provocadas tanto polo incremento dos prezos da enerxía como por un exceso de demanda, poden favorecer cambios no comportamento dalgúns turistas, como pode ser viaxar a destinos máis próximos aos seus fogares e consumir produtos con menor valor engadido.** Esta circunstancia será especialmente importante no caso dos fogares con menores ingresos.

Desde o punto de vista do transporte, a demanda recuperouse máis rápido que a oferta. Como consecuencia da pandemia, moitas

compañías aéreas e aeroportos reduciron os seus cadros de persoal e non son capaces de contratar actualmente candidatos. Doutra banda, as aeroliñas aproveitaron para reestruturar as súas frotas de maneira que hai escaseza de aeronaves que limita a expansión da conectividade. Nos próximos anos as compañías irán integrando os novos aparellos nas súas frotas. A grande incerteza neste sector será a capacidade das empresas para captar novos traballadores, así como para atender as demandas dos seus empregados actuais no marco das folgas.

Con este contexto e, **segundo datos de Turespaña, a recuperación do turismo emisor é desigual ao longo de todo o mundo.** O cadro seguinte compara a situación das diferentes zonas emisoras de turismo con relación ao ano 2019.

Táboa 1. Turismo emisor segundo zonas xeográficas (2019-2024)

	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Total	100	27,7	29,20	58,98	80,56	97,32
América	100	29,0	31,64	63,59	82,55	96,33
América do Norte	100	29,0	32,05	65,47	84,91	99,09
América Central e do Sur	100	28,9	28,96	56,76	74,52	87,27
Europa	100	32,9	38,92	70,76	87,24	100,85
Europa do Norte	100	27,2	25,54	76,75	95,25	109,25
Europa do Sur/Mediterráneo	100	31,3	39,34	72,94	88,34	100,17
Europa Central e do Leste.	100	30,2	41,07	50,72	66,80	83,17
Asia-Pacífico	100	16,3	7,24	33,07	66,10	90,29
Asia Noroeste	100	14,8	6,94	31,01	65,58	91,88
Sueste Asiático	100	16,9	4,39	32,56	65,90	86,99
Asia do Sur	100	26,4	20,57	47,53	71,24	87,77
Oceanía	100	17,8	5,75	39,94	66,97	91,82
Oriente Medio	100	28,0	37,80	67,55	89,23	108,86

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do ETC Quarterly Report Q2/2022. Os datos de 2020 son estimacións e o resto, predicións.

Vendo estes datos, pódese indicar que Oriente Medio e Europa, particularmente o norte de Europa, son as primeiras rexións en recuperar os niveis de viaxeiros de 2019, sendo seguidas por América do Norte. Doutra banda, Asia, xunto con Europa Central e do Sur, proxectan unha recuperación máis tardía. Europa, en 2021, rexistraba un descenso do 32,4% respecto dos datos de 2019, sendo os Países Baixos, Francia e Alemaña os que encabezaban a recuperación. No ámbito estranxeiro, Estados Unidos, o Brasil e a India destácanse na recuperación, aínda que o crecemento estadounidense é moderado. **A guerra en Ucraína tivo menos impacto do esperado e a fortaleza do dólar podería incentivar viaxes cara a Europa. China, coa súa política de illamento, viu reducidos os seus fluxos turísticos, mais obsérvase unha relaxación gradual de restricións. O mercado xaponés tamén avanza lentamente na recuperación, afectado pola debilidade do ien, o que podería diminuír a súa actividade turística internacional.**





2.2. O turismo en España

No contexto dunha recuperación pospandémica global, **o sector turístico en España evidenciou unha tendencia á alza, reflectindo unha notable mellora e un optimismo crecente.** Durante o transcurso do ano 2021, España recibiu a cifra de 31,18 millóns de visitantes internacionais. Este número, aínda que representa un 37,3% do total de visitantes no ano 2019, marcou o comezo dunha recuperación positiva no sector. **O ano 2023 foi testemuña dun fito significativo na historia turística de España, xa que o número de turistas internacionais que visitaron o país superou por primeira vez os 85 millóns, cun rexistro exacto de 85.056.528 visitantes, segundo Turespaña.** Esta cifra non só representa un incremento do 18,7% en comparación co ano 2022, senón que tamén supera nun 1,9% os rexistros do ano 2019, que ata agora fora o ano de referencia prepandemia. De igual maneira, **España estableceu unha nova marca en canto a gasto turístico, cunha suma total de 108.662 millóns de euros, o que supón un aumento do 24,7% con respecto a 2022 e un 18,2% máis en comparación con 2019, segundo datos recentes publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE).**

No que atinxe ao gasto individual dos turistas, o ano 2023 tamén mostrou cifras alentadoras. **O gasto medio por turista acadou os 1.278 euros, reflectindo un aumento do 5,1% respecto ao ano anterior e un significativo 16,1% máis en comparación con 2019.** Similarmente, **o gasto medio diario ascendeu a 175 euros, o que representa un crecemento do 8% en comparación con 2022 e un 13,1% máis que en 2019.** Este incremento no gasto acompáñase dun aumento na estadía media, alcanzando os 7,3

días, o cal supera a media de 7,1 días rexistrada en 2019 e subliña unha maior satisfacción e goce por parte dos visitantes internacionais, así como unha calidade superior na oferta turística española.

En termos de orixe xeográfica dos visitantes, o ano 2023 demostrou ser excepcional, con incrementos notables nos fluxos turísticos procedentes dos principais mercados emisores. **O Reino Unido segue a ser o líder indiscutible, achegando 17,3 millóns de turistas, o que representa un aumento do 14,6% respecto ao 2022.** En termos de gasto, os visitantes británicos deixaron máis de 19.000 millóns de euros en España, superando tanto as cifras de 2022 como de 2019. Francia e Alemaña tamén mostraron un crecemento significativo tanto en número de visitantes como en gasto turístico, reforzando a súa importancia como mercados emisores clave para España. No entanto, **Estados Unidos emerxe como o mercado co maior crecemento en 2023, cun aumento do 38,7% no número de visitantes en comparación con 2022 e un impresionante incremento do 50% no gasto turístico.** Este notable crecemento esténdese ao longo de todo o continente

americano, evidenciando a crecente importancia desta rexión como fonte de turistas de alto poder adquisitivo, o cal se traduce nun aumento substancial no gasto turístico e enriquece a calidade e a excelencia da oferta turística española.


No que concirne ás preferencias rexionais dentro de España, Cataluña lidera como o destino predilecto, seguido de preto polas Illas Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana e Madrid, que experimentou o maior crecemento interanual en 2023. Este incremento na afluencia de visitantes vese reflectido tamén no gasto turístico, con Cataluña encabezando a lista cun significativo aumento no gasto de destino, seguida de Canarias e Baleares. Estes datos non só reflecten a popularidade continua destas rexións como destinos turísticos de primeira orde, senón que tamén destacan o éxito das súas estratexias para atraer e satisfacer os turistas internacionais. Ademais, a notable mellora nas cifras de gasto nestas comunidades autónomas evidencia a efectividade das políticas implementadas e a capacidade de España para ofrecer experiencias de alta calidade que resultan nun maior gasto por parte dos visitantes.

Este panorama global do turismo en España durante o ano 2023 revela non só unha recuperación significativa do sector pospandemia, senón tamén unha expansión e un fortalecemento evidente fronte aos niveis previos á crise. O incremento na chegada de turistas internacionais, xunto co aumento no gasto turístico, demostra a resiliencia e o atractivo continuado de España como destino turístico global.

Unha vez analizadas as principais métricas do turismo en España detalladas por Turespaña, é importante tamén profundar na análise da rendibilidade dos destinos españois cos estudos realizados por Exceltur. O ano 2023 consolidouse como un período moi frutífero para practicamente todos os enclaves turísticos de España, culminando nun avance notable en termos de ingresos. Especificamente, segundo o Barómetro da Rendibilidade dos Destinos Turísticos Españois elaborado por Exceltur (nº 39), **o Ingreso por Habitación Disponible (RevPAR) experimentou un significativo**

incremento, situándose nun 26,0% por enriba dos rexistros do ano 2019, o que resultou nunha media de 77,1€ para a totalidade dos destinos. Este impulso na xeración de ingresos estivo primordialmente apoiado por un considerable aumento na Tarifa Media Diaria (ADR, polas súas siglas en inglés), a cal ascendeu un 23,7% en comparación co ano 2019. Este crecemento atribúese tanto ao empeño dos empresarios por investir en produtos e servizos de maior diferenciación e valor engadido como á imperiosa necesidade de equilibrar o incremento nos custos operativos.

Figura 1. Variación da ocupación, a tarifa media diaria e a rendibilidade de 2023 respecto a 2019.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Exceltur.


Observouse que aqueles destinos que fomentaron o investimento empresarial e complementaron estas iniciativas con investimentos públicos non só lograron acadar niveis superiores de ingresos, senón que tamén experimentaron os maiores incrementos en comparación coas cifras do ano 2019. **Este esforzo por reposicionar o produto turístico viuse reflectido nun aumento do 5,6% na**

cantidade de prazas hoteleiras de catro e cinco estrelas en detrimento de aquelas de categorías inferiores (un, dous e tres estrelas), as cales experimentaron unha diminución do 3,6%. A devandita revalorización dos investimentos foi posible grazas á demanda turística, motivada por un renovado interese polas viaxes e a prolongación da tempada estival, factores complementados

por un rendemento excepcional do sector MICE (reunións, incentivos, conferencias e exposicións) e un aumento nas escapadas urbanas durante o último trimestre do ano. Así mesmo, notouse un crecente interese de perfís turísticos de alto poder


adquisitivo, especialmente de América, así como unha ampliación nas conexións aéreas e ferroviarias e, no caso particular de Canarias, un impacto positivo debido á inestabilidade xeopolítica en Oriente Medio.

Figura 2. Variación no grao de ocupación en 2023 respecto a 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Exceltur.


Figura 3. Variación no número de prazas abertas en 2023 respecto de 2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Exceltur.

O ano 2023 resultou ser beneficioso tanto para destinos vacacionais como urbanos (Figura 4), aínda que os primeiros reportaron lixeiramente mellores resultados en termos de ingresos, ADR e taxas de ocupación, beneficiándose particularmente dunha tempada estival estendida grazas a condicións meteorolóxicas favorables e as consecuencias do conflito palestino-israelí, que tivo un impacto significativo especialmente nas Illas Canarias. Doutra banda, os destinos urbanos gozaron dun bo desempeño grazas ao auxe do turismo MICE, o aumento das escapadas urbanas propiciadas polas melloras na oferta ferroviaria e o atractivo para turistas de longa distancia, especialmente aqueles procedentes de América, así como un incremento gradual do turismo asiático, a pesar de que este aínda non logrou recuperar completamente os niveis previos á pandemia.

Figura 4. Variación dos niveis de facturación hoteleira de 2021 a 2023 respecto ás cifras de 2019, en destinos urbanos e vacacionais.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Barómetro da Rendibilidade dos Destinos Turísticos Españóis de 2023 (Exceltur).

Con todo, cabe sinalar que os empresarios turísticos enfrontáronse a desafíos significativos, especialmente no que respecta ao incremento dos custos operativos (enerxía, subministracións e financeiros), tal como se reflicte na Enquisa de Confianza de Exceltur de xaneiro de 2024. Estes aumentos de custos impediron unha mellora aínda maior nos resultados financeiros do sector. Ademais, a industria enfrontou retos na xestión do persoal debido á dificultade para atopar traballadores cualificados, o que resultou nun incremento notable nos custos laborais.

2.2.1. O fenómeno das Vivendas de Uso Turístico (VUT)

As vivendas de uso turístico (VUT) desempeñan un papel significativo na conformación dos modelos turísticos prevalentes nos destinos españois. Por conseguinte, é importante analizar este fenómeno, especialmente se temos en conta que estas vivendas inflúen na estratexia e o posicionamento turístico de numerosos destinos dentro de España. O impacto non é menor e require unha avaliación para entender completamente os seus efectos e como poden ser xestionados ou potenciados en favor do desenvolvemento turístico sostible e equilibrado nos destinos. **Os modelos de aloxamento turístico teñen unha importancia crítica tanto para a achega do turismo ao benestar socioeconómico da sociedade como para manter unha harmonía entre o turismo e a preservación dos recursos naturais e as identidades locais dos destinos. Esta perspectiva pon de relevo a importancia de xestionar o crecemento descontrolado das vivendas turísticas, que se intensificou pola facilidade de comercialización mediante plataformas en liña.**

En España, o auxe das VUT foi especialmente notable debido ao incremento da construción de aloxamentos destinados ao uso estacional nas áreas costeiras durante a primeira década do século XXI. Esta tendencia tivo importantes repercusións na contorna natural e excedeu a capacidade de acollida das comunidades locais.

Posteriormente, esta problemática estendeuse ás áreas urbanas desde 2010, impulsada polo auxe das plataformas *online*, o que tivo consecuencias prexudiciais para o acceso á vivenda local e contribuíu á perda de vitalidade nos centros históricos. **Segundo datos publicados por Exceltur no seu informe ReviTUR¹, en 2023, experimentouse un notable incremento na oferta das vivendas de uso turístico (VUT) nunha ampla gama de destinos españois. As 25 principais cidades de España viron como o seu número de prazas en VUT acadaba as 299.000, marcando un incremento do 5,5% respecto a 2022 (con 15.000 novas prazas) e un 21,1% en comparación con 2021 (agregando 52.000 prazas), mais aínda por baixo dos picos de 2019.**

Segundo os datos proporcionados por Exceltur, detéctase que o número de prazas dispoñibles en vivendas de uso turístico (VUT) rexistrou un aumento considerable, escalando de 346.921 en 2010 a 788.136 en 2019. Este ascenso manifesta un crecemento pronunciado da presión turística sobre as zonas urbanas. Paralelamente, os propietarios de VUT observaron, no mesmo período, un incremento nos seus ingresos, cos alugueiros turísticos nunha media de 19.737 euros, unha cifra que contrasta cos 10.138 euros xerados polos alugueiros residenciais. Esta realidade tradúcese en que un 6% das vivendas en

1 <https://www.exceltur.org/revitur/>

distritos de alto atractivo turístico se transformaron en VUT, o que equivale a 21,8 prazas VUT por cada 100 habitantes. Adicionalmente, no período comprendido entre 2010 e 2019, notouse un crecemento das VUT que irá unido a un incremento nos prezos da vivenda do 9,1% e unha diminución da poboación residente do 2,7%.

Nesta análise é fundamental considerar a percepción dos residentes en áreas onde se localizan as VUT. De acordo coa enquisa realizada por Exceltur, un 77,7% dos veciños opina que as VUT elevaron os custos da vivenda. Un 68,4% percibe que a calidade de vida na súa veciñanza viuse minguada pola presenza das VUT. Ademais, un 66,0% sinala que as VUT ocasionan conflitos de convivencia. E, non menos relevante, un 51,0% sente que o comercio local se transformou negativamente debido ás VUT.

En consecuencia, pódese deducir que as VUT constitúen simultaneamente unha oportunidade económica e un reto para os tecidos urbanos. Un dato ilustrativo é que un turista hospedado en VUT nas principais cidades españolas incorreu nun gasto medio de 101 euros en destino durante 2018 e 2019, con 27,2 euros destinados ao aloxamento e 74 euros a outros gastos durante a súa estadía. Este gasto representa un 68% do total de 149 euros que gastou un turista hospedado en hotel, dos cales 53 euros corresponderon ao aloxamento e 96 euros a outros gastos, segundo a información oficial das enquisas a turistas españois e estranxeiros realizadas polo INE.

Por tanto, en resumo, aínda que as VUT xeran ingresos significativos para algúns propietarios, tamén exercen un impacto na accesibilidade á vivenda, a cohesión social e o tecido da vida nos destinos. É esencial unha normativa equilibrada que permita capitalizar os beneficios económicos que achega o turismo, ao mesmo tempo que se atenúan os efectos adversos sobre os habitantes locais e a infraestrutura dos destinos.



2.3. A dinámica turística en Galicia


Unha vez analizada a dinámica do turismo en España, neste apartado revisaranse os datos turísticos de Galicia para, posteriormente, pór o foco nas Rías Baixas. Os datos actuais referentes á demanda turística en Galicia son positivos. **A actividade turística constitúe ao redor do 10,4% do PIB e o 11% do emprego.** A pandemia supuxo un desafío considerable para o sector turístico en Galicia, enfrontando limitacións de mobilidade e confinamentos impostos tanto por entidades españolas como estranxeiras. A estratexia implementada por Galicia e pola Deputación de Pontevedra para revitalizar o turismo tras a pandemia foi esencial. Saliéntanse as campañas que realizaron ambas as institucións tanto en época da covid-19 como no período pospandemia ao obxecto de promover o turismo e promover o Camiño de Santiago como unha actividade segura e de interese global, reforzando así a súa posición como destino turístico. Adicionalmente, **o cambio climático e o consecuente incremento de temperaturas reduciron o interese en destinos de sol e praia tradicionais, situando a Galicia como un destino turístico climático en desenvolvemento, a pesar dos retos ambientais que implica.**

A tempada estival de 2023, especificamente nos meses de xullo e agosto, marcou un fito na demanda turística de Galicia, xa que se rexistraron as cifras máis elevadas da súa historia, superando incluso as do período do Xacobeo 21-22. **De acordo co Instituto Nacional de Estatística (FRONTUR/EGATUR, INE), o incremento na demanda turística durante 2023 foi do 1,5%.** Neste escenario de incremento na demanda turística, obsérvase un comportamento inverso na estancia media, a cal se mantén estable respecto ao ano 2022, continuando así por baixo dos niveis prepandemia de 2019, onde

se rexistraba unha media de algo máis de 2,1 noites, cifra equivalente á do ano 2018. Desde unha perspectiva de análise temporal máis ampla, a estancia media experimentara un crecemento constante desde 2015 ata alcanzar 2,4 noites en 2020. Con todo, este número descendeu novamente a 2,1 noites en 2021 e a 1,9 noites en 2022, **situándose agora en 1,9 noites en 2023, o que representa o mínimo histórico para Galicia**. Excluindo esta categoría de aloxamento, a estadía media axustaríase a 2,07 noites, aínda por baixo da media do últimos cinco anos, pero mostrando unha menor diverxencia similar á observada a mediados da década anterior.


Destaca que, dentro das opcións de aloxamento, os apartamentos turísticos e os cámpings presentan as estadias máis prolongadas con 3,2 e 3,6 noites respectivamente. En contraste, as demais modalidades sitúanse por baixo das dúas noites, cos hoteis e establecementos de turismo rural mostrando cifras próximas, mentres que as pensións e os albergues, especialmente estes últimos, rexistran as estadias máis curtas con só 1,1 noites de media en 2023.

Figura 5. Estancia media en 2023 segundo tipoloxía de aloxamento.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do "Balance do Turismo en Galicia 2023" (Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia).

Figura 6. Evolución da estancia media desde 2015 ata 2023.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do “Balance do Turismo en Galicia 2023” (Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia).

A análise dos datos máis recentes indica que, en 2023, Galicia recibiu máis de 7 millóns de turistas, que acumularon 13,38 millóns de pernoctacións, cunha estancia media de 1,91 noites.

O mercado nacional constituíu o 71% do total da demanda turística en 2023, distribuído entre o turismo interno galego, cun 24%, e o resto de España, cun 47%. O segmento internacional, pola súa banda, abarcou o 29% da demanda, con 2.463.200 turistas estranxeiros. Comparando co ano anterior, obsérvase un incremento significativo do 6,6% na cantidade de viaxeiros aloxados e do 5,8% no total de pernoctacións. Estas cifras tamén superan os datos previos á pandemia, correspondentes a 2019, cun aumento global do 9,9% no número de noites de hotel. **Así, recuperáronse e superáronse os volumes de demanda anteriores á crise sanitaria. En termos de viaxeiros aloxados, a recuperación equivale a un aumento do 13,7% sobre o nivel de 2019. A estancia media mantívose relativamente estable en comparación co ano pasado, aínda que representa un descenso do 3,3% con respecto aos valores de hai tres anos, rexistrando 1,91 noites de media.**

Con estes datos de turistas e, analizando os datos económicos que proporciona o INE xerados pola actividade turística, conclúese que **o gasto turístico en Galicia foi de 3.845 millóns de euros, o que representa un incremento do 59%. Este aumento é tamén un 13,5% superior ao gasto rexistrado en 2019, o último ano antes da pandemia, cando o gasto foi de 3.386 millóns de euros.** Estes datos marcan un fito na historia do turismo galego, atinxindo a cifra máis elevada desde 2016, ano no que o gasto turístico

foi de 2.483 millóns de euros, un 54,8% menos en comparación con 2022. Doutra banda, **se se analiza o gasto medio diario, é importante comentar que o turismo de carácter internacional realiza un gasto moito maior, case o dobre que o turista nacional: 124,5 euros/diarios fronte a 66,7 euros/diarios. E é o turista interno o que realiza o gasto diario máis baixo: 39,7 euros/día. Con todo, esta cifra inclúe o custo en transporte, de aí que nos turistas internacionais este valor sexa máis alto.**

Táboa 2. Datos globais de demanda turística nos aloxamentos de Galicia

	Turismo Interno	Turismo Receptor Nacional	Turismo Internacional	TOTAL GALICIA
Viaxeiros	1.527.081	3.030.953	2.463.200	7.021.235
Pernoctacións	3.208.624	6.305.032	3.863.937	13.377.594
Estadía media	2,1	2,08	1,57	1,91

Fonte: Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia (2023).

Con respecto á oferta de aloxamento, os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) indican que a oferta está liderada polas vivendas de uso turístico, que constitúen o 78,1% dos establecementos, seguidas por pensións e hoteis, que suman un 12,4%, e polos establecementos de turismo rural, cun 3,0%. As outras tipoloxías de aloxamento representan unha porción menor dentro do total da oferta. Canto á capacidade de aloxamento, as vivendas de uso turístico posúen o 33,3% das prazas, seguidas por hoteis co 25,4%. Os campamentos turísticos abarcan o 15,6%, as pensións o 10,4%, os albergues turísticos o 7,0%, os apartamentos turísticos o 4,8%, o turismo rural o 3,0% e as vivendas turísticas só o 0,5% do total de prazas. De acordo co IGE de 2023, a maior parte das prazas de aloxamento turístico atópanse en municipios costeiros, debido ao atractivo das súas praias e outros elementos. A nivel municipal, destacan os municipios asociados ao Camiño de Santiago ou á zona costeira en canto á cantidade de prazas de aloxamento por habitante. Esta tendencia subliña a influencia significativa da peregrinación e dos atractivos costeiros no desenvolvemento turístico da rexión.


Tamén é fundamental analizar o número de noites e, segundo o Instituto Nacional de Estatística, o sector hoteleiro en Galicia experimentou un aumento do 6% no número de noites comparado co mesmo período de 2022. No ano 2023, contabilizáronse 13,38 millóns de pernoctacións, abarcando hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues, superando o rexistro do ano anterior e marcando unha marca na serie histórica. Antes da pandemia, as cifras roldaban os 10 millóns de noites. En 2023, Galicia ofreceu máis de 103 mil prazas en aloxamento turístico, un 3,1% máis que en 2022, e un 5,6% máis que a media de 2019, que era dunhas 88 mil prazas. O 58% destas prazas pertence a hoteis, mentres que o resto se distribúe entre cámpings (18%), albergues (11%), apartamentos turísticos (8%) e establecementos de turismo rural (5%). No que atinxe á recuperación da oferta, hai variacións segundo o tipo de aloxamento. Os apartamentos turísticos mostran un incremento notable do 13% respecto a 2022. Os cámpings e hoteis tamén creceron, un 4,7% e un 2,8% respectivamente. Con todo, os albergues e o turismo rural viron unha redución do 1,2% e 4,5%, respectivamente.

Un aspecto relevante para a análise é o emprego xerado pola actividade turística en Galicia. Os datos sobre a poboación ocupada mostran o impacto que tivo a pandemia da covid-19 no sector. **Entre 2019 e 2021, rexistrouse unha redución significativa na cantidade de empregados, de 123.771 a 106.079, evidenciando unha perda considerable no sector. No entanto, o ano 2022 marcou un inicio de recuperación.** Saliéntase ademais unha estabilidade nas afiliacións á Seguridade Social e unha tendencia positiva na taxa de emprego e desemprego desde 2016 ata 2022. É notable o aumento de afiliacións no réxime xeral da Seguridade Social, especialmente nos servizos de aloxamento, con crecemento tamén nos servizos de comida e bebidas. Adicionalmente, incrementouse o número de contratos laborais para mulleres na hostalaría respecto dos homes, e rexístrase un incremento na porcentaxe de persoas empregadas nas categorías do CNAE relacionadas (55 e 56).

O sector empresarial galego caracterízase por estar composto principalmente por empresas de pequeno e moi pequeno tamaño, onde a figura da persoa física como forma social é especialmente destacada. Ademais, é importante sinalar que existen dúas diferenciacións claras dentro de Galicia, por unha banda as provincias da Coruña e Pontevedra presentan unha maior actividade, en contraste coas de Lugo e Ourense.

No territorio galego obsérvase un aumento nas cifras en termos de rendibilidade económica. Con todo, en comparación co resto de España, percíbese a necesidade de realizar unha aposta máis coordinada e organizada polo turismo, suxerindo que, aínda que hai avances positivos no sector turístico galego, aínda existe marxe de mellora para potencialo e maximizar os seus beneficios para a economía local de maneira máis efectiva e estruturada.

Figura 7. Evolución do PIB en Galicia e provincias desde 2016 ata 2021




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE (Contabilidade Rexional de España).

Para concluír esta análise hai que destacar, por unha banda, a estacionalidade, que segue unha pauta de comportamento común: unha concentración da demanda nos meses de xuño-setembro, cun valor máximo en xullo e agosto que concentrou o 38% da demanda, a tempada media logrou esa mesma porcentaxe e a baixa levou o 24% restante. De feito, no gráfico da Figura 8 pode verse a comparación entre a tendencia á estacionalidade de España, de Galicia e de Pontevedra. Aínda que a tendencia é bastante similar no tres casos, é levemente máis acentuada no caso da provincia.



E, doutra banda, cómpre destacar que Galicia se consolida como un dos destinos turísticos máis destacados de España, clasificándose en sétimo lugar no ano 2023. Está só superada por rexións de recoñecido prestixio turístico como Cataluña, Baleares, Andalucía, Canarias, Comunidade Valenciana e Madrid. Cómpre salientar, así mesmo, que Galicia lidera a oferta turística da España Verde, situándose por diante do País Vasco, Asturias e Cantabria.

Figura 8. Índice de estacionalidade de España, Galicia e a provincia de Pontevedra



Fonte: Elaboración propia.



2.4. A provincia: demografía, economía, infraestruturas e recursos turísticos

As Rías Baixas son apreciadas pola súa contorna natural e a preservación dun estilo de vida tradicional. O turismo rural na rexión fomenta unha convivencia sostenible e actividades ao aire libre como o sendeirismo ou o turismo activo. O golf e o turismo náutico e mariñeiro nas zonas costeiras, así como o turismo termal, destácanse como activos turísticos con gran potencial de desenvolvemento.

En 2023, a provincia de Pontevedra, composta por 61 concellos, ten unha poboación de 944.245 habitantes, dos cales o 4,1% son estranxeiros. A estrutura demográfica reflicte unha media de idade de 46 anos, destacando un 15% de persoas menores de 18 anos e un 23,5% maiores de 65 anos. Este último grupo representa o 34,92% do total da comunidade autónoma de Galicia. Vigo é o municipio con maior número de habitantes, con 293.652, seguido de Pontevedra con 82.535. **Canto á distribución por xénero na provincia, hai un 48% de homes e un 52% de mulleres. Ademais, o 38,8% dos habitantes viven en municipios de menos de 20.000 habitantes, un 30,10% en municipios con ata 100.000 habitantes, e o 31,10% reside na cidade de Vigo.**

No ámbito económico, o PIB de Galicia en 2023 creceu un 2,1%, lixeiramente máis lento que o crecemento nacional de 2,4%. Con todo, prevese que, en 2024, Galicia superará a media nacional. Tras unha notable recuperación económica e laboral despois da covid-19, a provincia de Pontevedra continuou mostrando signos positivos, As taxas de actividade e emprego aumentaron e a taxa de desemprego diminuíu; o número de contratos caeu

levemente xunto cun incremento na taxa de temporalidade. **O emprego en Pontevedra creceu en 11.100 persoas, impulsado principalmente polo sector industrial e a construción, cunha taxa de emprego do 48,73% e a taxa de paro en descenso ata o 10,41%, a cifra máis baixa desde 2008.** A afiliación á Seguridade Social aumentou un 2,10% en 2023 e cómpre destacar o incremento entre as mulleres, o que indica unha redución na disparidade de xénero. Este aumento foi maior nos contratados por conta allea e todos os sectores, fóra da agricultura, experimentaron un crecemento en afiliacións, particularmente en servizos e en sectores específicos como información e comunicacións, educación, e actividades artísticas, recreativas e técnicas.

A mobilidade laboral na provincia de Pontevedra en 2023 mostrou un saldo negativo, cunha maior cantidade de contratos asinados fóra da provincia que dentro dela. A Coruña foi o principal destino para estes traballadores, en especial do sector servizos. O número de persoas desempregadas ao peche de 2023 foi de 50.232, un descenso do 6,01% respecto ao ano anterior. O desemprego predominou en mulleres e persoas maiores de 45 anos. O sector da construción experimentou unha notable diminución na taxa de paro, seguido polo sector servizos, que tamén mostrou unha redución significativa no número de desocupados. Ademais, houbo unha diminución na cantidade de persoas que reciben prestacións por desemprego, sendo máis marcada a caída no segmento masculino.

2.4.1. Oferta turística


Desde un punto de vista de análise da oferta turística, ademais de Vigo e Pontevedra como principais destinos, é preciso destacar aqueles concellos que contan coa declaración de Municipio Turístico: A Guarda, Baiona, Cambados, Cangas, Mondariz-Balneario, Nigrán, Poio, O Grove, Sanxenxo, Tui e Vilagarcía de Arousa. Salvo no caso de Mondariz-Balneario e Tui, trátase de municipios costeiros, como se pode ver no mapa de localizacións da Figura 9.

Ademais, no caso particular de Sanxenxo, no ano 2020 logrou ser declarado Territorio de Preferente Actuación Turística. Esta declaración recollida na Lei de Turismo de Galicia identifica aqueles territorios que, polas súas características especiais, demandan unha actuación singular por parte das administracións públicas en materia turística. Para que un territorio sexa declarado de preferente actuación turística debe cumprir con determinados requisitos, entre eles, os seguintes:

- > Que dispoña de recursos de interese turístico, así avaliados en cada caso pola administración autonómica.
- > Que o plan urbanístico teña previsto o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a execución das políticas turísticas que se formulen.

A citada declaración leva a aprobación dun plan de actuación integral sobre o municipio.

Figura 9. Mapa de localización dos municipios turísticos e de preferente actuación turística da provincia de Pontevedra



Fonte: Elaboración propia.

Ademais, nesta radiografía da provincia de Pontevedra é importante mencionar os xeodestinos² que compoñen o territorio das Rías Baixas. Segundo o mapa³ publicado pola Xunta de Galicia en 2022, os xeodestinos que compoñen o territorio das Rías Baixas son:

² Os xeodestinos turísticos son áreas ou espazos xeográficos que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto coa súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular que están en continua evolución.

³ https://www.turismo.gal/espazo-profesional/actualidade/detalle-nova?langId=é_É&content=nova_2717.html

O Salnés

- Cambados
- O Grove
- A Illa de Arousa
- Meaño
- Meis
- Ribadumia
- Sanxenxo
- Vilagarcía de Arousa

Mar de Santiago

- Catoira
- Pontecesures
- Valga
- Vilanova de Arousa

Terras de Pontevedra e Morrazo

- Barro
- Bueu
- Caldas de Reis
- Campo Lameiro
- Cangas
- Cerdedo-Cotobade
- Cuntis
- A Lama
- Marín
- Moaña
- Moraña
- Poio
- Ponte Caldelas
- Pontevedra
- Portas
- Vilaboa

Ría de Vigo e Baixo Miño

- Baiona
- Fornelos de Montes
- Gondomar
- A Guarda
- Mos
- Nigrán
- Oia
- Pazos de Borbén
- O Porriño
- Redondela
- O Rosal
- Soutomaior
- Tomiño
- Tui

O Condado e A Paradanta

- Arbo
- A Cañiza
- Covelo
- Crecente
- Mondariz
- Mondariz-Balneario,
- As Neves
- Pontearreas
- Salceda de Caselas
- Salvaterra de Miño

Deza-Tabeirós

- Agolada
- Dozón
- A Estrada
- Forcarei
- Lalín
- Rodeiro
- Silleda
- Vila de Cruces

Oferta de aloxamento

Os datos actualizados do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) subliñan a preponderancia da provincia de Pontevedra no ámbito turístico de Galicia. **Cun total de 12.015 aloxamentos turísticos (inclúense hoteis, pensións, aloxamentos rurais, cámpings, apartamentos turísticos, albergues, vivendas de uso turístico e vivendas turísticas), que suman 117.072 prazas, a provincia non só presenta case a metade da capacidade de hospedaxe da comunidade autónoma (43%), senón que tamén se reflicte unha evolución particularmente dinámica no segmento das vivendas de uso turístico (VUT).** No ano 2021, as VUT contabilizaban 4.938 unidades e 26.408 prazas, representando o 33,22% do total. Con todo, **para o ano 2023, rexístrase un substancial incremento a 10.746 VUT que ofrecen 56.688 prazas, o que representa o 49% do total das prazas de aloxamento nas Rías Baixas.** É fundamental destacar que as VUT da provincia de Pontevedra representan o 21% do total de prazas de Galicia, e isto impacta significativamente no desenvolvemento turístico. Doutra banda, **hai que indicar que, no caso dos hoteis, as 27.293 prazas representan un 23,31% fronte ao 43,08% de 2021 e que os cámpings supoñen un 14% da oferta de aloxamento, fronte ao 18,46% de 2021.**

A continuación, móstrase a relación do peso relativo de cada tipoloxía de aloxamento na provincia de Pontevedra, segundo o REAT:

Táboa 3. Peso relativo segundo tipoloxía do establecemento na provincia de Pontevedra

Aloxamento	2023			2021			Diferenza prazas 2023 vs 2021
	Establecementos	Prazas	% Prazas	Establecementos	Prazas	% Prazas	
Albergues turísticos	87	2592	2,21%	60	1803	2,27%	+789
Apartamentos	150	5772	4,93%	103	5100	6,42%	+672
Cámpings	56	16385	14%	43	14675	18,46%	+1.710
Hoteis	413	27293	23,31%	374	24653	31,02%	+2.640
Pensións	350	6083	5,20%	276	4679	5,89%	+1.404
Turismo rural	154	1842	1,57%	143	1773	2,23%	+69
Vivendas de uso turístico	10746	56688	48,42%	4939	26408	33,22%	+30.280
Vivendas turísticas	59	417	0,36%	55	394	0,50%	+23
Total	12.015	117.072	100%	5.993	79.485	100%	+37.587

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do REAT (2021 e 2023).

Pondo o foco nos aloxamentos hoteleiros da provincia, obtemos a seguinte repartición, comparando os datos do 2023 cos do 2021, tanto en número de prazas dispoñibles como número de hoteis dispoñibles na provincia:

Táboa 4. Distribución dos establecementos hoteleiros segundo a súa categoría

Categoría	2023			2021			Diferenza prazas
	Establecementos	Prazas	% Prazas	Establecementos	Prazas	% Prazas	
1 Estrela	126	4.507	16,51	119	4.401	17,85	+106
2 Estrelas	157	8.647	31,68	141	7.541	30,59	+1.106
3 Estrelas	79	6.538	23,95	70	6.263	25,4	+275
4 Estrelas	48	7.016	25,71	41	5.863	23,68	+1.153
5 Estrelas	3	585	2,14	3	585	2,37	0
Total xeral	413	27.293	100	374	24.653	100	+2.640

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT (2021 e 2023).

Analizando os datos dos hoteis na provincia de Pontevedra entre os anos 2021 e 2023, obsérvase unha tendencia lixeiramente crecente na cantidade de establecementos e prazas ofrecidas a turistas. A categoría de 1 estrela experimentou un incremento moderado tanto en número de establecementos como en prazas dispoñibles, reflectindo un aumento de 106 prazas, o que indica unha demanda sostida para aloxamentos básicos e alcanzables. O segmento de 2 estrelas mostra unha notable expansión, con 16 establecementos adicionais e un incremento significativo de 1.106 prazas, o que implica que hai unha preferencia consolidada por opcións que ofrecen unha relación calidade-prezo equilibrada, manténdose como a opción con maior número de prazas dispoñibles. A categoría de 3 estrelas tamén viu un aumento de 275 prazas ao longo de dous anos, suxerindo que o confort e os servizos adicionais que xeralmente acompañan a esta categoría son valorados polos visitantes. No sector de alto nivel, os establecementos de 4 estrelas tiveron un incremento de 1.153 prazas, superando o crecemento de calquera outra categoría en termos porcentuais de prazas dispoñibles. Isto subliña unha crecente demanda de aloxamentos de maior calidade e servizos superiores. Por último, a categoría de 5 estrelas mantívose estable tanto en número de establecementos como en prazas, indicando unha oferta e demanda equilibradas para este segmento de luxo no mercado.



En resumo, a provincia de Pontevedra mostra unha expansión no sector hoteleiro, cun aumento xeral de 39 establecementos e 2.640 prazas en dous anos. Este crecemento reflicte unha resposta dinámica á demanda turística, adaptándose ás preferencias dos consumidores e reforzando a posición de Pontevedra como destino turístico clave en Galicia.

Outra tipoloxía de aloxamento especialmente relevante para o destino, aínda que con menor peso relativo en número de prazas, é o turismo rural, cámpings, pensións e os albergues turísticos, os cales se relacionan con dous tipos de turismo de interese para o destino, o turismo de natural e o Camiño de Santiago respectivamente. Na provincia hai un total de 87 establecementos clasificados como Albergues Turísticos, que xuntos ofrecen 2.592 prazas. Este dato reflicte a importancia da infraestrutura de albergues turísticos na rexión, o cal é coherente co atractivo das Rías Baixas para turistas que buscan experiencias máis inmersivas e conectadas coa contorna natural e cultural. Dentro dos Albergues Turísticos, destacan tanto o Albergue de peregrinos do Camiño de Santiago como os 11 Albergues públicos

Xacobeo. Estes proporcionan respectivamente 24 e 551 prazas, destacando a relevancia da ruta xacobea e o apoio institucional para acomodar os peregrinos. Existen ademais 74 establecementos de “segunda categoría” que suman 1.989 prazas, o que suxire que hai unha oferta diversificada de aloxamento que pode atraer unha gama ampla de turistas, non limitada só aos peregrinos senón tamén a aqueles interesados no turismo de natureza e en actividades rurais. É importante destacar que **o turismo rural nas Rías Baixas é unha peza clave na estratexia de turismo, fomentando o desenvolvemento económico das zonas rurais e a conservación do patrimonio cultural e natural.** A continuación, desagrégase a información relacionada coas diferentes tipoloxías de aloxamento:

Táboa 5. Distribución dos establecementos de turismo de provincia de Pontevedra segundo categoría

	ESTABLECEMENTOS	PRAZAS	% PRAZAS
Albergues turísticos	85	2.617	7,98%
Albergue de peregrinos do Camiño de Santiago	1	24	
Albergue público Xacobeo	11	551	
Segunda categoría	73	2.042	
Apartamentos	150	5.775	17,61%
1 Chave	106	3.638	
2 Chaves	30	1.319	
3 Chaves	12	818	
Cámping	56	16.385	49,95%
1 Estrela	2	308	
1ª Categoría	14	9.853	
2 Estrelas	2	84	
2ª Categoría	38	6.140	
Pensións	350	6.083	18,83%
1 Estrela	178	2.734	
2 Estrelas	135	2.691	
3 Estrelas	38	753	
Turismo rural	154	1.842	5,63%
Grupo-A (Casa grande)	4	71	
Grupo-A (Casa reitoral)	4	52	
Grupo-A (Outras edificacións)	3	72	
Grupo-A (Pazo)	10	176	
Grupo-B (Casa de aldea)	111	1.212	
Grupo-C (Casa de labranza)	20	233	
Grupo-D (Aldea de t. rural)	1	30	
Total	793	32.801	100%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT (2024).

A continuación, realízase unha análise da distribución no territorio das diferentes prazas de aloxamento. Debido á marcada distinción entre o litoral e o interior existente no territorio é importante levar a cabo unha análise da distribución da oferta de aloxamento seguindo esta división:

- **Concellos de costa:** Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán Baiona, Oia, O Rosal, A Guarda.
- **Concellos de interior:** Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces, Silleda, Lalín, Dozón, A Estrada, Forcarei, Pontecesures, Cuntis, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Caldas de Reis, Moraña, Portas, Barro, Meis, Ribadumia, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, Covelo, A Cañiza, Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tui, Tomiño, Gondomar, O Porriño, Mos, Pontearreas, Mondariz- Balneario, Mondariz, Pazos de Borbén,.

Táboa 6. Distribución da oferta de aloxamento segundo localización e categoría


	Tipo de aloxamento	2023		2021		Diferenza prazas
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas	
COSTA	Albergues turísticos	46	1.247	35	929	+318
	Apartamentos	139	5.501	105	5.425	+76
	Cámpings	52	15.941	45	16.259	-318
	Hoteis	350	23.881	347	23.190	+691
	Pensións	234	4.476	222	4.054	+422
	Turismo rural	54	672	55	683	-11
	Vivendas de uso turístico	9.838	50.676	5.247	27.075	+23.601
	Vivendas turísticas	28	204	29	206	-2
	Total	10.741	102.598	6.085	77.821	+24.777

	Tipo de aloxamento	2023		2021		Diferenza prazas
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas	
INTERIOR	Albergues turísticos	33	1.008	35	1.075	-67
	Apartamentos	11	271	7	248	+23
	Cámpings	4	664	3	588	+76
	Hoteis	63	3.742	60	3.387	+355
	Pensións	116	1.717	103	1.598	+119
	Turismo rural	100	1.170	109	1.315	-145
	Vivendas de uso turístico	916	5.689	472	2.918	+2.771
	Vivendas turísticas	31	213	32	210	+3
	Total	1.274	14.474	821	11.339	+3.135

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021 e 2023).

Realizando unha análise comparativa entre a oferta de aloxamento turístico na costa e no interior da provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Figura 10) identifícanse tendencias distintas que reflicten as preferencias e desenvolvementos específicos de cada zona. **Na costa, existe unha predominancia significativa de Vivendas de Uso Turístico, as cales experimentaron un crecemento excesivamente acelerado, representando case a metade do total de prazas dispoñibles en 2023.** Os hoteis e cámpings tamén constitúen unha parte considerable da oferta de aloxamento na costa, onde os cámpings mostran unha lixeira diminución en prazas. Isto podería indicar unha tendencia cara a aloxamentos con máis servizos incorporados. No entanto, os hoteis aumentaron tanto en establecementos como en prazas, o que indica un interese por este tipo de aloxamento e a posible expansión do turismo MICE na costa. En contraste, **o interior mostra un panorama onde o turismo rural segue a ser significativo a pesar dunha pequena diminución, é dicir, un turismo que valora a experiencia do agroturismo e a conexión coa natureza e a cultura local.** As Vivendas de Uso Turístico tamén tiveron un incremento considerable, aínda que non tan pronunciado como na costa, mostra dunha diversificación no tipo de turismo que se desenvolve no interior. Os establecementos hoteleiros no interior tamén reflicten un crecemento e isto posibilita a idea de seguir atraendo eventos e turistas que buscan comodidades nunha contorna rural.

Figura 10. Distribución do número de prazas en aloxamentos regulados segundo localización e categoría



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do REAT (2023).

En definitiva, a costa lidera en termos de crecemento de Vivendas de Uso Turístico e hoteis, mentres que o interior mostra unha maior aposta pola experiencia rural e a conservación do patrimonio natural e cultural. Ambas as zonas demostran un desenvolvemento positivo e unha adaptación ao mercado actual. Por unha banda, a costa pon o foco en atender a demanda de turismo de sol e praia cunha oferta ampla e diversa e, por outra, o interior capitaliza a súa oferta única de tranquilidade, natureza e tradición, aínda que ambos coa capacidade de atraer a un espectro variado de visitantes.

VUT


Continuando coa análise da oferta de aloxamento, imos realizar unha **análise da situación das Vivendas de Uso Turístico (VUT) na provincia de Pontevedra**. Sanxenxo lidera con 2.787 establecementos e 14.515 prazas. Vigo e O Grove séguenlle con 1.673 e 664 establecementos respectivamente, o que pon de manifesto unha concentración da oferta en localidades costeiras. É importante salientar que a concentración das VUT dáse en 10 concellos (ver mapa da Figura 11) dos 61 que hai, dado que entre os 10 suman o 73% das prazas de aloxamento, isto é 41.512 prazas do total da provincia. Isto leva a un aumento da capacidade de carga dos destinos, o que pode provocar unha saturación do mercado e unha potencial desestabilización dos prezos. Ademais, hai que ter en conta que un rápido crecemento das VUT ten un alto impacto na comunidade local, xa que a transformación de vivendas en aloxamentos turísticos provoca unha escaseza no mercado inmobiliario e un incremento nos prezos de alugueiro para os residentes, alterando así a dinámica social e económica dos



municipios. Desde unha perspectiva de sustentabilidade a longo prazo, é imprescindible unha regulación efectiva que contemple o equilibrio entre o crecemento económico derivado do turismo e a preservación da calidade de vida dos residentes, así como do patrimonio cultural e natural da

rexión. **A provincia de Pontevedra, por tanto, atópase nun punto crítico onde a xestión e a planificación estratéxica do turismo son esenciais para garantir un desenvolvemento harmónico e sostible que beneficie tanto os visitantes como a poboación local.**

Figura 11. Distribución de prazas de vivendas de uso turístico por concello.



Elaboración propia a partir de datos do REAT (2024).

Camiño de Santiago e outras vías de índole cultural


Despois de analizar a infraestrutura de aloxamento, o Plan enfócase na oferta de recursos turísticos de Rías Baixas, que constitúen o corazón da súa oferta para os visitantes. **A provincia de Pontevedra destaca por unha riqueza de elementos culturais, naturais e patrimoniais, que son fundamentais para a oferta de produtos turísticos e xogan un papel crucial no fomento da imaxe como un destino diverso e rico en experiencias turísticas, comprometido coa sostibilidade.** Dentro deste patrimonio, o Camiño de Santiago representa un dos principais recursos turísticos, atraendo un fluxo constante de visitantes. O Camiño non só é unha ruta de peregrinación espiritual, senón que tamén evolucionou para incluír aspectos de turismo cultural, patrimonial e de natureza, proporcionando así unha experiencia holística a quen o percorre.

O Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa atravesan a provincia con máis de 150 quilómetros de sendas que ofrecen unha inmersión na historia e paisaxes da rexión. Porén, a oferta non termina aí; a Vía da Prata, a Ruta do Mar de Arousa e río Ulla, así como o Camiño de Inverno, ofrecen alternativas para aqueles que buscan rutas menos transitadas ou diferentes perspectivas da peregrinaxe. A Ruta do Padre Sarmiento, aín-

da que non recoñecida oficialmente como parte do Camiño de Santiago, ofrece outra alternativa, permitíndolles aos visitantes explorar o legado vinícola da rexión e os seus lazos con figuras históricas locais. Desde o Servizo de Turismo Rías Baixas, trabállase para fomentar a conservación e promoción destes recursos, garantindo a súa sostibilidade e accesibilidade. Ao mesmo tempo, trabállase na creación de programas que permitan unha distribución equitativa do fluxo turístico ao longo do ano, evitando así a sobrecarga en determinadas épocas e lugares. O equilibrio entre a promoción turística e a protección dos valores culturais e naturais é clave para manter a identidade e atractivo das Rías Baixas como destino turístico de referencia.

Tal e como indica a seguinte táboa, os camiños que presentan unha maior relevancia en atracción de visitantes son o Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa. Este último ten especial relevancia por ser o único que creceu en número de peregrinos con respecto aos demais. De feito, aínda que o número total de peregrinos que pasaron polos Camiños que atravesan a provincia de Pontevedra creceu, só o fixo neste caso, o que nos indica que cada vez ten máis relevancia.

Figura 12. Número de peregrinos que selaron a súa Compostela segundo o Camiño escollido.




Fonte: Elaboración propia a partir das estatísticas da Oficina do Peregrino.

Analizando os informes que publica o departamento de estudos turísticos da Xunta de Galicia podemos observar no seguinte gráfico de evolución do número de Compostelas no ano 2023, en perspectiva comparativa con 2022 e 2019. **Os volumes dese ano están por riba das cifras do ano 2022 no primeiro semestre e puntualmente en setembro e outubro.** Apréciase claramente a caída rexistrada no verán do 9% en xullo e do 17% en agosto que leva posteriormente a unha evolución análoga no último cuadrimestre do ano. Tamén se aprecia que o volume de Compostelas do ano 2023 supera os niveis de 2019 antes da pandemia. O comportamento comentado anteriormente conduce a un cambio na distribución temporal do número de Compostelas en relación co observado nos últimos anos, cun perfil máis parecido ao que se rexistraba antes da crise.




Figura 13. Evolución do número de peregrinos totais por meses e anos



Fonte: Elaboración propia a partir das estatísticas da Oficina do Peregrino.

Destácase un cambio no padrón temporal da peregrinación e obsérvase un **crecemento significativo durante as tempadas media e baixa, con aumentos do 8% e 16% respectivamente, o que contrasta cunha redución do 14% no verán**. A tendencia indica unha menor concentración de peregrinos na tempada alta, aliñándose máis cos padróns previos á pandemia. Mentres o turismo nacional decrece, o internacional mostra unha notable mellora, o que evidencia unha diversificación e fortaleza no segmento internacional ao longo do ano.


Figura 14. Evolución de peregrinos por procedencia e tempada de 2022 a 2023.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia.

Doutra banda, como se mostra nos gráficos das figuras 14 e 15, o Camiño de Santiago atraeu menos peregrinos españois este ano, cunha marcada diminución en Galicia. Andalucía e Madrid son as comunidades de onde provén a maior parte, aproximadamente o 20%.


Figura 15. Variación do número de peregrinos españois segundo procedencia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia.

No panorama internacional, rexístrase unha recuperación con EUA e o Reino Unido que lideran o crecemento con aumentos superiores ao 20%. México e Corea destacan con alzas do 41% e 83%, respectivamente. EUA é o país con maior número de Compostelas, sumando 32.000 en 2023.

Figura 16. Variación do número de peregrinos estranxeiros segundo procedencia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia.

Doutra banda, cabe mencionar que na provincia de Pontevedra existen outras vías que contan cunha gran tradición e que, por tanto, articulan o territorio. Entre as máis recoñecidas atopamos:

Camiño Taverneiro

Trátase dun percorrido que transcorre polo interior da provincia de Pontevedra. Este itinerario dá comezo en Salvaterra de Miño e ten como base unha antiga calzada romana. Posteriormente, continúa e pasa por Ponteareas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Cercedo-Cotobade. É en Codeseda (municipio da Estrada) onde se une co Camiño da Geira e dos Arrieiros, por onde transitaban os peregrinos e os transportistas medievais do viño da zona do Ribeiro, en dirección a Santiago de Compostela.

Vía Mariana

Unha ruta luso-galaica que parte desde o Monte Sameiro onde se sitúa o santuario mariano de Braga (Portugal). Entra en Galicia pola Cañiza ao seu paso polo Santuario da Franqueira, Santiago de Covelo, Santa María de Estacas en Fornelos de Montes, Santa María de Augasantas (Ourense), Santa María de Sacos en Cercedo-Cotobade, Os Milagres de Amil en Moraña, Valga e continúa ao seu paso ata Santiago de Compostela, aínda que o percorrido finaliza en Muxía (A Coruña). Trátase dunha vía de peregrinación cuxos protagonistas son os máis de dez santuarios de devoción mariana tradicional que se poden atopar no percorrido da devandita vía.

Camiño Miñoto-Ribeiro

Este camiño é un dos máis antigos que enlazaban o norte de Portugal con Santiago de Compostela, a través de calzadas romanas e camiños medievais. O camiño ten tres entradas desde Portugal a Galicia, pero o itinerario principal é o que atravesa os municipios de Forcarei e A Estrada para continuar ata Santiago de Compostela.

Ruta da Geira e dos Arrieiros

É unha ruta que une a localidade portuguesa de Braga con Santiago de Compostela e conta con máis de 200 quilómetros de percorrido. Deles, os primeiros 68 quilómetros seguen o trazado da vía romana XVIII coñecida como Geira que unía Braga (Bracara Augusta) con Astorga (Austurica Augusta).

Posteriormente, tras atravesar a zona de Castro Lobeiro e a zona do río Miño, os últimos 92 quilómetros corresponden coa antiga ruta que usaban os transportistas do viño de Ribeiro, coñecidos como os arrieiros, en dirección a Santiago de Compostela. Penétrase na provincia de Pontevedra pola localidade de Codeseda (A Estrada) ata cruzar a ponte medieval do río Ulla que a une coa provincia da Coruña.

Ruta Padre Sarmiento

Esta ruta recrea a peregrinación a Santiago de Compostela que fixo no ano 1745 Frei Martín Sarmiento. Este traxecto segue a costa das rías de Pontevedra e de Arousa, partindo desde Poio e seguindo por Sanxenxo, O Grove, Meaño, Cambados, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Catoira, Valga e, por último, Pontecesures, onde se atopa coa ruta do Camiño Portugués ata finalizar en Santiago de Compostela.

Variante Espiritual

É unha variante do Camiño de Santiago que une o Camiño Portugués coa ruta Traslatio (Ruta do Mar de Arousa e do río Ulla). Divídese en tres etapas e ten inicio en Pontevedra e finaliza en Pontecesures, onde se une á última etapa do Camiño Portugués. As dúas primeiras etapas atravesan a comarca do Salnés, e, a última, realízase en barco desde Vilanova de Arousa ata Pontecesures, pola Ría de Arousa e o último tramo navegable do Río Ulla.



Recursos turísticos


O **patrimonio cultural** das Rías Baixas inclúe os **Bens de Interese Cultural (BIC)**, unha categorización protexida baixo a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, que avoga pola conservación e valorización de activos culturais únicos. Dentro deste conxunto de tesouros culturais, as Rías Baixas albergan:



- **70 monumentos histórico-artísticos** que varían desde construcións relixiosas, pontes, faros, castelos, e pazos ata muíños e hórreos, cada un cunha historia que relata parte da identidade galega.
- **255 elementos de arte rupestre** que ofrecen unha ollada ás épocas prehistóricas e romanas, fundamentais para comprender a evolución cultural e social da provincia.
- **7 conxuntos histórico-artísticos** onde se preserva a arquitectura e o urbanismo de épocas pasadas.
- **1 conxunto artístico e pintoresco**
- **1 lugar de valor etnográfico** que recoñece a importancia das tradicións e prácticas que definen a identidade cultural das Rías Baixas.
- **3 paisaxes culturais** que ilustran a relación simbiótica entre o ser humano e a súa contorna, reflectindo prácticas agrícolas, gandeiras, ou vitivinícolas que moldearon o territorio.
- **2 xardíns históricos:** espazos verdes que, ademais da súa beleza botánica, representan unha historia de estilos de xardinaría e de interacción do ser humano coa natureza.
- **1 sitio histórico**
- **1 manifestación cultural (inmaterial)**

Todos eles distribúense de forma diversa pola totalidade da provincia de Pontevedra, como se pode ver no seguinte mapa (Figura 17).

Figura 17. Mapa de localización dos BIC e a súa categoría




Fonte: Elaboración propia a partir dos Datos Abertos da Xunta de Galicia.

Estes BIC non só son piares do turismo cultural na rexión, senón tamén símbolos da identidade e a memoria histórica de Galicia. A súa xestión é esencial para garantir que as xeracións futuras poidan gozar e aprender deste legado. Desde o Servizo de Turismo Rías Baixas trabállase para promover estes bens como elementos vivos e dinámicos, integrándoos na vida cotiá e nas ofertas turísticas da provincia de Pontevedra.

Por outra banda, a **Ruta da Camelia, que atravesas as Rías Baixas, destácase como un percorrido esencial para o aprecio da horticultura e a historia de Galicia**. Esta ruta conecta xardíns espléndidos con pazos históricos e castelos, onde a flor da camelia non só embelece, senón que tamén narra unha parte da identidade rexional. É notable que **catro destes xardíns foron declarados Xardín de Excelencia Internacional en Camelia pola Sociedade Internacional da Camelia pola súa excelencia na cultura da camelia, o que subliña a importancia e o prestixio destes espazos botánicos**.

No ámbito do **patrimonio natural**, a provincia de Pontevedra alberga sitios de inigualable valor ecolóxico e beleza. O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Cíes, Illas Ons, Sálvora e Cortegada é un destes tesouros, que ofrece un santuario para a biodiversidade tanto mariña como terrestre. Xunto a el, o Parque Natural Monte Aloia e a Fraga de Catasós como Monumento Natural representan outros exemplos da riqueza ecolóxica da provincia. As zonas de especial protección (Figura 18), como as Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), destacan a relevancia da conser-

Figura 18. Mapa de localizacións das zonas protexidas da provincia de Pontevedra



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Portal de Información Xeográfica de Galicia.

vación e a observancia dos hábitats naturais para o mantemento das especies e os valores ecolóxicos. **Este escenario complétase con máis de 300 quilómetros de costa salpicada por 58 praias que ostentan a Bandeira Azul, un distintivo de calidade e servizos. Ademais, unha rede de carreiros homologados invita a explorar activamente a rica e variada paisaxe galega**

A oferta cultural de Pontevedra tamén brilla a través do seu calendario festivo e os seus festivais de música, que contribuíron significativamente ao desenvolvemento local e ao posicionamento das Rías Baixas como un destino cultural dinámico. Festivais como PortAmérica, Atlantic Fest, Sinsal, SonRías Baixas e Revenidas cimentaron un circuíto festivaleiro robusto baixo a marca Rías-BaixasFest, caracterizado pola súa identidade rexional e espazos singulares. **Para capitalizar este potencial estratéxico, implementouse un Plan de Xestión de Turismo de Festivais. Este plan busca avaliar e diagnosticar a situación actual para establecer unha metodoloxía efectiva de traballo que permita unha toma de decisións informada e orientada a fortalecer a provincia como un destino turístico de referencia para festivais e eventos culturais. Deste xeito, enriquecerase a experiencia turística e apoiarse o desenvolvemento sostible da rexión.**

A gastronomía das Rías Baixas constitúe un alicerce fundamental da súa oferta turística, atraendo numerosos visitantes desexosos de degustar os seus recoñecidos produtos e pratos. Este atrac-

tivo culinario vese apoiado por varias denominacións que garanten a calidade e a orixe dos seus alimentos e bebidas, como as cinco subzonas da Denominación de Orixe (DO) Rías Baixas e o catro Denominacións de Orixe Protexida (DOP) para produtos emblemáticos tales como o mexillón de Galicia (Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo), o pemento de Herbón (Pontecesures e Valga), o queixo “tetilla” (Agolada, Lalín, Silleda, A Estrada, Vilagarcía de Arousa e Cuntis) e o queixo Arzúa-Ulloa (Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces e A Estrada).

A riqueza gastronómica da provincia tamén se evidencia na presenza de **sete Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP)**, que van desde a castaña de Galicia ata a tenreira galega, pasando por delicias como a torta de Santiago. Ademais, catro bebidas espirituosas gozan de Indicación Xeográfica, incluíndo o bagazo de Galicia e o licor café de Galicia, bebidas que forman parte da tradición e a identidade galega.

Este patrimonio gastronómico non só se sustenta nos seus produtos, senón tamén na excelencia dos seus cociñeiros e restaurantes. Entre eles sete foron galardoados con estrelas Michelin, destacando os restaurantes Culler de Pau e Pepe Vieira que contan con dúas estrelas Michelin e unha Estrela Verde. Ademais, os restaurantes Silabario, Eirado, Yayo Daporta, Casa Solla e Maruja Limón tamén foron recoñecidos con estrelas Michelin. Por outra banda, dez restaurantes acumulan dezaioito

Soles Repsol, incluíndo Casa Solla, Culler de Pau, D'Berto, Maruja Limón, Pepe Vieira, Yayo Daporta, Asador Soriano, Eirado dá Leña, O

Loxe Mareiro e Silabario. Estes recoñecementos son testemuño da alta calidade culinaria que ofrecen as Rías Baixas.

Conectividade terrestre

Con todo, para que a experiencia gastronómica sexa accesible e completa, requírese unha infraestrutura de comunicacións eficiente. A provincia de Pontevedra, grazas á súa localización xeográfica, dispón de bos accesos por vía terrestre e está próxima a tres aeroportos nun radio de 125-150 quilómetros. No entanto, a conectividade dentro do destino necesita dunha planificación e mellora continua, especialmente para

facilitar a intermodalidade e o acceso a zonas menos comunicadas. Este aspecto é crucial para garantir que a oferta turística sexa integramente aproveitable e para contribuír á distribución equitativa do turismo en toda a provincia, o que repercutiría positivamente tanto na economía local como na experiencia do visitante. A continuación, imos realizar unha análise dos diferentes tipos de comunicacións na provincia:

Figura 19. Mapa da rede de estradas da provincia de Pontevedra



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Portal de Información Xeográfica de Galicia.

No ámbito das comunicacións terrestres, a provincia de Pontevedra beneficiase significativamente da autoestrada do Atlántico, a AP-9, que constitúe unha arteria crucial ao facilitar a conectividade norte-sur ao longo de Galicia, estendéndose desde Ferrol ata Tui. Este eixe vertebrador é complementado por outras rutas de alta capacidade, tales como a A-52, que enlaza as Rías Baixas coa meseta central de España, e a A-55, que conecta directamente con Portugal a través da fronteira de Tui (Figura 19).

Conectividade ferroviaria

Doutra banda, o sistema ferroviario na provincia de Pontevedra, aínda que menos destacado en comparación coa rede de estradas para o transporte de viaxeiros, especialmente cara a destinos menos urbanizados, está en proceso de transformación significativa. A pesar do seu rol secundario actual no transporte de pasaxeiros, as Rías Baixas posúen unha rede de estacións de tren que serven como puntos de acceso ao territorio que ofrecen alternativas á mobilidade centrada no uso do automóbil e contribúen potencialmente a unha maior sostibilidade no sector turístico. Estas estacións son nodos vitais que poden soportar o turismo e proporcionar unha ligazón eficiente para os visitantes e viaxeiros que optan por este medio de transporte. **A chegada do AVE a Ourense foi un gran impulso para o turismo en Galicia. Segundo datos de Renfe⁴ en 2023, os trens en Galicia transportaron máis de 7 millóns de pasaxeiros, un**

43% máis que en 2022. Este aumento está ligado á extensión de abonos para usuarios frecuentes, o que mostra un notable interese polo ferrocarril. Destacan os trens Avant entre A Coruña, Santiago e Ourense, con 1,5 millóns de clientes, situándose en terceiro lugar en España. **Os trens de Media Distancia rexistraron un 40% máis de uso e acadaron os 5,3 millóns de pasaxeiros. volume de pasaxeiros atópase nas estacións de Vigo (Vigo Guixar/Vigo Urzaiz) que, a través dunha das súas conexións principais, a que une Vigo con Santiago de Compostela é considerada un dos principais fluxos de viaxeiros a nivel nacional.** Segundo o Observatorio do Ferrocarril⁵, esta liña trasladou un total 333.400 pasaxeiros en 2022. Ademais, destacan as estacións de Pontevedra (1.028.805 pasaxeiros en 2022) e de Vilagarcía de Arousa (756.691 pasaxeiros en 2022). Na actualidade, o territorio das Rías Baixas conta coas seguintes estacións:

4 <https://www.renfe.com/es/es/grupo-renfe/comunicacion/renfe-ao-dia/salga-de-prensa/noroeste/renfe-transporto-galicia-2023-mais-7-millóns-viaxeiros-trens-servizo-publico>

5 <https://www.transportes.gob.es/ferrocarriles/observatorios/observatorio-do-ferrocarril-en-espana>

Táboa 7. Relación de estacións de tren na provincia de Pontevedra

Arbo	Filgueira	Pontevedra- Universidade	Salvaterra
Arcade	Frieira	Pontevedra	Sela
As Neves	Guillarei	Portela	Tui
Caldelas	Lalín	Pousa- Crecente	Vigo Guixar
Catoira	O Porriño	Redondela-AVE	Vigo Urzaiz
Cesantes	Pontecesures	Redondela	Vilagarcía de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de RENFE.

Conectividade marítima

En relación co tráfico marítimo de pasaxeiros, cabe destacar que Pontevedra é a provincia con maior número de portos de pasaxeiros da comunidade. En total a provincia alberga 13 portos de pasaxeiros: Baiona, Bueu, Cangas, Cesantes, San Adrián de Cobres, Moaña, O Grove, Corba-ceiras, Portonovo, Tragove e Vilanova de Arousa. Merecen unha mención especial os portos das Illas Atlánticas (Illas Cíes e Illa de Ons) que contan con liñas regulares que saen de destinos próximos como Vigo, Cangas, Baiona, Sanxenxo e Portonovo. Para a contabilización de pasaxeiros, faise unha distinción entre os barcos en tránsito procedentes principalmente de mercados estranxeiros (francés, británico e irlandés) e os pasaxeiros das liñas regulares. **Segundo o informe de Portos de Galicia 2022, en total, os portos da provincia de Pontevedra acumularon 1.405.424 pasaxeiros,**

o que supón o 98% dos pasaxeiros totais contabilizados durante o 2022 na comunidade de Galicia. No que atinxe ao turismo de cruceiros, hai que destacar que o Porto de Vigo seguiu a se consolidar como un nodo estratéxico para a industria de cruceiros, e ten programadas actualmente 83 escalas para o ano 2025, reflectindo un desenvolvemento sostido e superando as cifras previstas para este ano. O ano 2023 culminou con cifras récord na historia recente do porto, xa que excedu as 95 escalas e recibiu máis de 211.000 pasaxeiros de cruceiros, sendo estas as estatísticas máis altas desde o ano 2012. Este fenómeno non é illado, senón que se inscribe dentro dun contexto nacional onde o sector dos cruceiros experimenta un crecemento exponencial e España pechou o ano con cifras que excederon os 36 millóns de viaxeiros a nivel nacional.

Conectividade aérea

En relación coas conexións aeroportuarias en 2023, o tráfico de pasaxeiros experimentou un aumento nos tres aeroportos galegos en comparación con 2022. É destacable que o incremento foi do 35,56% no aeroporto da Coruña, do 23,66% no de Vigo e do 10,58% no de Santiago. Segundo os datos de Aena, en 2023,

os tres aeroportos galegos recibiron 5.925.624 pasaxeiros, un 14,9% máis que os 5.155.653 de 2022 e un 12,5% máis que os 5.269.133 de 2019. No que atinxe ás operacións aéreas, rexistráronse 56.174 durante o ano, 2.591 voos máis que en 2022, o que representa un incremento do 4,8% no tráfico dos tres aeroportos galegos.

Táboa 8. Tráfico aeroportuario en Galicia

Aeroporto	2023	2022	2019	Var. Int. 23/22
A Coruña	1.252.022	963.957	1.352.584	29,9%
Santiago de Compostela	3.537.445	3.236.619	2.904.102	9,3%
Vigo	1.136.157	953.261	1.012.447	19,2%
Total Galicia	5.927.647	5.155.859	5.271.152	15,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Turismo de Galicia.

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementouse un 15% en relación co pasado ano, circunstancia que permite colocarse por encima dos volumes previos á pandemia e, en consecuencia, marcar un máximo da serie histórica na comunidade con algo máis de 5,9 millóns de pasaxeiros. Este resultado positivo vén como consecuencia dos crecementos rexistrados nos tres aeroportos de Galicia. Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia e absorbe neste 2023 o 60% do total do tráfico aéreo da comunidade. A menor intensidade de crecemento de Santiago, en termos relativos, lévao a perder cota de mercado neste ano, con tres puntos menos respecto ao pasado ano. A Coruña e Vigo gañan certo peso en dous puntos e un punto respectivamente, absorbendo o 21% e o 19% do total. No que atinxe especificamente ao aeroporto de Vigo, en 2023, este reportou un ano sobresaliente, sendo o cuarto mellor desde a súa apertura en 1954. En total, rexistrou un total de 1.136.157 pasaxeiros, unha cifra só superada en 2006, 2007 e 2008. O aeroporto de Vigo experimentou un aumento do 19,2% no tráfico de pasaxeiros en comparación con 2022. Destes, 1.134.409 foron pasaxeiros de voos comerciais,

con 1.097.019 en rutas nacionais e 37.390 en internacionais. Destácase a nova ruta regular con Londres, que mostrou un impresionante aumento do 2.082,7% en comparación co ano anterior. Durante 2023, o aeroporto tamén experimentou un aumento do 8% en operacións totais, sumando 14.866 movementos, dos cales 10.110 foron voos comerciais. Os voos nacionais creceron un 3,5%, mentres que os internacionais viron un incremento do 32,9%.

Doutra banda, as terminais aeroportuarias galegas non son alleas á competencia que se exerce desde o país veciño, concretamente desde o aeroporto do Francisco Sá Carneiro do Porto. Cun total de 12.600.000 viaxeiros contabilizados no ano 2022, este aeroporto mobiliza el só máis do dobre de pasaxeiros que todas as terminais galegas xuntas. Dos turistas que entran pola terminal do Porto e que despois visitan Galicia, un 21% son españois. Do resto de nacionalidades, destacamos os principais países europeos, seguidos de preto por EUA. As cinco principais nacionalidades representan máis do 70% do total de turistas que entran pola terminal portuguesa. Os municipios máis visitados son Vigo, seguido por Santiago de Compostela e Pontevedra, dos cales unha cuarta parte das noites reservadas totais concéntrase na cidade de Vigo.

A análise da estacionalidade do tráfico de pasaxeiros mostra un aumento nos meses de xullo, agosto, setembro e, en menor medida, outubro, e alcanza o pico máis alto en agosto. A maioría dos pasaxeiros dos aeroportos galegos proceden de España, cunha porcentaxe de 84,10% en 2022, mentres que o resto proviña de países europeos, principalmente Gran Bretaña, Suíza, Francia, Italia e Alemaña.

Cómpre salientar a relevancia do aeroporto Francisco Sá Carneiro do Porto, non só como punto de partida para as viaxes internacionais dos galegos (que, segundo Forwardkeys, constituían o 1,89% do tráfico en 2019), senón tamén como punto de entrada para turistas que visitan Galicia. O mesmo estudo estima que **o número de turistas que chegaron a Galicia a través deste aeroporto**

ascendeu a 260.563 en 2019, con españois (21%), franceses (19%) e alemáns (18%) como principais nacionalidades. Dado o crecemento do aeroporto portugués, que en 2017 superou os 10 millóns de pasaxeiros e que se prevé exceda os 15 millóns en 2023, é fundamental considerar esta ruta como unha importante vía de chegada de turistas a Galicia.

Calidade

Finalmente, nesta análise da oferta turística, é importante destacar, o esforzo que se fai desde o Servizo de Turismo Rías Baixas en materia de calidade. **Desde o ano 2006, a provincia dispón da distinción SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destino) que ten como obxectivo mellorar a experiencia dos turistas nun destino.** O SICTED é unha iniciativa da Secretaría de Estado de Turismo, á que se suma a Deputación de Pontevedra a través de Rías Baixas-provincia de Pontevedra, cuxo fin é enriquecer a experiencia turística. O distintivo SICTED abarca unha ampla gama de servizos turísticos ofrecidos tanto por empresas do sector (como hoteis, restaurantes e axencias de viaxes) como por servizos que, aínda que non son exclusivamente turísticos, son fundamentais para lle asegurar unha experiencia de calidade ao visitante.

O selo SICTED recoñece e certifica a excelencia en 32 categorías de servizos turísticos, pondo en valor o esforzo e a dedicación por manter altos estándares de calidade.

O SICTED Rías Baixas supón unha oportunidade de consolidación do destino como referente en calidade turística, para mellorar o posicionamento do propio destino e dos seus servizos. Actualmente, conta cun total de 51 adheridos e 343 servizos turísticos distinguidos.

Por outro lado, na provincia tamén contamos con outros catro destinos SICTED: Baiona, Sanxenxo, Terras de Pontevedra Norte – Deza Tabeirós e Terras do Condado – A Paradanta. Concretamente, cada un destes destinos conta co número de servizo distinguidos e adheridos que se mostra na táboa seguinte:

Táboa 9. Número de distinguidos e adheridos por cada destino SICTED da provincia

Destino	Distinguidos	Adheridos
Baiona	36	0
Sanxenxo	114	5
Terras de Pontevedra Norte – Deza Tabeirós	67	13
Terras do Condado – A Paradanta	52	2

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto para la Calidad Turística Española y la Sostenibilidad (2024).

Polo tanto, o número total de certificacións SICTED da provincia, sumando os cinco destinos, é de 612 servizos distinguidos e 60 adheridos, amosando así un gran interese en todo o territorio da provincia pola calidade.

Doutra banda, o distintivo 'Q' de calidade, outorgado polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), é un recoñecemento de prestixio enfocado á certificación voluntaria de servizos turísticos en España. Os establecementos e organizacións turísticas reciben a 'Q' de calidade turística ao demostrar que cumpren cos estritos requisitos técnicos estipulados pola normativa correspondente.

Esta certificación confírelle aos establecementos turísticos que a posúen, prestixio, diferenciación, confiabilidade e rigor, ademais de promoción a través da Secretaría de Estado de Turismo e as comunidades autónomas. Na provincia de Pontevedra, actualmente existen 159 establecementos co distintivo 'Q' de calidade, o cal reflicte o compromiso da rexión coa excelencia na experiencia turística:

Táboa 10. Número de certificacións Q de calidade segundo o sector

Sector	Q de calidade
Hoteis e apartamentos turísticos	51
Restaurantes	27
Oficinas de información turística	8
Praias	16
Visitas guiadas	12
Axencias de viaxe	12
Portos deportivos	10
Aloxamentos rurais	5
Cámpings	4
Espazos públicos singulares	3
Albergues turísticos/Hostels	3
Transportes turísticos	3
Balnearios	2
Museos	2
Outros servizos vinculados ao turismo	1
TOTAL	159

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto para la Calidad Turística Española y la Sostenibilidad (2024).

En relación coa calidade tamén é importante mencionar que desde o **Servizo de Turismo Rías Baixas lidéranse os distintivos Q de calidade turística seguindo a norma UNE-ISO 14785:2018 de oficinas de turismo**. No ano 2014, as oficinas xestionadas directamente polo servizo de Turismo (o Palacete das Mendoza e o Mosteiro de Armenteira) convertéronse nas primeiras de Galicia en obter a certificación. Este compromiso coa calidade expandiuse en 2015 coa inclusión do punto de información turística do aeroporto

de Vigo. Máis adiante, o ano 2018 marcou o inicio da Rede de Oficinas INFO RÍASBAIXAS, concibida para potenciar a promoción do destino. Esta rede non só busca ofrecer un servizo turístico de primeira, senón que tamén ten como finalidade unificar a atención ao visitante, elevando así o nivel de satisfacción dos turistas. INFO RÍASBAIXAS demostra o elevado estándar de servizo e fornécelles ás oficinas de turismo da provincia con recursos avanzados, tecnoloxías de vangarda e unha identidade visual propia. A rede de Oficinas de Turismo favorece a experiencia turística ao facilitar acceso a información detallada e asesoramento personalizado, cumprindo coas expectativas dos viaxeiros máis esixentes. O compromiso coa mellora continua, evidenciado a través da formación constante do persoal e a actualización dos seus sistemas de información e xestión, garante que Rías Baixas se manteña como un destino turístico de referencia, onde a calidade non é só un obxectivo, senón unha realidade vivida a diario polos visitantes que chegan á provincia.

Sostibilidade

A maiores, dende o ICTES xestionan os distintivos S de Sostibilidade Turística, que ten como obxectivo axudar aos establecementos, empresas e destinos de España na integración dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Calquera organización turística pública ou privada pode optar a esta certificación. Desta maneira, búscase que as entidades contén cun elemento diferenciador, que aporta valor engadido, á vez que visibilizan a contribución da entidade á mellora do entorno sociocultural e medioambiental. A nivel interno, tamén ten vantaxes como a mellora da xestión e a eficacia das actividades, a optimización de recursos e a motivación do persoal.

Na actualidade, na provincia de Pontevedra contamos cun total de 29 establecementos certificados con este selo. A distribución segundo o tipo de establecemento é a que se amosa na seguinte táboa:

Táboa 11. Número de certificacións S de sostibilidade segundo o sector.

Sector	S de Sostibilidade
Aloxamentos sostibles	8
Balnearios	1
Cámpings	1
Hoteis e apartamentos turísticos	5
Museos	1
Portos deportivos	7
Servizos de restauración	2
Axencias de viaxe	3
Visitas guiadas	1
TOTAL	29

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto para la Calidad Turística Española y la Sostenibilidad (2024).

2.4.2. Demanda turística

O estudo da demanda turística nas Rías Baixas é un elemento fundamental para comprender a evolución e as tendencias do sector turístico na provincia de Pontevedra. Neste apartado, abórdase a desagregación das principais estatísticas turísticas para comprender os padróns de comportamento dos turistas, tanto de residentes en España como de turistas internacionais. Utilízanse como punto de partida os datos acumulados no Plan Estratéxico provincial de turismo 2021-2023, no que se analizan as series históricas desde o 2015 ao 2019, e enriquecécese con información actualizada ata o ano 2023. A análise céntrase nunha serie de elementos vitais que outorgan unha perspectiva ampla e detallada do sector turístico. Realízase un estudo do número total de visitantes na provincia, desagregando a información por orixe para diferenciar claramente entre os turistas de ámbito nacional e internacional. Paralelamente, avalíaranse as pernoctacións totais e a duración media das visitas para determinar a tendencia da provincia á hora de atraer visitantes.

Doutra banda, a segmentación de mercado tamén forma parte desta análise, incluíndo ademais a valoración da demografía dos visitantes e os seus padróns de comportamento. Isto inclúe o estudo das preferencias en actividades, os lugares máis frecuentados e as modalidades de aloxamento elixidas. Así mesmo, analízase o impacto económico do turismo, considerando tanto o gasto turístico como a súa contribución ao emprego local, o que permite cuantificar os beneficios económicos que achega o turismo Rías Baixas.

Todos estes elementos pretenden facilitar unha base sólida para a toma de decisións estratéxicas que se detallarán ao longo da presente Estratexia Rías Baixas Turismo 61 ao obxecto, non só de avaliar se os niveis de afluencia turística retomaron as cifras previas á pandemia, senón tamén potenciar e diversificar a oferta turística para promover un desenvolvemento turístico sostible nas Rías Baixas.

En primeiro lugar, imos analizar a evolución dos viaxeiros, tanto residentes como estranxeiros, á hora de viaxar ás Rías Baixas e as pernoctacións dos mesmos, segundo as diferentes enquisas de ocupación realizadas polo INE. O turismo nas Rías Baixas mostrou un padrón de crecemento significativo desde o ano 2015 ata 2019, tanto en termos de viaxeiros como de pernoctacións. Durante estes anos, o número de viaxeiros incrementouse de forma constante, alcanzando o seu punto máis alto en 2019 con 1.758.072 viaxeiros rexistrados. Este incremento viuse reflectido igualmente no número de pernoctacións, que tamén medraron progresivamente ata chegar a 4.382.092 no mesmo ano. Este aumento continuado reflicte unha tendencia positiva e sostida na atracción turística da rexión, impulsada posiblemente por factores como a mellora nas ofertas de aloxamento e actividades turísticas, así como por unha promoción efectiva a nivel nacional e internacional. Con todo, a pandemia da covid-19 en 2020 representou un desafío sen precedentes

para o sector turístico, resultando nunha diminución drástica dos viaxeiros e as pernoctacións. En 2020, o número de viaxeiros caeu a 558.170 e as pernoctacións a 1.333.585, o que evidencia o impacto severo das restricións de viaxe e a diminución da actividade turística durante este período. A caída foi especialmente notable entre os residentes estranxeiros, cuxas visitas e estadias diminuíron significativamente en comparación cos residentes nacionais.

A partir de 2021, obsérvase unha recuperación gradual pero constante. Durante o ano 2023, a provincia de Pontevedra registrou un incremento na afluencia turística, superando os niveis previos á pandemia e pasando a outras zonas do litoral galego. Os turistas nacionais aumentaron un 5%, de 1,11 millóns hai catro anos a 1,17 millóns en 2023, mentres que os visitantes internacionais incrementáronse nun 15%, de 397.000 en 2019 a 471.000.

En conxunto, **as Rías Baixas contabilizaron 1.612.434 de turistas no último ano, o que representa un 8% máis que en 2019.** Este aumento observouse tanto en comparación con outras áreas costeiras da comunidade como as Rías Altas, a Mariña Lucense e a Costa da Morte, como na elección de Pontevedra por parte dun maior número de turistas españois e estranxeiros.

En relación coa estancia media, apréciase desde o ano 2015 ata 2023 unha tendencia decrecente. Inicialmente, os turistas permanecían de media 2,54 días, pero co paso dos anos, esa cifra reduciuse gradualmente, alcanzando os 2,05 días en 2023. Este cambio suxire unha evolución nas preferencias dos visitantes, que parecen optar por viaxes máis curtas. Unha observación significativa é a marcada diminución na estancia media durante o ano 2020, cando as restricións de viaxe e a incerteza asociada á pandemia da covid-19 tiveron un impacto directo no comportamento dos viaxeiros, factores que limitaron a duración das súas estancias. Aínda que se rexistra unha lixeira recuperación en 2021, a estancia media non retornou aos niveis observados antes da pandemia, o que indica un cambio no padrón de viaxe. A continuación, móstrase unha táboa resumo:



Táboa 12. Evolución do número de viaxeiros e pernoctacións 2015 – 2023

		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Viaxeiros	Total viaxeiros	1.347.893	1.522.948	1.692.857	1.645.424	1.758.072	558.170	1.036.909	1.494.754	1.612.434
	Residentes en España	1.109.125	1.204.034	1.321.533	1.257.667	1.315.283	494.281	883.751	1.121.785	1.149.377
	Residentes no estranxeiro	238.769	318.914	371.326	387.757	442.789	63.888	153.158	372.969	463.057
Pernoctacións	Total pernoctacións	3.420.273	3.898.768	4.286.940	4.164.714	4.382.092	1.333.585	2495256	3.399.267	3.516.679
	Residentes en España	2.927.934	3.251.777	3.548.419	3.392.140	3.516.352	1.187.666	2.179.870	2.745.919	2.718.948
	Residentes no estranxeiro	492.339	646.992	738.521	772.575	865.740	145.921	315.386	653.348	797.731
Estancia media		2,54	2,56	2,53	2,53	2,49	2,05	2,26	2,16	2,05

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE (2023).

Ao examinar a distribución porcentual das pernoctacións nas Rías Baixas atendendo á orixe nacional dos visitantes desde o ano 2020 ata o 2023, destaca o turismo de proximidade, no que os residentes en Galicia constitúen a maior proporción de pernoctacións. Este fenómeno resalta a preferencia por destinos próximos, probablemente influenciada por tendencias de viaxe proclives a desprazamentos curtos e á posibilidade de retorno rápido ao fogar, factores que cobraron relevancia no contexto pospandémico.

Madrid é a segunda comunidade cun maior número de visitantes nas Rías Baixas e representan o segundo grupo máis significativo en termos de pernoctacións.

Isto suxire que, a pesar da distancia, existe un fluxo constante e relevante de turismo entre a capital española e as Rías Baixas. Os turistas de Castela e León e Andalucía tamén contribúen notablemente ás pernoctacións na rexión. Esta dispersión xeográfica na afluencia turística beneficia claramente o sector. Esta distribución mantense coherente cando se analiza a proporción de viaxeiros por orixe. A preferencia dos turistas galegos por permanecer na súa comunidade autónoma, xunto co interese sostido de visitantes de rexións como Madrid, Castela e León e Andalucía, subliña a relevancia de adaptar as estratexias de mercadotecnia turística para atender as preferencias rexionais e fomentar unha maior chegada de visitantes nacionais. A persistencia desta tendencia nos padróns de pernoctacións e viaxes suxire que as Rías Baixas continúan sendo un destino atractivo para unha base sólida de turistas nacionais.

Táboa 13. Distribución porcentual das pernoctacións en hotéis segundo comunidade autónoma de procedencia


	2023	2022	2021	2020
Galicia	36,48	37,03	44,83	46,66
Comunidade de Madrid	16,6	16,88	15,55	15,23
Castela e León	9,37	9,44	7,22	8,53
Andalucía	7,22	7,94	5,29	3,88
Principado de Asturias	6,28	5,5	5,58	5,57
Cataluña	4,91	4,99	4,66	4,38
País Vasco	3,3	3,36	3,27	3,87
Castela - A Mancha	2,94	2,49	2,16	1,94
Comunitat Valenciana	2,81	2,89	3,09	2,53
Canarias	2,79	2,19	1,76	1,2
Estremadura	1,54	1,54	1,13	0,93
Illes Balears	1,39	1	0,78	1,12
Cantabria	1,28	1,49	1,32	1,14
Aragón	1,11	1,04	1,08	0,94
Rexión de Murcia	0,94	0,94	0,87	0,79
Comunidade Foral de Navarra	0,57	0,65	0,66	0,61
A Ríoxa	0,37	0,5	0,42	0,33
Ceuta	0,07	0,08	0,32	0,33
Melilla	0,03	0,04	0,03	0,03

Fonte: Elaboración propia.

Por outra banda, ao examinar os datos da área de Estudos de Investigación de Turismo de Galicia (AEITG) sobre a estacionalidade dos visitantes, **observamos que o turismo proveniente doutras rexións de España caracterízase por unha pronunciada estacionalidade. Un 42% do total das pernoctacións concéntrase nos meses de verán. De maneira específica, agosto distínguese como o mes coa maior cantidade de visitantes, representando un 24% do total anual.** Isto indica que unha cuarta parte do turismo nacional cara ás Rías Baixas céntrase neste único mes. Ademais, o 34% das pernoctacións

prodúcese na tempada media, e o restante 24% distribúese entre novembro e abril. **En contraste, o turismo interno, o dos propios residentes de Galicia, mostra unha estacionalidade menos marcada. Ao longo do verán prodúcese o 35% do total anual de pernoctacións e agosto contabiliza un 19% do total, o que sinala unha distribución máis uniforme durante estes meses. Finalmente, o segmento internacional, pola súa banda, presenta un padrón distinto. A demanda alcanza o seu máximo entre agosto e setembro, sumando o 15% do total anual de pernoctacións.** A continuación, móstrase un gráfico no que se ve a distribución anual das pernoctacións segundo a procedencia:

Figura 20. Distribución anual das pernoctacións segundo procedencia



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Ocupación Hoteleira (2023)

A análise da demanda turística de aloxamento é fundamental para entender os padróns de desprazamento e as preferencias dos turistas nunha área determinada. **En 2023, as áreas turísticas da Ría de Vigo e Baixo Miño, así como a Ría de Arousa, sitúanse como as de maior atractivo en Galicia, concentrando xuntas un 31% da demanda hoteleira total. A Ría de Vigo destaca cun 15,7% das noites, mentres que puntos de interese como Sanxenxo e O Grove, segue moi de preto cun 15,6%.**

En 2023 obsérvase unha continuidade na distribución da demanda con respecto ao ano anterior, con variacións menores que non superan o medio punto porcentual. No entanto, a Ría de Vigo mostra un incremento na súa cota de mercado e destaca como un destino en crecemento en contraste coa lixeira perda da Ría de Arousa.

Por outra banda, tamén é esencial examinarmos as preferencias de aloxamento turístico. A elección do tipo de aloxamento é un indicador valioso das tendencias de consumo e pode variar segundo diversos factores, como a dispoñibilidade, o prezo, os servizos ofertados, ou as actividades turísticas asociadas ao destino. A continuación, proporciónase unha desagregación detallada destas tendencias baseándonos no informe da área de estudos turísticos da Xunta de Galicia para o mes de decembro de 2023:

Táboa 14. Principais indicadores de turismo para a provincia de Pontevedra respecto ao ano 2023

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		PERNOCTACIÓNS		ESTANCIA MEDIA		OCUPACIÓN	
	N.º	Var. int. (%)	N.º	Var. int. (%)	N.º	Var. int. (%)	%	Var. int. (%)
Hoteis	111.744	13,2	187.482	10,5	1,68	-2,4	49,85	2,5
Pensións	6.033	9,4	13.145	-9,2	2,18	-17	21,21	-1,14
ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS	117.777	13	200.627	8,9	1,7	-3,6	45,75	2,29
Aptos. turísticos	7.623	34,5	18.603	41,1	2,44	4,9	26,22	7,57
Turismo rural	2.938	8,6	6.038	10	2,06	1,3	14,43	1,14
ESTABLECEMENTOS EXTRAHOTELEIROS	10.561	24	24.641	30,6	2,33	5,3	-	-
TOTAL	128.338	13,9	225.268	13,9	1,76	-2,6	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir de Turismo de Galicia (decembro de 2023).

A dinámica da demanda turística na provincia de Pontevedra caracterízase, durante o período analizado no cadro anterior, por un crecemento constante evidenciado polo aumento do **13,9%** na cantidade de viaxeiros aloxados e un incremento do **11%** no volume de pernoctacións respecto ao ano previo. Este aumento levou a que o conxunto de aloxamentos turísticos supere nun **24%** os niveis reportados en 2019, cun total de **225 mil pernoctacións**, representando o **41%** do total de Galicia. Durante o período estival e se-

tembro, a provincia de Pontevedra destaca como a provincia líder en turismo en Galicia. Ademais, a análise por tipo de aloxamento revela incrementos significativos en hoteis que seguen sendo unha opción predominante para os viaxeiros. **Os hoteis experimentaron un incremento do 13,2% no número de viaxeiros e un 10,5% no número de pernoctacións.** No entanto, obsérvase unha lixeira redución na estancia media, o que pode suxerir estadias máis curtas ou unha rotación máis alta de hóspedes. Doutra banda, as pensións viron un

incremento do 9,4% no número de viaxeiros, aínda que curiosamente, o número de noites diminuíu un 9,2%, o que podería indicar unha preferencia por estadias máis breves ou unha diminución na súa popularidade en comparación con outras opcións de aloxamento. A ocupación subiu un 21,21%. o cal é positivo, aínda que a estancia media diminuíu significativamente. Os apartamentos turísticos presentan o crecemento máis notable, cun aumento do 34,5% en viaxeiros e un 41,1% en pernoctacións. Isto revela que esta modalidade de aloxamento está a converterse nunha das máis atractivas para os turistas. Este segmento tamén mostra unha mellora na estancia media e un significativo

aumento do 26,22% na taxa de ocupación. Canto ao turismo rural, rexistrouse un crecemento modesto, tanto en viaxeiros como en pernoctacións, o que reflicte un interese sostido en experiencias máis auténticas e orientadas á natureza. A pesar dun aumento do 8,6% en viaxeiros e un 10,0% en noites, este segmento aínda mantén unha estancia media e un incremento de ocupación máis baixos en comparación cos apartamentos turísticos. En xeral, os datos reflicten un sector turístico en crecemento e adaptación, cunha marcada inclinación cara aos apartamentos turísticos, reflectindo se cada unha tendencia dos viaxeiros cara a opcións de aloxamento máis independentes e flexibles.



Rede de oficinas INFO RÍASBAIXAS

Continuando a análise da demanda turística, é importante analizar a información facilitada polos visitantes na rede de oficinas turísticas INFO RÍASBAIXAS. **No ano 2023, o Servizo de Turismo atendeu un total de 496.775 persoas na Rede provincial.** A oficina con maior número de visitantes foi a oficina de Baiona con 134.565 persoas atendidas e, en segundo lugar, foi a oficina de Tui con 131.571 visitantes. En terceiro lugar sitúase a oficina principal situada no Palacete de Mendoza en Pontevedra con 32.986 persoas atendidas. No que atinxe ás persoas que acudiron a obter información turística nas oficinas, salientase que o 81,73% eran turistas e o resto excursionistas (persoas que non pasan a noite). A continuación, móstrase a distribución territorial das enquisas realizadas nas oficinas de turismo:

Táboa 15. N.º de enquisas que foron realizadas nas diversas oficinas de turismo da provincia de Pontevedra

Oficina de turismo	Turistas	%
Turismo Rías Baixas (Pontevedra)	9.200	13,20%
Tui	8.650	12,41%
Baiona	8.353	11,99%
O Grove	8.166	11,72%
Cambados	7.240	10,39%
A Guarda	3.863	5,54%
Poio	3.700	5,31%
Vilagarcía de Arousa	2.994	4,30%
Aeroporto (Vigo)	2.044	2,93%
Silleda	1.984	2,85%
Oia	1.784	2,56%
Cangas	1.748	2,51%
Sanxenxo	1.667	2,39%
A Illa de Arousa	1.443	2,07%
Catoira	1.228	1,76%
Ribadumia	1.061	1,52%
Armenteira (Meis)	1.046	1,50%
Marín	761	1,09%
Moaña	634	0,91%
Bueu	499	0,72%
Vilanova de Arousa	291	0,42%
Mondariz - Balneario	265	0,38%
Castelo de Soutomaior	239	0,34%
Cuntis	211	0,30%
Salvaterra de Miño	201	0,29%
A Estrada	187	0,27%
Meaño	161	0,23%
Nigrán	64	0,09%
Total	69.684	100%

Fonte: Servizo de Turismo Rías Baixas (2023).

Tamén é interesante analizar o número de días que o visitante se aloxa na provincia de Pontevedra, atendendo á enquisa que se realiza nas mesmas oficinas de turismo.

Táboa 16. Distribución e número de días que se aloxan os turistas na provincia de Pontevedra

N.º de días que se aloxa	Turistas	%
de 1 a 3 días	20.060	28,79%
de 4 a 6 días	16.182	23,22%
de 7 a 15 días	15.283	21,93%
de 16 a 30 días	977	1,40%
máis de 30 días	675	0,97%
Non consta	16.510	23,69%
TOTAL	69.687	100%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Servizo de Turismo Rías Baixas (2023).

O cadro indica que case **o 29% dos visitantes prefiren escapadas de 1 a 3 días, idealmente para descansos curtos ou fins de semana longas. Doutra banda, un 23% inclínase por estancias de 4 a 6 días, o que suxire unha procura de experiencias máis completas.** Un 22% decántase por vacacións de 1 a 2 semanas para unha inmersión máis profunda. Cómpre destacar que aproximadamente un 24% non respondeu á enquisa, o que implica que as estatísticas presentadas poderían ser maiores.

A análise das motivacións de viaxe dos visitantes nas Rías Baixas, baseada nas enquisas realizadas nas oficinas de INFO RÍASBAIXAS, é tamén unha información clave para a estratexia turística. **O lecer lidera como principal motivo, cun 32% dos enquisados, seguido da cultura cun 26%. O Camiño de Santiago atrae o 16%, mentres que a natureza é a razón principal para o 7% dos visitantes. Só un 4% menciona como motivación principal o sol e a praia.** Estes datos confirman a efectividade dos esforzos por promover o turismo cultural, natural e relixioso fóra de tempada como eixes da estratexia, diversificando a oferta turística e potenciando o atractivo da rexión máis aló das tradicionais vacacións de praia.



Táboa 17. Motivos da viaxe dos turistas da provincia de Pontevedra

Motivos de viaxe	Turistas	%
Lecer	22.493	32,28%
Cultura	18.206	26,13%
Camión de Santiago	11.583	16,62%
Natureza	5.057	7,26%
Sol e praia	2.745	3,94%
En ruta	1.624	2,33%
Visita a familiares/amigos.	1.252	1,80%
Festas/eventos	1.157	1,66%
Gastronomía	872	1,25%
Iluminación do Nadal de Vigo	698	1,00%
Turismo termal	588	0,84%
Negocios ou motivos profesionais	410	0,59%
Actividades deportivas	312	0,45%
Cruceiros	159	0,23%
Estudos ou motivos profesionais	137	0,20%
Enoturismo	110	0,16%
Vida nocturno	52	0,07%
Por recomendación	36	0,05%
Arqueoloxía	30	0,04%
Festivais Rías Baixas	25	0,04%
Camelias	24	0,03%
Mapas e Guías do destino	14	0,02%
Ornitoloxía	13	0,02%
Eventos	1	0,00%
Non consta información	2.089	3,00%
TOTAL	69.687	100%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Servizo de Turismo Rías Baixas (2023).


Análise da demanda en redes sociais

Como parte do compromiso coa innovación turística, o Servizo de Turismo Rías Baixas leva anos traballando no desenvolvemento do modelo de Destino Turístico Intelixente (DTI), seguindo as directrices establecidas por Segittur. Este esforzo céntrase na aplicación da intelixencia turística, que implica a análise de datos non estruturados das redes sociais. A través desta análise, o Servizo de Turismo busca identificar padróns de comportamento, preferencias das persoas usuarias, así como avaliar a percepción pública e a reputación en liña dos recursos turísticos da provincia. **O Servizo de Turismo Rías Baixas traballa na análise dos**

comentarios e opinións que as persoas usuarias escriben nas diferentes canles *online* para poder identificar tanto as fortalezas como as áreas de mellora do turismo na provincia. A intelixencia turística é fundamental para axustar as estratexias de comunicación e promoción, e para responder de maneira proactiva ás tendencias emerxentes e ás expectativas dos visitantes. **Os informes anuais xerados a partir desta iniciativa de intelixencia turística son unha ferramenta valiosa para a toma de decisións estratéxicas, ofrecendo sinerxias que axudan a orientar o desenvolvemento turístico das Rías Baixas cara a unha xestión máis eficiente, sostible e aliñada coas necesidades do turismo actual e futuro.**

Analizando o último informe de 2023, vemos que, **Pontevedra rexistrou unha elevada satisfacción turística, cunha puntuación superior a 80 sobre 100⁶**. A experiencia positiva reflectiuse nas redes sociais mediante comentarios favorables, resaltando o produto turístico, o clima agradable e a seguridade percibida no destino. Ademais, a satisfacción co aloxamento hoteleiro mellorou respecto de anos anteriores. Tamén é destacable que a análise de visitantes mostrou unha predominancia do mercado nacional e unha preferencia por produtos turísticos concretos, como aqueles de sol e praia, a cultura e o turismo activo, que acapararon máis da metade das preferencias. Ao longo de 2023, as dinámicas de interacción nas redes sociais revelaron padróns significativos do turismo nas Rías Baixas. **Facebook consolidouse non só como a rede con maior alcance, senón tamén como unha das plataformas líderes en xeración de impresións, secundada por X (antes Twitter)**. Esta última, pola súa banda, destacou por acumular o maior número de impresións e publicacións. Isto demostra que os usuarios dan preferencia a estas redes sociais para obter información turística e compartir as súas experiencias.

Figura 21. Principais indicadores de redes sociais no ano 2023



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

⁶ O GTPI (Índice de Percepción Turística Global, polas súas siglas en inglés) mide o nivel xeral de satisfacción dos visitantes co destino. Combina os índices hotel, produto, seguridade e clima e analiza a distribución do sentimento xeral sobre o destino.

A estratexia de redes sociais por parte de turismo Rías Baixas en 2023 caracterizouse polo liderado de Facebook, **que se impuxo con 7,45 millóns de alcance e 9,66 millóns de impresións a través de 1.552 publicacións**. Isto indica unha forte interacción e un contido que resoa coa audiencia obxectiva de turistas das Rías Baixas. X (antes Twitter) tamén desempeñou un papel crucial, logrando 12,99 millóns de impresións e 2.430 chíos, reflectindo unha presenza activa e un peso moi importante na estratexia en liña de turismo Rías Baixas. Instagram e Youtube tiveron unha participación máis modesta, mais complementaria ao conxunto de medios. A páxina web de turismo Rías Baixas mostrou un excelente resultado cunha baixa taxa de rebote do 6%. **En xeral, a estratexia que desenvolve Rías Baixas nas diferentes canles *online* demostran un enfoque multimedia efectivo que aproveita as diferentes plataformas para maximizar o alcance e a participación do destino turístico.**

Figura 22. Evolución do alcance e impacto do perfil de Facebook en 2023



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Doutra banda, se analizamos as mencións turísticas en redes sociais vinculadas á provincia de Pontevedra, pódese concluir que **a maior parte das interaccións son atribuíbles á franxa de idade de 35 a 54 anos. Dentro deste segmento, os individuos de 35 a 44 anos presentan unha participación destacada**. Alén disto, existe un equilibrio de xénero que se mantén estable no mercado nacional, cunha **participación similar entre homes e mulleres**. No entanto, ao ampliar a análise a mercados europeos e americanos, os datos suxiren un interese máis pronunciado do público masculino. Isto convida a unha reflexión estratéxica sobre como a oferta turística pode ser afinada para maximizar a súa resonancia entre estes grupos demográficos específicos.

Figura 23. Peso das mencións en redes sociais por rango de idade



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Figura 24. Peso das mencións en redes sociais segundo xénero




Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Por outra banda, cómpre destacar que, no ano 2023, a demanda de produtos turísticos (en redes sociais) en Pontevedra estivo liderada pola categoría de Sol e Praia (ao contrario do indicado polos visitantes nas oficinas de turismo), seguido de preto polas opcións de Cultura e de Turismo activo, que xuntos superaron o 50% das preferencias turísticas.


Despois de atraer máis visitantes que no pasado, o turismo de sol e praia ascendeu ao primeiro lugar, desprazando o turismo cultural, mentres que o segmento familiar diminuíu a súa presenza respecto ao ano anterior. Doutra banda, o turismo gastronómico escalou posicións, reflectindo un crecente interese na gastronomía local. En liñas xerais, os comentarios en redes sociais mostran que a tendencia xeral foi positiva, con máis eloxios que críticas en todas as categorías, o que mostra unha satisfacción coa oferta turística de Pontevedra en 2023.

Figura 25. Distribución das mencións en redes sociais por produto turístico en 2023



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Figura 26. Distribución das mencións positivas en redes sociais por produto turístico en 2023



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Finalmente, tamén é interesante analizar os atractivos máis relevantes das Rías Baixas segundo os comentarios en redes sociais. As illas Cíes lideran a táboa cun 54% de mencións positivas. Séguenlle dous referentes importantes do enoturismo galego, as Adegas Terras Gauda e as Adegas Martín Códax, cun 79% e un 81% de mencións positivas respectivamente. No ámbito cultural e patrimonial, a Casa Histórica de Cambados e os hórreos de

Combarro figuran cun 57% e 54% de mencións positivas. En relación cos espazos naturais, a praia da Lanzada alcanza un 69% de mencións positivas, mentres que a praia de Samil destaca cun 83%. Dentro do contexto urbano, o mercado da Pedra é citado, do mesmo xeito que o parque do monte do Castro, aínda que para estes últimos non se dispón dunha porcentaxe específica de mencións positivas.

Táboa 18. Top 10 dos atractivos turísticos máis mencionados en redes sociais en 2023

Posición	Atractivo	% Mencións positivas
1	Illas Cíes	54%
2	Adegas Terras Gauda	79%
3	Adegas Martin Codax	81%
4	Casa histórica de Cambados	57%
5	Hórreos de Combarro	54%
6	Praia da Lanzada	69%
7	Praia de Samil	83%
8	Mercado da Pedra	55%
9	Praia de Barra	n/a
10	Parque do monte do Castro	n/a

Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.

Nunha análise máis profunda, **constátase que a categoría Sol e praia acumula a maior proporción de mencións cun 27%. Este dato subliña a preferencia dos turistas polas zonas costeiras das Rías Baixas. Entre os destinos máis mencionados nesta categoría figuran as Illas Cíes, a praia da Lanzada, a praia de Samil e a praia de**

Barra. O sector cultural segue en importancia cun 22% de mencións, evidenciando o interese no patrimonio histórico e arquitectónico da rexión, con sitios emblemáticos como a Casa Histórica de Cambados, os hórreos de Combarro, o castelo de Soutomaior e a zona vella de Pontevedra. A categoría Activo, cunha porcentaxe significativa, engloba ac-

tividades de recreación e aventura. Paralelamente, o turismo gastronómico, que resalta a experiencia vitivinícola e culinaria en lugares como as Adegas Terras Gauda e Martín Códax ou o mercado da Pedra, destaca como unha opción preferida polos turistas. Os segmentos Natural e Familiar acumulan un 7% de mencións cada un, o que indica unha valoración equitativa por parte dos visitantes. Nestes inclúense parques naturais e actividades que se

adaptan a visitantes de todas as idades, destacando lugares como o parque do monte do Castro e a illa de Ons como zonas de interese polo seu carácter protexido e a súa oferta de lecer para a familia. Por tanto, podemos concluír que **o padrón de demanda turística nas Rías Baixas reflectido a través das redes sociais en 2023 confirma a fortaleza do turismo de sol e praia, xunto co interese crecente pola cultura e as experiencias gastronómicas.**

Figura 27. Distribución das mencións por atractivo turístico para 2023



Fonte: Informe Anual de Redes Sociais do Servizo de Turismo Rías Baixas.



2.5. Contorna competitiva

No contexto actual do turismo global, é imprescindible para calquera destino turístico comprender as dinámicas estratéxicas dos destinos competidores. Neste apartado examínanse os principais destinos competidores da provincia de Pontevedra, algo que é importante para a formulación de estratexias que reforzen a súa posición no mercado turístico. Para a realización desta análise debemos comparar a provincia de Pontevedra con outros destinos que tamén teñan como principais recursos turísticos a súa contorna natural e o seu patrimonio cultural, facendo que devanditos destinos non só compiten entre si por atraer visitantes, senón que tamén comparten desafíos e oportunidades semellantes. Neste ámbito, as Rías Baixas destacan pola súa singularidade, cunha proposta de valor que combina praias de renome, gastronomía de excelencia e unha cultura rica e diferenciada.

A análise que se presenta a continuación aborda os volumes de turismo, as tendencias de crecemento e os indicadores de desempeño de diferentes destinos nos que daca un deles ofrece atributos únicos e estableceron diversas estratexias para atraer o seu segmento específico de mercado turístico. **Con esta análise, preténdese non só identificar os factores de éxito e as áreas de mellora, senón tamén detectar posibles alianzas e colaboracións que lle permitan á provincia de Pontevedra potenciar a súa oferta turística e mellorar a experiencia do visitante.** A meta é clara: fortalecer o posicionamento das Rías Baixas no mapa turístico nacional e internacional, garantindo o desenvolvemento sostible e a prosperidade da rexión nos vindeiros anos.

Para a identificación de destinos potencialmente competitivos, realizouse unha selección de produtos turísticos clave no momento de decisión dos visitantes sobre o seu próximo lugar de interese. A continuación, descríbense os produtos turísticos e os retos asociados:

- **Turismo de sol e praia:** Este segmento é esencial para a economía española e constitúe un dos principais motivos de elección para os turistas. Con todo, mostra signos de madurez, o que fai necesaria a renovación da oferta. É fundamental mellorar a calidade paisaxística e ambiental, xestionar a capacidade de carga en contornas naturais altamente demandadas e potenciar os atributos distintivos de cada destino. A desestacionalización, promovendo actividades complementarias como o turismo de saúde, cultura e gastronomía fóra da tempada alta, é outro dos desafíos a encarar.
- **Turismo cultural:** Ano tras ano, este produto turístico consolídase aínda máis, cunha ampla marxe de crecemento. Caracterizado pola súa baixa estacionalidade e un maior gasto por visitante, enfrenta o reto de mellorar a xestión e promoción dos seus recursos, así como de avanzar na accesibilidade universal.
- **Turismo de reunións, congresos e incentivos:** O sector MICE, a pesar dos desafíos, proxéctase como un segmento significativo e prevese que a preferencia polo contacto persoal en reunións véxase reforzada no futuro. Apoiar e adaptarse ás novas dinámicas deste mercado é crucial.
- **Turismo náutico:** Este segmento experimentou un crecemento notorio recentemente. Os retos a superar inclúen a mellora do marco xurídico-administrativo e o compromiso coa calidade e profesionalización dos servizos para innovar e crear novas experiencias combinadas con outras actividades.
- **Turismo enogastronómico e de saúde:** O interese polo benestar e a gastronomía, como un aspecto vital da saúde, presenta unha tendencia crecente. As Rías Baixas sitúanse como un destino con atributos destacados neste campo, apoiado por unha gastronomía local xa recoñecida.
- **Turismo activo:** Este segmento ten un gran potencial na provincia, dada a diversidade do territorio e a riqueza de recursos. Os desafíos inclúen o desenvolvemento de experiencias únicas que coiden a calidade e o detalle, a mellora da comercialización de produtos rurais e de turismo activo, a harmonización da oferta e a continua mellora da xestión mediante a formación e capacitación do sector.

A CORUÑA

A Coruña exhibe un marcado paralelismo coas Rías Baixas tanto na súa natureza como na súa oferta turística. Cunha paisaxe distintiva onde predomina o agreste, a provincia destácase polos seus vastos recursos naturais e unha oferta cultural conectada co mar e o seu legado patrimonial. O faro da Torre de Hércules, emblema da Coruña e Patrimonio da Humanidade, é unha icona indiscutible da zona. Os xardíns de San Carlos e Mendéz Núñez, xunto co monte de San Pedro, achegan espazos verdes que enriquecen a trama urbana, mentres que a Cidade Vella e a praza de María Pita son testemuñas da historia e vida social coruñesa. En Santiago de Compostela, a catedral e o seu centro histórico son o epicentro dunha das rutas de peregrinación máis importantes do mundo: o Camiño de Santiago.

As vilas pesqueiras dispersas ao longo do litoral, como Malpica de Bergantiños, Camariñas, Ribeira ou Fisterra, co seu faro sinalando o coñecido “fin do mundo”, constitúen núcleos de tradición mariñeira e son esenciais para entender a cultura local. No ámbito natural, destacan xoias como o Monte Pindo e a súa ferverza do Ézaro, os cantís de Vixía de Herbeira, o complexo dunar de Corrubedo e as singulares formacións rochosas da Barca. Todos eses lugares son accesibles mediante rutas de sendeirismo que atravesan tanto a costa, coa Ruta dos Faros como referencia, como

o interior, onde as Fragas do Eume se consolidan como un destino estrela. A gastronomía é outro pilar, con máis de 60 eventos culinarios centrados en produtos locais, que se converten en auténticas festividades de atracción turística.

Analizando os últimos datos publicado polo INE, en 2023, A Coruña experimentou un aumento significativo no número de visitantes, contabilizando 466.666 turistas, o que supón un incremento do 6,6% en comparación co ano anterior. Este crecemento inclúe tanto viaxeiros nacionais (362.463), que aumentaron un 1,5%, como internacionais (104.203). As pernoctacións totais durante o ano ascenderon a 993.282, moi próximas ás cifras prepandemia de 2019, con 998.716. Cómpre destacar o incremento nas pernoctacións de visitantes internacionais a 233.086, superando as 218.973 de 2019. Isto reflicte o éxito das políticas de internacionalización da cidade. Neste sentido, o aeroporto da Coruña pechou o pasado ano cun incremento do 29,9% no rexistro de pasaxeiros con respecto ao ano anterior. Un total de 1.252.022 foron os viaxeiros que transitaron polo aeroporto de Alvedro, tal e como indica o balance anual publicado por AENA. Dos pasaxeiros de voos comerciais (1.251.212), 1.143.132 realizaron traxectos nacionais e 108.080 internacionais, o que supón uns incrementos con respecto a 2022 do 26,1% e do 91,3%, respectivamente.

PAÍS VASCO

O País Vasco sitúase como un competidor turístico clave debido á súa diversa oferta de recursos. O seu perfil combina unha sólida herdanza cultural cunha infraestrutura turística que engloba tanto a innovación como a tradición. A arquitectura da rexión e os seus museos, complementados por unha destacada presenza culinaria que inclúe unha ampla selección de restaurantes recoñecidos con estrelas Michelin, forman parte integral da súa proposta de valor. Bilbao preséntase como un caso de estudo de revitalización urbana, co Museo Guggenheim como un dos seus activos turísticos centrais. A cidade vella e as “Siete Calles”, así como a ría de Bilbao e as súas pontes, son exemplos de como elementos históricos e modernos se integran na paisaxe urbana. O mercado da Ribera complementa esta oferta como un punto de interese para os visitantes. San Sebastián distínguese pola súa oferta de turismo de praia e actividades relacionadas co mar, complementado por unha vibrante escena de pintxos e eventos culturais, incluíndo os Festivais Internacionais de Cinema e Jazz. A praia da Concha e o Museo Cristóbal Balenciaga son exemplos de atraccións que serven a segmentos específicos do mercado turístico. Vitoria-Gasteiz pon de relevo a importancia da conservación do patrimonio a través da súa zona antiga e a catedral de Santa María. A oferta culinaria local tamén se presenta como un atractivo para o turismo gastronómico.

Desde o punto de vista dos recursos naturais, o

País Vasco ofrece máis de cincuenta praias que inclúen unha gama de actividades lúdicas e deportivas, así como espazos verdes interiores como a Reserva da Biosfera de Urdaibai e o Xeoparque da Costa Vasca. As paisaxes de viñedos da Rioxa Arabesa engaden unha dimensión enoturística á rexión. Os atractivos culturais, como o Santuario da Virxe de Guadalupe en Hondarribia e San Telmo en Zumaia, entre outros, contribúen á diversidade do turismo cultural e patrimonial. O sector enogastronómico apóiase no Club de Produto Euskadi Gastronomika e na distinción dos seus 22 restaurantes con estrelas Michelin. A oferta de pintxos, os mercados de abastos, o viño de Rioxa Arabesa e a sidra conforman unha proposición culinaria que contribúen á identidade turística da rexión.

O sector turístico no País Vasco tamén superou as cifras previas á pandemia, co seu récord histórico de turistas. As entradas de turistas aumentaron un 8,3%, alcanzando os 4.594.838 visitantes. As pernoctacións rexistraron un crecemento do 8,9% para un total de 9.730.100 e o grao de ocupación por prazas tamén experimentou unha mellora, subindo un 1,3% e situándose no 37,89%. Canto á capacidade de aloxamento, observouse un incremento do 3% na oferta de prazas en comparación co ano anterior. Un aspecto destacado do 2023 foi o avance na desestacionalización, especialmente notable na primeira metade do ano, con incrementos significativos en xaneiro (+28,4%), febreiro (+10,7%) e marzo (+11,5%).

ASTURIAS

Asturias caracterízase polo seu alto valor ambiental, onde a proximidade xeográfica entre costas e montañas ofrece un mosaico de paisaxes. A rexión alberga unha notable oferta cultural que inclúe recursos clasificados como Patrimonio da Humanidade, e a súa gastronomía e produción vitivinícola contribúen á súa singularidade como destino turístico. Oviedo convida a explorar a súa cidade antiga, a catedral, e a arte prerrománica. A cidade é tamén un centro de actividade cultural e neste eido, destaca a cerimonia dos Premios Princesa de Asturias. En Xixón, o barrio de Cimadevilla, as praias de San Lorenzo e Poñente, a Cidade da Cultura, o Centro de Arte e Creación Industrial e o Xardín Botánico son eixes centrais do seu atractivo turístico. Avilés inclúe a súa cidade antiga, a ría de Avilés e o Centro Niemeyer como puntos de interese esenciais.

Unha significativa porción da superficie de Asturias conta con protección ambiental, o que se traduce nunha ampla oferta de rutas peonís, unha costa de 345 km e 200 praias. O Parque Nacional dos Picos de Europa e os Lagos de Covadonga son dúas das súas xoias naturais máis prezadas. Culturalmente, Asturias dispón de múltiples sitios Patrimonio da Humanidade, exemplos de arte prerrománica e rupestre, o Museo de Belas Artes de Asturias, os castros de Navia, a Fonte de Foncalada, a Cámara Santa da Catedral de Oviedo e as rutas do Camiño de Santiago. A gastronomía é outro alicerce fundamental de Asturias, cunha oferta que inclúe pratos

típicos como sopas, guisos, verduras, onde destacan as fabes, así como produtos emblemáticos como a sidra, viños de montaña da denominación Cangas Quality Wine e unha variada selección de máis de 40 tipos de queixos artesanais, incluído o famoso Cabrales.

Asturias marcou un récord en turismo ao concluír 2023. Rexistráronse máis de 2,7 millóns de visitantes e aproximadamente 6,6 millóns de pernoctacións. Os datos recentes do Instituto Nacional de Estadística (INE) mostran que, no último ano, a comunidade acolleu 2.762.510 turistas e sumou 6.684.497 estancias, o que traduce un crecemento do 13,7% en número de visitantes e do 9,5% en pernoctacións en comparación co ano anterior, superando os rexistros previos. O turismo internacional tamén experimentou un crecemento notable xa que representou un 22,2% do total de visitantes e o 18,5% das estancias. En 2023, Asturias recibiu 614.585 turistas estranxeiros que xeraron 1.236.800 pernoctacións. Isto evidenciou un aumento do 35,7% en visitantes internacionais e de case o 27% nas súas pernoctacións respecto ao ano precedente. Doutra banda, se observou un aumento do 10,4% en visitantes e do 6% en pernoctacións durante os meses pico de xuño a setembro. Con todo, no período restante do ano, o incremento foi aínda máis significativo, alcanzando un 18,2% en turistas e un 16,1% en estancias, boa mostra da estratexia de distribución turística ao longo de todo o ano que está a implementar Asturias.

CANTABRIA

A rexión distínguese pola súa riqueza en patrimonio cultural, cunha relevancia particular no campo da arqueoloxía e a arte rupestre. Os espazos naturais tamén xogan un papel crucial na identidade da zona, que abarca desde a variada costa do Cantábrico, cos seus numerosos cantís, ata as montañas da Cordilleira Cantábrica. Santander ofrece unha boa selección de espazos verdes e de praias, como Mataleñas, Sardinero e Magdalena. Entre as construcións emblemáticas da cidade figuran o Palacio Real da Magdalena, o Hotel Real e o Gran Casino. Ademais, o Festival Internacional de Santander é un evento de recoñecido prestixio a nivel internacional. Os recursos naturais da rexión presentan unha diversidade de paisaxes, caracterizados por máis de 220 km de litoral e máis de 90 praias, entre as que destacan o Sardinero, Oyambre e Salvé. A serra e os vales, especialmente aqueles que se estenden ata os Picos de Europa, xunto cos numerosos espazos naturais protexidos, son exemplos de conservación e biodiversidade.

O Parque Natural de Cabárceno en Cantabria destaca por ser o parque de animais máis grande de Europa. O patrimonio artístico rupestre da rexión,

con covas como Altamira, designadas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, constitúe un testemuño histórico de alcance mundial. Cantabria tamén alberga un rico legado de manifestacións arquitectónicas e artísticas de diversas épocas, desde o prerrománico ata o contemporáneo. A gastronomía cántabra, que destaca pola súa variedade e calidade, inclúe produtos emblemáticos como os queixos, o sobao pasiego, a carne, as patacas Valderredible, os pementos de Isla, o orujo de Liébana, os viños rexionais, o marisco, o puchero montañés e o cocido lebaniego. Estes produtos constitúen unha mostra representativa da rica tradición culinaria da rexión.

En 2023, Cantabria rexistrou 4,2 millóns de viaxes, o que representa un aumento do 16,67% respecto ao ano anterior. Este volume de viaxes constituíu o 2,3% do total nacional, superando a participación doutras comunidades como Baleares, a Rexión de Murcia, País Vasco, Navarra e A Rioxa. Así mesmo, contabilizáronse 18,3 millóns de pernoctacións, marcando un incremento do 24,5% en comparación co ano previo e equivalente ao 2,3% do total de pernoctacións a nivel nacional.



2.6. Transformación dixital en Rías Baixas

A tecnoloxía e a innovación convertéronse en alicerces fundamentais para o desenvolvemento e competitividade dos destinos turísticos na actualidade. Estas ferramentas permiten mellorar a experiencia do visitante, optimizar a xestión dos recursos e aumentar a sostibilidade dos destinos. **Nun mundo cada vez máis dixitalizado, os turistas buscan experiencias personalizadas e eficientes, que só poden ser proporcionadas a través da implementación de tecnoloxías avanzadas. A adopción de tecnoloxías como a Internet das cousas (IoT, polas súas siglas en inglés), a intelixencia artificial (IA), e a realidade aumentada (RA), entre outras, permite aos destinos turísticos ofrecer servizos máis personalizados e mellorar a interacción cos visitantes.** Ademais, a recompilación e análise de datos axuda aos xestores turísticos a entender mellor as necesidades e preferencias dos turistas, o que á súa vez facilita a toma de decisións estratéxicas.

Desde hai anos, **o Servizo de Turismo Rías Baixas apostou por adoptar as boas prácticas fomentadas polo proxecto de Destinos Turísticos Intelixentes (DTI) da Secretaría de Estado de Turismo do Goberno de España, como modelo clave no proceso de transformación dixital para dar resposta ás novas demandas dos turistas conectados do século XXI.** Este compromiso levou as Rías Baixas a ser un dos primeiros destinos en se sumar tanto ao proxecto DTI como á rede DTI impulsada por Segittur, consolidándose así como un referente na transformación dixital do sector turístico. A experiencia acumulada ao longo dos anos motivou á Deputación de Pontevedra a dar un novo paso máis ambicioso que suporá un salto cualitativo para todo o sector turístico da rexión.



A través do novo plan estratéxico, o Servizo de Turismo Rías Baixas non só busca fortalecer as liñas estratéxicas en materia de innovación e tecnoloxía nas que traballou ata agora, senón tamén traballar na elaboración de proxectos vinculados cos datos, a semántica e a Intelixencia Artificial para seguir sendo un destino líder na xestión e a gobernanza a través da Intelixencia Turística.

A transformación dixital do sector turístico é unha enorme oportunidade que permite atraer recursos económicos do Goberno do Estado e da Unión Europea para así posicionar as Rías Baixas como un destino competitivo e preparado para os desafíos do século XXI. O mellor aproveitamento dos recursos turísticos existentes e a identificación e creación doutros recursos de alto valor engadido incrementarán a competitividade das Rías Baixas como destino. A transformación dixital tamén acelerará o desenvolvemento sostible do destino nas súas vertentes ambiental, económica e sociocultural. Ademais, ao aliñar as estratexias e visións coa Axenda 2030 de Nacións Unidas, turismo Rías Baixas comprométese a un desenvolvemento turístico responsable e sostible.

Doutra banda, a actualización dos produtos e servizos turísticos será fundamental para lles poder ofrecer aos viaxeiros hiperconectados do século XXI experiencias óptimas e personalizadas. A estratexia turística convértese así na base para a dinamización económica do territorio, garantindo efectos positivos a longo prazo. A adopción tecnolóxica, permite tamén, reducir a fenda dixital e a desigualdade, beneficiando tanto o ámbito público como o privado. Finalmente, hai que destacar que a consolidación de esquemas colaborativos público-privados baseados na innovación e no protagonismo da xestión dos datos reforza a capacidade de turismo Rías Baixas para se adaptar ás novas demandas do mercado turístico. Esta estratexia non só mellora a xestión e planificación do destino, senón que tamén reforza o valor e a competitividade da marca “Rías Baixas” no mercado turístico global.

2.6.1. Aspectos relevantes da transformación dixital en Rías Baixas

A planificación da transformación dixital no turismo é un proceso complexo que require unha consideración meticulosa de diversos aspectos clave para garantir o éxito e a sostibilidade das iniciativas. No caso das Rías Baixas, un destino comprometido coa innovación e a tecnoloxía é fundamental centrarse en varios elementos esenciais que xuntos conforman a base dun turismo moderno, eficiente e competitivo. En primeiro lugar, **é importante destacar a infraestrutura tecnolóxica que despregou turismo Rías Baixas nos últimos anos. O investimento en infraestrutura tecnolóxica non só permite mellorar a experiencia do turista, senón que tamén está a facilitar a xestión interna do destino, permitindo unha operatividade máis eficiente e segura.**

A recompilación e análise de datos é outro aspecto fundamental para Rías Baixas, xa que a implementación de sistemas que permiten entender mellor as necesidades e preferencias dos turistas está a ser fundamental para ofrecer servizos máis personalizados e efectivos. **A través do uso de ferramentas de Big Data e analítica avanzada, turismo Rías Baixas recompila información sobre os comportamentos e tendencias dos visitantes.** Este coñecemento profundo posibili-

ta a toma de decisións informadas e estratéxicas, axustando as ofertas turísticas ás demandas reais do mercado e mellorando a satisfacción do cliente. Doutra banda, **a personalización da experiencia turística é un obxectivo central na transformación dixital de Rías Baixas. Utilizando tecnoloxías como a intelixencia artificial (IA) e o Big Data, a Deputación de Pontevedra pode ofrecer experiencias adaptadas ás preferencias dos visitantes.** A IA pode analizar datos en tempo real e ofrecer recomendacións personalizadas, mentres que o Big Data proporciona un entendemento detallado das tendencias e padróns de comportamento. Isto non só mellora a experiencia do turista, senón que tamén aumenta a probabilidade de fidelización e repetición das visitas.

Cómpre non esquecer que **a sostibilidade é un alicerce indispensable na planificación da transformación dixital de Rías Baixas. O equipo de turismo de Rías Baixas desenvolve prácticas sostibles na xestión turística co fin de minimizar o impacto ambiental e promover un turismo responsable.** A tecnoloxía permítelle a Rías Baixas desenvolver unha xestión eficiente dos recursos naturais, a redución de residuos e a implementación de prácticas máis ecolóxicas.

É importante destacar que xa desde o anterior Plan estratéxico provincial de turismo 2021-2023, as accións que o conforman estaban aliñadas coa Axenda 2030 de Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Outro dos aspectos fundamentais que se debe ter en conta para que turismo Rías Baixas implemente unha estratexia dixital é a capacitación e formación dos equipos humanos. **Formar ó persoal no uso das novas tecnoloxías e fomentar unha cultura de innovación e adaptación constante é vital para o éxito da transformación dixital en Rías Baixas.** A tecnoloxía evoluciona rapidamente, e é necesario que o equipo encargado de xestionala estea ben preparado e motivado para aproveitar ao máximo os seus beneficios. **A capacitación continua e a adaptación a novas ferramentas e metodoloxías garanten que o turismo Rías Baixas poida manterse competitivo e ofrecer servizos de alta calidade.**

Nos apartados posteriores analizaremos a evolución dos diferentes proxectos de transformación dixital que debe ir desenvolvendo Rías Baixas no seu proceso de Destinos Turísticos Intelixentes (DTI). Porén, antes debemos analizar o impacto da Intelixencia Artificial (IA) e de diferentes tecnoloxías disruptivas en Rías Baixas. **A IA ten o potencial de transformar significativamente as Rías Baixas como destino turístico. A IA non só pode mellorar a personalización da experiencia turística, senón tamén proporcionar recomendacións adaptadas ás preferencias individuais dos visitantes.** A través de algoritmos avanzados e a análise de grandes volumes de datos, a IA pode ofrecer suxestións personalizadas en tempo real, co fin de mellorar a satisfacción do turista e incrementar a probabilidade de retorno dos visitantes. Ademais, a IA pode optimizar a xestión de recursos

nas Rías Baixas. Mediante a análise predictiva, é posible prever fluxos de visitantes e anticipar demandas, o que permite unha xestión máis eficiente e efectiva das infraestruturas turísticas. Esta análise predictiva tamén pode contribuír a mellorar a seguridade do destino, identificando posibles riscos e desenvolvendo estratexias proactivas para mitígalos. A capacidade da IA para procesar e analizar datos a gran escala tamén pode axudar a identificar padróns e tendencias, proporcionandolles aos xestores turísticos información valiosa para a toma de decisións estratéxicas.

Por outra banda, para responder as demandas dos turistas, turismo Rías Baixas está a traballar no despregamento de tecnoloxías disruptivas tanto na xestión como na planificación. Entre as tecnoloxías máis relevantes atopamos o Big Data e a análise predictiva. Estas ferramentas permiten que os destinos turísticos entendan mellor o comportamento dos turistas e prever tendencias futuras. Coa análise de grandes conxuntos de datos, turismo Rías Baixas pode obter unha visión das preferencias e comportamentos dos visitantes, o que facilita a creación de estratexias personalizadas e a optimización de recursos. A realidade aumentada (AR) e a realidade virtual (VR) son outras tecnoloxías disruptivas que Rías Baixas utiliza para mellorar a atracción e retención de visitantes. Estas tecnoloxías ofrecen experiencias inmersivas que permiten que os turistas exploren o destino de maneira interactiva e envolvente. Desde percorridos virtuais por paisaxes naturais ata a recreación de eventos históricos, a AR e a VR transforman a forma en que

os turistas experimentan e gozan dos recursos turísticos da provincia de Pontevedra . Outra das tecnoloxías disruptivas é o blockchain. Esta tecnoloxía ten un gran potencial para o sector turístico, dado que permite transaccións seguras e transparentes, especialmente en áreas como as reservas e pagos. A implementación do blockchain pode mellorar a confianza dos turistas nos sistemas de pago e reserva, reducindo o risco de fraude e aumentando a transparencia nas transaccións financeiras. Non hai que esquecer tampouco o impacto da Internet das Cousas (IoT) que facilita a xestión intelixente de infraestruturas e servizos turísticos nas Rías Baixas. Coa interconexión de dispositivos e sensores, é posible controlar en tempo real diversas variables como o tráfico, a calidade do aire e o consumo de enerxía. Isto permite unha xestión máis eficiente e sostible dos recursos, mellorando a experiencia do turista e reducindo o impacto ambiental. Finalmente, os chatbots e asistentes virtuais tamén son tecnoloxías clave para mellorar a atención ao cliente en Rías Baixas. Estes sistemas poden ofrecer asistencia 24/7, responder preguntas frecuentes, proporcionar información sobre o destino e axudar na planificación de actividades. A implementación de chatbots pode mellorar significativamente a satisfacción do turista e proporcionar respostas rápidas e precisas ás súas consultas.

En conclusión, a integración da intelixencia artificial e outras tecnoloxías disruptivas en Rías Baixas están a transformar o destino, mellorando a experiencia do turista, optimizando a xestión de recursos e aumentando a seguridade. Estas tecnoloxías non só permiten unha mellor comprensión das necesidades e preferencias dos visitantes, senón que tamén facilitan a creación de estratexias máis eficaces e sostibles. Ao adoptar estas innovacións, as Rías Baixas sitúanse como un destino turístico moderno e competitivo, preparado para afrontar os desafíos do turismo do século XXI.

2.6.2. Gobernanza para a transformación dixital de Rías Baixas

A gobernanza do proceso de transformación dixital recae na Deputación de Pontevedra e especificamente no Servizo de Turismo Rías Baixas. A Deputación de Pontevedra, creada por Real Decreto o 21 de setembro de 1835 e constituída como administración provincial o 12 de febreiro de 1836, centra a súa actividade en accións administrativas, económicas e técnicas. Sendo a menor das catro provincias galegas, Pontevedra está composta por 61 municipios. O sector público e a administración local deben responder con prontitude ás necesidades da cidadanía, implantando sistemas de calidade na xestión para optimizar recursos e mellorar a eficiencia.

O Servizo de Turismo Rías Baixas ten como obxectivo motivar, dirixir e coordinar a actividade turística do

destino, proporcionando respostas e oportunidades prácticas aos axentes turísticos. As súas funcións inclúen o desenvolvemento de instrumentos de política turística para a planificación estratéxica e a definición do modelo turístico territorial, o impulso da dinamización turística, a elaboración de plans de calidade e excelencia turística, orientación cara a un turismo sostible, fomento da actividade turística mediante medidas de apoio ao sector, e a coordinación da promoción turística a través de accións de reforzo de imaxe de marca, desenvolvemento de produtos estratéxicos e a súa divulgación. Ademais, xestiona servizos de información turística a través da Rede de Oficinas Rías Baixas, estudos turísticos e a vixilancia do destino mediante o observatorio turístico. Finalmente, entre as súas funcións tamén destaca a coordinación e a cooperación entre o sector público e privado, xestionando bens e servizos públicos e mantendo actualizado o portal web <https://turismoriasbaixas.com>.

É importante salientar que o Servizo de Turismo Rías Baixas desempeña o papel de ente xestor do Destino Turístico Intelixente (DTI) Rías Baixas, coa responsabilidade de establecer, implementar, manter e mellorar o sistema de xestión DTI. Isto implica propor para a súa aprobación a organigrama, definir as funcións e responsabilidades, desenvolver políticas de calidade e establecer obxectivos do DTI que sexan compatibles co marco territorial do destino e a estratexia definida no plan estratéxico. Ademais, é fundamental comunicar o DTI ás partes implicadas e integrar os requisitos do sistema cos procesos estratéxicos.

Entre as funcións específicas do ente xestor atópanse: desenvolver, establecer e implementar o sistema de xestión do DTI e velar pola súa mellora continua; promover a accesibilidade universal e o uso da innovación e a tecnoloxía para fomentar un turismo sostible; liderar a gobernanza do DTI en consenso coa presidencia da Deputación de Pontevedra e a Mesa de Turismo; integrar o tecido turístico local nas accións de desenvolvemento do destino; e levar a cabo unha xestión aberta e participativa que fomente a interacción con cidadáns, xestores e turistas.

Outro actor clave na gobernanza é a Mesa de Turismo, creada cun regulamento interno como parte dunha estratexia coherente para o desenvolvemento turístico sostible dentro do marco do Plan Estratéxico 2017-2020. Este órgano consultivo promove a coordinación entre institucións en materia turística e baséase na colaboración entre o sector público e o privado. A Mesa de Turismo representa estes dous sectores no ámbito turístico na provincia de Pontevedra. Os seus obxectivos inclúen crear un marco de encontro público-privado que facilite a interacción entre os axentes implicados no desenvolvemento turístico da provincia; compartir os resultados anuais da Deputación en materia de turismo e as previsións de actuacións futuras, fomentando a transparencia e a planificación estratéxica; obter información útil sobre a percepción do sector, as súas necesidades e propostas, para axustarse mellor ás súas demandas. Ademais, a Mesa de Turismo fomenta unha cultura de innovación dentro do sector turístico, e potencia

proxectos conxuntos que sexan innovadores e sostibles. Tamén proporciona un foro para debater temas de importancia para o turismo na provincia e promove solucións conxuntas. A Mesa de Turismo asegura que se manteñan e melloren os estándares de calidade no destino turístico, actuando como Mesa de Calidade no marco SICTED Rías Baixas. A Mesa de Turismo está composta por un máximo de 20 membros, que se reúnen en dous encontros ordinarios ao ano. Esta composición permite unha representación equilibrada dos diversos actores do sector turístico, garantindo que se aborden de maneira integral as distintas perspectivas e necesidades do destino Rías Baixas. A devandita composición é a seguinte:

- 1.** O/A presidente/a, que corresponde co/coa presidente/a da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
- 2.** Tres representantes da Deputación de Pontevedra con cargos asociados ao desenvolvemento turístico da provincia:
 - a. Deputado/a de Promoción turística, Fomento de Industrias Turísticas e Artesanía e Turismo Rías Baixas.
 - b. Xefe/a do servizo de Turismo Rías Baixas.
 - c. Unha persoa de perfil técnico designado polo/a presidente/a da Mesa de Turismo.
- 3.** Un/ha representante de Turismo de Galicia que corresponde co/coa director/a da Axencia de Turismo de Galicia, ou persoa en quen delegue.
- 4.** Un/ha representante da Secretaría Xeral de Turismo do Estado, que corresponde co/coa Secretario/a xeral de Turismo, ou persoa en quen delegue.
- 5.** Sete representantes do sector público da provincia de Pontevedra:
 - a. Un/ha representante de cada municipio con máis de 50.000 habitantes
 - b. Dous representantes dos concellos declarados Municipios de Interese Turístico da provincia.
 - c. Un/ha representante dos destinos adheridos ao SICTED.
 - d. Dous representantes de entidades supramunicipais de carácter público ou mixto, que contén con obxectivos ou actividades que incidan no desenvolvemento turístico do territorio:
 - i. Un/ha representante de grupos de acción local participativa do sector pesqueiro (GALP) da provincia.
 - ii. Un/ha representante doutras entidades con funcións específicas de xestión e promoción turística de carácter público ou mixto.

6. Tres representantes do ámbito académico ou universitario da provincia vinculados á competitividade e á promoción turística:
 - a. Un/ha representante do Mestrado de Turismo da Universidade de Vigo
 - b. Un/ha representante do CIFP Manuel Antonio
 - c. Un/ha representante do CIFP Carlos Oroza
7. Un/ha representante do Aeroporto de Vigo
8. Tres representantes do sector turístico privado:
 - a. Un/ha representante do Clúster de Turismo de Galicia
 - b. Un/ha representante da Federación provincial de Hostalaría da provincia
 - c. Un/ha representante da Ruta do Viño Rías Baixas
9. Toda persoa, que de forma puntual e por proposta formal dalgún membro da Mesa de Turismo, e tras a aprobación da mesma, poida realizar achegas técnicas de interese para o desenvolvemento turístico da provincia ou en relación con algún punto específico a tratar na orde do día.

Ademais, os membros da Mesa de Turismo serán de dous tipos: os membros de carácter rotativo e os membros de carácter fixo. Os membros de carácter rotativo serán seleccionados cada ano, por orde alfabética, tendo en conta a totalidade de axentes turísticos existentes no territorio dentro de cada tipoloxía:

- **Concellos declarados Municipios de Interese Turístico.**
- **Destinos SICTED.**
- **Grupos de Accións Local Participativa do Sector Pesqueiro.**
- **Outras entidades supramunicipais con funcións específicas de xestión e promoción turística de carácter público e/ou mixto.**

O resto das entidades representadas serán membros de carácter fixo.

Ademais, dentro da gobernanza, é fundamental establecer os diferentes actores do ecosistema turístico para manter un destino sólido e competitivo. Estes actores divídense entre o sector público e o sector privado.

Sector público

- 1. Autonómico:** a Axencia de Turismo de Galicia.
- 2. Provincial:** a Deputación de Pontevedra, especificamente o Servizo de Turismo Rías Baixas.
- 3. Supramunicipal:**
 - **Mancomunidades:** inclúen a área Intermunicipal de Vigo, O Morrazo, O Val Miñor, Terras do Deza, A Paradanta, O Salnés, O Baixo Miño, Vales do Ulla e Umia, e Terras de Pontevedra.
 - **Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR):** GDR 13, 14, 15, 16 e 17.
 - **Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro:** Ría de Vigo – A Guarda, Ría de Pontevedra e Ría de Arousa.
- 4. Municipal:** Os 61 concellos da provincia de Pontevedra.

Sector privado

- 1. Empresa privada:** a industria turística abarca unha ampla e variada tipoloxía de empresas e persoas autónomas. Estas inclúen axencias de viaxes, restaurantes e cafetarías, empresas de turismo activo e aventura, guías de turismo, adegas, navieiras, servizos náuticos, portos deportivos, servizos de transporte terrestre, organizadores profesionais de congresos (OPC), palacios de congresos, e recintos feirais, entre outros.
- 2. Tecido asociativo:** destaca o Clúster de Turismo de Galicia, que é a entidade máis representativa a nivel autonómico e engloba a práctica totalidade do sector, incluídas as principais asociacións territoriais e/ou sectoriais.

Esta estrutura de actores permite unha coordinación efectiva e unha xestión integrada do destino turístico, promovendo a colaboración e o desenvolvemento sostible do turismo Rías Baixas.

2.6.3. Evolución das Rías Baixas como DTI

Desde 2015, a Deputación de Pontevedra estivo traballando na aplicación de ferramentas tecnolóxicas co obxectivo de situar as Rías Baixas como un destino innovador. Este enfoque permitiu despregar tecnoloxía avanzada para mellorar a experiencia do visitante dar e solucións TIC ao sector empresarial. **É importante destacar que o sistema tecnolóxico do Ente Xestor do DTI Rías Baixas conta co respaldo do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, que proporciona soporte e mantemento, cun orzamento asignado especificamente para esta área.**

Nun escenario de rápidos cambios tecnolóxicos que afectan os destinos turísticos, Rías Baixas lanzou a iniciativa Tourist Inside. Este proxecto ten como principal obxectivo avanzar na transformación da provincia de Pontevedra nun Destino Turístico Intelixente. Para lograr isto, enfocárase en despregar ferramentas tecnolóxicas de vangarda, así como en mellorar a eficiencia enerxética e reducir a pegada de carbono asociada ás actividades da provincia. Ademais, no ámbito turístico, búscase fomentar a interoperabilidade con diversas administracións e axentes, promovendo o acceso transparente e universal aos datos públicos dos servizos. Isto permite que a cidadanía, visitantes, profesionais e empresas poidan consultar e reutilizar a información de maneira efectiva. Para iso, a implementación de ferramentas e sistemas baseados en estándares interoperables é fundamental para esta iniciativa. Así mesmo, dáse un impulso ás métricas para medir a satisfacción cidadá e dos visitantes, así como o aforro de enerxía e a redución da pegada de carbono. Estes compoñentes son esenciais para consolidar Rías Baixas como un modelo de Destino Turístico Intelixente.

A continuación, imos realizar un resumo das evolucións que debe ir desenvolvendo Rías Baixas co proxecto Tourist Inside:

Tourist Inside I

A través dun convenio de colaboración entre Red.es e a Deputación de Pontevedra, levouse a cabo o proxecto Tourist Inside Rías Baixas, co fin de transformar a provincia de Pontevedra nun destino turístico intelixente mediante a evolución de sistemas, o desenvolvemento de compoñentes para a transformación dixital do destino e a posta en marcha da Plataforma DTI. Tourist Inside Rías Baixas é unha iniciativa para a xestión intelixente do destino a través dunha plataforma integral que unifica un conxunto de solucións para a xestión, procesamento e análise de datos, así como a xestión e integración de contidos dixitais. A estrutura desta plataforma segue as capas, capacidades e funcionalidades definidas

nas normas UNE 178501:2018 de Destinos Turísticos Intelixentes, UNE 178502:2018 de Indicadores e Ferramentas de Destinos Turísticos Intelixentes, e UNE 178104:2019 de Semántica DTI. A Plataforma DTI, baseada en tecnoloxía opensource FIWARE e coñecida como FIWOO, actúa como eixe vertebrador do resto de compoñentes da iniciativa, permitindo a súa coordinación e xestión eficiente baixo o modelo DTI. Este sistema integral non só facilita a xestión e análise de datos, senón que tamén promove a interoperabilidade e a accesibilidade da información para todos os actores implicados, desde as administracións públicas ata a cidadanía e empresas turísticas. A implementación da Plataforma DTI en Rías Baixas representou un paso crucial cara á consolidación dun destino turístico intelixente, capaz de adaptarse ás necesidades do mercado actual e futuro, e de garantir unha experiencia turística de alta calidade e sostible para todos os visitantes.

A Plataforma DTI de Rías Baixas é un sistema de información interoperable deseñado para proporcionar soporte integral ao modelo de servizos turísticos da provincia de Pontevedra. O seu obxectivo prioritario é incrementar a competitividade do sector turístico mediante a promoción e optimización da súa oferta, integrando tanto aos profesionais do sector como aos usuarios. Trátase, polo tanto, dun servizo centralizado mediante o cal a Deputación e as demais entidades da provincia poden acceder ás diferentes funcionalidades que ofrece.

Dende a perspectiva dos profesionais, a plataforma permítelles publicar a súa oferta e, aos intermediarios, cargar os seus produtos de maneira directa. Ademais, acceden a datos cruciais como a reputación online, preferencias e gustos dos usuarios, así como informes sectoriais que lles brindan información chave para axustar e mellorar as súas propostas de valor. Pola outra banda, os usuarios teñen á súa disposición ferramentas para realizar procuras, solicitar servizos e planificar as súas viaxes de forma eficiente. Tamén poden interactuar coa oferta deixando comentarios e valoracións. Unha vez seleccionan un servizo, a plataforma rediríxeos á paxina web do provedor correspondente para xestionar a reserva.

A Plataforma TRB intégrase co CRM e outros recursos chave que se detallan a continuación, permitindo a xestión e análise dos procesos no ecosistema turístico de Rías Baixas. Isto asegura unha interacción fluída entre todos os actores implicados e facilita a transición do destino cara un Destino Turístico Intelixente (DTI).

A continuación, detállanse os módulos que compoñen a iniciativa DTI de Tourist Inside I e que conforman a Plataforma DTI Rías Baixas:

➤ **Welcome Center e dixitalización de oficinas da Rede INFO RÍASBAIXAS:** A Oficina de Turismo Rías Baixas, situada na sede do Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, converteuse no centro de referencia da Rede de oficinas INFO RÍASBAIXAS. Este espazo transformouse nun Welco-

me Center (centro de acollida) utilizando TIC innovadoras para atraer e informar os visitantes. Entre as melloras, destacan unha sala de proxección 270° e a recreación do Palacete das irmás Mendoza mediante tecnoloxía inmersiva dispoñible en 360° con lentes Oculus Quest. Ademais, equipáronse os espazos con videowall, pantallas, monitores informativos, unha mesa interactiva, bucle magnético, impresora braille e tabletas para enquisas de satisfacción. Tamén se dixitalizaron as oficinas de turismo integradas na rede para mellorar a experiencia do visitante.

- **Xestor de contidos (CMS):** O xestor de contidos é o repositorio central dos contidos do destino Rías Baixas. Baseado nun CMS Drupal, a súa función é ser o backoffice do portal web, a aplicación móbil, o Welcome Center e as oficinas de turismo da Rede INFO RÍASBAIXAS, así como dos tótems interactivos e outras canles futuras. Permite xestionar a información desde diferentes roles e está estruturado segundo a norma UNE 178503 de Semántica.
- **Tótems interactivos:** Despregáronse 30 tótems interactivos, 19 exteriores e 11 interiores, para mellorar a experiencia do visitante mediante a interacción coa información in situ. Estes tótems dixitalizan o territorio e facilitan o acceso a información relevante para os turistas.
- **Mapa interactivo:** Un mapa interactivo da provincia de Pontevedra foi desenvolvido para uso táctil na mesa interactiva do Welcome Center e na aplicación móbil. Este mapa permítelles aos usuarios navegar polos recursos do destino Rías Baixas e crear o seu propio caderno de viaxe.
- **Xeración de contidos dixitais e inmersivos:** Desenvolvéronse diversos contidos dixitais e inmersivos, incluídos cinco vídeoguías en lingua de signos, cinco audioguías, 30 visitas virtuais de espazos turísticos e cinco contidos inmersivos sobre as irmás Mendoza, dispoñibles na sala 270° do Welcome Center e na sala 360°. Estes contidos están dispoñibles no xestor de contidos para a súa distribución.
- **Aplicación móbil:** a aplicación móbil foi deseñada para proporcionar contidos do xestor de contidos e asesorar sobre experiencias turísticas personalizadas e xeorreferenciadas. Está integrada coa sinalización turística intelixente mediante Beacons para lle ofrecer recomendacións de información ao visitante.
- **Xestión de residuos:** Instaláronse 12 dispositivos de detección de enchido de papeleiras no piloto Smart Beach Praia América, permitindo unha gobernanza municipal eficaz e sostible mediante a sincronización coa Plataforma DTI.
- **Sistemas de monitorización en praias:** Despregáronse sistemas de control de afluencia nos puntos de acceso á praia América, unha cámara panorámica en streaming, e caudalímetros en duchas para xestionar o uso da auga e aplicar estratexias sostibles.

- **Customer Relationship Management (CRM):** O CRM baseado en Drupal permite a xestión de usuarios da plataforma DTI, incluíndo roles e permisos, ferramentas de mensaxaría, notificacións, procuras, xeolocalización, xestión de contidos, auditoría, back end e integración.
- **Sinalización turística intelixente (Beacons):** Despregáronse 350 balizas de información ao visitante co fin de mellorar a súa experiencia mediante a sincronización coa aplicación móbil.
- **Estación meteorolóxica:** Dentro do piloto Smart Beach Praia América instalouse unha estación meteorolóxica para controlar as condicións climáticas da zona que fornece datos sobre temperatura, humidade, velocidade do vento, radiación UV, presión atmosférica e precipitacións. Esta información tamén está dispoñible no portal web.
- **Análise de redes sociais:** Unha ferramenta de control e análise de redes sociais rastrea as canles propias de turismo Rías Baixas co fin de ofrecer información sobre reputación para tomar decisións informadas.

Tourist Inside II

Grazas ás axudas para a transformación dixital de destinos turísticos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado por Next Generation da UE, deuse continuidade á iniciativa Tourist Inside con actuacións no ámbito da gobernanza turística. O obxectivo é avanzar na transformación dixital e mellorar a vixilancia tecnolóxica asociada á actividade turística da provincia, asegurando unha xestión máis eficiente e sostible do destino. Este proxecto abarca diversas actuacións destinadas a mellorar a interoperabilidade, sostibilidade e experiencia turística na rexión. A continuación, detállanse os módulos que compoñen Tourist Inside II:

- Aliñación de contidos **turísticos á norma UNE 178503 e implantación dunha Plataforma Semántica**, creación de asistente conversacional e a súa integración, e mellora da explotación do Data Lake. Para asegurar a interoperabilidade entre os diversos compoñentes e módulos despregados, é fundamental contar cun modelo de representación do coñecemento. Este modelo lógrase mediante unha arquitectura semántica do dato que permite almacenar, xestionar, publicar e sincronizar todas as instancias instaladas, utilizando a Ontoloxía do Sector Turístico. Actualmente, está a se construír unha representación semántica dos datos xestionados pola Plataforma DTI, o que facilita a creación dunha intelixencia artificial avanzada. Ademais, implementárase un asistente conversacional integrado no portal web e

un servizo de consultoría para a integración do Data Lake, que almacenará datos turísticos e datos adquiridos mediante a rede IoT do destino.

- Ferramenta para a **monitorización de calidade do aire e sistema asociado a mapa de ruído** en zonas de destinos turísticos da provincia. Este módulo ten como obxectivo controlar os niveis de contaminación, calidade do aire e nivel de ruído nas principais zonas de afluencia de cinco municipios declarados de interese turístico na provincia. Os datos obtidos serán integrados na Plataforma DTI, o que lles permitirá aos municipios xestionar potenciais problemas mediante vixilancia tecnolóxica e realizar actuacións para fomentar un turismo máis sostible.
- **Gamificación** en Rías Baixas. Coa necesidade de adaptar o turismo ás novas contornas dixitais, este módulo busca valorar e transmitir os valores culturais e naturais do destino a través dunha experiencia gamificada. Está a desenvolverse unha aplicación móbil que utiliza xeolocalización, realidade aumentada e videoxogos para lles ofrecer aos visitantes unha experiencia educativa e entretida sobre o patrimonio das Rías Baixas.
- **Dixitalización de sete oficinas de turismo** da Rede INFO RÍASBAIXAS. A Rede de oficinas INFO RÍASBAIXAS medrou e, para avanzar na transformación dixital do territorio, están a dixitalizarse sete oficinas de turismo. Estas oficinas serán integradas coa Plataforma DTI e outros compoñentes asociados, aliñándose cos obxectivos do Compoñente 2 de Tourist Inside.
- Sinais dixitais no destino Rías Baixas (**Beacons**). Este módulo contempla a subministración e instalación de 60 beacons adicionais nas oficinas de turismo da Rede INFO RÍASBAIXAS. Estes serán sincronizados cos dispositivos xa existentes e a Plataforma DTI, mellorando a dixitalización do territorio e facilitándolle a información ao visitante.
- Ferramenta dixital que mellora a **xestión de fluxos e capacidades** na Rede INFO RÍASBAIXAS. Con 33 puntos de información, algunhas oficinas da Rede INFO RÍASBAIXAS superan os 50m². Este módulo ten como obxectivo xestionar a capacidade e fluxos destas oficinas en tempo real para mellorar o servizo de atención ao visitante. A solución inclúe a integración, sincronización e monitorización dos equipos instalados na Plataforma DTI.
- Diagnóstico e **boas prácticas de Ciberseguridad**. Desenvólvese unha ferramenta dixital de autodiagnóstico de riscos para pemes turísticas, xunto cunha guía de boas prácticas de ciberseguridad. Este recurso estará dispoñible no portal web de Rías Baixas, co obxectivo de sensibilizar e apoiar ao sector turístico na transformación dixital dos seus negocios, seguindo o modelo DTI.

- **Formación e capacitación dos xestores** do destino en DTI. Este módulo inclúe xornadas formativas dirixidas aos xestores de destinos municipais da provincia de Pontevedra. O obxectivo é involucralos no modelo DTI, capacitándoos en planificación e gobernanza para converter o territorio nun espazo innovador e xerador de intelixencia turística.

A implementación destes módulos en Tourist Inside II representa un avance significativo na transformación dixital de Rías Baixas. Ao integrar novas tecnoloxías e mellorar a interoperabilidade e sostibilidade, as Rías Baixas sitúanse como un destino turístico intelixente e competitivo, preparado para lles ofrecer experiencias enriquecedoras e sostibles aos seus visitantes.

TouristTech

Os proxectos Tourist Inside I e II sentaron as bases para a transformación dixital de Rías Baixas. Tourist Inside I centrouse na creación dunha infraestrutura tecnolóxica básica, permitindo a recompilación e análise de datos turísticos esenciais. Esta fase inicial estableceu unha base sólida de conectividade e dixitalización, crucial para calquera desenvolvemento posterior. Posteriormente, Tourist Inside II ampliou estas capacidades incorporando tecnoloxías avanzadas como a intelixencia artificial, o Big Data e a realidade aumentada. Este proxecto non só mellorou a capacidade de análise de datos e a personalización da experiencia turística, senón que tamén integrou diversas ferramentas e sistemas, promovendo a interoperabilidade e o acceso universal á información. A implementación dunha plataforma integral baseada en estándares interoperables e a introdución de novos módulos, como a monitorización da calidade do aire e a gamificación do destino, representaron fitos significativos na consolidación do modelo DTI de Rías Baixas.

Con todo, Rías Baixas continúa inmersa na súa evolución tecnolóxica e o seu compromiso coa innovación mediante a implementación dun novo plan estratéxico para o horizonte temporal 2024-2030. Dentro deste plan, enmárcanse actuacións que perseguen **consolidar e expandir o modelo de Destino Turístico Intelixente (DTI) que se estivo a desenvolver nos últimos anos. Neste contexto, Rías Baixas avanza un paso máis e presenta a súa candidatura á orde de Axudas do Ministerio de Turismo do Goberno de España para o despregamento de plataformas tecnolóxicas e solucións dixitais nos destinos da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.** O obxectivo é financiar o desenvolvemento e implantación de plataformas intelixentes de destino e/ou módulos de referencia opcionais dentro das plataformas xa existentes, así como a interconexión e integración das diferentes plataformas e solucións coa plataforma estatal que conformará o nodo central da Plataforma Intelixente de Destino (PID) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Este novo proxecto, denominado TouristTech, ten como obxectivo principal consolidar os logros alcanzados e explorar novas fronteiras tecnolóxicas para ofrecer un destino turístico aínda máis innovador e sostible.

A continuación, móstranse os módulos que se desenvolverán no proxecto TouristTech:

- **Gobernanza +20.000:** Este módulo está destinado aos concellos da Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Pontearreas, Redondela e Vilagarcía de Arousa. O seu propósito é apoiar a xestión turística destes municipios, que, aínda que non son grandes centros urbanos, deben ofrecer numerosos servizos turísticos. O módulo inclúe a implementación de vixilancia tecnolóxica para formular estratexias que promovan o crecemento ordenado do turismo.
- **Calidade do aire:** Este compoñente alíñase coa Directiva 2008/50/CE relativa á calidade do aire. O obxectivo é despregar dispositivos IoT para medir en tempo real a calidade do aire nos municipios seleccionados, permitindo avaliar e comparar datos para tomar medidas informativas e correctivas.
- **Mapa de ruído:** En consonancia coa Directiva 2002/49/CE, este compoñente controla a contaminación acústica nos municipios, creando un mapa estratéxico para avaliar a exposición ao ruído e tomar medidas preventivas ou correctoras.
- **Videovixilancia:** Este compoñente mellora a seguridade dos destinos turísticos mediante a instalación de dispositivos de videovixilancia, proporcionando unha contorna segura para os visitantes e residentes. A información xestiónase de maneira autónoma polos municipios e de forma global pola Deputación de Pontevedra.
- **Biodiversidade:** Os municipios disporán de ferramentas innovadoras para mellorar a súa estratexia ambiental, utilizando datos de satélite e intelixencia artificial para vixiar e xestionar a biodiversidade e outros indicadores ambientais.
- **Dixitalización de marquesiñas:** Este compoñente busca mellorar a información aos usuarios de transporte público mediante a dixitalización de marquesiñas de autobús nos municipios, promovendo o uso do transporte público e mellorando a accesibilidade.
- **Control de capacidades:** Implementaranse dispositivos para mellorar a sensórica, así como solucións de cálculo de teléfonos intelixentes para controlar e xestionar a capacidade e os fluxos de visitantes en espazos públicos e eventos, facilitando unha gobernanza eficiente dos recursos turísticos.

- **Impacto ambiental:** Este compoñente promove o turismo sostible mediante a instalación de máquinas de reverse vending que colleitan envases para reciclaxe. Así mesmo, os usuarios recibirán incentivos co fin de reducir a contaminación.
- **Xestión de aparcadoiros:** A xestión de aparcadoiros urbanos mellorarase mediante a implementación de dispositivos IoT e pantallas informativas que optimicen a ocupación e faciliten a accesibilidade, reducindo a conxestión e as emisións de CO2.
- **Xestión de transporte local:** Implementarase un sistema de xestión centralizado para mellorar a mobilidade urbana. Os usuarios e condutores poderán interactuar en tempo real, para así optimizar o o servizo de transporte local.
- **Asistencia técnica DTI:** Os municipios disporán de apoio técnico e asesoramento para implementar e estandarizar os Sistemas Integrados de Xestión DTI, fomentando un turismo intelixente, sostible e de calidade.
- **Dixitalización de festas de interese:** Este compoñente dixitalizará festas e eventos de interese para ofrecer experiencias inmersivas do patrimonio inmaterial das Rías Baixas, accesibles aos usuarios en calquera momento e desde calquera lugar.
- **Miradoiros e paseos virtuais:** Crearanse miradoiros e paseos virtuais de alta resolución que permitirán que os usuarios gocen dos recursos turísticos das Rías Baixas desde calquera lugar, promovendo a accesibilidade e a sostibilidade.
- **Intelixencia artificial:** Desenvolveranse aplicacións avanzadas de intelixencia artificial para mellorar a personalización da experiencia turística e optimizar a xestión do destino mediante a análise de datos e a predición de tendencias.
- **Vixilancia do destino Rías Baixas:** Implementaranse a vixilancia tecnolóxica e a intelixencia competitiva para observar e analizar as tendencias e perfís turísticos co fin de facilitar a toma de decisións estratéxicas informadas e anticipar cambios na contorna.
- **Evolución da Plataforma DTI Rías Baixas:** Este módulo buscará sincronizar a Plataforma DTI de Rías Baixas coa Plataforma Intelixente de Destinos (PID) da Secretaría de Estado de Turismo co fin de mellorar a competitividade e a soberanía tecnolóxica do turismo español.

3

Proceso participativo para a elaboración da estratexia

A participación do sector turístico na elaboración da Estratexia Rías Baixas Turismo 61 considérase fundamental no proceso de deseño de obxectivos e actuacións. Por iso, buscouse dar voz a todos os grupos de interese, tanto do ámbito público como do privado, para coñecer as sensibilidades de toda a cadea de valor turística, as súas experiencias e perspectivas sobre o estado actual do turismo na provincia de Pontevedra, especialmente na súa área territorial.

O obxectivo do proceso foi obter unha visión completa das necesidades e aspiracións do ecosistema turístico, identificando problemáticas actuais e oportunidades de mellora, e priorizando a abordaxe daqueles problemas que poidan xerar un maior impacto positivo no destino.

O proceso participativo para a elaboración da estratexia implementouse en dúas fases: unha de diagnóstico e outra de validación. Durante a fase de diagnóstico, realizáronse mesas de traballo territoriais con profesionais do sector turístico e distribuíuse unha enquisa telemática. Na fase de validación, leváronse a cabo mesas de traballo con representantes

do sector público e entrevistas persoais a especialistas do sector turístico local. Ademais, deseñouse unha páxina web específica, www.estratexiaturismoriasbaixas.com, co obxectivo de crear un vehículo de comunicación que permitise facer achegas a calquera persoa interesada. Esta metodoloxía permitiu obter unha análise detallada dos retos máis urxentes que afronta a provincia de Pontevedra como destino turístico, así como dos recursos dispoñibles para abordalos.

FASE DE DIAGNÓSTICO	FASE DE VALIDACIÓN
<p>6 mesas de traballo territoriais con profesionais do ecosistema turístico da provincia: autoridades e entidades provinciais e municipais, provedores de servizos e operadores turísticos</p> <p>6 localidades representativas da provincia: Vilanova de Arousa, Lalín, Marín, Vigo, Pontearreas e Baiona</p> <p>84 participantes nas mesas de traballo</p> <p>62 enquisas</p>	<p>3 mesas de traballo telemáticas con representantes da administración pública: persoal técnico de nivel provincial e municipal e concelleiros/as municipais</p> <p>25 participantes nas mesas de traballo</p> <p>20 entrevistas a especialistas relevantes do sector privado: hotéis, hostalaría, axencias de viaxe, asociacións empresariais, educación e lecer</p>

A continuación, preséntanse os resultados do proceso participativo. Primeiro, expónse a análise e a identificación dos principais retos, derivados do desenvolvemento das mesas de traballo e apoiados polos datos obtidos na enquisa. Logo, preséntase a validación da estratexia e a achega de propostas, mediante as contribucións de representantes da administración pública e especialistas relevantes do sector privado.





3.1. Análise e identificación de retos


Na fase de diagnóstico leváronse a cabo seis mesas de traballo territoriais en localidades representativas da provincia: Vilanova de Arousa, Lalín, Marín, Vigo, Ponteareas e Baiona. Nestas sesións participaron 84 persoas de diversos ámbitos do sector turístico da provincia, incluíndo autoridades e entidades provinciais e municipais, provedores de servizos e operadores turísticos. A través dunha dinámica participativa, realizouse unha análise exhaustiva para identificar os principais retos aos que debe facer fronte a Estratexia Rías Baixas Turismo 61.

O proceso complementouse cunha enquisa accesible desde www.estratexiaturismorias-baixas.com durante os meses de maio e xuño, na que participaron 62 persoas de distintos sectores do ecosistema turístico. Das persoas enquisadas, o 42% pertence ao sector público, o 45% ao sector privado (principalmente do sector de aloxamento), o 10% ao asociacionismo e o 3% restante non traballa no sector. Ademais, o 27% representa a comarca do Salnés, o 21% a de Vigo, o 10% a do Condado-Paradanta e o resto outras comarcas da provincia.

Un dos principais retos aos que se enfrenta o destino é potenciar os elementos patrimoniais e culturais de alto valor. Durante as mesas de traballo identificouse a falta de posta en valor dos recursos singulares do territorio e a necesidade de accións de conservación e mantemento que permitan aumentar a calidade e a sostibilidade dos recursos e incidan significativamente na mellora da imaxe de destino facéndoo máis atractivo en todas as épocas do ano.

Isto tamén se reflicte nos resultados da enquisa, un 65% das persoas valora a importancia estratéxica do turismo de natureza e o ecoturismo na nova folla de ruta, e un 55% o turismo cultural e patrimonial (Figura 28).


Figura 28. Valoración dos produtos turísticos segundo a importancia estratéxica na nova folla de ruta



Fonte: elaboración propia a partir da enquisa

Así mesmo, destacan en primeiro lugar a beleza natural e as paisaxes (87%), e en terceiro lugar a cultura e o patrimonio histórico (58%) como atributos que mellor definen o destino (Figura 29).

Figura 29. Atributos que mellor definen o destino



Fonte: elaboración propia a partir da enquisa

Outro desafío é reducir a estacionalidade do turismo e xestionar os fluxos turísticos de maneira equilibrada para afrontar picos de turistas concentrados en certos momentos e lugares, o que pode levar á saturación e un impacto negativo na poboación local. Para abordar esta problemática considérase necesario diversificar a oferta turística, mediante o deseño de novos produtos e servizos, e aumentar a promoción do destino no seu conxunto.

Neste sentido, as persoas enquisadas destacan a importancia da natureza e as paisaxes (cun 55%), a cultura local e tradicións (52%) e a oferta enogastronómica (40%) na creación de produtos e experiencias turísticas (Figura 30).


Figura 30. Importancia na creación de produtos e experiencias turísticas



Fonte: elaboración propia a partir da enquisa

Por outra banda, máis do 60% dos participantes consideran que a organización de eventos atractivos fóra de tempada alta e a aposta por segmentos de mercado menos estacionais, como o turismo de negocios, o turismo cultural e a enogastronomía, son medidas prioritarias para mitigar a estacionalidade do turismo (Figura 31).

Figura 31. Medidas prioritarias para mitigar a estacionalidade



Fonte: elaboración propia a partir da enquisa


No que atinxe á promoción da oferta turística e dos valores distintivos do territorio, **evidénciase un déficit na coordinación e colaboración entre os diferentes axentes** para lograr unha comunicación e difusión do destino máis eficiente que repercuta nunha maior visibilidade do destino e maior aproveitamento dos seus recursos. Recoñécese que as novas tecnoloxías poderían aproveitarse para dinamizar a oferta turística. As enquisas sinalan que as plataformas de redes sociais, o Big Data e a analítica de datos serían as tecnoloxías que terían maior impacto no turismo, seguidas das aplicacións móbiles.

Por outra banda, **destácase a necesidade de promover a sostibilidade en toda a cadea de valor**, mediante unha boa xestión de recursos que fomenta a protección e conservación ambiental, xunto con accións de educación dirixidas á poboación local e visitantes. Este tema tamén se identifica na enquisa como un dos principais desafíos para o desenvolvemento do destino nos próximos anos.

Outro reto relevante é a mellora da mobilidade e accesibilidade no destino. Identifícase a falta dun transporte de calidade, tanto para desprazarse polo territorio como para acceder a el, o que dificulta a mobilidade dos visitantes e traballadores e reduce a competitividade económica do destino.

Segundo a enquisa, un 58% das persoas considera que a infraestrutura de transporte actual non é adecuada en relación coas necesidades do sector e un 39% cre que se precisan melloras na mobilidade interna e na conectividade cos principais mercados fornecedores de turistas. Ademais, o 74% sinala a mellora de infraestruturas como unha das medidas de maior importancia para adaptarse aos cambios futuros do turismo (Figura 32).

Figura 32. Medidas esenciais para adaptarse aos cambios futuros no turismo



Fonte: elaboración propia a partir da enquisa

Durante o desenvolvemento das mesas de traballo tamén **se recoñeceu unha falta de profesionalización no sector, derivada das dificultades para contratar persoal cualificado e a ausencia de formacións especializadas**. A enquisa mostra que a mellora da formación é considerada unha medida esencial no proceso de adaptación aos cambios futuros do turismo, situándose no segundo lugar.

No que atinxe á calidade do servizo ofrecido, as persoas que participaron na enquisa consideran que esta foi boa (48%), moi boa (34%) e excelente (15%).

Por último, **evidénciase unha regulación ineficiente das vivendas de uso turístico**, o que xera problemas de competencia desleal e un impacto negativo no mercado de aloxamentos tradicionais. Segundo a enquisa, o impacto das Vivendas de Uso Turístico na comunidade local considérase maioritariamente negativo ou moi negativo.



3.2. Validación da estratexia e achega de propostas

Durante a fase de validación, leváronse a cabo tres mesas de traballo coa participación de 25 representantes da administración pública, incluíndo persoal técnico a nivel provincial e municipal, así como concelleiros municipais. Ademais, realizáronse 20 entrevistas a especialistas relevantes do sector privado, nas que se abarcaron áreas como aloxamento, restauración, axencias de viaxe, asociacións empresariais e educación.

As persoas participantes revisaron o diagnóstico e coñeceron a misión e obxectivos da estratexia de turismo, para logo identificar obstáculos e impedimentos para alcanzar a misión proposta, así como xeradores de valor que permitan elaborar actuacións de maior impacto.

Cómpre salientar que, na súa maioría, **os representantes coinciden en que o turismo na provincia de Pontevedra está nunha fase de crecemento**, coa coexistencia de diversas realidades turísticas, como o turismo de sol e praia, o turismo de interior e o Camiño de Santiago. Así mesmo, **destaca a imaxe positiva do turismo nas Rías Baixas, sobre todo no que atinxe á hospitalidade, á oferta gastronómica e ao patrimonio singular**. Recoñécese que, aínda que o destino non está masificado, hai un crecemento sostido e unha demanda en aumento, con turistas interesados en explorar novos lugares. No entanto, algunhas áreas enfrontan saturación en certas datas, o que require unha xestión coidadosa para evitar colapsos e evitar impacto na poboación local.

Entre as propostas que xurdiron, **destácase a necesidade de dinamizar a oferta turística e pór en valor elementos propios e identitarios do territorio**, como o patrimonio etnográfico e cultural, a enogastronomía, así como o turismo náutico e mariñeiro. Ademais, sublíñase a importancia de mellorar e manter as infraestruturas turísticas, como as rutas de sendeirismo, centros de interpretación e oficinas turísticas. Isto inclúe a promoción de zonas non costeiras con potencial turístico, como os castelos de Soutomaior e Sobroso.

Proponse xerar valor durante os meses de menor afluencia mediante eventos como concertos, competicións deportivas e MICE. Este último segmento ten un gran potencial en Pontevedra, debido á infraestrutura existente, aínda que necesita máis promoción e eventos para aproveitar esta oportunidade. Ademais, súxírese desenvolver infraestruturas deportivas para atraer eventos internacionais e promover o deporte.

Outro punto clave que xurdiu é **converter as Rías Baixas nun destino inclusivo, accesible e socialmente responsable**, garantindo igualdade de oportunidades para todas as persoas e considerando as necesidades de diversos colectivos ao organizar actividades. Isto implica mellorar a accesibilidade en establecementos, itinerarios e actividades turísticas, adaptando a oferta a distintos públicos, incluíndo persoas con diversidade funcional.

Como se sinalou no apartado anterior, un dos retos significativos aos que se enfronta o turismo Rías Baixas no futuro é **garantir un crecemento sostible e equilibrado**. Evidénciase a necesidade de implementar medidas para evitar a saturación en certos destinos, xestionar adecuadamente os recursos naturais e patrimoniais, regular a capacidade de carga e os fluxos turísticos, e fomentar un turismo de calidade que evite a masificación.

Mellorar as infraestruturas de transporte (estradas, ferrocarrís, aeroportos) e as comunicacións entre as localidades foi identificado como unha actuación esencial para facilitar o acceso dos turistas e das persoas que traballan no sector, ademais de mellorar a calidade de vida da poboación no seu conxunto. Destácase a importancia de proporcionar recursos que faciliten os desprazamentos dos turistas, independentemente de se dispoñen ou non de coche particular, e a mellora da sinalización de recursos e a conectividade do transporte, especialmente en traxectos longos. Ademais, propónse aproveitar o atractivo do aeroporto de Porto para captar turistas cara á provincia.

Resáltase como fundamental a formación en turismo para maximizar a calidade do servizo. Aínda que os especialistas entrevistados comentan que o índice de inserción laboral é positivo, o que reflicte unha boa relación entre o sector educativo e o produtivo, propónse incrementar a formación e profesionalización dos traballadores do sector, mellorando as condicións laborais para reter talento. Destácase a necesidade de coordinar mellor o sector educativo e o produtivo para abordar as carencias e aproveitar oportunidades,

ademais de fomentar proxectos de innovación e evitar o intrusismo profesional. Tamén se suxire a incorporación da dixitalización tanto a nivel de promoción como de xestión.

Por outra banda, **sublíñase a importancia de fomentar unha maior coordinación e colaboración entre todas as partes implicadas no desenvolvemento turístico**, incluíndo empresas privadas e administracións públicas, para desenvolver unha industria turística de calidade. Proponse mellorar a coordinación entre as administracións mediante mecanismos que faciliten a cooperación, incrementando o persoal formado en turismo para levar a cabo unha mellor planificación. Así mesmo, cómpre aumentar a colaboración entre as administracións públicas e o sector privado para desenvolver novos proxectos turísticos e enriquecer a promoción conxunta.

Segundo algúns representantes do sector, **os turistas aprecian a hospitalidade dos residentes e consideran que é un elemento distintivo do destino**. En liñas xerais, considérase que a interacción dos turistas coa poboación local é positiva, cunha boa relación onde a acollida que os locais brindan aos visitantes é moi valorada. Con todo, a interacción varía segundo a rexión dentro da provincia, dado que en certas zonas con alta concentración de turistas, como Sanxenxo e Baiona, poden xurdir friccións, e os turistas poden ser percibidos como invasores. En áreas menos desenvolvidas turisticamente, a relación é mellor e o turismo é visto como unha fonte viable de ingresos. Tamén se resalta unha falta de recoñecemento do valor do sector turístico por parte da poboación local, especialmente en comparación con outras industrias, o que fai necesario potenciar a percepción positiva do turismo e a súa contribución ao PIB. Xestionar estes aspectos é esencial para manter unha relación harmoniosa e sostible entre turistas e residentes.

Outro reto fundamental é aumentar a promoción e xestión da imaxe das Rías Baixas. Por tanto, proponse **desenvolver campañas de promoción innovadoras e coordinadas para diferenciarse e atraer turistas de maneira sostible, aproveitando todos os atractivos turísticos da provincia**. Convén tamén adaptarse ás novas tecnoloxías e aos avances tecnolóxicos para mellorar a oferta e a competitividade do sector.

Finalmente, evidénciase a necesidade de enfrontar o envellecemento da poboación e a falta de substitución xeracional no sector turístico, atraendo e retendo capital humano cualificado para asegurar a continuidade e calidade do servizo.





4. DAFO

FORTALEZAS

- Pontevedra conta cun **patrimonio cultural e natural único**, distribuído tanto no litoral como no interior. Isto permite cohesionar o territorio e, ademais, ofrecer unha gran diversidade de experiencias turísticas. Destacan as numerosas sendas, rutas, vías e itinerarios culturais que vertebran a provincia, elementos que posibilitan o turismo activo e de natureza.
- A provincia ten un **extenso coñecemento e experiencia na xestión do turismo**, avalado por proxectos de dixitalización como o Destino Turístico Intelixente (DTI) e as iniciativas Tourist Inside I e II, así como TouristTech. Estes proxectos modernizaron a oferta turística e melloraron a xestión dos recursos dispoñibles.
- A provincia converteuse nun **destino turístico de referencia a nivel nacional pola súa calidade**, evidenciado polas 322 certificacións do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED) e as 159 certificacións Q de Calidade. Este alto nivel de calidade débese en gran medida ao compromiso da Deputación de Pontevedra no desenvolvemento turístico e á xestión da calidade.

- A rexión é recoñecida pola súa gran **diversidade e calidade de eventos**, desde festivais ata festas de interese turístico. Exemplos destacados inclúen o festival PortAmérica ou a Festa do Marisco do Grove. Ademais, a marca Rías Baixas Fest agrupa cinco dos festivais máis importantes de Galicia, o que promove a rexión como un destino de eventos de alta calidade.
- Houbo un **notable incremento no número de peregrinos** que transitan pola provincia, especialmente no Camiño Portugués da Costa, que é o de maior crecemento. En 2023, rexistráronse 22.135 peregrinos máis que en 2022, o que reflicte o crecente atractivo da provincia para os camiñantes.
- A existencia da Mesa de Turismo facilita a **participación e cohesión dos axentes públicos e privados**, promovendo un desenvolvemento turístico integrado e coordinado.
- Organízanse regularmente **obradoiros e eventos** que serven como puntos de encontro para as empresas turísticas da provincia. Isto facilita a creación de experiencias conxuntas e presenta a provincia como un destino máis cohesionado.
- A **marca Rías Baixas** está **ben situada** tanto en mercados nacionais como internacionais. É a terceira marca máis recoñecida despois do Camiño de Santiago e Galicia, especialmente no mercado portugués.
- A provincia de Pontevedra conta cunha **infraestrutura significativa para o turismo MICE** e, en especial, para eventos, incluíndo palacios de congresos e recintos feirais de gran tamaño. Isto permite a celebración de grandes eventos como Conxemar e outras feiras internacionais.
- O **Nadal tivo un notable efecto desestacionalizador**, xa que atraeu numerosos visitantes fóra da tempada turística tradicional e dinamizou a economía local.
- A Deputación realizou **importantes investimentos sostibles en turismo**, aproveitando tamén as oportunidades de financiamento adicional a través de Next Generation para proxectos PSTD, BIC, DTI e diversas experiencias turísticas.
- A rede de oficinas **INFO RÍASBAIXAS mellorou significativamente** a experiencia do visitante mediante a **dixitalización**. Estas oficinas destacan pola súa capilaridade no territorio e o alto nivel de dixitalización.
- Existe un **rico patrimonio natural que se vertebra por todo o territorio**, destacando especialmente a existencia do Parque Nacional das Illas Atlánticas e os espazos da Rede Natura 2000.

- A abundancia de recursos **turísticos históricos e patrimoniais, tanxibles e intanxibles** crea un relato único e singular que enriquece a experiencia turística na provincia.
- A provincia conta cunha costa extensa e única que, xunto coas súas augas interiores, como ríos e encoros, permiten **que a auga se converta nun dos recursos naturais máis atractivos** da provincia.
- A **Denominación de Orixe Rías Baixas**, en constante crecemento, vincula a **mellor oferta enoturística de Galicia**, potenciando o enoturismo na rexión.
- A **gastronomía das Rías Baixas é recoñecida a nivel nacional e internacional**, con numerosos restaurantes galardoados con estrelas Michelin e soles Repsol. A oferta formativa en gastronomía tamén é destacable, con centros de formación profesional como o CIFP Manuel Antonio e o CIFP Carlos Oroza.
- A provincia conta con **numerosas certificacións de Denominación de Orixe Protexida (4) e Indicación Xeográfica Protexida (11)**, que potencian o atractivo do turismo enogastronómico, atraendo visitantes interesados en produtos locais de moi alta calidade.

OPORTUNIDADES

- Pontevedra ten **posibilidades significativas de mellorar a súa conectividade ferroviaria** con Madrid e O Porto mediante alta velocidade. Ademais, a apertura de estacións intermodais en Vigo e Pontevedra facilitará unha mellor intermodalidade das conexións, aumentando a accesibilidade e o atractivo do destino.
- A provincia ten un gran **potencial para converterse nun destino de turismo MICE e deportivo**. A atracción de eventos como, por exemplo, o Tríatlon de Pontevedra, co seu impacto positivo para a cidade e os seus arredores, e o desenvolvemento de feiras como Navalia e Conxemar, son oportunidades clave para fortalecer este segmento turístico.
- Posibilidade de acceder a **novas oportunidades de financiamento para proxectos de innovacións dixitais** (por exemplo, a adhesión á PID de Segittur), o que permitirá que a provincia implemente tecnoloxía avanzada e mellore a experiencia turística mediante a dixitalización.
- A **resiliencia do sector turístico tras a pandemia** é evidente. Os datos mostran unha recuperación constante do turismo, cun aumento da chegada de visitantes e da ocupación hoteleira, o que subliña a fortaleza e a capacidade de adaptación do sector.

- **A intelixencia artificial (IA)** ofrece un **gran potencial para transformar a experiencia turística**, especialmente nas oficinas de información turística. A IA pode personalizar as recomendacións, mellorar a eficiencia e ofrecer unha experiencia máis interactiva e atractiva para os visitantes.
- Turismo Rías Baixas logrou un enfoque multimedia efectivo en redes sociais, atinxindo máis de 9,66 millóns de impresións en Facebook e 12,99 millóns en X (anteriormente Twitter). Esta forte **presenza en redes sociais** é unha oportunidade para atraer e reter máis turistas mediante estratexias de mercadotecnia dixital.
- **A excelente reputación da gastronomía galega** ofrece unha oportunidade para impulsar a oferta gastronómica da provincia. Actualmente, conta con dous restaurantes con dúas estrelas Michelin (Culler de Pau e Pepe Vieira), os cales teñen a maior cualificación en toda Galicia. Isto pode atraer amantes da gastronomía de todo o mundo.
- Existe un **gran potencial para desenvolver produtos e experiencias turísticas relacionadas co turismo slow, ecolóxico e de natureza**. A creación de novos establecementos singulares, como cabanas e glamping, pode atraer turistas interesados en experiencias únicas e sostibles.
- O desenvolvemento de novos produtos, a innovación e o emprendemento, xunto coa colaboración entre axentes, axudan a crear **valor nos espazos rurais, promoven a desestacionalización da oferta e potencian o interior da provincia**, diversificando e enriquecendo a oferta turística.
- **O turismo a nivel global está nun bo momento**, cun aumento constante nos valores medios, especialmente en termos de prezo. Esta tendencia positiva é unha oportunidade para que a provincia atraia un maior número de visitantes e aumente os seus ingresos turísticos.
- **Os turistas están cada vez máis sensibilizados cara á sostibilidade e os valores da natureza**. Este cambio de actitude crea novos perfís de turistas que buscan destinos como a provincia de Pontevedra, que ofrece experiencias únicas e sostibles.
- De acordo coa opinión de todos os participantes das mesas de traballo, a provincia de Pontevedra **destaca por unha relación calidade-prezo moi competitiva e unha gran diversidade de produtos e servizos**, desde patrimonio e natureza ata termalismo e gastronomía, o que a converte nun destino atractivo para diferentes tipos de turistas.
- A maior interacción dos turistas a través de novas tecnoloxías facilita a comunicación entre o destino e os visitantes. Isto permite unha **maior segmentación e personalización da oferta turística**.

- Os fondos europeos recoñecen a importancia do turismo para España e ofrecen **novas posibilidades de financiamento para proxectos innovadores e sostibles** na provincia.
- Hai unha **tendencia crecente cara a unha mobilidade máis sostible**, con turistas cada vez máis interesados en medios de transporte sostibles como a mobilidade eléctrica e/ou bicicletas, así como no uso das sendas. Isto crea oportunidades para desenvolver infraestruturas e servizos que responden a esta demanda.
- Os **eventos**, como competicións deportivas ou concertos, son **mecanismos efectivos para desestacionalizar o turismo**. Ademais, a venda cada vez máis anticipada de entradas facilita a organización e permite planificar mellor a oferta turística na provincia.
- A **gastronomía** española está nun bo momento, e a maior sensibilización do turista cara á mesma convértea nun **dos principais motivadores de viaxe**. A provincia pode capitalizar esta tendencia para atraer máis visitantes interesados na súa oferta culinaria.
- Galicia, en xeral, e a provincia de Pontevedra en particular, teñen o potencial de converterse nun **refuxio climático**, ofrecendo unha ampla oferta para turistas que buscan destinos máis frescos e non só de sol e de praia. Isto é especialmente relevante no contexto do cambio climático e as ondas de calor que afectan outras rexións turísticas.

DEBILIDADES

- O **despoboamento e o abandono do medio rural** representan un reto significativo para os municipios do interior. Esta situación ten un impacto negativo no desenvolvemento turístico, xa que moitas áreas rurais carecen de servizos e infraestruturas adecuadas para atraer e reter visitantes.
- A **proliferación das vivendas de uso turístico** xerou problemas de acceso á vivenda para os residentes locais. Ademais, a regulación vixente ficou obsoleta, o que dificulta a xestión efectiva deste fenómeno e o equilibrio entre turismo e calidade de vida local.
- Existe un problema acentuado de falta **de man de obra cualificada e de retención do talento**, especialmente nos municipios do interior afectados polo despoboamento rural. Isto limita a capacidade de ofrecer servizos turísticos de calidade e prexudica o desenvolvemento económico local.
- A falta de **formación dos entes xestores e técnicos municipais**, especialmente en materia de dixitalización e captación de axudas e subvencións, é un desafío importante. Isto limita a capacidade destes entes para aproveitar oportunidades de financiamento e modernización.

- Existe un **desequilibrio territorial nos fluxos turísticos**, cunha concentración significativa na costa (102.598 prazas de aloxamento nos 23 concellos costeiros) fronte aos municipios do interior (77.821 prazas en 36 municipios). Isto crea presión nas áreas costeiras e deixa infrautilizados os recursos turísticos do interior.
- A **demanda turística é altamente estacional**, o que leva á masificación de determinados destinos e períodos, especialmente no verán, cando se rexistra o 42% das pernoctacións. Esta estacionalidade dificulta á xestión sostible do turismo e afecta a calidade de vida local.
- Hai unha elevada **dependencia do turismo vinculado co litoral**, o turismo de sol e praia e os destinos urbanos. Isto limita a diversificación da oferta turística e deixa vulnerables estes destinos fronte a cambios nas tendencias turísticas ou problemas ambientais.
- Os **procedementos de xestión na provincia son a miúdo ineficientes** debido á excesiva burocracia. Isto atrasa a implementación de proxectos turísticos e reduce a competitividade do destino.
- Existe unha **carencia de estudos que analizan o impacto do turismo a nivel local e a percepción da poboación local** cara ao turismo. Sen esta información, é difícil deseñar políticas e estratexias que promovan un destino sostible e beneficioso para todos.
- Hai un **exceso de información turística e unha falta de coordinación na súa comunicación**, tanto nos concellos, como na xestión interna do ente provincial. Isto crea confusión e dificulta a promoción coherente do destino.
- A provincia carece de cohesión para transmitir unha imaxe global do destino Rías Baixas cunha **dualidade entre costa e interior**. Esta falta de cohesión pode debilitar o posicionamento do destino no mercado turístico.
- **Situar o destino no mercado internacional é difícil** fronte a marcas ben establecidas como o Camiño de Santiago e Galicia. Isto limita a capacidade de atraer turistas internacionais e diversificar os mercados de orixe.
- A **insuficiente mobilidade interna** na provincia é un problema tanto para visitantes como para traballadores e ten un impacto negativo na accesibilidade e a comodidade do desprazamento dentro do destino.
- Hai unha **necesidade constante de mantemento e de persoal** para as infraestruturas e servizos turísticos. Sen un adecuado mantemento, a calidade das instalacións pode deteriorarse, afectando á satisfacción dos visitantes.

AMEAZAS

- A **crise climática** presenta unha ameaza significativa, xa que é difícil prever as posibles adversidades e o seu impacto no turismo. Eventos climáticos extremos, como vagas de calor, inundacións e treboadas, poden afectar negativamente as infraestruturas turísticas e a percepción do destino.
- O **malestar e a turismofobia entre a poboación local**, derivados de problemas asociados ao sector turístico, como a masificación en certos momentos, poden xerar unha mala reputación do destino. A percepción negativa do turismo pode afectar a experiencia do visitante e diminuír a demanda turística.
- O incremento da turistificación en destinos populares está a contribuír a unha crise global do mercado da vivenda. Isto provoca **problemas de acceso á vivenda para os residentes locais e traballadores**, polo que pode xerar tensións sociais e políticas que teñan un impacto negativo na percepción do turismo.
- A rápida evolución tecnolóxica pode levar á **obsolescencia de determinadas ferramentas e investimentos tecnolóxicos**. As entidades turísticas deben estar constantemente actualizadas e adaptarse a novas tecnoloxías para non quedar atrás nunha contorna altamente competitiva, o que se traduce nunha necesidade constante de formación e de recursos económicos.
- Garantir a **accesibilidade universal dos recursos turísticos require investimentos moi elevados**. A falta de fondos suficientes para realizar estes investimentos pode limitar a capacidade da provincia para atraer un público máis diverso e accesible.
- A crecente globalización do mercado aeroportuario fai que sexa máis difícil competir. Os **aeroportos galegos enfrontan desafíos para manter a súa competitividade fronte a outros destinos con mellores conexións e servizos**, o que pode ter un impacto na chegada de turistas internacionais.
- A necesidade de incrementar a **posición internacional dos destinos turísticos supón unha maior competencia a nivel global**. A internacionalización é clave para atraer turistas de diferentes partes do mundo, mais tamén require investimentos significativos en promoción e comunicación.
- A **rendibilidade do sector turístico está ameazada polo incremento dos custos**, como os referidos aos combustibles e á man de obra. Estes aumentos poden reducir as marxes de beneficio e dificultar a sostibilidade económica das empresas turísticas.
- Mellorar a imaxe do sector turístico require **implementar medidas de conciliación e outras políticas para atraer e reter talento**. A falta de talento cualificado pode afectar a calidade do servizo e a competitividade do destino.



Parte III

Formulación estratéxica

5.

Misión, visión e valores

Unha vez debulladas as circunstancias do destino Rías Baixas no contexto actual, realizada unha concienzuda análise da súa oferta, demanda e contorna competitiva e detallados os principais aspectos que explican a converxencia da provincia cara o concepto de destino turístico intelixente, é o momento de formular a folla de ruta estratéxica.

Para levar a cabo este labor é imprescindible outorgar protagonismo ás achegas efectuadas polo ecosistema turístico provincial durante o proceso participativo, xa que dar resposta aos retos identificados durante esta fase colaborativa de traballo permitirá atinar co rumbo a seguir e coas liñas estratéxicas a definir.

En primeiro lugar, defínese a **misión da Estratexia Rías Baixas Turismo 61**, entendida como o gran obxectivo deste proceso de planificación:

Valorizar a **calidade de vida da provincia de Pontevedra** como atributo definitorio da **singularidade** do territorio e convertela en elemento nuclear e transversal da planificación turística, de tal forma que sexa o **nexo de unión entre a poboación local e unha ou un turista cada vez máis activo e proactivo**, que desexa **experimentar** de primeira man a forma de vida do destino que visita e afondar nos seus costumes e tradicións dunha maneira sostible e respectuosa.

Cumprir con esta misión contribuirá a acadar a meta global da provincia de Pontevedra en materia turística con vistas ao ano 2030, que non é outra que a **visión do plan**:

Un **destino cohesionado desde un punto de vista territorial**, que se apoia na riqueza e complementariedade dos recursos naturais e patrimoniais dos **61 concellos** da provincia para artellar unha proposta de valor **sostible, coherente e innovadora**, que sitúa a actividade turística como **sector estratéxico** da economía provincial e piar dun territorio ideal para visitar, vivir e traballar.

Para lograr estes fins é necesario aplicar un conxunto de **valores que se definen para o destino no marco do proceso de planificación estratéxica**. Deben ser entendidos como unha serie de aspectos que inciden, de forma transversal, nas diversas actuacións a implementar. Trátase de cualidades que deben impregnar a xestión do plan e que dan resposta ao modus operandi, á maneira de traballar que permita que as directrices estratéxicas cristalicen en accións operativas. Son os seguintes:

SOSTIBLE



A presente estratexia debe promover un turismo responsable e respectuoso, que minimize o impacto ambiental e que contribúa a preservar os recursos naturais e culturais pensando en xeracións futuras. Empresas, xestores de destino, poboación local e turistas deben implicarse neste proceso, de forma que a actividade turística maximice os seus efectos positivos sobre o territorio.

AUTÉNTICO E SINGULAR



Nun contexto actual no que as e os turistas desexan que cada viaxe lles deixe unha pegada diferente, é imprescindible valorar e promover a cultura, as tradicións e o patrimonio local, por medio de experiencias auténticas que permitan aflorar a identidade única da provincia de Pontevedra e a súa sociedade.

ASERTIVO



Unha comunicación asertiva, baseada na transparencia e a escoita activa, permitirá establecer unha relación de confianza con todos os grupos de interese: coas e cos turistas, en todas as accións de promoción levadas a cabo antes, durante e despois da súa visita; e coa amálgama de entidades públicas e empresas do sector turístico provincial na implementación de procesos de xestión colaborativa.



HOSPITALARIO

Conformar un destino acolledor precisa dunha sociedade local implicada no seu papel de anfitriño e prescritora do seu territorio. A cidadanía da provincia de Pontevedra debe sentirse partícipe da experiencia turística das e dos viaxeiros e contribuir a xerar un contexto favorable para que desexen quedar e repetir visita.



COHESIVO

É esencial poñer en valor a diversidade cultural e natural de toda a provincia, de todos e cada un dos 61 concellos que dan forma ao destino Rías Baixas, así como garantir un reparto equilibrado dos beneficios e cargas da actividade turística. Hai que impulsar a gobernanza do destino mediante a implicación do tecido empresarial e asociativo e a participación activa da poboación local.



INNOVADOR

Os axentes turísticos da provincia de Pontevedra xa demostraron a súa resiliencia e capacidade de adaptación en momentos e contextos adversos. É o momento de aplicar enfoques creativos e innovadores na creación de produtos e servizos, que diferencien a oferta do destino e a preparen para competir nun mercado global cada vez máis competitivo.



INTELIXENTE

Darase continuidade ás políticas de xestión que leva implementando nos últimos anos Turismo Rías Baixas no seu afán por converxer cara un destino turístico intelixente, apoiado nos conceptos de gobernanza, innovación, tecnoloxía, sostibilidade e accesibilidade. Búscase sacar o máximo partido ás novas tecnoloxías para impulsar a transformación dixital do sector



TRACTOR

O turismo é un motor de desenvolvemento económico e social, que impulsa proxectos estratéxicos con capacidade de mobilizar recursos e de arrastrar a outros sectores de actividade. O obxectivo é impactar de forma positiva en todo o territorio provincial, a través da creación de emprego e da mellora da calidade de vida das e dos residentes.



6. Eixes estratéxicos

Coa referencia da misión, visión e valores definidos na epígrafe anterior, a continuación expóñense as liñas ou eixes estratéxicos que se erixen como os grandes bloques de traballo que dan sentido e coherencia á planificación operativa de actuacións.

EIXE 1

RÍAS BAIXAS SINGULAR

Experiencias tractoras, desestacionalizadoras e artelladoras do territorio

Aspírase a conformar un **destino que a persoa usuaria non só visita, senón que pode vivir e experimentar de primeira man** e dunha maneira diferente respecto a outros lugares, a través do contacto con elementos propios e identitarios do territorio. Estas peculiaridades abranquen desde a enogastronomía local ata unha ampla variedade de activos patrimoniais e culturais de alto valor, sen esquecer unha climatoloxía idónea ou a hospitalidade da súa xente. Estas características permiten artellar unha oferta diversificada e de calidade, que outorga protagonismo a toda a provincia durante todo o ano.

Contar coa **implicación da sociedade e doutros axentes económicos locais na creación de experiencias** permitirá á cadea de valor turística dotar á súa oferta do selo único e inherente á xente que habita o destino. Por tanto, é moi importante concienciar a estas persoas da importancia da actividade turística, para convertelas en prescitoras ante as persoas que chegan ás Rías Baixas.

Este eixe apóiase en elementos transversais que contribúen ao fortalecemento do ecosistema turístico da provincia, a través dunha **vision global e conxunta que permite vertebrar as diferentes comarcas** e incentivar estadías máis longas no destino.

- **100% Rías Baixas**
- **Itinerario 61**
- **Gastronomía 365/24/7**
- **Networking Rías Baixas**
- **Rías Baixas, no corazón de Galicia**
- **Nadal en Rías Baixas**
- **Tarxeta turística Rías Baixas**
- **Oficina de turismo 2030**

EIXE 2

SOMOS RÍAS BAIXAS

Oferta turística diversificada e identitaria

Turismo Rías Baixas atesoura unha **bagaxe de décadas na valorización do territorio provincial como destino turístico**. A evolución dos últimos anos referenda un proceso de consolidación que se asentou nunha serie de piares clave: a súa biodiversidade e riqueza natural, o seu rico patrimonio material e inmaterial configurado ao longo de séculos, unha cadea de valor enogastronómica vencellada ao mar e ao interior, o legado do Camiño de Santiago, así como outros atractivos singulares como a Camelia ou o termalismo. Estes factores permitiron dar forma a unha oferta diversificada en base aos recursos cos que conta a provincia.

A conformación de todo destino turístico parte do territorio no cal se asenta. A riqueza patrimonial e natural da provincia de Pontevedra supón, por un lado, un importante activo que permite conformar unha oferta turística atractiva e de calidade, pero, por outra parte, implica unha serie de compromisos na súa preservación. Neste sentido, é imprescindible dar continuidade a políticas existentes e definir novas actuacións que axuden a aflorar ese patrimonio e se comprometan na súa xestión sostible.

Neste eixe integraranse todas **as actuacións que interveñen sobre os recursos turísticos nos que se basea a proposta do destino**, co obxectivo de que a oferta se atope nunhas condicións óptimas a ollos das persoas que chegan á provincia.

- Rías Baixas infinita
- Camiño de Santiago
- Itinerarios e vías de base cultural
- Castelo de Soutomaior
- Castelo de Sobroso
- Trazas de Pontevedra
- Ruta da Camelia
- Patrimonio Rías Baixas
- Identidade Rías Baixas
- Produto turístico sostible
- Rías Baixas nocturna
- Pontevedra é Auga
- Rías Baixas *Sport*
- Enoturismo Rías Baixas
- Gastronomía Rías Baixas

EIXE 3

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

Sostibilidade e competitividade turística

A provincia de Pontevedra é un territorio amable, ideal non só para vivir, senón tamén para desenvolver unha carreira profesional vencellada á actividade turística e próxima ás raíces das persoas. **É preciso empoderar a todos os grupos de interese da cadea de valor do turismo para que sexan conscientes da súa importancia económica e social**, como fonte de oportunidades de negocio e xeradores de rendas.

Contemplanse iniciativas que favorezan o coñecemento e traballo en rede entre as empresas do sector, así como o impulso e creación de novos proxectos empresariais que redunden nunha mellora da competitividade económica do destino. Quérese trasladar a idea de que **a provincia de Pontevedra é un lugar ideal para vivir, traballar e visitar**, polo que as actuacións terán como destinatarios á poboación local, ás persoas traballadoras e ás e aos turistas.

Ao abeiro deste ámbito estratéxico, buscarase a implicación de todos os actores que operan no ámbito xeográfico definido pola provincia, ben sexan públicos ou privados, para **maximizar a proposta de valor do destino en termos de calidade e sostibilidade**.

- Rías Baixas MICE: Convention Bureau provincial
- Renaturalización e recuperación de espazos de especial valor
- Emprego turístico
- Excelencia Rías Baixas
- Excelencia sostible Rías Baixas
- Impulso do ecosistema turístico
- Palacete das Mendoza: cabeceira da rede INFO RÍASBAIXAS
- +ConcellosT
- Mobilidade turística

EIXE 4

RÍAS BAIXAS ÚNICA

Promoción e comunicación turística

A promoción turística de Rías Baixas debe estar orientada a **consolidar o seu posicionamento como un destino de referencia a nivel estatal e para incrementar o peso do turismo internacional** para, por un lado, atraer a visitantes cunha maior capacidade de gasto e, por outra banda, minimizar a dependencia do mercado nacional. É de especial relevancia contar cun distintivo potente e de fácil recordo por parte das e dos turistas, polo que se apostará pola **marca Rías Baixas como carta de presentación da provincia como destino**.

O relato e as mensaxes promocionais deben trasladar a idea dun lugar agradable e acoledor cos visitantes, así como o sentimento de orgullo da poboación local por formar parte deste territorio. Farase a través da **implicación do residente na experiencia turística**, de tal forma que as e os turistas se mergullen na idiosincrasia local e coñezan as súas persoas, a súa cultura e os seus produtos.

Darase cabida a **accións orientadas tanto á canle de comercialización como ao público final**, cos eventos como gran escaparate da aposta pola sostibilidade.

- Reposicionamento da marca Rías Baixas
- Estratexias de promoción e internacionalización
- Eventos Rías Baixas
- Sostibilidade 360
- Rías Baixas: un destino para visitar, un lugar para vivir

EIXE 5

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

Transformación dixital do destino

Turismo Rías Baixas acumula anos de traballo a prol da dixitalización do ecosistema turístico da provincia. Proxectos como Tourist Inside contribuíron a mellorar a capacidade de análise de datos e a eficiencia operativa a través do uso das novas tecnoloxías. Para manter a competitividade do destino **é preciso dar continuidade ás políticas de xestión baseadas nos cinco eixes fundamentais dun destino turístico intelixente**: gobernanza, innovación, tecnoloxía, sostibilidade e accesibilidade

Nun mercado global en constante evolución é primordial mellorar as capacidades TIC do sector turístico da provincia para facilitar a súa **adaptación aos continuos cambios tecnolóxicos**, co obxectivo de personalizar a oferta e mellorar a experiencia das e dos viaxeiros que chegan á provincia.


En termos de gobernanza, é necesario reforzar os procesos de colaboración público – pública e público – privada. Así mesmo, no afán por impulsar a transición dixital do sector, tanto do eido público como privado, xurde a **oportunidade de integrarse e aliñarse coa futura Plataforma Intelixente de Destinos** da Secretaría de Estado de Turismo.

- Gobernanza para a transformación dixital do turismo
- TouristTech_Conexión ao nodo Central PID
- Formación continua en competencias dixitais
- Territorio Modelo DTI
- IA aplicada ao turismo



7 Principios de xestión

Antes de pasar a detallar as 42 propostas de actuación que dan forma a esta Estratexia Rías Baixas Turismo 61, a continuación descríbense tres principios de xestión que son transversais a todo o proceso de planificación. Trátase de conceptos de tal relevancia que os fai ser considerados como requisitos a atender á hora de deseñar cada plan de acción. Son os seguintes:




IGUALDADE DE XÉNERO

Turismo Rías Baixas manterá a súa aposta pola inclusión da perspectiva de xénero en todas as súas iniciativas. **As mulleres desempeñan un papel esencial en toda a cadea de valor turística**, tanto no mundo empresarial como no eido público, e é imprescindible crear o escenario adecuado para o seu óptimo desenvolvemento profesional. **Incentivaranse iniciativas que incidan na ausencia de desigualdades entre homes e mulleres**, de tal forma que teñan un acceso equitativo ás oportunidades e beneficios do turismo. Así mesmo, débese concienciar a todo o sector sobre a imperativa necesidade de combater condutas sexistas ou violentas contra as mulleres.



ACCESIBILIDADE

A accesibilidade constitúe un factor clave que contribúe á percepción de calidade da oferta dun destino. Consegur que todas as persoas, sen exclusións, poidan gozar dunha experiencia sen barreiras pasa por unha planificación estratéxica inclusiva e universal, que teña en conta os condicionantes físicos, cognitivos e sensoriais de todas as usuarias e usuarios. **Preténdese modelar un destino acoledor, cómodo e seguro, que facilita a autonomía de cada visitante durante a súa estadía na provincia**. Para logralo non basta con investir en infraestruturas, senón que é necesario formar a todos os grupos de interese do sector e conciencialos de que un posicionamento como destino accesible suporá unha oportunidade para os seus negocios.



COHESIÓN

O turismo conta cunha alta potencialidade para mobilizar rendas, ben sexa desde ámbitos urbanos a rurais, ben sexa desde outros territorios cara a provincia (a través da chegada de visitantes), e que non precisa de altos niveis de investimento respecto a outros sectores para iniciar un proxecto empresarial. A través deste principio preténdese **reivindicar o papel do turismo como actividade económica coa suficiente entidade e puxanza como para asumir o liderado do desenvolvemento equilibrado de todo o territorio**, con capacidade de arrastre doutros sectores (especialmente, o primario).



Parte IV

Plans de actuación

RÍAS BAIXAS SINGULAR



100% Rías Baixas

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo



Innovador

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Na actualidade, a unha gran maioría de turistas, que viaxan ao redor do mundo, non lles basta con contemplar recursos e lugares fermosos ou con realizar actividades lúdicas na súa contorna. Aspiran a algo máis, **queren coñecer a idiosincrasia da sociedade que habita o territorio que visitan, afondar na súa forma de vida** e mergullarse nos seus costumes e tradicións.

Algunhas voces do ecosistema turístico provincial identifican unha certa perda de identidade do destino, derivada principalmente dunha gran concentración de visitantes en momentos concretos do ano. Poñer en valor esa autenticidade do noso territorio require da implicación do tecido socioeconómico local, que debe ser o primeiro prescriptor de Rías Baixas como lugar no que vivir experiencias únicas. Neste sentido, a hospitalidade, sinalada polo 39% das persoas consultadas como un dos atributos definitorios do destino, debe consolidarse como un valor distintivo.

DESCRIBIÓN

Integración da sociedade e dos diferentes axentes económicos locais no artellamento de **experiencias turísticas que lles permitan ás e aos turistas coñecer de preto a cultura, a economía e as tradicións** que definen e diferencian o territorio da provincia de Pontevedra. Isto require implicar a empresas e particulares, pero tamén a outros grupos de interese, como asociacións ou comunidades de montes.

Preténdese crear puntos de encontro entre visitantes e cidadanía local, de tal forma que esta última se apodere no seu papel de anfitriño e ofrezca un valor engadido trasladando a súa propia experiencia vital ao discurso de venda do destino. Desta forma, persoas de todos os recunchos da provincia sentiranse partícipes da conformación da identidade do destino.

Este plan de acción oríentase a **enriquecer as experiencias turísticas na liña de diferenciar e achegar un carácter único ao destino, a través do selo das persoas que o habitan**. Búscase atraer a segmentos respectuosos e proactivos na visita, interesados na idiosincrasia do lugar e na interacción coa súa xente.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Identificación e mapeo dos diferentes grupos de interese** e de iniciativas que xa estean en marcha, susceptibles de desempeñar un papel na conformación de experiencias turísticas artelladas ao redor da etnografía propia da provincia de Pontevedra.
- Colaboración cos grupos de desenvolvemento rural (GDR) e cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o impulso de iniciativas enfocadas á conservación e á valorización de oficios tradicionais, actividades artesanais e manifestacións culturais identitarias de cada comarca.
- Apoio a novas propostas de produto turístico, dunha maior complexidade e profundidade, que incorporen **novas capas experienciais á visita turística “tradicional”**. Testarase, da man de axencias de receptivo, a participación das e dos turistas en actividades sociais e económicas propias da poboación local (por exemplo, coñecendo un oficio tradicional e experimentando baixo a tutela dunha persoa experta local).



- Posta en marcha de accións de concienciación, dirixidas á sociedade e ao tecido económico locais, acerca do potencial **impacto positivo que o turismo pode ter na súa actividade diaria**. Inclúese a creación de pímulas formativas sobre a importancia dunha correcta benvida aos visitantes.
- Incorporación ao relato promocional do destino das **especificidades do territorio e da calidade de vida inherente á provincia de Pontevedra**. Plasmarase en material audiovisual e na creación dun novo espazo na páxina web de Turismo Rías Baixas.
- Impulso de iniciativas de captación de fondos europeos para a implementación de proxectos piloto de creación de experiencias, ao redor de elementos senlleiros e definitorios da identidade local.



RESPONSABLES

Técnica turismo e calidade
Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Medio Rural
Consellería do Mar
Servizo de Comunicación da Deputación de Pontevedra
Tecido socioeconómico local
Concellos
Axencias de receptivo
Tecido asociativo turístico



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €



INDICADORES

Nº de iniciativas / axentes identificados


Nº de novas propostas de produto turístico

Nº de accións de concienciación



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima a sus cidadanos, mediante el fomento del desarrollo integrado y sostenible de todo tipo de territorios y de las iniciativas locales.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Itinerario 61

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Na provincia de Pontevedra conviven **61 municipios con realidades diferentes**, tanto en termos sociodemográficos e económicos como a nivel de desenvolvemento turístico. Neste sentido, existe un desequilibrio entre o interior e a costa. Isto queda referendado tanto pola estrutura da oferta turística, cun litoral que acumula a maior parte de servizos e prazas de aloxamento, como polas cifras de demanda, que reflicten que a franxa atlántica acapara o maior volume de noites en establecementos.

É preciso conectar a costa co interior, no só en termos de promoción, senón tamén desde a creación de paquetes e produtos turísticos que ofrezan propostas integrais e descentralizadoras, que se apoiem na complementariedade de recursos de diferentes áreas xeográficas para sacar o máximo partido ao potencial turístico da provincia.

DESCRIPCIÓN

Creación dunha **rede de rutas e itinerarios turísticos**, de diversa índole, características e lonxitudes, que permitan conectar as diferentes comarcas e concellos da provincia a través de fíos condutores e temáticas comúns, co obxectivo de asegurar a presenza e implicación de todos e cada un dos municipios. Trátase dunha **actuación clave en termos de cohesión**, posto que permitirá mostrar todo o destino aos visitantes a través de rutas que unan recursos de costa e interior.

A provincia de Pontevedra conta cunha profunda e variada oferta de trazados susceptibles de ser percorridos a pé, en bicicleta ou en vehículos a motor, que deben ser xestionados cunha **perspectiva holística que permita vertebrar as diferentes comarcas e incentivar estadias máis longas no destino**.

Tecer esta rede de itinerarios e enriquecelos coa xeración de actividades complementarias ao seu redor e en diferentes momentos do ano, contribuirá sen dúbida a desconcentrar e desestacionalizar a demanda, e a redireccionar así mesmo fluxos de turistas cara ao interior.

MEDIDAS OPERATIVAS

- > Creación dun **gran repositorio / catálogo de itinerarios turísticos** que percorren a provincia. Está prevista a inclusión de todo tipo de rutas, en función de factores como a temática, o ámbito xeográfico, a distancia, a duración, a dificultade ou o medio de transporte utilizado.
- > Colaboración cos concellos e outras entidades supramunicipais para **ordenar e poñer en valor as diferentes sendas de curto e longo percorrido homologadas** na provincia. Estudarase a unión dalgúns destes sendeiros, co obxectivo de crear itinerarios máis longos que unan diferentes comarcas e territorios.
- > Desenvolvemento dunha **infraestrutura cicloturista na contorna de recursos turísticos senlleiros**. Artellaranse mecanismos de colaboración público-privada para dotar as rutas de centros de recepción nos que as persoas usuarias dispoñan dunha área de descanso, zona de lavado ou mantemento das bicicletas, aseos ou puntos de recarga para bicicletas eléctricas.
- > Aproveitamento da riqueza paisaxística da provincia para definir unha **ruta turística que una miradoiros de diferentes áreas xeográficas**.
- > Impulso de iniciativas singulares, vinculadas a determinados territorios, con potencial para o **desenvolvemento de experiencias turísticas e rutas tematizadas**, especialmente de base enogastronómica. Sirva como exemplo a Ruta da Sidra da Estrada.
- > Elaboración dun **inventario de recursos singulares vinculados ás rutas** (elementos patrimoniais, miradoiros, bancos, etc) que fagan a función de punto de parada e/ou visita.
- > Posta en marcha dun **concurso de ideas para enriquecer os itinerarios** con solucións arquitectónicas e artísticas que contribúan á súa singularidade.
- > Fomento de actividades saudables vencelladas ao **feito de camiñar e/ou montar en bicicleta**.
- > **Colaboración coa Rede Eurovelo** para a promoción dos trazados que atravesan o territorio das Rías Baixas.



RESPONSABLES

Técnica turismo e calidade
 Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
 Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
 Consellería de Medio Rural
 Concellos e entidades supramunicipais
 Federación Galega de Montañismo
 Tecido asociativo turístico



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
180 000,00 €	350 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €



INDICADORES

Nº de rutas / itinerarios catalogados

Nº de recursos inventariados

Nº de novas propostas de rutas / itinerarios

Nº de centros de recepción BTT

Nº de novas rutas tematizadas

Nº de miradoiros implicados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP3 - Unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade.</p>	<p>OE 3.2. - O desenvolvemento e o reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á RTE-T e da mobilidade transfronteiriza.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A planificación estratéxica do destino sempre situou a **enogastronomía como un dos seus produtos estratéxicos e consolidados**. Nesta liña, o anterior Plan estratéxico provincial de turismo 2021 – 2023 reforzou esta aposta pola enogastronomía como elemento tractor á hora de crear produto turístico, aproveitando o seu **carácter desestacionalizador e descentralizador** para artellar unha oferta sostible e saudable baseada en materias primas de primeira calidade e no talento das persoas que lideran os fogóns da provincia.

Esta aposta debe ter continuidade, a teor dos datos extraídos da enquisa realizada como parte do proceso participativo, na cal catro de cada cinco persoas (o 82%) sinalaron a **gastronomía e o viño como un dos principais atributos do destino Rías Baixas**.

DESCRICIÓN

Transformación e **consolidación da provincia de Pontevedra como un destino enogastronómico de referencia nacional e internacional**, que se apoia no coñecemento e a experiencia de axentes clave da cadea de valor enogastronómica para artellar unha oferta máis rica e integradora, que crea valor engadido e se proxecta ao territorio incorporando ámbitos rurais de interior e costa para elevar á excelencia a experiencia turística de cada visitante.

A gastronomía é o **fío condutor perfecto para vertebrar e unir** a todos os concellos da provincia como un destino común, porque garante a posta en marcha de numerosas actuacións no medio rural, coa conseguinte xeración de actividade económica, especialmente no interior da provincia.

Con esta actuación preténdese **situar a gastronomía como un vector transversal da estratexia turística**, co obxectivo de que tanto o sector turístico como a poboación local sexan conscientes do verdadeiro potencial que ten a provincia como destino gastronómico.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Exaltación das principais materias primas, receitas e manifestacións culturais vencelladas á gastronomía local a través da **elaboración dun mapa que lles dea cabida aos elementos típicos e singulares de cada un dos 61 concellos** da provincia.
- Creación de **estruturas de traballo en rede que integren o sector primario no proceso de deseño e creación de experiencias turísticas** que reforcen o concepto de gastronomía de proximidade e que poñan en contacto a produtores locais coas persoas que chegan ao destino.
- Impulso de **rotas temáticas de carácter gastronómico** que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico de toda a provincia, e fomenten a distribución de fluxos turísticos, a economía local e o equilibrio territorial.
- Posta en marcha de accións de **promoción de especialidades gastronómicas locais**. Elaborarase un calendario de experiencias asociado aos diferentes fitos produtivos de cada materia prima, de tal maneira que as e os turistas sexan coñecedores dos produtos e receitas idóneos para cada estación do ano.



- Promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia a través dunha **campaña que desprazará tres foodtrucks por todo o territorio provincial**, nas cales se poderá degustar a base dos menús que se elaboran nas mencionadas festas, para dar a coñecer o produto vencellado a cada unha delas.
- **Recoñecemento ás entidades organizadoras das festas gastronómicas** do papel desempeñado historicamente en canto á promoción do produto e á conservación do legado material e inmaterial inherente a este. Reforzarase a colaboración con elas para incidir no enfoque experiencial das festas.
- **Organización de microeventos gastronómicos**, da man de cociñeiras e cociñeiros de referencia da provincia, nos que o público asistente poida interactuar, experimentar e ser protagonista da propia experiencia gastronómica.



RESPONSABLE

Técnica de competitividade



AXENTES IMPLICADOS

Axencia Turismo de Galicia
 Consellería de Medio Rural
 Consellería do Mar
 Denominacións de Orixe e Indicacións
 Xeográficas Protexidas
 Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
100 000,00 €	220 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €



INDICADORES

Nº de elementos incluídos no mapa gastronómico

Nº de axentes do sector primario implicados

Nº de degustacións

Nº de colaboracións con festas gastronómicas

Nº de microeventos

Nº de miradoiros implicados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Networking Rías Baixas: redes de traballo para a conformación de experiencias

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Durante o proceso participativo quedou patente que é imprescindible **incrementar o diálogo entre os diferentes grupos de interese do sector** e impulsar mecanismos de colaboración, ben sexa entre diferentes niveis da administración pública, entre esta e o eido privado e, como non, tamén dentro do propio universo da peme turística. O descoñecemento entre empresas, especialmente cando estas operan en contornas xeográficas próximas, implica unha perda de oportunidades en termos de conformación de produtos.

Fomentar a **cooperación entre pemes turísticas locais de diferentes elos da cadea de valor** permitirá dar forma a experiencias máis complexas, baseadas na complementariedade de servizos. A posta en marcha de estratexias conxuntas entre empresas de diferentes comarcas incidirá positivamente en termos de cohesión do destino.

DESCRIPCIÓN

Creación de **estruturas de traballo en rede que poñan en contacto empresas de toda a cadea de valor turística da provincia**, co obxectivo de incrementar o coñecemento entre elas e de establecer vías de colaboración que se poidan plasmar en acordos comerciais. Daráselle forma a esta actuación, en primeiro lugar, a través de microaccións de carácter local (supramunicipal, comarcal), para pasar nunha segunda fase a unha escala provincial.

A **transferencia de coñecemento e a difusión de boas prácticas** entre empresas permitiralles ás pemes contar con prescritores dentro do propio ecosistema turístico. Ademais, implicar outros sectores, como o primario, facilitará a venda cruzada e o enriquecemento da oferta que se lles traslada ás persoas usuarias. Así mesmo, é necesario poñer en contacto as pemes co receptor galego, actor clave na **paquetización de produtos turísticos comercializables**.

O éxito desta actuación pasa pola **cooperación con entidades de ámbito local**, tanto concellos como mancomunidades, pero tamén con outros axentes como os grupos de desenvolvemento rural (GDR) e os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), dado o seu profundo coñecemento do tecido empresarial do seu raio de acción.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Interlocución con entidades de carácter local, tanto públicas (concellos, mancomunidades) como do tecido asociativo, para **afondar no coñecemento do conxunto de empresas** turísticas e doutros sectores susceptibles de participar en accións de traballo en rede. Preténdese actualizar e depurar o universo de pemes para convocar ás diferentes actuacións.

- Celebración de **encontros empresariais de carácter supramunicipal** (o ámbito xeográfico pode coincidir cunha comarca ou xeodestino) que poñan en contacto as pemes turísticas, ben con outras empresas do sector de concellos veciños ou ben con actores doutras ramas económicas, co obxectivo de establecer sinerxías e xerar un coñecemento que facilite proxectos de colaboración.

- Organización de **microviaxes de familiarización** enfocadas en incrementar o coñecemento que as empresas turísticas da provincia teñen do destino. Mobilizaranse pequenas misións comerciais (dun ou dous días de duración), que leven a grupos de empresas dunha comarca a outra área xeográfica da provincia, co afán de visibilizar casos de éxito e exemplos de boas prácticas.



- Posta en marcha de accións que favorezan o **contacto de empresas turísticas de diferentes puntos da provincia con axencias de receptivo galegas** que poidan paquetizar novos produtos turísticos que integren servizos e recursos de diferentes comarcas.

- **Impulso da *Travel Book Experience*** como bolsa de contratación que lle facilite ao sector turístico do destino o contacto con operadores nacionais e internacionais.



RESPONSABLES

Técnica de competitividade
Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

Concellos e entidades supramunicipais
Axencias de receptivo
Tecido asociativo turístico



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	120 000,00 €	120 000,00 €	120 000,00 €	120 000,00 €	135 000,00 €	135 000,00 €



INDICADORES

Nº de encontros empresariais

Nº de empresas participantes nos encontros

Nº de microviaxes de familiarización

Nº de novos produtos turísticos

Nº de participantes na Travel Book Experience



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Rías Baixas, no corazón de Galicia

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Hospitalario



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A beleza natural e as paisaxes, a gastronomía e o viño, a cultura e o patrimonio histórico, e a hospitalidade e amabilidade da poboación local son, por este orde, os atributos que mellor definen o destino Rías Baixas, segundo os datos extraídos da enquisa posta en marcha durante o proceso de consulta ao sector. Concretamente, os dous primeiros, natureza e gastronomía, foron sinalados por máis do 80% das persoas participantes. Estes resultados reflicten un claro **paralelismo cos trazos identitarios de Galicia como destino**.

Pero a provincia de Pontevedra non só é unha mostra representativa de todo o que as e os turistas poden atopar en Galicia, senón que reúne diversos factores (estrutura de aloxamento, localización xeográfica, clima, servizos, tradición como destino etc.) que a converten no **lugar ideal para facer base durante a estadía en territorio galego**.

DESCRIPCIÓN

Posicionamento da **provincia de Pontevedra como territorio idóneo para que as persoas que chegan a Galicia establezan o seu lugar de descanso**, que sirva de punto de referencia para toda a súa estadía e desde o cal se poidan desprazar a outros lugares da propia provincia ou do resto da comunidade autónoma. É dicir, aspírase a que as **persoas usuarias elixan as Rías Baixas para facer noite e como epicentro da súa experiencia en terras galegas**, o cal redundará positivamente nos graos de ocupación e nos ingresos de aloxamentos e restauración.

Débase transmitir a cada visitante que se, desde calquera punto de Pontevedra, define un raio de acción duns 80 quilómetros, terán ao seu alcance un **amplio abano de posibilidades** en canto a espazos naturais de interior e costa, recursos patrimoniais e oferta de actividades para realizar. Esta actuación permitirá establecer nexos de unión entre a franxa litoral, con máis tradición turística e cun maior número de prazas de aloxamento, con outras comarcas da provincia grazas á complementariedade dos seus activos turísticos. Servirá, así mesmo, para enriquecer a experiencia de persoas aloxadas nas Rías Baixas a través de actividades de excursionismo a outras localidades galegas.

MEDIDAS OPERATIVAS

➤ Fomento de **produtos turísticos dirixidos a segmentos máis proclives a estadias longas**, como é o caso do turismo familiar. É preciso enriquecer e innovar na oferta de experiencias para que estas persoas dediquen un ou varios días a desprazarse do lugar que teñen como base no destino.

➤ **Desenvolvemento de estratexias de fidelización** baseadas no vínculo emocional que cada visitante adquire co territorio, de tal forma que o convertan no seu destino recorrente. Preténdese que queiran repetir nun futuro, deixándolles a sensación de que a provincia aínda ten moitos tesouros descoñecidos que ofrecerlles.

➤ Incorporación ao relato do destino da **idea de que a provincia de Pontevedra reúne todos os atributos positivos da oferta turística de Galicia**. Cuestións como o clima das Rías Baixas e a súa calidade de vida deben ser factores diferenciais para incluír no discurso.



➤ Deseño de plans e actividades, de non máis dun día de duración, que faciliten a redistribución de fluxos de turistas e o **excursionismo a outros puntos do territorio provincial ou incluso a outras comarcas galegas**.

➤ Aproveitamento de proxectos de cooperación transfronteiriza de índole turística, nos que está implicada a Deputación de Pontevedra, para establecer sinerxías con Portugal que faciliten un fluxo bidireccional de turistas. Neste sentido, búscase ofrecerlles a persoas que teñen as Rías Baixas como centro vacacional novas actividades e visitas na contorna da fronteira.



RESPONSABLES

Técnica de comunicación
Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Axencias de receptivo
Tecido asociativo turístico
Socios de proxectos de cooperación transfronteiriza



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €



INDICADORES

Nº de produtos turísticos de longa estadia

Nº de actividades / plans dun día de duración



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Nadal en Rías Baixas

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Segundo datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira do Instituto Nacional de Estatística, **o número de noites rexistradas en hoteis da provincia de Pontevedra nos meses de decembro duplicouse en 2023 respecto a 2015, o cal supón un incremento do 99,98%. No caso concreto da cidade de Vigo, o número de noites en hoteis triplicouse en 2023 respecto a 2015.**

Atendendo a este mesmo indicador, chama a atención **o salto cuantitativo que deu o turismo internacional** só no último ano, posto que o número de noites rexistradas en hoteis da provincia por turistas do estranxeiro medrou un 54,12% en decembro de 2023 respecto ao mesmo mes de 2022.

DESCRICIÓN

Impulso do **Nadal como instrumento desestacionalizador e xerador de negocio en tempada baixa** para o sector turístico da provincia. Apostarase por mercados de proximidade, tanto nacionais como internacionais (principalmente Portugal), para fomentar visitas de dous ou tres días de duración (escapadas de fin de semana ou pontes festivas) ás Rías Baixas. Débese aproveitar o crecemento exponencial do número de visitantes que chegaron ás Rías Baixas nos últimos anos nesta época do ano para **poñer en valor elementos tradicionais do Nadal en diversas localidades da provincia**. Isto permitirá mostrar a idiosincrasia e os costumes da poboación local nestas datas.

Trátase dunha **oportunidade en termos de creación de riqueza e redistribución de fluxos de turistas**, nun momento do ano de menor actividade no sector e no cal moitos establecementos permanecen pechados, polo que é preciso a implicación do ecosistema turístico para garantir unha oferta e servizos de calidade.

MEDIDAS OPERATIVAS

➤ Aproveitamento do efecto de atracción do Nadal para implicar empresas turísticas da provincia no artellamento dunha **oferta de actividades complementarias, principalmente de carácter diúrno**, que permitan enriquecer a experiencia das persoas que viaxan ás Rías Baixas nesta época do ano

➤ **Valorización de singularidades e tradicións locais**, de diferentes puntos da provincia, vencelladas ao Nadal. Destacarase o papel da poboación local na conformación do acervo cultural inherente a este período. Sirva como exemplo o Belén artesanal en movemento de Valga, Festa de Interese Turístico de Galicia.

➤ Visibilización de diferentes iniciativas, como os **Beléns, mercados ou aldeas de Nadal**, que sirvan de escaparate para a artesanía e a produción local.



➤ Apoio a propostas innovadoras, baseadas en novas tecnoloxías, que permitan xerar novas **narrativas audiovisuais que supoñan unha oferta alternativa nas noites de Nadal**. Sirvan como exemplo os espectáculos de *video mapping*.



RESPONSABLE

Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

Concellos

Tecido asociativo turístico



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
65 000,00 €	80 000,00 €	100 000,00 €	65 000,00 €	65 000,00 €	90 000,00 €	65 000,00 €



INDICADORES

Nº de actividades / produtos turísticos de Nadal creados

Nº de concellos apoiados

Nº de espectáculos impulsados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Tarxeta turística Rías Baixas

RÍAS BAIXAS SINGULAR

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Innovador



Intelixente

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Incrementar o grao de coñecemento sobre as persoas que visitan a provincia e establecer unha comunicación directa, bidireccional e duradeira con elas outorgará información de valor sobre os seus hábitos e preferencias e contribuirá á toma de decisións con miras a **incentivar visitas máis longas e a repetición destas**. É preciso impulsar mecanismos que faciliten a vida das persoas que chegan ao destino, centralizando a oferta de servizos e maximizando a súa fidelidade e potencial de prescrición.

Neste sentido, **as tarxetas turísticas permiten acceder a ofertas especiais e unificar xestións relacionadas coa experiencia no destino**. Existen varias tarxetas turísticas noutros territorios, que poderían servir de exemplo de cara á implementación dunha iniciativa similar na provincia de Pontevedra.

DESCRIPCIÓN

Deseño e **implementación dunha tarxeta turística** que se converta nunha ferramenta útil para as persoas que visitan as Rías Baixas, que favoreza a centralización de información e servizos, tanto públicos como privados, e que supoña o acceso a unha serie de vantaxes para turistas: descontos e/ou gratuidades, compra anticipada ou acceso preferente a determinados recursos turísticos, entre outras.

Apostarase por un **formato dixital**, a través dunha solución aliñada co módulo de tarxetas turísticas da Plataforma Intelixente de Destinos (PID) de Segittur. Esta opción facilitará a adquisición en orixe e o acceso a través de dispositivos móbiles.

A súa posta en marcha reportará **ingresos adicionais ao destino e ás súas empresas, ademais de proporcionar información valiosa** sobre os patróns de consumo dos usuarios e usuarias grazas ás estatísticas de compra a través da tarxeta. Será de utilidade tamén como vía de promoción e visibilización da oferta de actividades turísticas, polo que será primordial involucrar as entidades locais e as empresas do sector para que se adhiran á iniciativa.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Elaboración dunha **análise benchmarking sobre tarxetas turísticas** que estean en funcionamento en España, co obxectivo de contar con referencias á hora de deseñar e implantar a tarxeta na provincia. Preténdese coñecer funcionalidades e solucións tecnolóxicas utilizadas noutros destinos.
- **Definición do proceso de implementación da tarxeta**, a través dun plan de viabilidade que incluírá a avaliación da tecnoloxía e soportes, a delimitación de responsabilidades a nivel estratéxico e operativo, a descrición do proceso de compra, os mecanismos de relación coa clientela, o manual de identidade corporativa e unha previsión de custos e ingresos. Requirirase a toma de decisións respecto a cuestións como os contidos e os servizos que se van vincular á tarxeta, ou os prezos segundo a tipoloxía de usuaria/o e a duración da estadía.
- Impulso dun **programa de fidelidade consistente en asociar á tarxeta unha ampla gama de servizos e ofertas**. Poden ser iniciativas impulsadas polo propio Servizo de Turismo Rías Baixas, con beneficios como descontos e/ou gratuidades no acceso a recursos da súa competencia (Soutomaior, Sobroso ou museos, por exemplo), ou ben a través dun programa de adhesión de administracións locais e/ou empresas privadas, que atoparán na tarxeta unha nova plataforma de relación coa súa clientela.



- **Incorporación ao Observatorio de Turismo Rías Baixas da información obtida das estatísticas de uso** por parte das persoas usuarias. Servirá para analizar patróns de comportamento e facilitará a planificación futura e a adaptación dos servizos ás preferencias de cada visitante.
- **Creación, dentro da sección “Guía útil” da web de Turismo Rías Baixas, dun apartado con información sobre a tarxeta turística**. Estará enfocado tanto ás persoas beneficiarias, que poderán coñecer as funcionalidades e as vantaxes asociadas e activar o proceso de compra, como ás empresas que desexen adherirse ao programa de fidelidade.
- **Organización de sesións divulgativas e formativas**, dirixidas ao tecido empresarial, nas cales se explicará o funcionamento da tarxeta e o proceso de adhesión.



RESPONSABLE

Técnica de competitividade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Segittur

Tecido asociativo turístico

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Nº de tarxetas turísticas analizadas no *benchmarking* creados

Nº de persoas usuarias da tarxeta

Nº de empresas adheridas ao programa de fidelidade



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para a cidadanía, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Hospitalario



Innovador



Intelixente

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A rede **INFO RÍASBAIXAS** conta con máis de **30 oficinas** de información turística espalladas por todo o territorio provincial. O conxunto da rede atendeu no pasado ano 2023 consultas de preto de 70.000 visitantes, coa oficina da capital provincial destacada como a que deu servizo a un maior número de persoas (máis de 9.000).

Esta rede de oficinas, impulsada grazas á Ordenanza Reguladora da rede INFO RÍASBAIXAS, é o resultado de anos de colaboración do Servizo de Turismo Rías Baixas con diferentes concellos, na procura de prestar un **servizo de información de calidade, homoxéneo e global no destino**. En coherencia coa folla de ruta estratéxica seguida recentemente, que busca avanzar na transformación dixital do destino, impulsáronse os proxectos Tourist Inside Rías Baixas e a súa continuación (Tourist Inside II), ambos con actuacións concretas que incidían na modernización da rede INFO RÍASBAIXAS.

DESCRIPCIÓN

Desenvolvemento dun **novo concepto de oficina turística mediante a transformación dos actuais espazos de recepción en centros de xestión de servizos turísticos**, nos cales as persoas visitantes non só poderán acceder a información senón que tamén terán a posibilidade de contratar servizos que outorguen un valor engadido á súa experiencia no destino.

Preténdese iniciar unha **transición desde o modelo actual de oficina turística cara a un espazo de carácter máis experiencial**. As novas tecnoloxías incrementaron exponencialmente as posibles fontes de información das que dispón cada turista antes, durante e despois da súa viaxe. Así mesmo, estas persoas están cada vez máis preparadas para buscar esta información pola súa conta. Por tanto, o rol das oficinas turísticas como “informadoras” debe evolucionar e incorporar novas funcionalidades que sirvan de atracción.

A paulatina automatización dos procesos de información turística permitirá que o persoal que traballa na rede de oficinas centre os seus esforzos na interlocución e nun maior coñecemento das persoas usuarias, co obxectivo de personalizar ao máximo os servizos que ofertan. Por outra parte, ofrecer novas prestacións ás e aos visitantes pasa por chegar a acordos con empresas do sector, de tal forma que se integre a venda de servizos.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Implementación dun piloto nun dos centros de recepción de visitantes da rede, coa meta de convertelo nunha sorte de *marketplace*** no que as persoas usuarias poidan acceder a servizos de diversa índole, que poden ser propios do Servizo de Turismo Rías Baixas (por exemplo, alugueiro de bicicletas) ou de terceiros. A implantación deste piloto farase de forma paralela á posta en marcha da tarxeta turística, de tal maneira que o proceso de adhesión de empresas ao programa de fidelidade sirva para chegar a acordos comerciais. Este piloto servirá para definir o proceso de incorporación da prestación de servizos adicionais a través da rede INFO RÍASBAIXAS.
- **Instalación de espazos promocionais (*corners*) nas oficinas** para darlles visibilidade a produtos e actividades turísticas. Será de especial utilidade para a posta en marcha de microeventos e/ou experiencias *pop up* gastronómicas, pero tamén está prevista a posibilidade da cesión, en réxime de concesión, a empresas privadas.
- **Continuidade do proceso de dixitalización da rede INFO RÍASBAIXAS**, ao abeiro do proxecto Tourist Inside II. Concretamente, completárase a transformación dixital de seis oficinas e a súa integración na plataforma tecnolóxica do destino turístico intelixente, subministráranse e instalaranse 60 novos beacons e implementárase unha ferramenta dixital para a mellora da xestión de fluxos e control da capacidade nos centros de recepción de visitantes.



- **Impulso da rede de oficinas como punto de encontro entre poboación local e turistas**, a través da organización de microeventos culturais e/ou gastronómicos. Pretendese impulsar o papel dos habitantes da provincia como anfitrións, de tal forma que poidan mostrarlles ás persoas de fóra os intanxibles e as vivencias propios do territorio.
- **Actualización da Ordenanza Reguladora da rede INFO RÍASBAIXAS** para encaixar estas novidades dentro da normativa.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Tecido asociativo turístico

Indicacións xeográficas protexidas

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
41 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €



INDICADORES

Nº de persoas atendidas

Nº de servizos comercializados

Nº de espazos promocionais en oficinas

Nº de iniciativas en espazos promocionais

Nº de oficinas dixitalizadas



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para a cidadanía, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

SOMOS RÍAS BAIXAS



Rías Baixas infinita

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Cohesivo



Innovador

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A provincia de Pontevedra presume dunha oferta multiexperiencial, na que tradicionalmente tivo moito peso o turismo de sol e praia (focalizado en puntos turísticos que dispoñen dunha cuantiosa estrutura de aloxamento, como Sanxenxo ou O Grove), pero que conta con importantes activos e atributos turísticos vinculados ao patrimonio histórico-cultural e aos recursos naturais e paisaxísticos, que da man da enogastronomía e do Camiño de Santiago facilitan a conformación de produto turístico dirixido a diversos segmentos.

En todo caso, o destino aínda ten **moito potencial por desenvolver no relativo á capacidade para sorprender as e os turistas con novas propostas, innovadoras e descoñecidas para o gran público**. O vasto patrimonio cultural e natural, distribuído tanto no interior como na costa, inclúe moitos recursos que non teñen sido explotados desde unha perspectiva turística e que permitirían artellar novas experiencias para segmentos moi diversos, o que supón unha oportunidade en termos de fidelización e de ampliación de períodos de estada.

DESCRICIÓN

Incremento da amplitude e variedade da carteira de produtos do destino a través da identificación e visibilización de recursos materiais e inmateriais susceptibles de dar forma a actividades e experiencias novidosas, ben sexa por contar con algunha característica concreta que os converta en singulares ou ben por non ter sido obxecto de explotación turística ata o día de hoxe. Preténdese xogar coa idea de que o territorio pontevedrés sempre ten algo novo que ofrecer e **xerar nas persoas usuarias a sensación de que aínda existen moitos tesouros ocultos por coñecer**.

O mercado está en constante evolución e é necesario que empresas e xestores de destino se adapten ás tendencias e padróns de conduta actuais, polo que será clave **apostar pola innovación na creación de produto a través da inclusión de novos elementos que chamen a atención das persoas usuarias**. Búscase dar diferentes alternativas de consumo á clientela que xa é fiel ao destino.

Cabe destacar o carácter cohesivo desta actuación, posto que busca **ampliar o rango da oferta a partir de activos menos explotados e de territorios con menos tradición turística**. Contribuirá a crear valor en espazos rurais dos 61 concellos e proporcionará ferramentas para desestacionalizar e descentralizar a oferta.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Identificación de recursos e realización dun inventario que permita catalogar novos elementos da oferta turística dos 61 concellos da provincia.** Búscase poñer en valor o patrimonio oculto, especialmente en zonas do interior. Traballárase da man das entidades locais para coñecer as actuacións que se teñen levado a cabo para a posta en valor de elementos característicos da arquitectura civil (pazos, muíños, pontes, hórreos etc.) e relixiosa (igrexas, ermidas, cruceiros, petos de ánimas, así como espazos naturais que destacan pola súa beleza pero nos que aínda non se interveu para a súa adecuación turística.

- Elaboración de fichas para cada recurso e establecemento de relacións entre eles, para facilitar a súa **categorización temática como base para o deseño de novas rutas.** Preténdese optimizar os niveis de personalización na interacción coas persoas usuarias, a través de algoritmos que permitan ofrecerlles novas propostas de actividade segundo ás súas preferencias.



- **Configuración de rutas turísticas, creadas ao redor de diferentes temáticas e deseñadas para diferentes públicos obxectivo,** co fin de mobilizar as persoas usuarias para que se despracen duns concellos a outros para gozar de novas actividades, principalmente de non máis dun día de duración. Fomentárase desta forma que turistas que fan noite en aloxamentos da provincia fagan excursionismo dentro do propio destino. As rutas poden estar tematizadas ao redor de elementos naturais, arquitectónicos, etnográficos, arqueolóxicos, industriais, gastronómicos ou inmateriais, entre outros.

- **Creación dun banco de imaxes e vídeos** baseado nos recursos turísticos que son obxecto desta actuación. Preténdese ampliar o repositorio de material gráfico e audiovisual do Servizo de Turismo Rías Baixas, co requisito de que se dea cabida nel aos 61 concellos.



RESPONSABLES

Técnica turismo e calidade
Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €



INDICADORES

Nº de recursos catalogados

Nº de rutas turísticas

Nº de fotografías

Nº de vídeos



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Camiño de Santiago

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O Camiño de Santiago representa un dos principais activos do destino, especialmente en termos de atracción de visitantes internacionais. **Non só é unha ruta de peregrinación espiritual, senón que tamén evolucionou para incluír aspectos de turismo cultural, patrimonial e de natureza, proporcionando así unha experiencia holística a quen o percorre.** O Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa atravesan a provincia con máis de 150 quilómetros de sendas que ofrecen unha inmersión na historia e paisaxes da rexión. Porén, a oferta non termina aí; a Vía da Prata, a Ruta do Mar de Arousa e río Ulla, así como o Camiño de Inverno, ofrecen alternativas para aqueles que buscan rutas menos transitadas ou diferentes perspectivas da peregrinaxe.

Houbo un **notable incremento no número de peregrinos que transitan pola provincia**, especialmente no Camiño Portugués da Costa, que é o de maior crecemento. En 2023, este itinerario rexistrou 22.135 peregrinos máis que en 2022, o que reflicte o crecente atractivo do destino Rías Baixas para os camiñantes.

DESCRIPCIÓN

Aproveitamento da dinámica positiva das cifras de peregrinación vinculadas ao Camiño de Santiago na provincia nos últimos anos, especialmente no relativo á afluencia de camiñantes estranxeiros, para visibilizar o destino Rías Baixas entre as persoas que o percorren como parte do seu traxecto á capital galega, coa **aspiración de que o territorio que agora atravesan como peregrinas e peregrinos se converta nun lugar ao que regresen nun futuro como turistas.**

Sen dúbida, **o Camiño é unha in mellorable carta de presentación que serve como escaparate da provincia**, polo que é necesario dar continuidade aos traballos de conservación e promoción dos recursos que se atopan na contorna directa dos trazados oficiais, así como garantir a súa sostibilidade e accesibilidade. Farase énfase na protección dos valores culturais e naturais, coa prioridade de manter e promocionar a identidade do destino Rías Baixas.

Ademais de atraer a camiñantes de todo o mundo, o Camiño de Santiago é un **motor de actividade durante todo o ano**, tal e como reflicten as cifras, que dan testemuño de incrementos interanuais do número de peregrinas e peregrinos en meses de tempada media e baixa.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Fortalecemento da **colaboración entre administracións públicas na posta en valor dos itinerarios oficiais que percorren a provincia**, a través da Mesa do Camiño. O obxectivo é planificar e supervisar os diferentes ámbitos de acción relacionados co Camiño de Santiago no territorio pontevedrés.
- **Conformación dun discurso promocional propio vencellado ao Camiño de Santiago.** Á hora de definir as estratexias de márketing enfocadas a visibilizar o riqueza patrimonial, histórica, cultural e paisaxística dos itinerarios xacobeos ao seu paso pola provincia, porase especial atención en destacar as singularidades propias do territorio.
- Pulo ao **Camiño de Santiago como ferramenta de captación de turistas internacionais.** Aproveitarase ao auxe das dúas rutas oficiais procedentes de Portugal para levar a cabo accións de promoción e comercialización no país veciño, co aeroporto Sa Carneiro como punto neuráxico da estratexia.



- Deseño dunha **folia de ruta que sitúe ao Ano Santo 2027 no horizonte** e que permita realizar unha planificación de actividades culturais e turísticas en entronquen coa filosofía do Xacobeo.
- **Promoción da enogastronomía da provincia entre as persoas que realizan o Camiño.** Traballarase da man da hostalaría dos concellos situados na contorna das rutas oficiais para organizar actividades que faciliten a visibilización de produtos e receitas singulares do ámbito local.



RESPONSABLE

Técnica de competitividade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
 Axencia Turismo de Galicia
 Concellos
 Tecido asociativo do Camiño de Santiago



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	45 000,00 €	45 000,00 €	70 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €



INDICADORES

Nº de persoas que peregrinan a través de rutas oficiais do Camiño que atravesan a provincia

Nº de reunións da Mesa do Camiño

Nº de acordos da Mesa do Camiño

Nº de accións promocionais

Nº de accións impulsadas no marco do Xacobeo 2027



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Itinerarios e vías de base cultural

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Ademais do Camiño de Santiago, que conta co recoñecemento de Gran Itinerario Cultural, cabe mencionar que na provincia de Pontevedra existen outras vías que gozan dunha gran tradición. Entre as máis recoñecidas atópanse a **Ruta da Geira e dos Arrieiros**, que une Braga con Santiago de Compostela; a **Vía Mariana**, que tamén comeza na localidade bracarense e finaliza en Muxía, tras pasar por dez santuarios de devoción mariana tradicional; o **Camiño Miñoto-Ribeiro**, que enlazaba o norte de Portugal coa capital galega; o **Camiño Taverneiro** que ten como punto de partida Salvaterra do Miño e que se fusiona coa Ruta da Geira e dos Arrieiros; a **Ruta do Padre Sarmiento**, que recrea a peregrinación a Santiago de Frei Martín Sarmiento no ano 1745; e a **Variante Espiritual**, que une o Camiño Portugués coa Ruta do Mar de Arousa e do río Ulla.

Ademais, a provincia conta con elementos que lle dan **presenza en varias rutas do Programa de Itinerarios Culturais do Consello de Europa**, como a Ruta europea das cidades termas históricas, a Ruta dos Vikings ou a Ruta dos Fenicios, entre outras.

DESCRIPCIÓN

Visibilización dos diferentes itinerarios e vías de índole cultural que vertebran a provincia e que permiten poñer en valor a riqueza e singularidade do patrimonio (en todas as súas manifestacións) e da paisaxe propias do territorio pontevedrés. Esta actuación comprende varias vías de comunicación terrestre que, ao longo dos séculos, contribuíron a dar forma a un acervo cultural específico na súa contorna territorial máis directa.

Porase o foco, por un lado, en **itinerarios de orixe xacobeas** que, se ben non contan co recoñecemento de ruta oficial do Camiño de Santiago, dan testemuño da historia de varias comarcas e do artellamento socioeconómico do territorio a través dos fluxos de persoas que percorrían os seus trazados. Son de especial interese pola natureza sostible e saudable do feito de camiñar, e porque exercen un papel de altofalante do patrimonio oculto de determinadas zonas rurais.

Por outra parte, manterase a aposta polos elementos que permiten ao destino formar parte de varios itinerarios culturais do Consello de Europa, co obxectivo de **establecer nexos de unión con outros territorios a partir de elementos compartidos do patrimonio material e inmaterial**.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Definición de mecanismos de colaboración cos diferentes grupos de interese implicados na conservación e estudo das vías de base cultural, co obxectivo de **implementar accións de posta en valor e creación de contidos que contribúan a visibilizalas**. Farase un estudo das necesidades de actuación e buscarase a implicación dos concellos en tarefas de adecuación e mantemento dos principais recursos. Esta medida inclúe accións na Ruta da Geira e dos Arrieiros, na Vía Mariana, no Camiño Miñoto-Ribeiro, no Camiño Taverneiro, na Ruta do Padre Sarmiento e na Variante Espiritual.

- **Recoñemento do labor histórico realizado polo tecido asociativo local que exerceu de impulsor destes itinerarios de carácter cultural**, en especial no relativo ao seu coidado e á transmisión interxeracional do patrimonio inmaterial vencellado a elas.

- **Promoción dos diferentes recursos e xacementos da provincia que forman parte da Ruta dos Fenicios**. Crearanse contidos para fomentar a actividade turística e as visitas guiadas, e implicarase ao receptivo para a súa inclusión nos circuítos de comercialización.

- **Reforzo da presenza institucional da Deputación de Pontevedra nos organismos e redes de traballo internacionais responsables da valorización de diferentes itinerarios culturais**. Isto permitirá establecer sinerxías, importar boas prácticas e proxectar ao destino Rías Baixas no ámbito global. Inclúense nesta medida, entre outras, a Ruta dos Vikingos, os Camiños do arte rupestre prehistórico, a Ruta europea das cidades termais históricas, a Ruta europea dos cemiterios, a Ruta europea do patrimonio industrial ou o Itinerario europeo dos xardíns históricos.





RESPONSABLES

Técnica de competitividade
Xefa de servizo



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
Concellos
Tecido asociativo vencellado ás vías de índole cultural
Consello de Europa



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
164 000,00 €	371 500,00 €	38 000,00 €	38 000,00 €	38 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €



INDICADORES

Nº de entidades asociativas contactadas
Nº de actuacións en itinerarios de base cultural
Nº de concellos implicados
Nº de publicacións
Nº de visitas guiadas
Nº de actos institucionais relacionados cos Itinerarios Culturais do Consello de Europa



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Castelo de Soutomaior

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Innovador



Intelixente



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O castelo de Soutomaior é un **referente patrimonial, cultural e artístico da provincia**. Emprazado nun terreo de 25 hectáreas, no que destacan o xardín de camelias, os viñedos e a fraga que os rodea, este espazo está considerado o xardín botánico máis importante de Galicia e conta cunha colección de máis de 500 camelias, xunto a outras especies autóctonas e foráneas. Estas características permitíronlle obter **diversos recoñecementos e distintivos de índole nacional e internacional**. Na parcela tamén hai unha pousada, unha capela e un muíño e cada ano incrementa o número de visitantes grazas ao seu atractivo museístico e paisaxístico, así como polo seu bo estado de conservación patrimonial.

Dispón de un Plan de uso e xestión que promove a valorización dos recursos arquitectónicos, naturais, culturais e inmateriais vinculados á finca, co obxectivo de aproveitala desde un punto turístico e cultural. Existe ademais unha ordenanza que regula o seu funcionamento, uso e organización.

DESCRIPCIÓN

Potenciación do uso turístico do castelo de Soutomaior a través de investimentos e actuacións orientadas á súa rehabilitación, promoción e dinamización na procura de preservar e poñer en valor o patrimonio histórico, artístico e cultural da fortaleza e os seus xardíns. Estas intervencións serán complementarias e compatibles coa conservación e mantemento deste Ben de interese cultural e buscan maximizar a calidade da experiencia das e dos visitantes, co fin de **reforzar o papel do castelo como un dos buques insignia do patrimonio do destino**.

A **confluencia do interese histórico do castelo coa riqueza botánica dos seus xardíns** non só outorga unha beleza paisaxística única ao conxunto, senón que permite reunir os requisitos necesarios para atraer a perfís de turistas cun alto grao de concienciación ambiental e interesados no patrimonio. Esta circunstancia sitúa á finca como un recurso clave para o posicionamento da provincia como un destino de primeiro nivel.

Para conseguir este propósito levaranse a cabo actuacións de mellora en materia de **acesibilidade**, incidírase no embelecemento do conxunto a través dunha nova **iluminación ornamental** e implementaranse **novas tecnoloxías** para optimizar a experiencias das persoas usuarias. Ademais, executaranse medidas incluídas no Plan estratéxico de márketing do castelo, co fin de **dinamizar a súa actividade durante todo o ano**.

MEDIDAS OPERATIVAS

> Investimentos relacionados coa **infraestrutura**:

- Execución dun **proxecto de iluminación monumental e paisaxística na parcela do castelo**, iniciativa que se pretende que sexa funcional, eficiente e estética, e que dea luz a todo o conxunto, desde as sendas peonís que transcorren polos xardíns ata os diferentes edificios anexos que prestan servizo ao castelo. Búscase realzar a beleza da fortaleza e xerar novos espazos para a celebración de actividades nocturnas.
- **Mellora da accesibilidade da Torre da Homenaxe** a través da substitución da escaleira de caracol actual por outra de mellores prestacións, que respete o valor patrimonial e que se adapte á normativa vixente en materia de funcionalidade e accesibilidade.
- **Implementación de melloras na sinalización**, que faciliten ás persoas usuarias a chegada ao conxunto monumental de Soutomaior, así como o acceso e os movementos dentro do recinto. O deseño respetará a identidade da marca Rías Baixas e buscará a harmonía co espazo e co medio ambiente.

> Optimización da **experiencia turística e interacción** coas persoas usuarias:

- **Incorporación de tecnoloxías de realidade virtual** que permitan ás persoas usuarias realizar un percorrido por espazos internos e externos do castelo, así como polos xardíns. Esta iniciativa facilitará a exploración interactiva e en alta definición, o que proporcionará unha experiencia inmersiva na que as persoas usuarias poderán enriquecer o seu coñecemento sobre a historia e contexto do conxunto de Soutomaior. Tanto a interfaz da visita virtual como os contidos de texto e audio estarán dispoñibles en galego, castelán, inglés e francés.
- Implementación dunha **estratexia integral de márketing en redes sociais** que permita incrementar a visibilidade do castelo e establecer unha interlocución fluída e bidireccional coas e cos seguidores.

> Artellamento dunha **programación anual** de actividades:

- Impulso dunha **axenda de eventos que contribúa a desestacionalizar a actividade** no conxunto monumental do castelo. Levaranse a cabo distintos tipos de iniciativas para públicos obxectivo diferenciados: obradoiros infantís, visitas teatralizadas, eventos deportivos, festivais, exposicións etc. Inclúense tamén accións dirixidas ao segmento MICE, como reunións de empresa, formacións ou presentacións de produto.
- **Calendarización de visitas guiadas dirixidas a colectivos**, entre os cales se atopan centros educativos e asociacións de toda Galicia. Preténdese incrementar a afluencia de persoas en tempada baixa.

➤ Artellamento dunha **programación anual** de actividades:

- Impulso dunha **axenda de eventos que contribúa a desestacionalizar a actividade** no conxunto monumental do castelo. Levaranse a cabo distintos tipos de iniciativas para públicos obxectivo diferenciados: obradoiros infantís, visitas teatralizadas, eventos deportivos, festivais, exposicións etc. Inclúense tamén accións dirixidas ao segmento MICE, como reunións de empresa, formacións ou presentacións de produto.
- **Calendarización de visitas guiadas dirixidas a colectivos**, entre os cales se atopan centros educativos e asociacións de toda Galicia. Preténdese incrementar a afluencia de persoas en tempada baixa.





RESPONSABLE

Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

- Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra
- Estación Fitopatolóxica de Areeiro
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Concello de Soutomaior
- Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
1 071 000,00€	1 664 000,00 €	1 100 000,00 €	516 000,00 €	520 000,00 €	526 000,00 €	520 000,00 €



INDICADORES

Nº de visitantes

Facturación vencellada ao castelo

Nº de eventos / actividades

Nº de visitas guiadas

Nº de publicacións

Nº de publicacións en redes sociais

Nº de persoas usuarias das tecnoloxías inmersivas

Nº de novas luminarias

Redución do consumo enerxético



VÍNCULO COS ODS





ALÍÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p> <p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p>
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.1. - O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.</p> <p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Castelo de Sobroso

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Innovador



Intelixente



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O castelo de Sobroso é un dos máximos expoñentes do patrimonio fortificado da provincia de Pontevedra. Está custodiado por un gran parque forestal no que conviven árbores autóctonas con outros exemplares, ofrecendo a quen visita o lugar unha fermosa senda botánica para gozar dun paseo, contemplar a súa extraordinaria beleza natural e unha fantástica panorámica. A partir das medidas contempladas no anterior Plan estratéxico provincial de turismo 2021-2023, a fortaleza foi obxecto de actuacións de mellora nas súas instalacións. **Cabe destacar a execución do proxecto de musealización**, realizada co fin de poñelo en valor e reforzalo como atractivo patrimonial e turístico.

Recentemente, e como parte do Plan de sostibilidade turística do Condado-Paradanta “Unha terra entre ríos”, elaborouse o **Plan director para o parque do castelo de Sobroso**, cuxa meta é a de contribuir á dinamización económica e social da comunidade local e á preservación do patrimonio natural e cultural tanto da fortaleza como da súa contorna.

DESCRICIÓN

Pulo ao castelo de Sobroso como referente na conservación e promoción dos valores naturais e culturais e como espazo divulgativo para a comunidade científica e educativa e para a sociedade en xeral. A conxunción do seu legado histórico e ecolóxico será o punto de partida para a súa valorización desde un punto de vista turístico. Está previsto un amplo abano de medidas de protección, restauración, documentación, investigación, difusión, accesibilidade e desenvolvemento sostible.

Incidirase no concepto de paisaxe cultural como a integración do patrimonio natural, cultural, etnobotánico e inmaterial como unha unidade que é preciso planificar e xestionar. Trátase dunha idea que, en harmonía con outros recursos turísticos da contorna do castelo, permite dar forma a una proposta turística de calidade.

Implementaranse **accións de diversa índole** en materia de conservación patrimonial, delimitación e zonificación do parque, renaturalización da contorna natural, mobilidade, seguridade, dinamización da finca e creación de novos servizos dirixidos ás persoas que visitan a fortaleza.

MEDIDAS OPERATIVAS

> **Investimentos no parque** do castelo:

- Implementación de **accións enfocadas en optimizar a mobilidade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade do parque do castelo**. Realizarase un estudo de capacidade de carga e planificaranse os fluxos e accesos para facer o recinto máis comfortable para as persoas usuarias.
- Desenvolvemento dun **proxecto integral de renaturalización da contorna natural** co obxectivo de mellorar o seu estado de conservación e de facilitar a aplicación de medidas preventivas e correctivas que contribúan á revitalización e sostibilidade a longo prazo deste espazo. Esta medida ten incidencia na flora e en elementos arquitectónicos do parque.
- Realización de **tarefas de zonificación, sinalización e iluminación do parque**, baseadas nas directrices do Plan director. Definiranse os usos específicos de cada área, unificaranse e renovarase os elementos de sinalización e deseñaranse un proxecto de iluminación que permita poñer en valor o castelo e a súa contorna.
- Dinamización do parque a través da **adecuación dunha área recreativa** ideada para o uso de maneira autónoma por parte das persoas usuarias, e mediante a **creación dunha aula da natureza** concibida como un espazo divulgativo do ecosistema anexo ao castelo.
- **Readaptación do espazo museográfico** para mellorar a xestión das visitas e incrementar o grao de fidelización da clientela.

> Programación de **actividades e accións de márketing**:

- **Creación dunha axenda de eventos**, en liña coa estratexia seguida para o castelo de Soutomaior, que contribúa a xerar actividade durante todo o ano. Programaranse visitas guiadas, especialmente dirixidas a familias, e acondicionarase o espazo arquitectónico para a celebración de espectáculos e actividades culturais.
- **Deseño dunha estratexia integral de márketing** que contribúa a promocionar o castelo. Tamén se traballará da man do receptivo, para introduci-lo nas canles de comercialización.

➤ Impulso de **actividades saudables** ao redor do castelo de Sobroso:

- Situación da fortaleza de **Sobroso como epicentro dunha rede de rutas de sendeirismo** que fomenten a práctica de actividades saudables ao aire libre. Estes itinerarios unirán o castelo con diversos recursos singulares do patrimonio natural e cultural da comarca, e virarán ao de diferentes temáticas (arqueoloxía, historia, natureza, lendas etc.).
- **Organización dunha marcha BTT que una Sobroso con Soutomaior** a través dun percorrido circular. Este evento, de carácter non competitivo e popular, e que se celebrará en outono, permitirá xerar actividade ao redor das dúas fortalezas en meses de menos afluencia de turistas.





RESPONSABLE

Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

- Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra
- Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Concello de Pontearreas
- Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
448 283,00 €	566 858,00 €	219 858,00 €	242 000,00 €	242 000,00 €	252 000,00 €	252 000,00 €



INDICADORES

Nº de visitantes

Facturación vencellada ao castelo

Nº de eventos / actividades

Nº de visitas guiadas

Nº de publicacións

Nº de publicacións en redes sociais

Nº de intervencións de renaturalización

Nº de novos elementos de sinalización

Nº de novas luminarias

Redución do consumo enerxético

Nº de rutas de sendeirismo

Nº de participantes na proba BTT



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p> <p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p>
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.1. - O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.</p> <p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Trazas de Pontevedra

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Trazas de Pontevedra naceu co **obxectivo de poñer en valor o patrimonio arqueolóxico galaico – romano da provincia**. A iniciativa confórmana dezasete xacementos que constitúen unha colección de bens de alto interese histórico e científico e que contribúen á comprensión da dinámica socioeconómica e do artellamento territorial da provincia entre a Idade de Ferro e a época romana. Proporciona elementos de identificación que conectan á cidadanía co seu pasado e que explican a transformación histórica do territorio.

Durante o proceso de escoita ao sector turístico da provincia, implementando como parte da elaboración da presente estratexia, detectouse a **necesidade de concienciar á poboación local e ao propio sector sobre o valor patrimonial do territorio e o seu potencial en termos de xeración de actividade turística**. Considérase necesario implementar accións de conservación e mantemento, que permitan aumentar a calidade e sostibilidade dos recursos e que incidan positivamente na imaxe do destino.

DESCRIPCIÓN

Valorización dos dezasete xacementos que conforman Trazas de Pontevedra para o seu aproveitamento turístico, co obxectivo de enriquecer a oferta cultural do destino e de configurar experiencias turísticas diferenciadoras, desestacionalizadoras e descentralizadoras. Trátase de activos patrimoniais espallados por toda a provincia, en ámbitos litorais e de interior, susceptibles de ser visitados en calquera momento do ano tanto por persoas foráneas como pola poboación local.

Levaranse a cabo diversos tipos de actuacións: desde a adecuación dos xacementos e da súa contorna directa a través de tarefas de limpeza, mantemento, escavación ou restauración, ata labores de investigación que permitan incrementar o grao de coñecemento sobre estes recursos.

É importante conceder un **papel protagonista aos habitantes da provincia na defensa, preservación e promoción deste legado histórico**, con miras a activar a vida cultural dos municipios a partir da recuperación destes espazos públicos patrimoniais. Involucrar os axentes da sociedade local en tarefas de coidado e conservación destes recursos contribuirá a crear actividade económica en zonas rurais.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Elaboración dun **plan director dos xacementos**, que permita realizar unha planificación estratéxica e operativa das diferentes tarefas a acometer nos vindeiros anos. O documento definirá os roles a desempeñar polos diferentes axentes implicados (administracións, comunidade local, empresas), establecerá un calendario de traballo e priorizará os diversos labores a executar en cada un dos dezasete elementos patrimoniais.
- **Colaboración cos concellos para levar a cabo accións de limpeza, acondicionamento e restauración** das contornas directas de cada xacemento. Traballarase da man das entidades locais para garantir o mantemento e conservación futura de cada activo arqueolóxico vinculado á iniciativa.
- Realización de **traballos de musealización** para crear contidos divulgativos que faciliten a exploración e comprensión, por parte das persoas usuarias, da historia que hai detrás deste patrimonio. Concretamente, completárase a musealización dos xacementos de Santa Trega, A Lanzada, O Facho, Monte do Castro, A Cabeciña, Penalba, Alto da Cruz e Alto dos Cubos. Está prevista tamén a incorporación da realidade aumentada, así como a ampliación de áreas de escavación nalgúns enclaves.



- **Impulso de accións de difusión e divulgación** que contribúan non só á promoción turística de Trazas de Pontevedra, senón tamén á concienciación dos diferentes grupos de interese da comunidade local (poboación, comunidades de montes, asociacións veciñais) para apoderalos na posta en valor deste patrimonio. Inclúense obradoiros e visitas didácticas, conferencias ou exposicións itinerantes.



RESPONSABLES

Xefa de servizo
Arqueologo
CAT



AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Concellos
Comunidades de montes e asociacións veciñais



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €



INDICADORES

Nº de actuacións en xacementos

Nº de accións do plan director

Nº de visitas guiadas

Nº de publicacións



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Ruta da Camelia

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo



Innovador



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A Ruta da Camelia é un dos **produtos turísticos de referencia do destino Rías Baixas**. Conta cun gran potencial en termos de internacionalización e capacidade de atracción de segmentos de turistas con alta capacidade de gasto. Inclúe unha decena de xardíns, entre os que se atopan catro co recoñecemento de Xardín de Excelencia Internacional, e realiza un percorrido por paraísos botánicos presentes na contorna de castelos, pazos ou parques da provincia.

Concretamente, o **castelo de Soutomaio** está considerado o xardín botánico máis importante de Galicia e conta cunha colección de 500 camelias, xunto a outras especies autóctonas e doutras partes do mundo. En febreiro de 2012 converteuse no **primeiro xardín de España e sétimo de Europa en ser recoñecido como Xardín de Excelencia Internacional** pola Sociedade Internacional da Camelia. Así mesmo, forma parte do Itinerario Europeo de xardíns históricos.


DESCRIPCIÓN

Consolidación da Ruta da Camelia como recurso turístico clave para o posicionamento internacional do destino e como **elemento diferenciador a través da singularidade botánica da provincia**. Darase continuidade a actuacións de posta en valor dos xardíns, nos que se atopa a maior colección e variedade de camelias de Europa, co obxectivo de artellar produto turístico baseado na complementariedade da camelia con outros atributos do destino, como a enogastronomía e o patrimonio.

Para avanzar neste posicionamento é imprescindible apoiarse en procesos de innovación ao redor de recursos ecosistémicos singulares. Neste punto débese resaltar a importancia do **papel desempeñado pola Estación fitopatolóxica de Areiro** durante décadas e incorporar unha dimensión turística ao seu labor, co fin de impulsar unha liña de traballo que facilite a creación de novos produtos e rutas que contribúan á diferenciación e desestacionalización da oferta.

O Plan estratéxico de impulso do cultivo de té de camelia, coordinado desde Areiro, prevé diversas actuacións de índole turística, que contribuirán a reforzar esta oferta en toda a provincia, de tal forma que novos xardíns sirvan como recurso tractor en comarcas rurais, Tamén debe servir para **explorar outras oportunidades que ofrece a camelia na xeración de produto**, especialmente no relativo ao seu aproveitamento gastronómico.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Implicación do receptivo galego na **conformación de produto turístico ao redor da camelia e outras árbores autóctonas singulares**. Particularidades como o período de floración da camelia, en meses invernaís, facilitarán a xeración de negocio en momentos do ano de menor actividade.
 - **Información á cadea de valor enogastronómica sobre as posibilidades do té de camelia á hora de incrementar o valor engadido da súa oferta**. Preténdese que a camelia penetre nos recetarios de cociñeiros e cociñeiras da hostalaría provincial, o cal permitirá utilizar recursos autóctonos para formular propostas culinarias innovadoras.
 - Procura de sinerxías con actuacións de índole turística previstas no Plan estratéxico de impulso do cultivo do té de camelia. Aproveitarase a **marca TéAreeiro** para a posta en valor das distintas variedades e para a difusión de boas prácticas e procedementos de cultivo. Así mesmo, impulsarase a creación dunha ruta que conecte plantacións de té con diferentes aromatizacións.
 - Creación de **contidos divulgativos sobre botánica** dirixidos a distintos destinatarios. Inclúese un plan de formación para guías e informadores turísticos, así como accións de concienciación das e dos visitantes en canto á conservación dos xardíns.
- 
- Impulso de **accións de promoción no exterior**, entre as que se inclúe a organización de viaxes de familiarización con operadores enfocados a un segmento premium, así como a actualización de contidos promocionais en varios idiomas.
 - **Valorización de xardíns situados na contorna da fronteira**, co obxectivo de achegar a Ruta da Camelia ao país veciño, que conta tamén con espazos botánicos singulares na zona norte.
 - Consolidación do papel da Deputación no **Comité Camelia Galicia**, a través da súa participación técnica e institucional a prol da conservación e protección dos xardíns.
 - Apoio a iniciativas que permitan incrementar o número de **recoñecementos e certificacións** que ostentan os xardíns da provincia de Pontevedra.



RESPONSABLE

Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra

Estación Fitopatolóxica de Areiro

Entidades responsables da xestión de pazos e xardíns pertencentes á Ruta da Camelia

Axencias de receptivo

Asociacións de hostalaría

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Nº de actuacións en xardíns

Nº de xardíns incorporados á Ruta

Nº de visitantes aos xardíns

Nº de paquetes turísticos


Nº de accións divulgativas / formativas

Nº de viaxes de familiarización



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p>
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A riqueza patrimonial é un dos tres atributos que mellor definen ao destino Rías Baixas, a teor dos resultados extraídos da enquisa realizada como parte do proceso participativo de elaboración do plan estratéxico. Así, foi sinalada por seis de cada dez persoas entrevistadas (o 58%), e só superada pola beleza natural (87%) e a gastronomía (82%). Tamén no marco do proceso de consultas ao sector, nas mesas de traballo efectuáronse reflexións acerca da necesidade de informar e concienciar ao ecosistema turístico e á poboación local sobre o seu gran valor.

A provincia de Pontevedra conta cun **profundo e diverso patrimonio cultural**, que se manifesta en elementos universais como os trazados do Camiño de Santiago, pero tamén en preto de 340 Bens de interese cultural catalogados, entre os que destacan sete conxuntos histórico – artísticos, xunto a un variado elenco de monumentos civís e relixiosos, gravados rupestres, xardíns históricos e paisaxes culturais, entre outros.

DESCRIBIÓN

Fortalecemento do patrimonio da provincia de Pontevedra como **elemento nuclear da estratexia de creación de produto turístico** e protagonista nas accións de promoción do destino. É necesaria a colaboración coas entidades, públicas e/ou privadas, que ostentan a titularidade de cada ben obxecto de actuación, para a súa posta a punto e **revalorización de cara a garantir unha explotación turística sostible**.

Están previstas **actuacións centradas no patrimonio material** (arquitectónico civil e/ou relixioso, histórico, artístico, arqueolóxico), que en todo caso vai da man da compoñente inmaterial que o acompaña e que contribúe a explicar a evolución histórica da provincia e o legado tanxible que deixaron as persoas que viviron neste territorio en séculos e milenios pasados.

Dotar a estes activos patrimoniais dun potencial real desde o punto de vista turístico require do seu acondicionamento e coidado, pero tamén da **identificación da oferta e servizos privados cuxa actividade vire ao redor da súa interpretación**. Por outra parte, é de especial relevancia conseguir a implicación das axencias de receptivo para a paquetización de produtos que combinen este patrimonio con servizos de aloxamento e gastronomía para a conformación de experiencias turísticas de calidade dirixidas aos mercados nacional e internacional.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Artellamento dunha rede provincial de museos** que dea cabida a espazos expositivos de diversa índole e de concellos diferentes, co obxectivo de crear sinerxías e compartir recursos na procura dunha oferta cultural e turística homoxénea. Para dar forma á rede será necesario definir mecanismos de coordinación coas entidades locais titulares de cada recurso. Como punto de partida, o Museo de Pontevedra e o Convento de Santa Clara actuarán como nodos do tecido museístico, polo seu gran valor.
- Impulso de proxectos que contribúan á **visibilización de elementos patrimoniais senlleiros do interior da provincia**, e á súa inclusión nos circuitos comerciais de creación de produto. Incidirase na mellora da experiencia das e dos usuarios mediante o uso de solucións dixitais e fomentarse a creación de actividade turística (visitas guiadas e/ou teatralizadas) ao redor destes activos. Sirvan como exemplo proxectos como a museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro.
- **Fortalecemento do Pazo de Liñares como centro de actividade investigadora e divulgativa** a través da dinamización do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico (CXCA). Preténdese comunicar e difundir os traballos realizados ao redor dos xacementos galaico-romanos e poñer en valor a cultura castrexa.
- **Aproveitamento das diferentes estruturas defensivas** (castelos, fortalezas, torres, castros) presentes en todo o destino, e especialmente na franxa fronteiriza, para artellar un relato que percorra a **historia da provincia a través das diferentes disputas e guerras** que tiveron lugar ao longo dos séculos. Búscase chegar a públicos obxectivo cada vez máis interesados polo turismo bélico e militar, a través da creación de rutas tematizadas.
- **Enxalzamento do carácter pétreo do patrimonio material do destino como elemento singular e identitario do territorio e da súa paisaxe arquitectónica.** A utilización da pedra na construción de elementos civís, militares e/ou relixiosos está presente en todas as etapas históricas da provincia e permite facer un percorrido pola súa historia.
- **Creación de produto turístico ao redor do patrimonio industrial** asociado a sectores de diversa índole (naval, pesca, minaría, enerxía, automoción ou téxtil, entre outros) e ubicado tanto no litoral como en concellos de interior. A súa posta en valor permite incorporar á experiencia turística a explicación da evolución e desenvolvemento socioeconómico da provincia.



RESPONSABLE

Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
 Museo de Pontevedra
 Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
 Concellos
 Entidades titulares dos elementos patrimoniais
 Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
160 000,00 €	428 000,00 €	188 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €



INDICADORES

Nº de actuacións en elementos do patrimonio material

Nº de novas actividades turísticas ao redor do patrimonio

Nº de visitantes no Pazo de Liñares

Nº de accións de comunicación


Nº de paquetes turísticos

Nº de rutas tematizadas ao redor da historia



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Identidade Rías Baixas

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A identidade dun territorio constrúena un conxunto de conceptos e costumes aos que as sucesivas xeracións da comunidade local van dando forma co paso dos anos, e que permiten a estas persoas establecer vínculos emocionais e desenvolver un sentimento de pertenza que contribúe a conformar un acervo cultural común. Estes elementos inmateriais e outros, de carácter material, axudan a configurar a percepción que as e os turistas teñen deste territorio, é dicir, do destino que visitan. En clave estrictamente turística, **as persoas que viaxan hoxe en día queren afondar no coñecemento desta identidade local, queren dar sentido á súa viaxe e diferenciala doutras experiencias vividas noutros lugares do país ou do mundo.** Este proceso de inmersión require do compromiso de todos os grupos de interese do ecosistema turístico na garantía do mantemento da autenticidade do destino. Neste sentido, durante o proceso participativo foron varias as persoas que alertaron dunha perda de identidade asociada a procesos de masificación en determinados lugares e momentos. Paliar este risco é clave para facilitar a visibilización da idiosincrasia que identifica e diferencia á provincia de Pontevedra.

DESCRICIÓN


Pulo ao patrimonio inmaterial como elemento diferenciador da proposta do destino a través da posta en valor de ritos, lendas, mitos, tradicións, manifestacións culturais e/ou relixiosas, prácticas ou artes de traballo, que expliquen a singularidade da provincia de Pontevedra e da súa sociedade. Preténdese establecer unha conexión coas persoas que chegan ao destino e que se amosan interesadas en mergullarse nos costumes e forma de vida locais.

Teceranse redes de colaboración con entidades e asociacións responsables da protección e difusión dos valores vinculados a determinados elementos deste patrimonio inmaterial, coa finalidade de buscar sinerxías que permitan **incorporar esta compoñente de carácter intanxible a novos produtos turísticos desestacionalizadores e con calado no ámbito rural.** Así mesmo, establecerase unha interlocución fluída con entidades públicas de eido local (municipal e supramunicipal) para apoiarse nelas na identificación de novas manifestacións ou expresións deste legado inmaterial.

Situarase á poboación local no centro da estratexia, como axente clave na preservación e transmisión deste patrimonio ás xeracións vindeiras. Tamén desempeñará un rol protagonista na relación coas e cos turistas, de tal forma que se establecerán procesos de intercambio cultural entre anfitrións e visitantes.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Inclusión no relato promocional de elementos característicos do modus vivendi das persoas que habitan o destino Rías Baixas, con especial fincapé, en clave positiva, na calidade de vida** que se pode gozar en todos os recunchos da provincia. Levaranse a cabo tarefas de documentación que faciliten a visibilización das diferenzas existentes entre a forma de vida de cada comarca, para resaltar as particularidades de cada unha delas.
- Fomento do **contacto entre axencias de receptivo galegas e as entidades encargadas da preservación de determinados elementos do patrimonio inmaterial**, para facilitar a transferencia de coñecemento que permita a súa incorporación efectiva a produtos turísticos paquetizados, así como o deseño de itinerarios turísticos tematizados.
- Deseño de **produto turístico ao redor do patrimonio etnográfico ligado a determinados oficios e profesións**. Porase tamén en valor a relación destes elementos intanxibles (prácticas ou técnicas artesanais) coas estruturas físicas nas cales tiñan ou teñen lugar as actividades que deron forma a este legado (sirvan como exemplos un muíño ou un estaleiro). Fomentárase a organización de visitas guiadas.



- **Creación de contidos e edición de materiais divulgativos sobre lendas, mitos, crenzas e rituais relixiosos e/ou pagáns** de diversos puntos da xeografía provincial. Con carácter posterior á identificación e inventario destes elementos inmateriais poderán artellarse novas rutas ou visitas turísticas.



RESPONSABLE

Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

- Concellos
- Tecido asociativo
- Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	68 000,00 €	218 000,00 €	78 000,00 €	120 000,00 €	18 000,00 €	120 000,00 €



INDICADORES

Nº de elementos do patrimonio inmaterial identificados

Nº de entidades / asociacións contactadas

Nº de visitas guiadas

Nº de paquetes turísticos


Nº de rutas tematizadas ao redor de elementos inmateriais

Nº de materiais divulgativos creados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Produto turístico sostible

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A provincia de Pontevedra pode presumir dunha **biodiversidade, tanto mariña como terrestre, de incalculable valor**. Desde o prisma das figuras de protección, sen dúbida o Parque Nacional marítimo – terrestre das Illas Atlánticas é o buque insignia, pero existen outros espazos protexidos como o Parque Natural do Monte Aloia, así como diversas zonas de especial conservación (ZEC), zonas de especial protección para as aves (ZEPA) ou monumentos naturais, todos eles exemplos en canto a conservación do hábitat. Esta riqueza natural e ecolóxica complementábase coa diversidade paisaxística do litoral e do interior do destino.

Cabe destacar que as persoas que responderon á enquisa distribuída durante o proceso participativo **sinalaron a beleza natural e as paisaxes como o atributo que mellor define o destino** (foi elixido por un 87% das e dos consultados).

DESCRIPCIÓN

Aliñamento de todos os grupos de interese do ecosistema turístico para a configuración dunha oferta respectuosa co medio ambiente e coa sociedade local, co concepto de sostibilidade como elemento de diferenciación e posicionamento do destino. Búscase incrementar o valor real que perciben as e os turistas, e para conseguir este obxectivo **non basta con aproveitar a innegable riqueza natural e paisaxística da provincia, senón que é preciso facer fincapé na importancia de aplicar criterios sostibles na conformación de produtos e servizos** e na xestión do día a día das empresas.

Esta actuación está enfocada á creación de experiencias dirixidas a un público sensible co coidado do espazo natural que visita e desexoso de interactuar en clave positiva coa sociedade local. Trátase dun **segmento moi atractivo e cun alto potencial en termos de rendibilidade, posto que inclúe a persoas cun alto poder adquisitivo, pero tamén moi esixente no que se refire aos estándares de calidade**.

Darase continuidade a liñas estratéxicas xa implementadas no marco dos Plans de sostibilidade turística aprobados para diversos concellos e comarcas da provincia, e apostarase por **iniciativas e produtos turísticos que contribúan a diversificar a oferta e a xerar desenvolvemento económico en zonas rurais**.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Colaboración co Clúster Turismo de Galicia para **aglutinar as empresas turísticas da provincia que reúnan as condicións e cumplan os requisitos de pertenza ao club de produto Galicia Destino Sostible**. Ao abeiro desta marca, fomentárase a creación de produto turístico implicando a toda cadea de valor, desde o receptor no seu labor de paquetización ata empresas que comercialicen actividades nas que as persoas usuarias estean en contacto directo co medio natural.
- **Deseño de rutas turísticas que unan recursos significativos do patrimonio natural** do destino Rías Baixas. Estes itinerarios son susceptibles dunha especialización temática e poden virar ao redor de elementos característicos da biodiversidade ou de lugares que son testemuño da beleza paisaxística das diferentes comarcas.
- **Fomento do turismo científico como imán** para a captación de turistas interesados na interpretación e coñecemento da biodiversidade da provincia. Trátase dunha modalidade cun gran potencial no tocante á atracción de visitantes estranxeiros. No marco desta medida operativa, darase continuidade á colaboración coa Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO Birdlife) para potenciar os principais enclaves para o avistamento de aves.
- Organización de accións de traballo en rede con entidades de ámbito local, tanto do eido público como do privado, para establecer sinerxías que faciliten a **creación de paquetes turísticos ao redor de actividades de ecoturismo**.
- Posta en marcha de **accións de promoción, dirixidas aos mercados nacional e internacional, cuxo enfoque se basee no capital natural que atesoura a provincia**. Inclúese a asistencia a feiras especializadas e a organización de viaxes de familiarización que introduzan nos circuitos de comercialización a recursos e empresas vencellados á natureza do destino.
- **Aproveitamento do potencial desestacionalizador do turismo rural** a través do apoio a actividades turísticas que teñan lugar en contacto co medio natural. Búscase atraer a un público obxectivo, principalmente galego e nacional, vinculado a un turismo de “escapadas” ou de fin de semana. Incentivarase a participación do sector primario, especialmente de zonas do interior, co obxectivo de conformar unha oferta de agroturismo.
- **Creación de contidos divulgativos en materia de sostibilidade aplicada á xestión das empresas e á relación destas coa súa clientela**. Búscase axudar ás e aos xestores a colocar no mercado servizos turísticos que sexan percibidos como sostibles polas persoas usuarias. Ademais de incrementar o grao de coñecemento que as e os profesionais teñen do patrimonio natural da súa contorna, é necesario que se formen para unha xestión máis eficiente dos seus recursos e para un enfoque de redución da pegada de carbono.



RESPONSABLE

Técnica de comunicación



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Clúster Turismo de Galicia

Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO Birdlife)

Concellos

Tecido asociativo

Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €



INDICADORES

Nº de empresas da provincia pertencentes a Galicia Destino Sostible

Nº de produtos impulsados no seo de Galicia Destino Sostible

Nº de rutas tematizadas ao redor de elementos do patrimonio natural

Nº de accións de traballo en rede

Nº de accións divulgativas

Nº de accións de promoción



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Rías Baixas nocturna

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A Fundación Starlight define o astroturismo como unha modalidade de turismo sostible e responsable, que combina a observación do ceo nocturno e diurno coa a divulgación e actividades de ocio relacionadas coa astronomía.

A provincia de Pontevedra conta con dous destinos Starlight, o Parque Nacional das Illas Atlánticas e o Concello de Lalín, así como un Lugar Starlight, o Faro de Avión. Isto é unha mostra de que tanto a costa como o interior contan con espazos ideais para a contemplación do firmamento.

Se ben o turismo astronómico está en auge nos últimos tempos, **a noite ofrece outras oportunidades en canto a creación de actividade turística**, especialmente no tocante á programación cultural, o que permite crear novos espazos de convivencia entre as e os visitantes e a cidadanía local. Supón ademais, un acicate para ampliar a duración das estadas no destino.

DESCRICIÓN

Programación de actividades nocturnas co obxectivo de dar forma a unha oferta experiencial dirixida tanto ás persoas que chegan ao destino como a aquelas que o habitan todo o ano. A través da dinamización de actividades principalmente culturais, pero tamén doutra índole, como poden ser gastronómicas ou deportivas, preténdese xerar **novos espazos de convivencia entre visitantes e comunidade autóctona**. Isto será o alicerce dun proceso de intercambio cultural que achegará as e os turistas ás raíces da idiosincrasia local, o que maximizará o valor da súa experiencia. As actividades relacionadas coa contemplación das estrelas terán un peso importante dentro deste plan de actuación, posto que se vinculan cunha tipoloxía de turistas concienciados con minimizar a pegada que deixan nos espazos que visitan. Ademais, **o astroturismo supón unha oportunidade en termos de redistribución de riqueza**, posto que incide positivamente nos espazos naturais nos que se practica e permite achegar novos visitantes a territorios rurais.

Contar coa noite como unha oportunidade real á hora de artellar novos produtos e servizos permite **incorporar novas capas á oferta do destino e incita as persoas usuarias a contratar servizos de aloxamento para prolongar a súa estada**.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Fomento do astroturismo no destino Rías Baixas** a través da colaboración con entidades impulsoras de actividades de contemplación e interpretación das estrelas. Traballarase na identificación, adecuación e posta en valor desde un punto de vista turístico de espazos coas condicións lumínicas idóneas para este tipo de accións. Así mesmo, promocionaranse os enclaves e empresas da provincia que contan con algunha das distincións Starlight.

- Posta en marcha dunha **programación cultural de carácter nocturno vinculada a lugares emblemáticos do patrimonio material**. Inclúense diferentes tipos de actividade (concertos, recitais, actuacións teatrais, conferencias etc.), dirixidas tanto ás persoas que visitan o destino como á poboación local. Será necesaria a cooperación coas entidades, públicas ou privadas, titulares dos espazos nos que se pretende artellar esta oferta cultural, para conseguir a súa cesión e para garantir a súa apertura.

- Aproveitamento do conxunto de **festas populares e verbenas como punto de contacto** entre a comunidade nativa e as persoas que pasan uns días nos destino. Visibilizaranse tradicións propias de cada festa, como poden ser os fogos de artificio vinculados a determinadas festividades.



- **Valorización dos traballos de confección das alfombras florais do Corpus Christi** de Pontearreas, a través da organización de visitas guiadas e interpretativas que permitan visibilizar as tarefas nocturnas de colocación.

- **Apoio a entidades organizadoras de eventos deportivos de carácter nocturno**, pola súa notoriedade e capacidade de mobilizar a deportistas que farán noite no destino.



RESPONSABLE

Técnica turismo e calidade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra

Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas

Fundación Starlight

Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Pontearreas

Concellos

Tecido asociativo do comercio



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	- €



INDICADORES

Nº de distincións Starlight

Nº de espazos de observación identificados

Nº de eventos nocturnos

Nº de visitas guiadas

Nº de produtos turísticos



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Pontevedra é auga

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Cohesivo



Innovador



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A auga é un elemento inherente á identidade do destino Rías Baixas. A provincia presume de case 400 quilómetros de costa, tres rías navegables durante todo o ano e con infraestrutura para a práctica de actividades náutico-deportivas e 60 praias con bandeira azul no ano 2024. Ademais, é territorio de paso e desembocadura do Miño como río máis senlleiro de Galicia, e conta con numerosos cursos fluviais, encoros, fervenzas e pozas, que contribúen a artellar un **rico patrimonio hídrico que debe ser aproveitado desde un punto de vista turístico.**

Ademais, modalidades como o turismo mariñeiro, a náutica, o sol e praia ou o termalismo obtiveron altas puntuacións á hora de valorar os produtos turísticos aos que se debe outorgar unha maior importancia estratéxica no futuro a medio e longo prazo, segundo datos extraídos da enquisa realizada ao sector.

DESCRICIÓN

Aproveitamento da **auga como activo para o desenvolvemento turístico de toda a provincia a través da posta en valor de recursos marítimos, fluviais e termais.** Búscase sacarlle o máximo partido na creación de novas experiencias turísticas que poidan ter lugar en calquera momento do ano. As óptimas condicións de navegabilidade das rías, a calidade e prestixio dos areas do litoral, o patrimonio etnográfico e inmaterial vencellado ao mar ou as posibilidades que ofrecen os ríos en canto á práctica deportiva son argumentos para artellar unha oferta sostible e desestacionalizadora. O carácter descentralizador desta actuación, que prevé iniciativas con incidencia en toda a provincia, permite implementar medidas que entroncan moi ben coa filosofía da presente estratéxica. A auga non é un recurso exclusivo dun concello ou comarca concreta. Todo o contrario, **ten unha natureza cohesiva posto que ríos e rías vertebran o territorio a través dos seus cursos.**

Mención aparte merece o **termalismo**, que tamén se encadra dentro deste plan de acción. O destino Rías Baixas conta cunha oferta de primeiro nivel neste campo, que se complementa perfectamente con outros atributos como a cultura, a natureza e a enogastronomía para configurar experiencias atractivas para segmentos cun poder adquisitivo medio – alto.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Impulso de “Praias sen límites”**, proxecto de colaboración implementado no marco do programa Experiencias Turismo España da man doutros destinos nacionais: Costa do Sol, Almería, Lanzarote e Santander. A iniciativa baséase no aproveitamento das praias como recurso desestacionalizador. Entre outras accións, favoreceranse experiencias de turismo familiar con mascotas nas praias e deseñaranse rutas de sendeirismo que poñan en valor a beleza da costa.
- **Valorización da identidade mariñeira das poboacións do litoral.** Implicarase as empresas locais e o receptivo no deseño de experiencias ao redor do patrimonio material e inmaterial vencellado ao mar. Apoiaranse proxectos de rehabilitación e conservación de embarcacións tradicionais, organizaranse visitas a elementos vinculados á pesca e o marisqueo (lonxas, bateas, conserveiras etc.) e visibilizarase a arquitectura tradicional das vilas.
- **Fomento da náutica de recreo nas tres rías do destino durante todo o ano**, a través da dinamización da infraestrutura de portos deportivos e clubs náuticos e da identificación de empresas que presten servizos turísticos relacionados co mar. Ademais de apoiar eventos e competicións de deporte base, traballarase na inclusión destas actividades en paquetes turísticos que complementen recursos de costa e interior. Están previstas accións de promoción específicas, como a presenza en feiras internacionais do sector ou a organización de viaxes de familiarización.
- **Colaboración con Augas de Galicia e coa Confederación Hidrográfica Miño – Sil** para a implementación de actuacións de posta en valor dos recursos fluviais da provincia.
- **Pulo á práctica do deporte de aventura na contorna dos ríos e encoros da provincia.** Traballarase da man das empresas de turismo activo para artellar unha oferta segura e de calidade ao redor de actividades como o remo, o rafting, o barranquismo, o esquí acuático ou a pesca fluvial, entre outras. Así mesmo, colaborarase coas administracións locais para a creación de sendas nas marxes dos ríos.

- > **Aproveitamento do coñecemento xerado no marco do proxecto Visit Rio Minho** para dar continuidade a accións de cooperación transfronteiriza que saquen partido ao potencial turístico do río Miño.

- > **Adecuación, desde un prisma turístico, das zonas de baño dispoñibles nos ríos do destino**, ben sexan praias fluviais ou pozas. As tarefas de posta en valor inclúen a sinalización e mantemento, e especialmente a optimización das condicións de seguridade e accesibilidade.

- > **Potenciación do papel protagonista da oferta termal** da provincia na estruturación de experiencias turísticas de alto valor engadido. Traballarase da man das empresas e entidades vencelladas ao termalismo na posta en marcha de accións de promoción enfocadas a atraer turistas en meses de menor actividade. A estratexia virará ao redor da Ruta das Vilas Termals.

- > Visibilización e promoción de **espazos termals a ceo aberto**. Sirvan como exemplo as termas de Teáns, en Salvaterra do Miño.





RESPONSABLE

Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Confederación Hidrográfica Miño – Sil

Augas de Galicia

Entidades asociadas no proxecto “Praias sen límites”

Asociación de clubs náuticos de Galicia (ASNAUGA)

Asociación de balnearios de Galicia

Asociación galega de empresas de turismo activo e de aventura (AGETAN)

Tecido asociativo vencellado ao mar

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
30 000,00 €	50 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	- €



INDICADORES

Nº de praias adaptadas para o turismo familiar con mascotas

Nº de rutas de sendeirismo de carácter litoral

Nº de produtos turísticos

Nº de visitas guiadas

Nº de accións de promoción

Nº de actuacións en recursos fluviais

Nº de rutas de sendeirismo de carácter fluvial



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Segundo o *Anuario de Estadísticas Deportivas 2024*, publicado polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, no ano 2023 **o deporte foi a motivación principal de viaxe en territorio nacional de máis de catro millóns de persoas residentes no país**, que rexistraron unha estadía media de tres días no seu destino. Igualmente, foi a principal causa da viaxe a España de 1.286.300 persoas foráneas, que estiveron no país unha media de sete días e deixaron 1.206 euros de gasto por persoa. Se se analizan as cifras de turistas que, sen ter necesariamente o deporte como motivación principal do seu desprazamento, realizaron algunha actividade deportiva no destino, o dato dispárase ata máis de 51 millóns no caso dos visitantes nacionais e case 11 millóns no relativo a turistas de fóra do país. **No caso concreto dos espectáculos deportivos, mobilizaron a 3.422.700 persoas residentes en España e a 2.166.400 estranxeiras e estranxeiros.**

DESCRIPCIÓN

A práctica deportiva é indisoluble dos hábitos de vida saudables e está vencellada non só á posta a punto física do corpo, senón tamén ao benestar mental das e dos deportistas. Ano a ano medra como motivación principal de visita e constitúe unha gran oportunidade en termos de desestacionalización, dado o vasto e variado calendario de probas que se celebran. **O destino Rías Baixas reúne boas condicións para posicionarse neste segmento**, desde uns recursos naturais e orografía que permiten a práctica dun amplo abano de disciplinas ata unha climatoloxía suave.

O obxectivo desta actuación é conseguir que este potencial da provincia de Pontevedra para posicionarse como un destino de referencia en turismo deportivo se traduza na **conformación de novas experiencias e produtos turísticos comercializables**. O deporte fai viaxar non só ás persoas que o practican, senón tamén a outras que se desprazan expresamente para asistir como espectadoras. Ademais, soe implicar a acompañantes, que tamén forman parte do grupo e, en definitiva, da experiencia no destino.

Se ben se aspira a atraer a visitantes dos ámbitos nacional e internacional, farase un especial fincapé en mercados de proximidade. Sen dúbida, as galegas e galegos que se moven en territorio autonómico, como excursionistas, para participar en probas deportivas, son un público obxectivo a ter en conta, **coa pretensión de convertelos en turistas que fan noite no destino.**

MEDIDAS OPERATIVAS

- Apoio a entidades e federacións organizadoras de **eventos deportivos na provincia que contén con proxección nacional e/ou internacional**. Ser sede de probas deste calibre terá unha gran repercusión económica no destino e facilitará a implementación de accións de promoción.
- Definición de accións de traballo en rede que senten as bases para unha coordinación efectiva entre entidades organizadoras das probas e o ecosistema empresarial do turismo (especialmente receptivo e aloxamentos), para facilitar o artellamento dunha **oferta de actividades que enriquezan a experiencia no destino das e dos deportistas que se desprazan á provincia**.
- Conformación de **paquetes turísticos dirixidos a aqueles núcleos familiares que se desprazan acompañando a unha persoa participante** nunha proba, ben sexa amateur ou de base. O deporte serve de elemento de atracción pero hai que facilitar ás e aos visitantes excusas para ampliar a súa estadía, coñecer o destino e repetir nun futuro.
- Seguimento e **actualización da información relativa ao calendario de probas** deportivas que se celebran na provincia. Categorizaranse segundo a modalidade ou disciplina e atendendo tamén ao seu carácter profesional, amateur ou de base. Tamén se revisará o **inventario de infraestruturas e equipamentos**.
- Posicionamento da provincia de Pontevedra como **destino para a celebración de campus deportivos e/ou stages de preparación**. Potenciaranse instalacións como o Centro Galego de Vela ou o Centro deportivo David Cal para fomentar estadias de adestramento de deportistas de alto nivel.
- Posta en marcha de accións de promoción do destino que visibilicen a oferta da provincia neste eido. Inclúese a posibilidade de organizar **viaxes de familiarización e asistencia a feiras de turismo deportivo**.
- **Establecemento de mecanismos de gobernanza** que involucren a diferentes grupos de interese implicados no deporte (clubs, federacións, empresas, xestores de equipamentos) e no turismo da provincia, tanto do eido público como do privado, para definir políticas e estratexias transversais que impulsen o desenvolvemento económico a partir da práctica deportiva.



RESPONSABLES

Técnico de contidos dixitais
 Técnica de turismo e calidade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra
 Federacións deportivas
 Entidades organizadoras de probas deportivas
 Asociación galega de empresas de turismo activo e de aventura (AGETAN)
 Axencias de receptivo
 Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €



INDICADORES

Nº de eventos deportivos apoiados

Nº de participantes en probas deportivas

Nº de accións de traballo en rede

Nº de produtos turísticos

Nº de accións de promoción



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Enoturismo Rías Baixas

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Cada unha das persoas que realiza enoturismo computa un gasto medio diario de 201,8 euros, segundo datos extraídos do informe de Análise da demanda turística Rutas del Vino de España, publicado en outubro de 2023. Esta é unha cifra moi superior á que reflicte o gasto medio diario dun ou dunha turista nacional nas súas viaxes por España. Trátase dun perfil con interese por coñecer o destino e as súas localidades, que realiza outras actividades e que prefire pernoctar na contorna, polo que unha boa oferta enoturística non se cingue á visita a bodegas e viñedos ou á degustación de bos viños.

Por outra parte, na enquisa realizada ao abeiro do presente plan estratéxico, **o enoturismo quedou sinalado como un dos produtos turísticos clave no futuro do destino**. Así, case a metade das persoas consultadas outorgáronlle unha puntuación de máxima prioridade na folla de ruta para os vindeiros anos.

DESCRIPCIÓN

Aposta polo enoturismo como activo na conformación de produtos con capacidade de atracción de turistas de alto valor engadido, mediante a implementación de actuacións que permitan **poñer a punto e modernizar a oferta turística vencellada ao viño** para adaptala aos requerimentos dun perfil de visitantes que demanda experiencias sostibles e de calidade. En liña coa filosofía e visión da presente estratexia, preténdese aproveitar o carácter descentralizador do enoturismo como unha **oportunidade de desenvolvemento económico e redistribución de riqueza en contornas rurais**. Trátase, ademais, dun segmento con gran potencial en termos de internacionalización, cuestión a ter en conta á hora de deseñar e executar estratexias de promoción e comercialización.

Esta actuación **levarase a cabo da man da Ruta do Viño Rías Baixas**, como entidade que aglutina ao ecosistema do enoturismo na provincia, e que acumula unha dilatada experiencia e recoñecementos que a acreditan como unha das Rutas do Viño de referencia no ámbito nacional. Así, outorgaráselle protagonismo tanto na planificación como na execución de accións que adapten e preparen tanto o destino como os grupos de interese vencellados ao viño para competir no contexto do turismo actual.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Redacción dun **Plan estratéxico da Ruta do Viño Rías Baixas** para o próximo trienio. Impulsarase un proceso participativo que permita facer unha análise interna da propia Ruta e da oferta enoturística da provincia, ademais de realizar un *benchmarking* de boas prácticas noutros territorios de España e do estranxeiro. Incluirá unha planificación de actividades a curto, medio e longo prazo.

- **Mellora da sinalización** dos recursos relacionados coa Ruta do Viño Rías Baixas a través da subministración e instalación de novos sinais físicos e mediante a implantación de solucións dixitais con criterios de accesibilidade universal.

- Definición dunha **estratexia de marketing dixital** que permita xerar novos contidos e posicionar á Ruta do Viño Rías Baixas como unha das referencias nacionais. Aspírase a maximizar a interacción coas persoas que chegan á provincia motivadas polo enoturismo.



- Coordinación dos axentes da cadea de valor do enoturismo para a conformación de **novas experiencias turísticas ao redor da cultura do viño**. Apoiaranse novas iniciativas e traballarase da man do receptivo local para facilitar a comercialización dos novos produtos.

- Apoio á Ruta do Viño Rías Baixas e aos seus asociados na implementación de **solucións de eficiencia enerxética e de mobilidade sostible**. Porase en marcha unha liña de axudas destinada á colocación de estacións de recarga para coches e vehículos eléctricos de mobilidade persoal na contorna de recursos turísticos ligados á Ruta, principalmente bodegas.



RESPONSABLES

Técnica de competitividade
Xefa de sección



AXENTES IMPLICADOS

Ruta do Viño Rías Baixas
Empresas e entidades asociadas á
Ruta do Viño Rías Baixas
Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €



INDICADORES

Nº de actuacións previstas no Plan estratéxico da
Ruta do Viño Rías Baixas

Nº de recursos turísticos da Ruta do Viño Rías Baixas
senalizados

Nº de visitas á páxina web da Ruta do Viño Rías
Baixas

Nº de seguidores en perfís de redes sociais da Ruta
do Viño Rías Baixas

Nº de estacións de recarga eléctrica



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para a cidadanía, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p>
<p>OP3 - Unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade.</p>	<p>OE 3.2. - O desenvolvemento e o reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á RTE-T e da mobilidade transfronteriza.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>

Gastronomía Rías Baixas

SOMOS RÍAS BAIXAS

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A provincia de Pontevedra presume dunha **cadea de valor enogastronómica de primeiro nivel** e cun gran potencial no só como argumento principal para a creación de produto turístico, senón tamén para impregnar ao conxunto do destino dun aura de excelencia grazas ao seu carácter transversal para a xeración de experiencias.

Este patrimonio gastronómico **susténtase nos seus produtos e tamén na excelencia dos seus cociñeiros, cociñeiras e restaurantes**. Entre eles, sete foron galardoados con estrelas Michelin, destacando os restaurantes Culler de Pau e Pepe Vieira, que contan con dúas estrelas Michelin e unha Estrela Verde cada un. Ademais, os restaurantes Silabario, Eirado, Yayo Daporta, Casa Solla e Maruja Limón tamén foron recoñecidos con estrelas Michelin. Por outra banda, dez restaurantes acumulan dezaioito Soles Repsol, o cal constitúe unha testemuña da alta calidade culinaria do destino Rías Baixas. Por outra parte, non se debe esquecer o extenso patrimonio inmaterial vencellado ás festas de interese turístico gastronómicas.

DESCRICIÓN

Visibilización da gastronomía da provincia como fonte de oportunidades en termos de posicionamento do destino, de cohesión territorial e de desenvolvemento económico de contornas rurais. Involucrarase e apoiarase a todos os grupos de interese na protección e promoción do produto local e porase en valor o papel histórico de mulleres e homes na conformación do acervo cultural vencellado á gastronomía e ao sector primario do territorio. **Ampliar a dimensión da experiencia turística** para dar cabida a toda a cadea de valor enogastronómica, especialmente os elos vinculados co sector primario (capitaneados polas diferentes figuras de protección existentes), permitirá que as persoas que visitan a provincia non só gocen da súa cociña, senón que poidan afondar no coñecemento da orixe das materias primas, os seus procesos de recolección e transformación, ou en como os procesos de elaboración culinaria levan este produto ao prato final. En termos de competitividade, **a excelente complementariedade da enogastronomía con outros recursos do destino dará ás e aos turistas máis posibilidades de elección fóra dos tradicionais polos de atracción turística**, o que permitirá diminuír a concentración da demanda e redistribuír fluxos en diferentes épocas do ano, así como incrementar a rendibilidade de empresas dos 61 concellos.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Visibilización do papel da cociña tradicional** na conformación da idiosincrasia gastronómica da provincia. Poranse en valor os produtos de proximidade e as cociñeiras e cociñeiros locais, responsables de restaurantes con décadas de experiencia e éxito probado a partir dunha oferta de produtos e receitas que singularizan o territorio, máis alá das influencias chegadas doutros lugares ou culturas culinarias.
- **Promoción dereceitas ou especialidades específicas de determinadas zonas da provincia**, que contribúan á diferenciación do destino. Traballarase da man das figuras de protección (denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas) como grandes coñecedoras das materias primas e produtores locais para garantir o máximo rigor e calidade nas propostas.
- **Impulso de clubs de produto ao redor de recursos ou materias primas senlleiras**, co obxectivo de establecer redes de traballo que impliquen ao sector hostaleiro e ao primario, pero tamén a outros elos da cadea de valor turística. Defíniranse requisitos comúns co propósito de lograr a excelencia no produto e no servizo. Sirva como exemplo o club de produto da lamprea.



- Implicación de entidades de carácter local e do tecido asociativo na posta en marcha de **accións de concienciación sobre a implantación de prácticas sostibles na hostalaría**, especialmente no relativo á adopción efectiva de solucións de economía circular.
- **Potenciación dos mercados de abastos** como punto de encontro entre turistas e poboación local, a través da organización de degustacións e experiencias *pop up* gastronómicas.
- Colaboración cos grupos de desenvolvemento rural (GDR) e cos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para o **impulso de proxectos de base gastronómica**.



RESPONSABLE

Técnica de competitividade



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
95 000,00 €	100 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €



AXENTES IMPLICADOS

Axencia Turismo de Galicia

Grupos de desenvolvemento rural (GDR)

Grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)

Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas

Tecido asociativo vencellado á hostalaría

Concellos e entidades supramunicipais



INDICADORES

Nº de axentes do sector hostaleiro implicados

Nº de axentes do sector primario implicados

Nº de receitas autóctonas

Nº de clubs de produto

Nº de membros dos clubs de produto

Nº de iniciativas impulsadas no marco dos clubs de produto

Nº de accións divulgativas

Nº de actuacións en mercados de abastos



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.6. - O fomento da transición cara unha economía circular e eficiente no uso dos recursos.</p> <p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE



Rías Baixas MICE: Convention Bureau provincial

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Innovador



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A creación do Convention Bureau Provincial “Rías Baixas MICE” responde a unha necesidade estratéxica para o desenvolvemento e a diversificación do turismo na provincia. **Esta iniciativa busca capitalizar o potencial do turismo MICE (Meetings, Incentives, Conferences, and Exhibitions), un segmento de alto valor engadido capaz de impulsar a economía local e reducir a estacionalidade turística.** As Rías Baixas, cos seus recursos naturais, patrimonio cultural, infraestruturas modernas e crecente reputación turística, posúen os atributos necesarios para destacar neste competitivo mercado.

O Convention Bureau actuará como catalizador para posicionar as Rías Baixas como referente MICE e servir de punto de contacto especializado para persoas que organizan eventos, asociacións e empresas. Esta iniciativa pretende fomentar diferentes beneficios, incluíndo a atracción de visitantes en tempadas baixas, o aumento do gasto medio por turista e a xeración dun impacto económico positivo na rexión. Ao aliñarse coas tendencias globais cara á especialización e as experiencias únicas, **“Rías Baixas MICE” non só responde a unha oportunidade de mercado, senón que se posiciona estratéxicamente para o futuro do sector, pois contribúe ao crecemento sostible e á diversificación do turismo.**

DESCRIPCIÓN

A actuación “Rías Baixas MICE” **busca posicionar a rexión como un destino MICE de referencia a nivel nacional e internacional.** Para logralo, establecerase unha estrutura organizativa sólida que xestionará todas as actividades relacionadas co turismo MICE na provincia. A promoción realizarase mediante accións de márketing innovadoras e experienciais dirixidas a actores clave do sector, cun énfase especial na sostibilidade. Fomentaranse eventos responsables e de baixo impacto ambiental, cun reforzo do compromiso da provincia coa preservación do seu contorno natural e cultural.

Esta iniciativa tamén buscará a integración da comunidade local na proposta de valor MICE, co que se facilitarán interaccións auténticas entre as persoas participantes e a cultura local. A innovación tecnolóxica desempeñará un papel fundamental na diferenciación de Rías Baixas, a través de solucións avanzadas para mellorar a experiencia das persoas asistentes. **O obxectivo final é aumentar a cantidade e a calidade dos eventos MICE, e xerar un impacto positivo na economía local, a infraestrutura turística e a proxección internacional da provincia, co que Rías Baixas se consolidará como un destino versátil e de alta calidade para todo tipo de visitantes.**

MEDIDAS OPERATIVAS

- Redacción do **plan director para a creación dun Convention Bureau de ámbito provincial**, unha acción fundamental para establecer as directrices e os obxectivos que guiarán o desenvolvemento do turismo MICE nas Rías Baixas. Este plan servirá como folla de ruta detallada e incluírá as estratexias, as accións e os recursos necesarios para a implementación dun organismo que coordine e promova a oferta MICE da provincia.
- Organización de **famtrips especializados en MICE e asistencia a feiras especializadas para a promoción das Rías Baixas como destino MICE**. Os *famtrips* permitiránlles a decisores do sector experimentar directamente os atractivos da provincia, mentres que a presenza en feiras especializadas impulsará o *networking* e a visibilidade da oferta MICE en mercados estratéxicos.
- **Organización de eventos MICE sostibles, así como obtención de certificacións sostibles para eventos**. Isto non só responde ás crecentes demandas do mercado por prácticas responsables, senón que tamén sitúa as Rías Baixas como un referente en sostibilidade. A certificación de eventos sostibles garantirá que as prácticas implementadas minimicen o impacto ambiental, o que reforza o compromiso de Rías Baixas coa conservación do seu contorno natural e cultural.



- Aproveitamento dos eventos MICE para **fomentar o contacto coa poboación local como estratexia que integra a responsabilidade social corporativa (RSC)**. Esta iniciativa busca crear experiencias significativas e auténticas para quen participa e promover interaccións enriquecedoras coa comunidade local.
- **Incorporación de wearables e tecnoloxías inmersivas para diferenciar Rías Baixas como destino innovador**. Estas solucións mellorarán a experiencia das persoas participantes, o que aumentará a eficiencia e o atractivo dos eventos, e situará as Rías Baixa á vangarda do turismo MICE.



RESPONSABLE

Técnica de competitividade



AXENTES IMPLICADOS

Empresas e entidades do sector MICE



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
25 000,00 €	58 000,00 €	196 000,00 €	52 000,00 €	52 000,00 €	52 000,00 €	52 000,00 €



INDICADORES

Nº de eventos MICE realizados anualmente na provincia

Nº de participantes en eventos MICE

Duración media da estadía de participantes MICE

Gasto medio por participante MICE

Nº de novos empregos creados no sector MICE

Taxa de ocupación hoteleira durante eventos MICE

Satisfacción de organizadores de eventos (enquisa posterior)

Nº de *famtrips* organizados e persoas asistentes

Nº de feiras MICE nas que se participou

Nº de interaccións entre participantes MICE e a comunidade local

Distribución estacional dos eventos MICE (para medir a desestacionalización)



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.3. - O reforzo do crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

Renaturalización e recuperación de espazos de especial valor

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Innovador



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Esta actuación xorde como resposta aos desafíos ambientais e turísticos aos que se enfrenta Rías Baixas. Con ela **recoñécese a importancia do patrimonio natural non só como atractivo turístico, senón tamén como un elemento vital para a sostibilidade e o benestar da comunidade local na provincia de Pontevedra**. Nun contexto de crecente presión turística sobre os ecosistemas, cómpre levar a cabo intervencións para preservar e restaurar os espazos naturais da provincia. A renaturalización e a rexeneración dos espazos naturais ten como obxectivo conservar a biodiversidade e mellorar a experiencia turística, co que se responde á crecente demanda dun turismo máis sostible e respectuoso co medio natural. A rexeneración de recursos turísticos de especial valor é esencial para revitalizar e diversificar a oferta turística da rexión.

Polo tanto, **a necesidade desta actuación radica en garantir a sostibilidade medioambiental a longo prazo das Rías Baixas, mellorar a súa resiliencia ecolóxica, aumentar o seu atractivo turístico e contribuír a equilibrar o desenvolvemento turístico coa conservación do patrimonio natural**. Desta maneira, asegúrase que as xeracións futuras poidan seguir gozando e beneficiándose dos recursos naturais da provincia de Pontevedra.

DESCRINCIÓN

Esta actuación ten como **obxectivo revitalizar e potenciar o patrimonio natural e cultural das Rías Baixas**, cun firme compromiso coa sostibilidade e a resiliencia ante o cambio climático. A estratexia que se vai desenvolver inclúe un programa de intervencións en espazos naturais para recuperar ecosistemas degradados, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica e promover a biodiversidade destes. Ademais, outro aspecto fundamental é o embelecemento integral, que harmonice o desenvolvemento turístico coa preservación do carácter auténtico das Rías Baixas. Tamén se implementarán iniciativas para mitigar os efectos do cambio climático, co que se fortalecerá o posicionamento das Rías Baixas como un destino turístico responsable.

As diferentes accións desta actuación levaranse a cabo a través de proxectos coordinados, involucrando a comunidade local, especialistas en conservación e axentes do sector turístico, para garantir un enfoque colaborativo. O obxectivo é aumentar o atractivo turístico das Rías Baixas, mellorar a calidade de vida da poboación e asegurar a conservación a longo prazo do seu patrimonio natural e cultural.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Desenvolvemento de **proxectos centrados na recuperación e a revitalización de ecosistemas degradados nas Rías Baixas**. Estes proxectos buscan restaurar a funcionalidade ecolóxica de áreas afectadas polo impacto do turismo e o cambio climático e outros factores. Mediante intervencións específicas, traballarase para restaurar a vexetación, mellorar a calidade do solo e da auga, e reintroducir especies autóctonas.
- Posta en marcha de proxectos de **restauración e conservación de espazos patrimoniais desde un punto de vista enerxético** co obxectivo da restauración e a conservación de espazos patrimoniais, integrando prácticas de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental. **Os proxectos enfocaranse na rehabilitación de edificios históricos e sitios culturais, coa mellora da eficiencia enerxética mediante tecnoloxías modernas que respecten a integridade histórica**. Ademais, promoverase o uso de enerxías renovables e a adopción de prácticas sostibles para asegurar a conservación a longo prazo destes espazos e reducir ao mesmo tempo o impacto ambiental.
- **Promoción da Biodiversidade nos Espazos Naturais**, a través de programas e actividades destinados á conservación de especies autóctonas e os seus hábitats, así como a creación de corredores ecolóxicos que faciliten o movemento e a reprodución da fauna ao longo da provincia de Pontevedra. Ademais, desenvolveranse iniciativas educativas e de sensibilización para involucrar a comunidade local e os visitantes na protección da biodiversidade.
- **Realización de accións para embelecer lugares turísticos** mediante actuacións enfocadas na mellora estética e funcional dos espazos públicos e turísticos de Rías Baixas. As intervencións incluírán a renovación de infraestruturas, a mellora da paisaxe urbana e rural, e a creación de máis áreas recreativas. Estas melloras contribuirán á satisfacción dos visitantes e ao benestar da comunidade local.
- Desenvolvemento de accións **que contribúan á mitigación do cambio climático para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e á mellora da resiliencia ao cambio climático nas Rías Baixas**. As iniciativas incluírán a promoción de prácticas sostibles no turismo, a mellora da eficiencia enerxética en infraestruturas turísticas e a adopción de tecnoloxías limpas. Ademais, levarán a cabo proxectos de reforestación, conservación de solos e xestión sostible da auga.



RESPONSABLE

Técnica turismo e calidade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
 Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
 Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
 Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
 Confederación Hidrográfica Miño-Sil
 Augas de Galicia
 Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €	100 000,00 €



INDICADORES

Nº de proxectos de rexeneración iniciados e completados

Superficie de áreas naturais rexeneradas

Nº de proxectos de restauración enerxética implementados

Uso de enerxías renovables

Nº de proxectos de embelecemento realizados

Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro

Aforro enerxético en infraestruturas turísticas



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 2.1. - O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

OE 2.2. - O fomento das enerxías renovables de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2001, en particular os criterios de sostibilidade que se detallan nela

OE 2.3. - Desenvolvemento de sistemas, redes e equipos de almacenamento de enerxía intelixentes á marxe da rede transeuropea de enerxía (RTE-E).

OE 2.4. - O fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas.

OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.

Emprego turístico

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O sector turístico é un pilar fundamental da economía na provincia de Pontevedra. Con todo, **para manter e mellorar a calidade da oferta turística, é crucial abordar un dos desafíos máis urxentes: a retención do talento local.** A fuga de profesionais cualificados cara a outros territorios ou sectores representa unha ameaza significativa para o desenvolvemento sostible do turismo na provincia. Esta perda de talento non só afecta á calidade dos servizos turísticos, senón que tamén impacta negativamente na innovación e a competitividade do sector.

Esta actuación xorde como resposta a esta necesidade crítica. O seu obxectivo principal é crear un contexto propicio para que profesionais do turismo, especialmente a xente nova, atopen oportunidades atractivas e de desenvolvemento a longo prazo dentro da provincia de Pontevedra. **Reter o talento local non só beneficia o sector turístico, senón que tamén contribúe ao desenvolvemento económico e social da provincia.** Ao manter profesionais cualificados na provincia, foméntase a creación dun ecosistema turístico dinámico e innovador, capaz de adaptarse ás cambiantes demandas do mercado e de ofrecer experiencias de alta calidade ás persoas visitantes. Ademais, a retención do talento é clave para preservar e transmitir o coñecemento local, a cultura e as tradicións das Rías Baixas. Estes elementos son fundamentais para manter a autenticidade e o atractivo do destino nun mercado turístico cada vez máis competitivo.

DESCRIPCIÓN

Esta actuación oriéntase como unha iniciativa destinada **fortalecer e dinamizar o sector turístico na provincia de Pontevedra, cun enfoque principal na retención do talento local.** Esta proposta ten como obxectivo potenciar o mercado laboral para que non só reteña profesionais con cualificación, senón que tamén atraia novo talento. A actuación estrutúrase ao redor de varias accións conectadas entre si, que abordan as diversas facetas do emprego no sector turístico. Inclúense a formación innovadora e práctica, a colaboración entre o sector educativo e o empresarial, o desenvolvemento profesional continuo, e a mellora das condicións laborais e de vida das persoas que traballan do sector.

A través destas liñas de acción, **búscase crear un ciclo que comece coa formación de novos talentos e continúe coa súa integración efectiva no mercado laboral, e esténdase ao desenvolvemento e ao crecemento profesional a longo prazo dentro da provincia.** Ademais, ponse especial énfase no apoio a empresas e persoal directivo do sector, para recoñecer o seu papel crucial na creación dun contorno laboral atractivo e na implementación de prácticas innovadoras.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Impulso dunha **formación dual xuvenil centrada en combinar a educación teórica coa experiencia práctica nun contexto empresarial real**. Esta iniciativa implica a creación de obradoiros de empresas nos que a xente nova poida adquirir habilidades e coñecementos directamente relacionados co sector turístico. Os estudantes participarán en programas de formación que alternan períodos de estudo en institucións educativas con prácticas en empresas do sector, o que facilita unha transición fluída ao mercado laboral e asegura unha formación adaptada ás necesidades do mercado.
- Reforzo da colaboración do Servizo de Turismo de Rías Baixas co sector privado mediante a **creación dunha bolsa de empresas colaboradoras, dispostas a participar en programas de formación e emprego**. Esta acción fomentará a cooperación entre o sector empresarial e as institucións educativas, o que permitirá unha aliñación da oferta formativa coas demandas do mercado laboral. As empresas participantes benefíciense ao ter acceso a mozas con formación en competencias específicas, mentres que os estudantes teñen a oportunidade de realizar prácticas profesionais e facilitar a súa inserción laboral.
- Impulso dunha **formación específica para empresarias dirixida a persoal directivo e de xestión do sector turístico, co obxectivo de mellorar as súas competencias** en áreas clave como a xestión empresarial, a innovación, a sostibilidade e a dixitalización. Esta formación especializada permitiralle ao empresariado actualizar os seus coñecementos e adoptar novas prácticas que melloren a competitividade e eficiencia das súas empresas.
- Posta en marcha, desde a Deputación de Pontevedra, de **medidas de conciliación que permitan facilitar o equilibrio entre a vida laboral e persoal** do persoal que traballa no sector turístico. Estas medidas incluírán políticas e prácticas que permitan xestionar mellor as súas responsabilidades familiares e laborais, e contribuír a un ambiente de traballo máis saudable e produtivo.
- Creación dun **paquete de axudas para vivenda e transporte deseñado para apoiar o persoal do sector turístico**. Esta actuación ten como obxectivo reducir as barreiras económicas e loxísticas que enfrenta, mellorar a súa calidade de vida e facer máis atractiva a permanencia e o desenvolvemento profesional na rexión.



RESPONSABLES

Xefa de servizo
Administración



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Benestar Social da Deputación de Pontevedra
Servizo de Cooperación da Deputación de ontevedra
Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
CIFP Carlos Oroza e Manuel Antonio



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
-€	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Nº de programas de formación dual implementados

Nº de estudantes participantes

Nº de acordos de colaboración asinados co sector privado

Nº de cursos e obradoiros ofrecidos

Nº de medidas de conciliación impulsadas

Nº de axudas outorgadas



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.

OE 1.3. - O reforzo do crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos

OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.1. - Mellora da eficacia e o carácter inclusivo dos mercados de traballo e o acceso ao emprego de calidade, mediante o desenvolvemento das infraestruturas sociais e a promoción da economía social.

OE 4.2. - Mellora do acceso igualitario a servizos inclusivos e de calidade no ámbito da educación, a formación e a aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de infraestruturas accesibles, o que inclúe o fomento da resiliencia da educación e a formación en liña e a distancia

OE 4.3. - Fomento da inclusión socioeconómica das comunidades marxinadas, as familias con baixos ingresos e os colectivos menos favorecidos, entre os que se atopan as persoas con necesidades especiais, a través de actuacións integradas que inclúan a vivenda e os servizos sociais.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

Excelencia Rías Baixas

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Nun mercado turístico altamente competitivo, **a calidade turística é un factor decisivo para atraer e reter visitas**. Rías Baixas, coa súa oferta cultural, gastronómica e natural, debe continuar fortalecendo o seu posicionamento non só como un destino atractivo, senón tamén como un referente de excelencia na prestación de servizos turísticos.

É preciso **asegurar que todos os compoñentes do sector turístico, desde a infraestrutura ata a atención á clientela, cumpran cos máis altos estándares de calidade**. Isto non só mellora a experiencia do visitante, senón que tamén fortalece a reputación do destino Rías Baixas.

Ademais, a excelencia na calidade turística contribúe ao desenvolvemento sostible do sector turístico, xa que unha xestión eficiente e responsable dos recursos axuda a minimizar os impactos negativos sobre o medio e a comunidade local. Neste sentido, “Excelencia Rías Baixas” tamén se alia cos obxectivos de desenvolvemento sostible e a Axenda 2030, pois promove un turismo que beneficie a todas as persoas. Finalmente cómpre **destacar que esta actuación é esencial para incrementar a competitividade das empresas da provincia de Pontevedra**, dado que proporciona as ferramentas e o apoio necesarios para innovar e mellorar a súa oferta.

DESCRIPCIÓN

A calidade é unha das liñas estratéxicas que tanto a Deputación de Pontevedra como o Servizo de Turismo Rías Baixas estiveron desenvolvendo nos últimos anos. Grazas a esta estratexia, **situouse a Pontevedra como unha das provincias líderes a nivel nacional en xestión do SICTED e do Q de Calidade Turística**. Esta actuación está orientada a reforzar a estratexia de posicionamento dos recursos turísticos da provincia tendo en conta na súa calidade, o cal redundará positivamente non só no destino, senón tamén nos establecementos e servizos turísticos da provincia.

Doutra banda, **o papel da Deputación como axente acelerador no proceso de certificación dos concellos como destinos turísticos intelixentes (DTI) resulta crucial para facilitar a asistencia técnica aos destinos tanto en tema de innovación e tecnoloxía**, como en calidade turística, que é o obxecto desta actuación. Ademais, propónse a creación dunha mesa de calidade de Turismo Rías Baixas que permitirá coordinar esforzos e estratexias entre os diferentes axentes do sector e promover unha gobernanza colaborativa.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Continuación, por parte do Servizo de Turismo de Rías Baixas, do **SICTED** e implementación constante de estándares de calidade nos servizos turísticos de Rías Baixas. Este sistema integral permite a mellora continua e garante que os establecementos turísticos manteñan niveis de excelencia e competitividade.
- **Certificación dos concellos como destinos turísticos intelixentes (DTI)**, grazas ao **acordo de colaboración entre Segittur e a Deputación de Pontevedra**. O apoio técnico do Servizo de Turismo de Rías Baixas facilitará que os municipios alcancen os estándares necesarios para certificarse como DTI, promovendo a innovación e sostibilidade na xestión turística en toda a provincia de Pontevedra.
- Continuación da prestación de **servizos de asistencia técnica tanto a destinos da provincia de Pontevedra como a empresas para o asesoramento e o soporte na implementación de prácticas de calidade e sostibilidade**. Este acompañamento permite mellorar os servizos e adaptarse ás novas demandas do mercado.
- Desenvolvemento de **accións formativas centradas en capacitar profesionais do sector turístico** en diversas áreas, incluíndo xestión de calidade, sostibilidade, e uso de novas tecnoloxías. Estas formacións aseguran que o persoal estea preparado para ofrecer servizos de alta calidade e adaptarse ás tendencias actuais.
- Constitución da **mesa de calidade de Turismo Rías Baixas** que permitirá unha coordinación efectiva entre os diferentes axentes do sector turístico. Esta mesa facilitará a colaboración e o intercambio de boas prácticas, e unha mellor xestión turística da calidade no destino Rías Baixas.
- Continuación co **Q de Calidade Turística, que seguirá sendo un dos piares operativos máis importantes que presta o Servizo de Turismo Rías Baixas**, o que asegura que se manteñan os altos estándares de calidade na provincia de Pontevedra. O posicionamento destes puntos certificados permítelles aos turistas identificar facilmente os servizos e os establecementos de maior calidade, o que fomenta a súa confianza e satisfacción. O Servizo de Turismo Rías Baixas presta asistencia á rede INFO RÍAS BAIXAS coa finalidade de que poidan certificarse na Marca Q. Por outra banda, aos demais establecementos certificados doutros sectores axúdaselles a gañar visibilidade.



RESPONSABLES

- Técnica de turismo e calidade
- Técnica de competitividade
- Xefa de negociado de intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

- Segittur
- Concellos
- Empresas turística da provincia de Pontevedra
- Mesa de Turismo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
26 600,00 €	123 600,00 €	43 600,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €	30 000,00 €



INDICADORES

Nº de establecementos adheridos ao SICTED e Q
Calidade Turística da rede INFO RIAS BAIXAS

Nº de concellos certificados como DTI

Nº de sesións de asistencia técnica realizadas

Nº de participantes nas accións formativas

Frecuencia de reunións da Mesa de Calidade



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.1. - Mellora da eficacia e o carácter inclusivo dos mercados de traballo e o acceso ao emprego de calidade, mediante o desenvolvemento das infraestruturas sociais e a promoción da economía social.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade

Excelencia sostible Rías Baixas

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A Deputación de Pontevedra e, concretamente, o Servizo de Turismo de Rías Baixas están a facer unha decidida aposta pola sostibilidade turística. A provincia de Pontevedra continuará impulsando modelos turísticos sostibles aproveitando a revolución dixital e a consolidación dunha tendencia na demanda turística que busca consumos responsables, singulares e auténticos. **A implementación de políticas e accións orientadas á sostibilidade non só contribúe á protección do medio, senón que tamén fortalece a imaxe de Rías Baixas como un destino comprometido co desenvolvemento turístico responsable.**

A crecente conciencia ambiental e a demanda de experiencias responsables esixen unha adaptación do sector a modelos de turismo sostible. Traballar en sostibilidade permite a Rías Baixas mellorar a calidade de vida da poboación, fomentando a economía local e xerando empregos que benefician tanto á propia comunidade como ás persoas que nos visitan. A adaptación e a mellora continua neste ámbito resultan esenciais para manter a competitividade nun mercado global cada vez máis orientado cara a prácticas responsables e sostibles.

DESCRICIÓN

Esta actuación céntrase en continuar **desenvolvendo na provincia de Pontevedra un modelo de turismo responsable e sostible**. Rías Baixas é un destino recoñecido pola implementación de certificacións, que garanten que os equipamentos e os espazos turísticos xestionados pola Deputación cumpran cos máis altos criterios de eficiencia e responsabilidade ambiental. Ademais, **continuarase traballando na realización de estudos de eficiencia enerxética e de melloras na xestión da auga e os residuos, nos principais recursos turísticos xestionados pola Deputación de Pontevedra, que permitirán minimizar o impacto ambiental.**

Outro aspecto clave desta estratexia é a creación dun sistema de vixilancia para facer un seguimento do impacto do turismo no ecosistema local. Esta vixilancia permitirá unha xestión proactiva e axustada ás necesidades ambientais do territorio. Así mesmo, optimizaranse os servizos básicos do destino para xestionar eficientemente os picos de demanda turística, asegurando a calidade do servizo sen comprometer o contorno. A colaboración entre diferentes axentes, tanto do sector público como privado, fomentarse a través da creación dunha mesa de sostibilidade, para asegurar que todos os esforzos se aliñen cos principios de sostibilidade e excelencia no destino Rías Baixas.

MEDIDAS OPERATIVAS

- > Obtención de certificación de sustentabilidade grazas ao **programa S de Sustentabilidade**, que se centrará nas recoñecidas para os equipamentos xestionados pola Deputación de Pontevedra, como o castelo de Soutomaior, entre outros. Este proceso garantirá que estes espazos cumpren con altos estándares ambientais e de eficiencia.
- > **Realización de benchmarking e análise de boas prácticas** para realizar unha revisión exhaustiva das certificacións de sustentabilidade existentes, como Biosphere, ao obxecto de identificar e adoptar as estratexias máis efectivas en sustentabilidade turística. O obxectivo é mellorar continuamente o desempeño ambiental do destino Rías Baixas mediante a implantación das mellores prácticas recoñecidas a nivel internacional.
- > **Estudo de eficiencia enerxética** que se levará a cabo nos edificios dependentes do Servizo de Turismo Rías Baixas para identificar oportunidades de mellora no consumo enerxético e reducir as emisións de carbono. Esta iniciativa busca promover un uso máis eficiente dos recursos enerxéticos e contribuír así á sustentabilidade ambiental e á redución de custos operativos.
- > Desenvolvemento de accións específicas para **optimizar o uso da auga e mellorar a xestión de residuos en infraestruturas e espazos turísticos** xestionados pola Deputación de Pontevedra. Estas medidas están deseñadas para minimizar o impacto ambiental e promover prácticas sustentables no sector turístico, e asegurar así que os recursos naturais se empreguen de maneira responsable.
- > Establecemento dun sistema **para facer un seguimento do impacto do turismo no medio natural**. Este sistema avaliará e xestionará os efectos do turismo, para asegurar que as actividades turísticas non comprometan a sustentabilidade e a biodiversidade na provincia de Pontevedra, o que permitirá tomar decisións informadas para mitigar impactos negativos da actividade turística.
- > Posta en marcha de accións para **mellorar a planificación e o dimensionamento dos servizos turísticos para xestionar adecuadamente a capacidade de carga e os picos de demanda**. O obxectivo é garantir que o destino Rías Baixas poida manexar a afluencia de turistas sen comprometer a calidade do servizo e protexendo a contorna natural e urbana.
- > Desenvolvemento de modelos de gobernanza que involucren a diversos axentes, tanto do sector público como privado, para impulsar o turismo sostenible. Crearase unha mesa de sustentabilidade que facilitará a coordinación e a cooperación entre os actores clave, aliando esforzos e estratexias para promover prácticas turísticas responsables e sustentables nas Rías Baixas.



RESPONSABLES

Técnica de turismo e calidade
Técnica de competitividade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
25 552,00 €	129 552,00 €	29 552,00 €	28 000,00 €	63 000,00 €	15 000,00 €	15 000,00 €



INDICADORES

Nº de certificacións de sostibilidade obtidas

Redución do consumo enerxético nos edificios dependentes do Servizo de Turismo Rías Baixas

Custos aforrados en enerxía tras as melloras impulsadas

Nº de edificios avaliados e mellorados enerxeticamente

Redución no consumo de auga en infraestruturas turísticas

Nº de plans de xestión de capacidade de carga desenvolvidos

Nº de reunións da mesa de sostibilidade realizadas

Nº de actores clave (públicos e privados) involucrados na mesa de sostibilidade



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 2.1. - O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

OE 2.2. - O fomento das enerxías renovables de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2001, en particular os criterios de sostibilidade que se detallan nela.

OE 2.3. - Desenvolvemento de sistemas, redes e equipos de almacenamento de enerxía intelixentes á marxe da rede transeuropea de enerxía (RTE-E).

OE 2.4. - O fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas.

OE 2.5. - O fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible.

OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.



Impulso do ecosistema turístico

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Hospitalario



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O Servizo de Turismo Rías Baixas segue comprometido coa promoción e o estímulo dun sector turístico competitivo e de calidade na provincia de Pontevedra. Por tanto, e dando continuidade á actuación de impulso ao ecosistema turística do Plan estratéxico anterior, resulta esencial manter e reforzar a concesión de subvencións públicas. **Estas axudas non só facilitan a continuidade das empresas turísticas, senón que tamén aceleran o proceso de recuperación económica e fortalecen a resiliencia do sector ante futuras crises.** Dado o impacto significativo da actual situación xeopolítica e prevendo futuras crises económicas, estas axudas sitúanse como un pilar fundamental para revitalizar o ecosistema turístico, pois fomentan a innovación, a dixitalización e a sostibilidade nas empresas do sector.

Ademais, asegurar a continuidade destas subvencións baixo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade garanten un acceso equitativo e transparente, co que se fortalece a confianza e a colaboración entre os actores turísticos da provincia de Pontevedra.

DESCRIPCIÓN

Esta actuación ten como obxectivo **impulsar o ecosistema turístico do destino Rías Baixas e para iso levarán a cabo un conxunto de actuacións estratéxicas que inclúen programas de axudas e subvencións dirixidos tanto a entidades públicas como a asociacións do sector turístico.** Estas iniciativas están deseñadas para fomentar a innovación, a sostibilidade e a competitividade neste. Outorgaranse axudas específicas para actividades turísticas, así como para a dotación de persoal nas oficinas da rede INFO RÍASBAIXAS. Ademais, promoverase a organización de eventos deportivos e incentivarase o emprendemento turístico mediante colaboracións con Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) e outros axentes clave.

O obxectivo principal destas accións é fortalecer a infraestrutura turística, apoiar as empresas locais e garantir unha oferta de alta calidade, aliñada cos principios de sostibilidade e desenvolvemento económico. Estas medidas están deseñadas para asegurar que Rías Baixas siga mantendo uns altos estándares como destino turístico innovador e sostible, que proporcione experiencias excepcionais e fomenta un contexto próspero para o crecemento do ecosistema turístico da provincia de Pontevedra. O Servizo de Turismo Rías Baixas convocará, cada ano, a concesión de axudas públicas seguindo os principios de concorrencia competitiva, obxectividade e publicidade, de acordo coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Deseño dun programa de axudas e subvencións a entidades públicas e asociacións do sector turístico** co obxectivo de proporcionar apoio financeiro directo para proxectos que impulsen o turismo nas Rías Baixas. As axudas nominativas outórganse de maneira específica a proxectos previamente identificados que cumpren cos criterios estratéxicos de desenvolvemento turístico, asegurando un impacto significativo na mellora e a promoción do sector na provincia de Pontevedra.
- **Convocatoria de axudas a entidades locais para que poidan desenvolver material promocional do seu territorio e os seus recursos turísticos.** A iniciativa busca apoiar os municipios na creación de contidos visuais, dixitais e físicos que realcen a súa oferta turística, o que fomentará un maior recoñecemento e a atracción de visitantes. Con estas axudas, preténdese potenciar a identidade turística de cada localidade, mellorar o seu posicionamento no mercado e contribuír ao desenvolvemento económico e social da rexión a través do turismo.
- **Convocatoria de axudas para dotación de persoal en oficinas da rede INFO RÍASBAIXAS,** co fin de mellorar a calidade do servizo e a atención a visitantes. Estas axudas asegurarán que as oficinas de turismo contén con recursos humanos adecuados e preparados, o que garantirá unha experiencia óptima para os turistas que visiten a provincia.



- **Convocatoria de axudas para a organización de eventos deportivos** que atraian turismo deportivo e activen a economía local. Estas axudas están deseñadas para cubrir custos loxísticos, promocionais e operativos, e para fomentar a realización de competicións e actividades deportivas de alto impacto que sitúen Rías Baixas como un destino de referencia para o turismo deportivo.
- **Posta en marcha de accións de impulso para proxectos turísticos singulares** que desenvolvan iniciativas para apoiar o emprendemento no sector turístico, a través de axudas e colaboracións con Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) para levar a cabo proxectos turísticos innovadores e singulares. Estas accións están destinadas a diversificar e enriquecer a oferta turística de Rías Baixas, coa consecuente creación de novas oportunidades e a innovación no sector.



RESPONSABLE

Administración



AXENTES IMPLICADOS

Concellos

Entidades beneficiarias das axudas



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
621 000,00 €	660 000,00 €	660 000,00 €	660 000,00 €	660 000,00 €	660 000,00 €	660 000,00 €



INDICADORES

Nº de axudas nominativas

Importe concedido en axudas nominativas

Nº de subvencións a concellos e institucións públicas e privadas

Nº de subvencións a asociacións


Importe subvencionado a asociacións

Nº de proxectos emprendedores apoiados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.1. - Mellora da eficacia e o carácter inclusivo dos mercados de traballo e o acceso ao emprego de calidade, mediante o desenvolvemento das infraestruturas sociais e a promoción da economía social.

OE 4.2. - Mellora do acceso igualitario a servizos inclusivos e de calidade no ámbito da educación, a formación e a aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de infraestruturas accesibles, o que inclúe o fomento da resiliencia da educación e a formación en liña e a distancia.

OE 4.3. - Fomento da inclusión socioeconómica das comunidades marxinadas, as familias con baixos ingresos e os colectivos menos favorecidos, entre os que se atopan as persoas con necesidades especiais, a través de actuacións integradas que inclúan a vivenda e os servizos sociais.

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Palacete das Mendoza: cabeceira da rede INFO RÍASBAIXAS

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Hospitalario



Innovador



Intelixente

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Para continuar o obxectivo do Servizo de Turismo de Rías Baixas e asegurar unha experiencia turística de excelencia, resulta fundamental consolidar a imaxe de Rías Baixas como un destino de referencia. Por iso, **o Palacete das Mendoza non só actúa como a primeira impresión para as visitas a Pontevedra, senón que tamén debe liderar a innovación e a dixitalización na prestación de servizos turísticos.**

As actuacións que se levarán a cabo no Palacete das Mendoza permitirán unha coordinación máis eficiente, pois ofrecen un servizo homoxéneo e de alta calidade en toda a rede de información turística da provincia de Pontevedra. Ademais, a súa localización estratéxica e a súa relevancia histórica convérteno no punto ideal para implementar as últimas tecnoloxías en atención ao visitante, o que mellora a promoción e a comunicación do destino. **A transformación desta oficina é fundamental para responder ás novas demandas e necesidades dos turistas, quen buscan información rápida, precisa e accesible a través de múltiples plataformas.**

DESCRIPCIÓN

O proxecto de transformación do Palacete das Mendoza busca **consolidar este espazo como o núcleo central de información turística e de actividades innovadoras na provincia.** Con esta iniciativa, preténdese aproveitar ao máximo as instalacións do Palacete para dotalas dunha ampla variedade de actividades formativas e eventos culturais, para proporcionar un punto de referencia tanto para turistas como para a cidadanía local. Ademais, a incorporación e a proba de novas solucións tecnolóxicas permitirá ofrecer servizos innovadores no sector turístico, co que se mellora a experiencia da visita e a eficiencia na xestión. A posta en marcha de espazos dedicados á proba de produtos e experiencias turísticas garantizará que os visitantes poidan interactuar coas innovacións do sector. Así mesmo, a realización de eventos culturais e singulares fortalecerá o vínculo coa comunidade e difundirá a actividade realizada desde Turismo Rías Baixas.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Consolidación do Palacete das Mendoza como oficina de referencia da rede INFO RÍASBAIXAS** coa centralización das operacións e como modelo para outras oficinas da rede, de cara a asegurar a coherencia e a calidade na prestación de servizos turísticos.
- Aproveitamento das **instalacións do Palacete das Mendoza para levar a cabo unha serie de accións formativas dirixidas a profesionais do sector turístico**. Estas actividades estarán orientadas a mellorar as competencias e os coñecementos en temas relacionados co turismo e a innovación.
- **Habilitación dun Innovation Lab dentro do palacete para probar novas solucións tecnolóxicas (realidade virtual e aumentada, intelixencia artificial, wearables, tarxeta turística)**. Tamén se desenvolverá e probará unha tarxeta turística que facilite o acceso a diferentes servizos e experiencias no destino. Así mesmo, estableceranse espazos específicos dentro do Palacete, denominados *corners*, para a proba e a demostración de novos produtos e experiencias turísticas. Isto permitiralles aos visitantes interactuar coas innovacións e proporcionar feedback valioso para a súa mellora e adaptación.



- **Desenvolvemento de eventos culturais e singulares que acheguen á cidadanía e valoren a actividade que se realiza desde Turismo Rías Baixas**. Estes eventos buscarán fortalecer o vínculo entre a comunidade e o sector turístico, o que fomentará o sentido de pertenza á comunidade local e a participación activa na promoción do destino.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €	150 000,00 €



INDICADORES

Nº de visitantes que se atenderon na oficina

Avaliación de satisfacción de visitantes (enquisas de satisfacción)

Nº de accións formativas realizadas

Nº de tecnoloxías probadas e implementadas

Nº de eventos culturais realizados

Nº de participantes nos eventos



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p> <p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p> <p>OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A colaboración estreita entre a administración provincial e os 61 concellos que conforman as Rías Baixas é fundamental para o desenvolvemento turístico da provincia. O programa +ConcellosT xorde como resposta á necesidade de coordinar esforzos, optimizar recursos e potenciar as capacidades locais en materia turística. Esta iniciativa busca fortalecer o tecido turístico desde a base, asegurando que **cada concello, xa sexa costeiro ou de interior, conte coas ferramentas, coñecementos e apoios necesarios para desenvolver o seu potencial turístico de maneira aliñada coa estratexia turística de Rías Baixas.**

Para a Deputación de Pontevedra resulta fundamental que **todos os concellos se sentan parte integral da marca Rías Baixas**, independentemente da súa localización xeográfica. Esta inclusión é clave para crear unha oferta turística diversificada e atractiva que aproveite tanto os recursos costeiros como os do interior, para enriquecer así a experiencia da visita e distribuír os beneficios do turismo de maneira máis equitativa por toda a provincia.

DESCRIPCIÓN

Esta actuación está deseñada para reforzar a colaboración entre a Deputación e os 61 concellos da provincia no ámbito turístico de cara a fortalecer a colaboración e potenciar o desenvolvemento turístico en todo o territorio de Rías Baixas. A actuación estrutúrase ao redor de catro eixes principais: colaboración en proxectos turísticos, formación e asesoramento técnico, *networking* entre profesionais do sector e apoio na captación de fondos públicos.

A iniciativa ten como obxectivo crear unha rede de colaboración robusta que permita unha xestión turística máis eficiente e unha oferta máis atractiva e diversificada en toda a provincia. Proporcionaráselles aos concellos as ferramentas, os coñecementos e os recursos necesarios para desenvolver proxectos turísticos innovadores e sostibles. Ademais, mediante a formación especializada e o asesoramento técnico continuo, búscase mellorar a xestión turística local. Cómpre destacar que o fomento do *networking* entre o persoal técnico de turismo de diferentes concellos favorecerá o intercambio de experiencias e a creación de sinerxías. Ademais, o apoio na captación de fondos públicos permitiralles aos concellos acceder a recursos adicionais para poñer en marcha novos proxectos turísticos.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Realización de accións de colaboración para fomentar a colaboración entre a Deputación e os 61 concellos no desenvolvemento de proxectos turísticos.** A través da iniciativa estableceranse acordos e convenios de colaboración para impulsar proxectos que poñan en valor os recursos turísticos de cada concello, de cara a asegurar unha oferta turística diversificada e de calidade.

- **Formación e asesoramento técnico aos concellos en materia turística** a través de temas como planificación estratéxica, márketing dixital, sostibilidade e xestión de destinos. O obxectivo é mellorar as capacidades locais e profesionalizar a xestión turística en toda a provincia.

- **Accións de *networking* do persoal técnico de turismo da provincia** para crear oportunidades de conexión e colaboración entre os profesionais dos diferentes concellos. Organizaranse eventos, talleres e plataformas de intercambio para compartir experiencias, boas prácticas e desafíos comúns.



- **Apoio na captación de fondos públicos en materia turística,** coa asistencia especializada aos concellos para identificar e acceder a oportunidades de financiamento público para proxectos turísticos. Isto incluírá apoio na preparación de propostas para programas como os Plans de Sostibilidade Turística en Destinos (PSTD).



RESPONSABLES

Xefa de servizo
Administración



AXENTES IMPLICADOS

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
18 000,00 €	60 000,00 €	60 000,00 €	35 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Nº de proxectos turísticos de colaboración

Nº de horas de formación proporcionadas aos concellos en materia turística

Nº de accións formativas realizadas

Nº de eventos de *networking* organizados para persoal técnico de turismo

Cantidade total de fondos públicos captados polos concellos para proxectos turísticos

Nº de concellos que desenvolveron ou actualizaron os seus plans estratéxicos de turismo



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p> <p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p> <p>OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>

Mobilidade turística

RÍAS BAIXAS SOSTIBLE

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A mellora da mobilidade en Rías Baixas resulta fundamental para o desenvolvemento sostible e a competitividade do destino turístico. Co aumento do fluxo de turistas e visitantes, a necesidade de contar cun sistema de transporte eficiente e accesible vólvese cada vez máis necesario. **Unha boa mobilidade non só facilita o acceso aos recursos e atractivos turísticos da provincia, senón que tamén mellora a experiencia da visita ao facilitar a comunicación entre concellos, reduce o impacto ambiental e contribúe á cohesión social da poboación.** Ademais, a dispoñibilidade de sistemas de transporte eficientes durante todo o ano é esencial para desconxestionar as áreas urbanas e facilitar a mobilidade por toda a provincia. A promoción de formas de transporte alternativas e sostibles, como bicicletas, transporte público eficiente e solucións de mobilidade compartida, son, tamén, accións clave para alcanzar estes obxectivos.

Nun contexto onde os turistas valoran cada vez máis a sostibilidade e a responsabilidade ambiental, **Rías Baixas debe situarse como un destino que promove a mobilidade sostible e accesible.** Esta actuación non só beneficiará o sector turístico, senón que tamén mellorará a calidade de vida da poboación, fomentará o desenvolvemento económico e contribuirá ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) marcados na Axenda 2030.


DESCRIPCIÓN

Esta actuación céntrase en transformar e mellorar a mobilidade polo territorio da provincia de Pontevedra. Entre as actuacións que se desenvolverán nesta ficha destaca a implementación de sistemas de información nos principais puntos turísticos, como aeroportos e estacións de autobuses, para facilitar a chegada e o desprazamento de turistas. Ademais, promoverase a mobilidade non motorizada mediante a creación de infraestruturas e accións de promoción e incentivarase o uso de bicicletas e outros medios sostibles.

Outro aspecto clave é a incorporación de indicadores de mobilidade nos puntos de información dixitais, como tempos de espera e distancias entre recursos turísticos, o cal permitirá unha mellor planificación dos itinerarios. **A visibilización da información sobre as conectividades en transporte público é esencial para ofrecer alternativas de mobilidade eficientes e reducir o uso de vehículos privados.** Así mesmo, a colaboración con outras entidades para a captación de fondos permitirá a transformación da mobilidade sostible no destino e asegurará a implementación de tecnoloxías e solucións innovadoras.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Información e apoio nos principais puntos de comunicación turística** (aeroportos, estacións...) para proporcionarlles aos turistas información útil sobre mobilidade, opcións de transporte e conexións dentro do destino. Isto facilitará a súa chegada e desprazamento, e mellorará a súa experiencia desde o primeiro momento.
- **Apoio á mobilidade non motorizada para desenvolver** accións de promoción que impulsen o despregamento de pequenas infraestruturas e fomenten o uso de medios de transporte non motorizados. Isto incluírá a creación de estacións BTT con servizos de reparación e actividades de promoción. O obxectivo é animar os turistas a optar por opcións de mobilidade sostibles e saudables, e contribuír á redución do impacto ambiental.
- **Incorporación de indicadores de mobilidade na promoción turística**, como tempos de viaxe e distancias, que axudará aos visitantes a planificar mellor os seus itinerarios, e optimizará o seu tempo e mellorará a súa experiencia no destino.
- **Visibilización de información sobre opcións de conectividade no transporte público.** Isto facilitaralles aos turistas o acceso a medios de transporte eficientes e reducirá a dependencia do transporte privado.



- **Transformación da mobilidade sostible no destino a través da colaboración con outras entidades na captación de fondos.** Esta colaboración permitirá adoptar solucións innovadoras e tecnolóxicas que transformen a mobilidade nas Rías Baixas, facéndoa máis eficiente e respectuosa co medio natural.
- **Instalación de cargadores** para vehículos eléctricos en puntos estratéxicos da provincia. Esta medida fomentará o uso de vehículos eléctricos entre turistas e residentes, o que contribuírá á redución de emisións e a unha mobilidade máis sostible.



RESPONSABLES

Xefa de negociado e intelixencia turística
Xefa de servizo



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
58 029,00 €	374 000,00 €	52 000,00 €	12 000,00 €	12 000,00 €	12 000,00 €	12 000,00 €



INDICADORES

Nº de puntos de información instalados

Nº de estacións BTT instaladas

Nº de usuarias/os das estacións BTT

Frecuencia de actualización dos indicadores de mobilidade

Nº de proxectos de mobilidade sostible desenvolvidos en colaboración con outras entidades

Nº de cargadores instalados para vehículos eléctricos



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional</p>	<p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.</p> <p>OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.</p>
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.1. - O fomento da eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.</p> <p>OE 2.2. - O fomento das enerxías renovables de conformidade coa Directiva (UE) 2018/2001, en particular os criterios de sostibilidade que se detallan nela.</p> <p>OE 2.4. - O fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas.</p> <p>OE 2.7. - O fomento da protección e a conservación da natureza, a biodiversidade e as infraestruturas ecolóxicas (en diante, «infraestruturas verdes»), tamén nas zonas urbanas, e a redución de toda forma de contaminación.</p> <p>OE 2.8. - O fomento da mobilidade urbana multimodal sostible, como parte da transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono.</p>

OP3 - Unha Europa máis conectada, mellorando a mobilidade.

OE 3.1. - O desenvolvemento dunha RTE-T resistente ao cambio climático, intelixente, segura, sostible e intermodal.

OE 3.2. - O desenvolvemento e o reforzo dunha mobilidade sostible, resistente ao cambio climático, intelixente e intermodal a escala nacional, rexional e local, que inclúe a mellora do acceso á RTE-T e da mobilidade transfronteiriza

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e iniciativas locais.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.



RÍAS BAIXAS ÚNICA



Reposicionamento da marca Rías Baixas

RÍAS BAIXAS ÚNICA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Auténtico e singular



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

O reposicionamento da marca Rías Baixas preséntase como unha necesidade estratéxica, debido a que, **nun contexto de rápida evolución e alta competitividade no sector turístico, resulta esencial que o destino Rías Baixas manteña a súa relevancia e atractivo tanto para visitantes nacionais como internacionais.** A marca non só debe reflectir a riqueza cultural, natural e gastronómica do territorio, senón tamén aliñarse coas expectativas e as tendencias actuais do mercado turístico.

Ademais, **a actualización da marca Rías Baixas tamén supón unha oportunidade para reforzar valores como a sostibilidade, a calidade de vida da súa poboación, a innovación e a accesibilidade, que son cada vez máis apreciados.** Ao situarse como un destino comprometido con estes principios, Rías Baixas poderá mellorar a súa imaxe e competitividade no mercado global. O reposicionamento da marca é necesario para optimizar as estratexias de promoción e comunicación. Unha marca renovada e coherente facilitará a creación de campañas de márketing máis efectivas e resoantes, mediante o aproveitamento tanto das canles dixitais como das tradicionais, o que permitirá unha maior visibilidade e atracción de turistas á provincia de Pontevedra.

DESCRIPCIÓN

A marca turística Rías Baixas, recoñecida a nivel internacional, posúe atributos que lle aseguran un bo posicionamento turístico. No entanto, cómpre seguir reforzando esta posición en diversas canles de comunicación, tanto *online* como *offline*. **Con esta liña de acción búscase principalmente conectar con potenciais visitantes, para permitirlles descubrir os recursos turísticos da provincia segundo os seus gustos e preferencias e garantir que o atractivo da marca non se perda na multitude de canles dispoñibles hoxe en día.**

Ademais, o Servizo de Turismo Rías Baixas continuará utilizando ferramentas innovadoras para reforzar a presenza da marca na mente das persoas consumidoras, co obxectivo de seguir conectando con diferentes segmentos estratéxicos. Preténdese que os visitantes perciban o destino como un territorio seguro, acolledor e digno de ser explorado. Para lograr estes obxectivos, poranse en marcha accións que impulsen a marca como símbolo de identidade da provincia, coa integración dos 61 concellos baixo o paraugas da marca Rías Baixas e coa procura sinerxías entre os valores identitarios e as marcas propias de cada territorio.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Impulso da marca Rías Baixas como sinal de identidade da provincia.** A marca Rías Baixas promoverase como un símbolo distintivo da provincia de Pontevedra, reforzando a súa identidade e destacando os seus valores e características únicas. Isto lograrase mediante campañas de comunicación e promoción que destaquen a autenticidade, a calidade de vida e a riqueza cultural da provincia.
- **Integración dos 61 concellos baixo o paraugas da marca Rías Baixas a través das sinerxías entre costa e interior.** Buscarase unha cohesión entre os 61 municipios da provincia, coa unificación dos seus esforzos promocionais baixo a marca Rías Baixas. Fomentaranse as colaboracións e as sinerxías entre as áreas costeiras e as do interior, para promover unha imaxe unificada e diversa do destino.
- **Potenciación e reforzo das sinerxías entre a marca Rías Baixas e os valores identitarios e as marcas propias de cada territorio que compón a provincia de Pontevedra.** O obxectivo é identificar e aproveitar as sinerxías entre a marca Rías Baixas e as marcas locais de cada municipio e traballar na integración dos valores identitarios de cada territorio, para fortalecer así a marca global Rías Baixas.



- **Posta en marcha de accións de posicionamento entre a mocidade e novos perfís de turistas** para desenvolver estratexias específicas que atraian este tipo de público. Isto incluírá campañas en redes sociais, colaboracións con influencers e creación de experiencias turísticas adaptadas aos seus intereses e preferencias.
- **Análise estratéxica dos atributos da marca Rías Baixas** para identificar as súas fortalezas e áreas de mellora, o que permitirá axustar e optimizar as estratexias de márketing e promoción turística e asegurar unha comunicación eficaz e coherente cos diferentes perfís dos potenciais visitantes á provincia de Pontevedra.
- **Creación dun novo storytelling** que desenvolva un novo enfoque narrativo para a marca Rías Baixas, a través de historias atractivas e emotivas que conecten co público obxectivo. Este novo storytelling basearase nos valores auténticos e as experiencias únicas que ofrece a provincia e reforzará o seu atractivo como destino turístico.



RESPONSABLE

Técnica de comunicación



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
20 000,00 €	262 029,00 €	219 000,00 €	219 000,00 €	219 200,00 €	219 200,00 €	- €



INDICADORES

Nº de interaccións nas diferentes RR. SS relacionadas coa marca Rías Baixas

Nº de mencións en medios de comunicación rexionais, nacionais e internacionais

Nº de proxectos turísticos lanzados conxuntamente por municipios costeiros e interiores

Nº de eventos promocionados que inclúan múltiples municipios baixo a marca Rías Baixas

Cambios na percepción da marca antes e despois das campañas baseadas na análise



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .</p>

Estratexias de promoción e internacionalización

RÍAS BAIXAS ÚNICA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Auténtico e singular



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A estratexia de promoción e internacionalización omnicanle resulta fundamental no contexto actual, posto que os avances tecnolóxicos e os cambios nos hábitos de consumo transformaron a forma en que os destinos turísticos se comunican cos seus potenciais visitantes. A provincia de Pontevedra debe adaptarse a estas novas realidades para seguir sendo competitiva e atraer un público diverso e global. **Unha estratexia omnicanle é necesaria para garantir unha presenza coherente e efectiva ao longo do ciclo de viaxe.** Isto inclúe desde os medios tradicionais, como a televisión e a prensa, ata as plataformas dixitais, como as redes sociais, os motores de busca e as aplicacións móbiles. A integración de todas estas canles permite ofrecer unha experiencia fluída e personalizada, o que aumenta a probabilidade de atraer e reter turistas nas Rías Baixas.


Ademais, **a internacionalización considérase unha compoñente clave para ampliar o alcance da marca Rías Baixas máis alá do mercado nacional.** A globalización e a facilidade de acceso á información fixeron que se busquen destinos que non só ofrezan experiencias únicas, senón que tamén sexan accesibles e estean ben comunicados. Por tanto, **cómpre desenvolver campañas que resoen con audiencias internacionais e que empreguen mensaxes adaptadas a diferentes culturas e mercados.** Isto permite afrontar unha estratexia para desestacionalizar o destino e atraer visitantes durante todo o ano, así como focalizarse en segmentos de turistas de alto poder adquisitivo.

DESCRIPCIÓN

A estratexia de promoción e internacionalización omnicanle de Rías Baixas céntrase en maximizar a visibilidade e o atractivo do destino en diversos mercados nacionais e internacionais, e abrangue o deseño e a produción de materiais promocionais que resalten os seus valores únicos e diferenciais. **Nesta actuación priorízase a organización de eventos e workshops que fomenten a conexión directa con mercados de proximidade, para potenciar o recoñecemento da marca en contornos próximos.** Ademais, colaborárase con prescitoras/es e líderes de opinión, como xornalistas, blogueiras/os e influencers, que permiten difundir experiencias turísticas e ampliar o seu alcance a través de plataformas dixitais e redes sociais.

Doutra banda, a presenza en feiras internacionais considérase outra acción estratéxica que lle permitirá ao destino Rías Baixas seguir mostrando a súa oferta turística directamente a profesionais do sector e potenciais visitantes de todo o mundo. Xunto a isto, outras actuacións clave serán as accións de *networking* orientadas a captar turistas de alto valor engadido, aproveitando a conectividade directa con importantes centros de conexión como O Porto e o Norte de Portugal.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Deseño e produción de novo material promocional** co obxectivo de desenvolver materiais innovadores e visualmente atractivos que resalten os aspectos únicos e diferenciadores das Rías Baixas. Estes materiais, que inclúen folletos, vídeos e contido dixital, estarán deseñados para captar a atención de potenciais visitantes e comunicar de maneira efectiva os valores e os atractivos da provincia.
 - **Organización de *workshops* Rías Baixas orientados a mercados de proximidade**, que permitirán presentar a oferta turística do destino a axentes de viaxe, operadores turísticos e outros profesionais do sector, e facilitarán a creación de novas alianzas e a promoción directa do destino.
 - **Contacto con prescitoras/es Rías Baixas, como *presstrip*, *blogtrips* e *influencers***. O obxectivo é que visiten o destino para que experimenten e compartan as súas vivencias. Estas visitas deséñanse para xerar contido auténtico e atractivo que se difundirá a través de medios de comunicación e plataformas dixitais, o que ampliará o alcance e o impacto da promoción do destino.
- 
- **Presenza en feiras internacionais** para presentar o destino Rías Baixas a un público global, co obxectivo de interactuar directamente con profesionais do turismo e potenciais turistas, mostrar a oferta turística e establecer relacións comerciais que impulsen o crecemento do turismo internacional no territorio.
 - **Organización de *microfamtrips* ou accións de *networking*** priorizando mercados con conexión directa co Porto e co Norte de Portugal. Deseñaranse accións para atraer turistas de alto valor engadido e ofreceranse experiencias exclusivas e personalizadas que destaquen a calidade e a singularidade das Rías Baixas.
 - Incorporación da **segmentación nas estratexias de comunicación** para dirixir mensaxes específicas a diferentes perfís de turistas. Isto permite personalizar a promoción e asegurar que cada segmento de audiencia reciba contido relevante e atractivo, o que mellorará a eficacia das campañas e o impacto na atracción de visitantes.



RESPONSABLES

Técnica de comunicación

Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Medios de Comunicación Especializados

Bloggers e influencers

Axencias de receptivo



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
304 500,00 €	305 000,00 €	305 000,00 €	305 000,00 €	305 000,00 €	313 000,00 €	313 000,00 €



INDICADORES

Nº de interaccións nas diferentes RR. SS relacionadas coa marca Rías Baixas

Nº de mencións en medios de comunicación rexionais, nacionais e internacionais

Nº de proxectos turísticos lanzados conxuntamente por municipios costeiros e interiores

Nº de eventos promocionados que inclúan múltiples municipios baixo a marca Rías Baixas

Cambios na percepción da marca antes e despois das campañas baseadas na análise



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .

Eventos Rías Baixas

RÍAS BAIXAS ÚNICA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A necesidade de levar a cabo a actuación “Eventos Rías Baixas” dentro da nova Estratexia Rías Baixas Turismo 61 xorde da importancia de fortalecer **a oferta turística a través da dinamización cultural e a promoción de eventos**. Estes resultan clave para atraer visitantes e mellorar a experiencia turística, xa que xeran un impacto económico positivo no territorio e fomentan a cohesión social e cultural. Ademais, **permiten desestacionalizar o turismo, pois atraen visitantes en diferentes épocas do ano co que se contribúe á sostibilidade do destino**.

O destino Rías Baixas conta cun rico patrimonio cultural e unha variada oferta de eventos que van desde festivais de música, feiras gastronómicas ou actividades deportivas, ata celebracións tradicionais. Con todo, para maximizar o seu potencial, cómpre desenvolver unha estratexia integral que potencie estes eventos, mellore a súa promoción e aumente a súa visibilidade tanto a nivel nacional como internacional. A implementación desta actuación busca consolidar a posición de Rías Baixas como un destino turístico de referencia para a celebración de eventos. Isto lograrase mediante a organización e a promoción de eventos de alta calidade, a mellora de infraestruturas e servizos relacionados, e o fomento da participación activa da comunidade local.

DESCRIPCIÓN

A estratexia de promoción de eventos no destino Rías Baixas céntrase en aproveitar a tradición cultural e musical da provincia para fortalecer a marca como destino turístico. **Esta actuación busca promover e xestionar unha ampla gama de actividades, desde festivais musicais ata actividades deportivas, artísticas e enogastronómicas, que xa contan cun recoñecemento significativo e seguirán sendo pares do atractivo turístico do territorio**.

Ademais, fomentárase o desenvolvemento de proxectos audiovisuais que axuden a visibilizar a riqueza cultural das Rías Baixas, que atraian tanto produtores como eventos internacionais que desexen aproveitar as localizacións únicas e a infraestrutura dispoñible. A través da experiencia acumulada polo Servizo de Turismo de Rías Baixas na xestión e a promoción turística, búscase consolidar e expandir a presenza de Rías Baixas no círculo de eventos internacionais, logrando así un impacto positivo no desenvolvemento económico e cultural da provincia. A identificación e a candidatura a recoñecementos internacionais para localidades e recursos específicos tamén serán clave para situar o destino Rías Baixas no mapa global do turismo cultural e de eventos.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Establecemento da **estratexia Rías Baixas Fest** para consolidar e expandir os festivais musicais máis relevantes da provincia, como PortAmérica, Atlantic Fest, Sinsal, SonRías Baixas e Revenidas, e cantos se adhiran á marca Rías Baixas Fest, según os requisitos que estipula a Ordenanza Reguladora correspondente. Esta actuación busca atraer máis visitantes, grazas á riqueza cultural e ás localizacións únicas das Rías Baixas, co que se fortalecerá o seu posicionamento como destino cultural de referencia.
- **Consolidación dun Filme Comission** co obxectivo atraer e apoiar o desenvolvemento de proxectos audiovisuais na provincia. Esta actuación fortalecerá o posicionamento de Rías Baixas como escenario ideal para producións cinematográficas e televisivas, potenciando a visibilidade internacional e xerando un impacto económico.
- Desenvolvemento dunha **estratexia de comunicación e promoción dirixida a todos os eventos singulares da provincia**, incluíndo deportivos, artísticos e festivais. Esta acción busca maximizar a visibilidade e a participación nestes eventos, así como fortalecer a oferta cultural e turística das Rías Baixas.



- Lanzamento dunha **campaña específica de comunicación e promoción para os eventos enogastronómicos** da provincia Pontevedra. Esta iniciativa fortalecerá a súa variedade culinaria e atraerá visitantes con interese na gastronomía, o que situará Rías Baixas como un destino de excelencia enogastronómica.
- **Identificación e atracción de eventos internacionais, xa sexan deportivos, culturais ou de calquera outra índole**, para incrementar o prestixio e a proxección global de Rías Baixas, e atraer un maior número de visitantes e participantes de todo o mundo. Isto permitirá non só diversificar en diferentes segmentos turísticos que veñan a Rías Baixas, senón que servirá para desestacionalizar o destino e atraer visitantes durante todo o ano.
- Análise exhaustiva para identificar e presentar candidaturas de localidades e recursos da provincia a recoñecementos internacionais. Buscarase poñer en valor e destacar as singularidades e as fortalezas de Rías Baixas, co que se incrementará o seu recoñecemento e prestixio a nivel global.



RESPONSABLE

Xefa de servizo



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra
 Servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra
 Concellos
 Spain Film Commision



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
443 980,00 €	570 000,00 €	620 000,00 €	620 000,00 €	620 000,00 €	620 000,00 €	635 000,00 €



INDICADORES

Nº de festivais pertencentes á marca Rías Baixas Fest

Nº eventos culturais, deportivos e enogastronómicos

Nº de accións de *networking*

Nº de axentes identificados na industria musical, cultural e deportiva da provincia

Nº de accións de comunicación

Nº de paquetes turísticos creados

Nº de informes de impacto



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 2.6. - O fomento da transición cara a unha economía circular e eficiente no uso de recursos.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .</p>

Sostibilidade 360

RÍAS BAIXAS ÚNICA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A sostibilidade converteuse nun eixe central para o desenvolvemento de destinos turísticos responsables. No contexto da nova Estratexia Rías Baixas Turismo 61, a actuación “Sostibilidade 360” resulta crucial para **asegurar que o crecemento turístico do territorio estea aliñado cos principios de sostibilidade ambiental, económica e social**. A crecente conciencia global sobre o impacto do turismo e a necesidade de preservar os recursos naturais e culturais fan imperativo reforzar as actuacións orientadas a potenciar a sostibilidade. O turismo, se non se xestiona adecuadamente, pode levar á degradación do medio natural, á sobreexplotación de recursos e á erosión das culturas locais. Por iso, **cómpre que o destino Rías Baixas continúe co desenvolvemento de estratexias que minimicen a pegada do turismo**. Isto inclúe a promoción de prácticas ecolóxicas entre os operadores turísticos, a redución de residuos, o uso eficiente dos recursos e a protección dos ecosistemas locais. Ademais, considérase esencial fomentar a educación e a concienciación ambiental entre os visitantes e a comunidade local.

DESCRIPCIÓN

A Deputación de Pontevedra adquiriu o compromiso de impulsar a evolución do modelo turístico de Rías Baixas cara a un modelo máis sostible. Para alcanzar esta meta, é fundamental que tanto o sector público como o privado traballen de maneira conxunta, aliñados coa visión de sostibilidade e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). **Esta actuación céntrase en visibilizar experiencias sostibles e promover prácticas sostibles na actividade turística**.

O obxectivo é incrementar a notoriedade das accións que inciden na sostibilidade do turismo e destacar as prácticas que contribúen á redución da pegada de carbono e ao uso eficiente dos recursos. Levaranse a cabo accións de comunicación e promoción dirixidas a aliñar todos os axentes públicos e privados da provincia coa Axenda 2030, compartindo visións e enfoques comúns en materia de sostibilidade. **As accións que compoñen “Sostibilidade 360” permitirán fortalecer o posicionamento de Rías Baixas como un destino líder en sostibilidade, o que garante que o turismo sexa un vector para o desenvolvemento económico e social da provincia**.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Visibilización de experiencias sostibles enfocadas en destacar** e promover iniciativas turísticas que integran prácticas respectuosas co medio natural. Esta acción busca sensibilizar tanto a turistas como a residentes sobre a importancia dun turismo responsable e sostible, así como incentivar a adopción de hábitos que contribúan á conservación medioambiental na provincia de Pontevedra.
- **Fomento da implementación de prácticas sostibles** no sector turístico e na organización de eventos, mediante a elaboración e a distribución de manuais de economía circular. Estes manuais proporcionarán directrices claras e prácticas para minimizar o impacto ambiental e promoverán a eficiencia no uso de recursos e a redución de residuos.
- **Impulso da economía circular**, a través do programa Revitaliza Hostalería, coa **instalación de composteiros** en establecementos turísticos e gastronómicos. Esta acción busca fomentar a xestión sostible de residuos orgánicos, transformándoos en compost para o seu uso en agricultura e xardinería, co que se reducirá a pegada de carbono e se promoverá un ciclo de vida máis ecolóxico para os refugallos que se xeran no sector turístico.



- **Colaboración con outras entidades para a posta en marcha de accións de sensibilización e concienciación en materia de sostibilidade.** Esta actuación baséase en alianzas estratéxicas que permitan difundir mensaxes e prácticas sostibles a través da organización de actividades educativas e de divulgación que involucren a comunidade local e os turistas na protección do medio natural.
- Aumento da **visibilidade e a notoriedade das accións sostibles** para asegurar que teñen un impacto duradeiro. Esta actuación enfocarase na **comunicación e na promoción de iniciativas sostibles a través de diversas canles para destacar as mellores prácticas e os logros en sostibilidade turística.** O obxectivo é crear unha imaxe de marca asociada coa responsabilidade ambiental e atraer a un público cada vez máis consciente e comprometido co turismo sostible.



RESPONSABLE

Técnica de turismo e calidade



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
200 000,00 €	200 000,00 €	200 000,00 €	200 000,00 €	200 000,00 €	200 000,00 €	200 000,00 €



INDICADORES

Nº de acordos para impulsar a economía circular

Nº de composteiros instalados

Nº de xornadas de sensibilización

Nº de accións sostibles visibilizadas

Nº de presentacións / accións divulgativas

Nº de accións formativas

Nº de expedientes de contratación con criterios de sostibilidade incorporados



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p> <p>OP2 - Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible.</p>	<p>OE 1.3. - O reforzo do crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.</p> <p>OE 2.4. - O fomento da adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e a resiliencia, tendo en conta os enfoques baseados nos ecosistemas.</p> <p>OE 2.5. - O fomento do acceso á auga e dunha xestión hídrica sostible.</p> <p>OE 2.6. - O fomento da transición cara a unha economía circular e eficiente no uso de recursos</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p> <p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .</p>

Rías Baixas: un destino para visitar, un lugar para vivir

RÍAS BAIXAS ÚNICA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Sostible



Auténtico e singular



Asertivo



Hospitalario



Cohesivo



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Hoxe en día, resulta fundamental que Rías Baixas non só se sitúe como un destino atractivo para visitar, senón tamén como un lugar idóneo para vivir. **O turismo non debe considerarse unicamente como unha actividade que beneficia o turismo, senón como un motor de desenvolvemento económico e social que pode mellorar significativamente a calidade de vida da poboación local.** A promoción de Rías Baixas como un lugar para vivir é esencial para fomentar un turismo sostible que beneficie tanto a visitantes como a residentes.

Establecer o concepto de calidade de vida como pilar da estratexia turística permitirá que Rías Baixas se destaque non só como un destino turístico, senón tamén como un lugar atractivo para vivir e traballar. Isto inclúe a implementación de estratexias de captación de nómades dixitais e a promoción da calidade de vida en Pontevedra para atraer e reter poboación en áreas rurais, co que se fomentará un desenvolvemento equilibrado e sostible en toda a provincia.

DESCRICIÓN

A actuación “Rías Baixas: un destino para visitar, un lugar para vivir” busca integrar a promoción turística co desenvolvemento local e a calidade de vida da poboación residente. Esta estratexia centrarase en varios eixes fundamentais para lograr un equilibrio entre o atractivo turístico e o benestar da poboación local. O concepto de calidade de vida establecerase como un pilar central da estratexia de promoción e salientaranse os aspectos que fan de Rías Baixas un lugar ideal para vivir, como o seu contorno natural, o seu patrimonio cultural e os seus servizos de calidade. Esta actuación persegue implicar a poboación local nas accións de promoción, principalmente persoas do sectores turístico, artesanía ou marisqueiro e outros protagonistas locais. Isto non só lles dará autenticidade ás campañas promocionais, senón que tamén **fomentará un sentido de pertenza e orgullo entre a poboación.**

Ademais, crearanse espazos de convivencia entre poboación local e visitantes, para facilitar o intercambio cultural e social. Estes espazos servirán para fortalecer as relacións comunitarias e permitir que os turistas experimenten a vida local dunha maneira máis auténtica e enriquecedora. Así mesmo, desenvolverase material divulgativo dirixido á poboación local, no que se destaque o impacto positivo do turismo na economía local. Este material educativo axudará a sensibilizar sobre os beneficios do turismo e a xerar un maior apoio ás iniciativas turísticas.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Implicación da poboación local nas accións de promoción turística** para involucrala nas campañas promocionais, sobre todo, persoas dos sectores turístico, artesán ou marisqueiro e outros protagonistas locais. O obxectivo é proporcionarlles autenticidade ás campañas e fomentar a participación da comunidade na promoción do destino Rías Baixas.

- **Xeración de espazos de convivencia entre poboación local e visitantes** para fortalecer as relacións comunitarias e permitirlles a estes últimos experimentar a vida local dunha maneira máis auténtica e enriquecedora.

- **Creación de material divulgativo, dirixido á poboación local, sobre o impacto positivo do turismo na economía local.** Este material axudará a conseguir un maior apoio ás iniciativas turísticas ao mostrar como o turismo pode mellorar a economía local.



- **Establecemento do concepto de calidade de vida como pilar da estratexia de promoción de Rías Baixas.** Destacaranse os aspectos que fan de Rías Baixas un lugar ideal para vivir, como o seu contorno natural, o patrimonio cultural e os servizos públicos de calidade. O concepto de calidade de vida converterase nun pilar central da estratexia de promoción para atraer tanto turistas como potenciais novos residentes.

- **Deseño de estratexias de captación de nómades dixitais e promoción de calidade de Pontevedra para fixar poboación no rural.** O obxectivo é atraer e reter persoas que desexen establecerse no territorio, co obxectivo de fixar poboación nas áreas rurais e promover un desenvolvemento equilibrado e sostible en toda a provincia.



RESPONSABLES

Técnica de comunicación
Técnico de contidos dixitais



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra
Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €	40 000,00 €



INDICADORES

Nº de campañas promocionais que inclúen protagonistas locais

Nº de eventos ou espazos de convivencia creados

Nº de campañas promocionais que destacan a calidade de vida

Alcance e *engagement* das campañas en diferentes medios (*online* e *offline*)

Nº de nómades dixitais atraídos ao territorio



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.3. - O reforzo do crecemento sostible e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>
<p>OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.</p>	<p>OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.</p>
	<p>OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .</p>

RÍAS BAIXAS INNOVADORA



Gobernanza para a transformación dixital do turismo

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Cohesivo



Innovador



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

No Plan estratéxico provincial de turismo 2021-2023, un dos obxectivos principais era que Rías Baixas se puidese converter no primeiro territorio supramunicipal intelixente certificado baixo a norma UNE 178501. No devandito proceso, a gobernanza identificouse como crucial para a coordinación e o avance de todas as institucións e as persoas implicadas na transformación do destino turístico.

Cos logros obtidos ata agora, **cómpre continuar fortalecendo a gobernanza do DTI Rías Baixas no vindeiro plan estratéxico**. A gobernanza require unha estrutura capaz de integrar todos os actores do ecosistema turístico, tanto públicos como privados. Resulta fundamental **seguir desenvolvendo instrumentos de política turística, plans de calidade e estratexias de turismo sostible**. Resulta necesario que a coordinación da promoción turística e a xestión de servizos sigan sendo prioridades. O Servizo de Turismo Rías Baixas debe continuar liderando a gobernanza do DTI, coa promoción da accesibilidade, a innovación e o uso de tecnoloxías avanzadas. Isto é vital para consolidar Rías Baixas como un referente na xestión de destinos turísticos intelixentes.

DESCRIPCIÓN

O servizo de gobernanza do ente xestor do destino turístico intelixente (DTI) de Rías Baixas enfocárase en asegurar **unha xestión eficaz e sostible do destino**. **Priorizarase a mellora continua do sistema de xestión, coa adaptación a novas tecnoloxías e a mellor da eficiencia operativa para manter estándares de calidade e sostibilidade**. A comunicación regular e transparente dos plans e obxectivos do DTI resultará fundamental para involucrar todo o ecosistema turístico e fomentar a colaboración e a aliañación de esforzos cara a metas comúns.

Ademais, porase en marcha un sistema de seguimento e avaliación continua do progreso do plan estratéxico, para verificar que todas as accións se axusten aos obxectivos establecidos e realizar axustes necesarios para garantir a correcta execución. O ente xestor asumirá un rol de liderado na coordinación de iniciativas e traballará estreitamente con institucións públicas, o sector privado e outros axentes clave para unha xestión integrada e colaborativa. Este enfoque garantizará que Rías Baixas se manteña á vangarda como un destino turístico intelixente.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Consolidación do Servizo de Turismo Rías Baixas como ente xestor do DTI e creación dun comité de seguimento entre servizos da Deputación.** Este compoñente céntrase na avaliación e a optimización do sistema de xestión DTI. Inclúe a implementación de procesos e prácticas que permiten a adaptación a novas tecnoloxías e a mellora da eficiencia operativa. A finalidade é garantir que o sistema se manteña actualizado e aliñado cos estándares de calidade e sostibilidade.
- **Difusión periódica dos plans e obxectivos DTI.** Cómpre informar a todo o ecosistema turístico de Rías Baixas sobre os plans e os obxectivos do DTI. Este servizo incluirá a comunicación regular das estratexias, os avances e os resultados obtidos mediante diversas canles de difusión. A transparencia e a comunicación efectiva fomentarán unha maior participación e colaboración entre as partes interesadas.
- **Comprobación de que o plan está en liña cos obxectivos do DTI.** O seguimento e a avaliación continua do progreso do plan estratéxico resulta fundamental. Esta actuación encargarase de verificar que todas as accións e os proxectos se poñan en marcha consonte os obxectivos establecidos no DTI. Ademais, incluirá a recolección e a análise de datos para medir o desempeño e realizar axustes necesarios para cumprir cos obxectivos.



- **Liderado das accións de gobernanza do destino.** O ente xestor asumirá un rol de liderado na gobernanza do destino, coa coordinación e a dirección das accións necesarias para o desenvolvemento turístico intelixente. Isto implicará traballar estreitamente coas institucións públicas, o sector privado e outros axentes clave para asegurar unha xestión integrada e colaborativa do destino. O liderado efectivo garantizará a aliñación de todos os esforzos cara a unha visión común de desenvolvemento turístico sostible e innovador.
- **Despregamento de plataforma semántica para a adaptación da Norma UNE e Modelo Ontolóxico.** A plataforma servirá como unha ferramenta centralizada para xestionar, actualizar e aplicar a UNE 178503 e o modelo ontolóxico definido por Segittur no sector turístico de Rías Baixas. Con esta iniciativa, búscase optimizar a xestión turística mediante o uso de tecnoloxías avanzadas e asegurar o cumprimento de estándares que lle permitan seguir sendo un destino pioneiro dentro da Rede DTI.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Segittur

Mesa de turismo

Membros do ente xestor do DTI



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
192 803,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Informes de avaliación do contorno en relación coa rede DTI

Nº de encontros de coordinación e planificación da Mesa de Turismo

Documentación xerada das reunións e as actividades do DTI

Avaliación dos avances na optimización do sistema de xestión do DTI


Nº de informes / actas do ente xestor

Nº de contratos publicados na web



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade .

TouristTech_Conexión ao nodo central PID

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Innovador



Intelixente

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Desde o Servizo de Turismo Rías Baixas levan anos traballando en despreparar unha arquitectura tecnolóxica que dea soporte á transformación intelixente da provincia de Pontevedra. Os proxectos Tourist Inside I e II estableceron unha base sólida para a transformación dixital das Rías Baixas. Estes proxectos melloraron a capacidade de análise de datos e a personalización da experiencia turística, ao integrar diversas ferramentas e sistemas para promover a interoperabilidade e o acceso universal á información.

Con todo, **para manter a súa competitividade e liderado en innovación, Rías Baixas debe continuar a súa evolución tecnolóxica, e consolidar e expandir o modelo de destino turístico intelixente (DTI).** A actuación TouristTech busca continuar o desenvolvemento e a implantación de novas plataformas tecnolóxicas e a súa integración coa futura plataforma estatal da Plataforma Intelixente de Destino (PID). Esta evolución permitirá ofrecer experiencias turísticas aínda máis innovadoras e sostibles e asegurar a súa posición como destino líder en tecnoloxía e excelencia turística.

DESCRIPCIÓN

O proxecto TouristTech ten como obxectivo continuar coa evolución tecnolóxica de Rías Baixas, consolidando e expandindo o seu modelo de destino turístico intelixente (DTI). **Este proxecto porá en marcha diversas accións clave para mellorar a arquitectura tecnolóxica do Servizo de Turismo Rías Baixas a través das TIC e de técnicas avanzadas como a intelixencia artificial (IA) para xestionar o territorio de maneira intelixente e colaborativa.**

As accións inclúen o desenvolvemento de módulos de gobernanza para municipios con máis de 20 000 habitantes, a implementación de dispositivos IoT para medir a calidade do aire e o ruído, e a instalación de videovixilancia para mellorar a seguridade. Tamén se utilizarán datos satelitais e IA para xestionar a biodiversidade e dixitalizáranse marquesiñas de autobuses para mellorar o transporte público. Ademais, optimizarase o control de capacidade mediante sensores e cálculo de smartphones, instalaranse máquinas de reverse vending para fomentar a reciclaxe e mellorárase a xestión de aparcadoiros e transporte local con tecnoloxías IoT. A asistencia técnica facilitará a implementación de sistemas integrais de xestión DTI nos municipios. Finalmente, porase en marcha un sistema de vixilancia tecnolóxica para analizar tendencias e perfís turísticos, sincronizando a plataforma DTI de Rías Baixas coa Plataforma Intelixente de Destinos (PID) da Secretaría de Estado de Turismo. Con estas accións, **TouristTech garantirá que Rías Baixas manteña a súa posición á vangarda da innovación e a sostibilidade no sector turístico.**

MEDIDAS OPERATIVAS

> Gobernanza +20.000.

Este módulo está destinado aos concellos da Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa. Ten como propósito apoiar a xestión turística destes municipios, que, aínda que non son grandes cidades, deben ofrecer numerosos servizos turísticos. O módulo inclúe a implementación de vixilancia tecnolóxica para formular estratexias que promovan o crecemento ordenado do turismo. A devandita gobernanza prevé a xestión e a vixilancia dos seguintes aspectos:

- **Calidade do aire:** este compoñente alíñase coa Directiva 2008/50/CE relativa á calidade do aire. O obxectivo é despregar dispositivos IoT para medir en tempo real a calidade do aire nos municipios seleccionados, o que permite avaliar e comparar datos para tomar medidas informativas e correctivas.
- **Mapa de ruído:** en consonancia coa Directiva 2002/49/CE, este compoñente realiza un seguimento da contaminación acústica nos municipios e crea un mapa estratéxico para avaliar a exposición ao ruído e tomar medidas preventivas ou correctoras.
- **Videovixilancia:** este compoñente mellora a seguridade dos destinos turísticos mediante a instalación de dispositivos de videovixilancia, o que proporciona un contorno seguro para visitantes e residentes. A información xestiónase de maneira autónoma polos municipios e de forma global pola Deputación de Pontevedra.
- **Biodiversidade:** os municipios estarán dotados de ferramentas innovadoras para mellorar a súa estratexia ambiental, utilizando datos de satélite e intelixencia artificial para vixiar e xestionar a biodiversidade e outros indicadores ambientais.
- **Dixitalización de marquesiñas:** este compoñente busca mellorar a información ás persoas usuarias de transporte público mediante a dixitalización de marquesiñas de autobús nos municipios, co que se promoverá o uso deste tipo de transporte e mellorará a accesibilidade.
- **Control de capacidade:** instalaranse dispositivos para mellorar a sensórica, así como solucións de cálculo de smartphones para facer o seguimento e xestionar a capacidade e os fluxos de visitantes en espazos públicos e eventos, o que facilitará unha gobernanza eficiente dos recursos turísticos.
- **Impacto ambiental:** este compoñente promove o turismo sostible mediante a instalación de máquinas de reverse vending que recollen envases para reciclaxe, ofrécenlles incentivos ás persoas usuarias e reducen a contaminación.
- **Xestión de aparcadoiros:** a xestión de aparcadoiros urbanos mellorarase mediante a implementación de dispositivos IoT e pantallas informativas que optimicen a ocupación e faciliten a accesibilidade, co que se reducirá a conxestión e as emisións de CO2.
- **Xestión de transporte local:** porase en marcha un sistema de xestión centralizado para mellorar a mobilidade urbana, que lles permitirá ás persoas usuarias e condutores interactuar en tempo real, o que optimizará o servizo de transporte local.
- **Asistencia técnica para formar parte como destino da Rede DTI.**

➤ **Evolución da Plataforma DTI Rías Baixas.**

Este módulo buscará sincronizar a Plataforma DTI de Rías Baixas coa Plataforma Intelixente de Destinos (PID) da Secretaría de Estado de Turismo, co que se mellorará a competitividade e a soberanía tecnolóxica do turismo español.

➤ **Vixilancia do destino Rías Baixas.**

Consiste en evolucionar as ferramenta actuais do servizo de turismo na área do observatorio turístico para analizar capacidade do destino, a ocupación e a evolución dos KPI.





RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
-€	2 300 000,00 €	2 300 000,00 €	300 000,00 €	300 000,00 €	200 000,00 €	100 000,00 €



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Segittur



INDICADORES

Porcentaxe de instalacións turísticas que despregan sensores IoT

Nº de cadros de mando de indicadores (KPI)

Nº de visitas únicas no portal turístico de Rías Baixas

Nº de canles de interacción co turista

Analíticas de medios sociais:

- Porcentaxe de seguidores en función das canles
- Porcentaxe de visualizacións en función das canles
- Nº de comentarios recibidos
- Nº de respostas aos comentarios recibidos

Grao de satisfacción da poboación do DTI

Analítica de datos

- Nº de visitas únicas no portal web
- Identificación do dispositivo de acceso
- Nº de páxinas vistas por visita no portal web
- Duración media da visita
- Mapas de calor de clics

Localización de visitantes

Seguimento da unidade de xestión do proxecto TouristTech:

- Nº de reunións mantidas
- Nº de informes
- Seguimento e control de accións de innovación



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.

OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

Formación continua en competencias dixitais

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Cohesivo



Innovador



Intelixente



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

A dixitalización e as novas ferramentas tecnolóxicas transformaron profundamente a forma na que se viaxa. A comercialización, a selección do destino, as recomendacións e a propia experiencia da viaxe cambiaron grazas á tecnoloxía e á innovación. Nesta transformación é fundamental que todo o ecosistema turístico estea preparado para abordar os cambios continuos que experimenta a sociedade. Por iso, cómpre corrixir as deficiencias formativas e de capacitación dos equipos humanos, debido á rapidez coa que se producen estes cambios.

O obxectivo desta nova fase do plan de actuación é fomentar a transformación dixital do sector turístico na provincia de Pontevedra. Isto lograse mediante unha programación intensiva de xornadas, charlas e eventos orientados aos diferentes grupos de interese da cadea de valor. As temáticas abordadas centraranse no impacto da transformación dixital no sector turístico. **A formación non só terá un enfoque empresarial, senón que tamén se buscará a súa aplicación práctica na xestión das organizacións turísticas.**

DESCRIPCIÓN

A actuación de Formación DTI no marco da Estratexia Rías Baixas Turismo 61 busca impulsar a transformación dixital do sector turístico a través dunha serie de iniciativas formativas e de demostración tecnolóxica. **Estas accións están deseñadas para mellorar a capacitación tecnolóxica de profesionais do turismo, tanto do ámbito público como do privado, para asegurar que contan coa preparación suficiente para afrontar os rápidos cambios e os desafíos que a dixitalización impón.**

O plan inclúe a realización de xornadas, foros e conferencias que aborden as últimas tendencias e ferramentas tecnolóxicas aplicadas ao turismo, así como a organización de cursos específicos en tecnoloxías clave como a intelixencia artificial. Ademais, porase en marcha un sistema de vixilancia tecnolóxica que permitirá identificar novas tecnoloxías emerxentes e adaptar continuamente a formación ofrecida, co que se asegurará que o ecosistema turístico de Rías Baixas se mantén á vangarda da innovación.

MEDIDAS OPERATIVAS

- **Organización de accións de demostración tecnolóxica para o sector** para capacitar os profesionais sobre ferramentas e solucións tecnolóxicas innovadoras que poden mellorar a xestión e a experiencia turística. Estas demostracións estarán dirixidas a profesionais do turismo, e mostrarán casos de éxito e aplicacións concretas que poden ser replicadas nas súas propias organizacións.
- **Organización de ciclo de foros, conferencias e xornadas formativas** para proporcionar un espazo de aprendizaxe e debate sobre as últimas tendencias e desenvolvementos en tecnoloxía turística. Estes eventos contarán coa participación de especialistas nacionais e internacionais que compartirán os seus coñecementos e experiencias. Ademais, fomentarse a interacción e o *networking* entre as persoas participantes para promover o intercambio de ideas e mellores prácticas.
- **Organización de cursos específicos sobre tecnoloxía** en diversas áreas tecnolóxicas relevantes para o turismo. Estes cursos abarcarán temas como o uso de big data, a realidade aumentada, a realidade virtual, a ciberseguridade e a xestión de sistemas IoT. Os cursos estarán deseñados para diferentes niveis de coñecemento, desde principiantes ata avanzados, e estarán dirixidos tanto a persoal do sector público como do sector privado.
- **Realización de formación específica en intelixencia artificial** que ensinará como desenvolver e axustar algoritmos de IA, como aplicarlos na análise de datos turísticos e como utilizarlos para mellorar a eficiencia das campañas de márketing e a xestión de destinos.
- **Posta en marcha dun sistema de vixilancia en materia de novas tecnoloxías para aplicar á formación** que realizará un seguimento continuo do mercado para identificar novas tecnoloxías emerxentes e tendencias no sector turístico. A información recompilada utilizarase para actualizar e adaptar os programas de formación e asegurar así que os contidos sexan sempre relevantes e que os profesionais do turismo de Rías Baixas estean ao día coas últimas innovacións tecnolóxicas.
- **Creación do Servizo de Análise en Ciberseguridade e Formación para o Sector Turístico** co obxectivo de fortalecer a seguridade dixital e a formación en Rías Baixas. Esta actuación inclúe a implementación de servizos de análise en ciberseguridade para identificar e mitigar vulnerabilidades, así como programas de formación para capacitar profesionais do turismo en prácticas seguras e protección de datos. A iniciativa busca protexer a infraestrutura dixital do sector turístico, garantir a privacidade da información e aumentar a confianza de turistas e operadores.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Concellos
Rede SmartPeme



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
36 000,00 €	36 000,00 €	36 000,00 €	36 000,00 €	36 000,00 €	36 000,00 €	- €



INDICADORES

Nº de xornadas formativas

Nº de relatoras/es e formadoras/es

Nº de persoas asistentes

Nº de acordos de colaboración con centros formativos

Nº de recursos incluídos no repositorio

Nº de accións de comunicación



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO	OBXECTIVO ESPECÍFICO
<p>OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.</p>	<p>OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.</p> <p>OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas</p> <p>OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.</p>
<p>OP4 - Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais.</p>	<p>OE 4.1. - Mellora da eficacia e o carácter inclusivo dos mercados de traballo e o acceso ao emprego de calidade, mediante o desenvolvemento das infraestruturas sociais e a promoción da economía social.</p> <p>OE 4.2. - Mellora do acceso igualitario a servizos inclusivos e de calidade no ámbito da educación, a formación e a aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de infraestruturas accesibles, o que inclúe o fomento da resiliencia da educación e a formación en liña e a distancia</p> <p>OE 4.5. - Reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social.</p>

Territorio modelo DTI

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Cohesivo



Innovador



Intelixente



Tractor

INCIDENCIA NOS PIARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Nun contexto no que a tecnoloxía e a dixitalización están a transformar rapidamente a industria turística, **despregar unha estratexia de intelixencia turística permítelle ao destino Rías Baixas anticipar tendencias e responder proactivamente aos cambios na demanda.** Ademais, proporciona unha vantaxe competitiva ao posibilitar a personalización da oferta turística, optimizar recursos e aumentar a satisfacción de visitantes e residentes.

O Servizo de Turismo Rías Baixas leva anos traballando na toma de decisións en función dos datos, motivo polo que a continuidade nos traballos de intelixencia turística tamén é esencial para fomentar unha xestión sostible do turismo. A recompilación e a análise de datos axudan a identificar patróns de comportamento que poden afectar negativamente ao medio natural e ás comunidades locais, o que facilita a implementación de medidas correctivas. Ademais, **a intelixencia turística resulta clave para medir o impacto das estratexias de promoción e axustar as accións en tempo real e asegurar así o uso eficiente e efectivo dos recursos.**

DESCRIPCIÓN

O proxecto de Intelixencia Turística en Rías Baixas ten como obxectivo principal optimizar a xestión e a promoción do destino mediante a implementación de tecnoloxías que axuden a mellorar a experiencia turística, así como o despregamento de sistemas de xestión eficientes. **A Deputación de Pontevedra asinou un acordo de colaboración con Segittur, que permitirá acelerar a conversión de varios concellos da provincia en destinos turísticos intelixentes (DTI), dotados de ferramentas dixitais e capacidades tecnolóxicas.**

Doutra banda, **unha parte fundamental do proxecto é a colaboración coa Xunta de Galicia e outros municipios para harmonizar os observatorios turísticos.** Esta harmonización facilitará o intercambio de datos e mellores prácticas e permitirá crear un sistema integrado que mellore a coordinación e a eficiencia na xestión dos recursos turísticos a nivel rexional. Esta colaboración tamén lle permitirá ao ecosistema do sector turístico traballar de maneira máis cohesiva, e aliñar estratexias e obxectivos para maximizar o impacto positivo do turismo no territorio.

Ademais, o proxecto porá o foco no coñecemento dos novos hábitos do turismo a través da realización de estudos exhaustivos para identificar e comprender os cambios no comportamento e as preferencias dos visitantes.

MEDIDAS OPERATIVAS

> **Conversión de oito concellos en DTI.**

Esta actuación céntrase en acelerar o proceso de transformación intelixente de oito municipios en destinos turísticos intelixentes (DTI), grazas a un acordo de colaboración con Segittur (incluído dentro da iniciativa TouristTech). Esta iniciativa busca apoiar a estes concellos na realización das auditorías necesarias para a súa conversión en DTI. O Servizo de Turismo Rías Baixas achegará a súa experiencia e coñecemento no proceso de certificación e actuará como punto central e de contacto con Segittur. Este soporte incluírá a guía e a asistencia técnica necesaria para asegurar que os concellos cumpran cos requisitos e os estándares establecidos, e facilitar así a súa integración na Rede de Destinos Turísticos Intelixentes para mellorar a súa competitividade e sostibilidade no mercado turístico.

> **Harmonización dos observatorios turísticos.**

en colaboración coa Xunta de Galicia e os concellos. Isto impulsará un sistema integrado que permita unha xestión coordinada e eficiente dos recursos turísticos a nivel rexional. A colaboración facilitará o intercambio de información e mellores prácticas, e optimizará a toma de decisións estratéxicas.



> **Coñecemento dos novos hábitos das persoas que visitan as Rías Baixas.**

que resulta fundamental para adaptar a oferta ás demandas cambiantes do mercado. Levarase a cabo un estudo exhaustivo para identificar e comprender estes novos comportamentos, o que permitirá ofrecer experiencias personalizadas e atractivas aos visitantes e mellorar a súa satisfacción e fidelización.

> **Análise de tendencias turísticas.**

Esta será unha ferramenta clave para anticipar cambios no mercado turístico e adaptar as estratexias de promoción e xestión do destino. Esta análise proporcionará unha visión clara das oportunidades e os desafíos futuros, e permitiralle ao destino Rías Baixas manterse á vangarda da innovación turística e asegurar a súa competitividade no mercado global.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Segittur

Red.es

Concellos



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
- €	102 850,00 €	102 850,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	50 000,00 €	- €



INDICADORES

Nº de municipios certificados en DTI por Segittur

Nº de reunións realizadas coa Xunta de Galicia e os concellos para coordinar a harmonización dos observatorios

Nº de datos turísticos integrados e compartidos a nivel rexional

Nº de estudos realizados para identificar novos hábitos no turismo

Nivel de satisfacción dos turistas coas novas ofertas adaptadas aos seus hábitos

Avaliación do impacto das tendencias identificadas na estratexia turística de Rías Baixas



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO

OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OP5 - Unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, mediante o fomento do desenvolvemento integrado e sostible de todo tipo de territorios e das iniciativas locais.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas.

OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.

OE 5.1. - Nas zonas urbanas, o fomento dun desenvolvemento social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura, o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

OE 5.2. - Nas zonas non urbanas, o fomento dun desenvolvemento local social, económico e medioambiental integrado e inclusivo, a cultura e o patrimonio natural, o turismo sostible e a seguridade.

IA aplicada ao turismo

RÍAS BAIXAS INNOVADORA

VALORES DA ESTRATEXIA RELACIONADOS



Asertivo



Innovador



Intelixente

INCIDENCIA NOS PARES DUN DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE



Gobernanza



Innovación



Tecnoloxía



Sostibilidade



Accesibilidade



NECESIDADE DA ACTUACIÓN

Nun contexto de rápidos cambios tecnolóxicos impulsados pola chegada da intelixencia artificial (IA) ao sector turístico, cómpre que o destino Rías Baixas actualice e mellore a súa infraestrutura tecnolóxica. **A incorporación da IA permitirá unha análise máis profunda e precisa dos datos turísticos, o que facilitará a personalización das campañas de promoción e márketing** e aumentará a eficiencia das mesmas. A capacidade para anticipar tendencias e comportamentos turísticos verase significativamente incrementada e isto permitiralle a Rías Baixas adiantarse ás necesidades e aos desexos dos turistas.

Doutra banda, **a capacitación especializada do persoal é outra necesidade vital**. Para asegurar o uso e a xestión adecuados destas novas tecnoloxías cómpre que o persoal estea ben formado e capacitado. A implementación de sistemas de big data non só facilitará a recompilación, almacenamento e análise de grandes volumes de datos, senón que tamén proporcionará información valiosa para a toma de decisións estratéxicas e permitirá unha xestión máis eficiente e efectiva do destino turístico. Por iso, esta actuación está unida aos traballos que se desenvolvan no eido da formación en competencias dixitais.

DESCRIPCIÓN

Esta actuación ten como obxectivo principal **integrar tecnoloxías avanzadas que permitan personalizar a oferta turística, mellorar a experiencia de cada visitante e optimizar as campañas de promoción para alcanzar unha maior eficiencia e efectividade**.

A intelixencia artificial utilizarase para analizar grandes volumes de datos sobre o comportamento e as preferencias de quen visita as Rías Baixas nas diferentes canles en liña, así como a información que se recolle das oficinas de turismo. Isto permitirá segmentar de maneira precisa o mercado e deseñar campañas de márketing altamente personalizadas. Ademais, **a IA facilitará a automatización de procesos**, como a atención á clientela, mediante chatbots intelixentes, **e a análise predictiva** para anticipar tendencias e comportamentos futuros.

Esta actuación está moi vinculada coa plataforma semántica que se desenvolve dentro de TouristTech, dado que todos os contidos dixitais estarán aliñados coa norma UNE178503 de Semántica Turística. Isto permitirá que a IA poida traballar de maneira máis precisa coa información, dado que os contidos poderán incorporarse en diferentes LLM coas que traballen as OTA, os metabuscadores e diferentes axentes tecnolóxicos do sector turístico.

MEDIDAS OPERATIVAS

- Utilización da **intelixencia artificial (IA) para optimizar as estratexias de segmentación**, o que permite a personalización das campañas de márketing turístico. A IA permitirá identificar patróns e preferencias de quen visita as Rías Baixas e segmentar de maneira precisa o mercado. Isto servirá para dirixir mensaxes e ofertas específicas a diferentes grupos de turistas e aumentar así a relevancia e a efectividade das campañas promocionais. A segmentación optimizada non só mellora a satisfacción de cada visitante, senón que tamén maximiza o retorno de investimento nas accións de márketing.
- **Uso de IA para a xeración de contidos de promoción** que lle permitirá ao Servizo de Turismo Rías Baixas a creación de materiais publicitarios de alto impacto e atractivos. Isto inclúe desde textos promocionais e publicacións en redes sociais ata vídeos e gráficos interactivos. A capacidade da IA para producir contido de maneira rápida e eficiente facilita unha comunicación constante e relevante cos potenciais turistas, mellorando a imaxe do destino e aumentando a probabilidade de atraer visitantes.
- Explotación semántica de TouristTech co obxectivo de xerar unha mellor organización, interpretación e utilización dos datos e os contidos turísticos que ten Rías Baixas. A través do uso de ontoloxías e técnicas de procesamento da linguaxe natural, preténdese optimizar a personalización dos servizos turísticos, mellorar a precisión na recomendación de actividades e facilitar a toma de decisións informadas por parte do Servizo de Turismo Rías Baixas.
- Incorporación da **realidade aumentada (RA) e a realidade virtual (RV)** na promoción turística, xa que ofrece experiencias inmersivas que poden captar a atención de visitantes de maneira relevante. A RA e a RV, proveniente da iniciativa TouristTech, permitirá explorar virtualmente recursos turísticos das Rías Baixas, o que enriquecerá a experiencia turística e incrementará a satisfacción de cada visitante. As experiencias inmersivas proporcionadas pola RA e a RV destacarán os atractivos turísticos do destino Rías Baixas dunha maneira innovadora.
- Impulso da gamificación, que introducirá elementos lúdicos na promoción e na experiencia turística de Rías Baixas, facendo uso de aplicacións interactivas e xogos que involucran os visitantes de maneira divertida e educativa. Mediante o uso de tecnoloxías como a xeolocalización e os dispositivos móbiles, cada turista poderá participar en actividades e desafíos que lles permitirán descubrir Rías Baixas dunha maneira innovadora.



RESPONSABLE

Xefa de negociado e intelixencia turística



AXENTES IMPLICADOS

Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Segittur

AESIA (Axencia Española de Supervisión da IA)



CALENDARIZACIÓN

2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030
91 500,00 €	590 000,00 €	565 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €	25 000,00 €



INDICADORES

Nº de contidos promocionais personalizados xerados mediante IA

Porcentaxe de visitantes que responden positivamente ás campañas de márketing baseadas en IA


Nº de interaccións e visualizacións de contidos de realidade aumentada e realidade virtual

Tempo medio que as visitas dedican a interactuar con contidos dixitais xerados por IA, RA e RV



VÍNCULO COS ODS





ALIÑAMENTO COAS POLÍTICAS DE COHESIÓN

OBXECTIVO POLÍTICO


OP1 - Unha Europa máis competitiva e intelixente promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e a conectividade TIC rexional.

OBXECTIVO ESPECÍFICO

OE 1.1. - O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.

OE 1.2. - O aproveitamento das vantaxes da dixitalización para os cidadáns, as empresas, as organizacións de investigación e as administracións públicas

OE 1.4. - O desenvolvemento de capacidades para a especialización intelixente, a transición industrial e o emprendemento.



Parte V

Agradecimientos

Alberto Jaraiz	Autoridade portuaria de Vigo
Alexandra Abilleira	Asociación de comerciantes da praza de abastos de Marín
Alexandra Franco	Concello de Moaña
Alfonso Martínez	Consortio de empresarios turísticos de Sanxenxo (CETS)
Amadeo Taboada	GDR Terras de Pontevedra Norte
Ana Belén Rodríguez	Concello das Neves
Ana Isabel Porto	Castelo de Sobroso
Ana Millán	Concello da Illa de Arousa
Ana Molés	Aeroporto de Vigo
Ana Trevisani	OPC Galicia
Ana Vázquez	Alecrín Actividades e Aventura
Andrés Sampedro	Asociación de alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas
Antón Iglesias	Concello de Cangas
Antonio Méndez	Hotel Nande
Anxo Queiruga	Confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI)
Beatriz Carballido	Federación empresarial de turismo e hostalaría de Pontevedra (FEPROTUR)
Beatriz Castro	Hotel Cons da Garda
Begoña Blanco	Concello de Lalín
Carlos Rodríguez	Asociación provincial de establecementos musicais e espectáculos regulados (APEMER)
Carlos Veleiro	Asociación provincial de establecementos musicais e espectáculos regulados (APEMER)

César Gil	Concello de Mondariz Balneario
César Sánchez-Ballesteros	Federación empresarial de turismo e hostalaría de Pontevedra (FEPROTUR)
Cesáreo Pardal	Clúster Turismo de Galicia
Cristina Acuña	Concello de Marín
Cristina Viñas	Amare Turismo Náutico
Daniele Provezza	Hotel Attica21 Vigo
David Vidal	Concello de Vilanova de Arousa
Fátima Isabel Rey	Concello de Vilanova de Arousa
Francisco González	Hotel Spa Nanín Playa
Francisco Plaza	Parador de Baiona
Fuencisla Cid	El Corte Inglés
Guti Martín	Sherpa Project
Helena Caiña	Asociación de comerciantes da praza de abastos de Marín
Humberto Fernández	Guías Galaicos
Isabel Sanmartín	Concello da Estrada
Iván Iglesias	CIFP Manuel Antonio
Jaime Garrido	Pazo Los Escudos Hotel & Spa Resort
Jonathan Mota	Mijo Minibar
José Albino Vázquez	Asociación de clubs náuticos de Galicia (ASNAUGA)
José Antonio Fernández Bouzas	Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas
José Luis Iglesias	Restaurante Cabanas

José Luis Vilanova	Cámara de comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
José María Tobío	GDR Pontevedra-Morrazo
Juan Ángel Anca	Parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro
Juan Rivadulla	Asociación galega de axencias de viaxes (AGAVI)
Juan Castro Carrera	Anta de Moura
Juan Deza	Concello de Sanxenxo
Juanjo Figueroa	Asociación galega de sumilleres (AGASU)
Julio Gómez	Concello de Vila de Cruces
Laura Expósito	Ruta do viño Rías Baixas
Leonardo López	Hotel Carlos I Silgar
Lorena Soto	Concello de Salvaterra do Miño
Lorena Varela	Ruta do viño Rías Baixas
Lucía Fragata	Concello de Baiona
Maite Rodríguez	Hotel La Rectoral
Manuel Blanco	Museo etnográfico Casa do Patrón
Marco Crespo	Celtravel
María Ana Diz	Concello de Vilanova de Arousa
María del Rocío Pino	Concello de Salvaterra do Miño
María Fernández	Asociación de hostalaría de Vigo (AHOSVI)
María Rodríguez	La Ojiva Gastronómica
Maribel Bemposta	Concello de Vilanova de Arousa
Marta Iglesias	Piragüilla Ocio y Aventura

Marta Pedrouzo	Arousa Tours
Marta Sanz	Guías Galaicos
Miguel Soto	Ruta da sidra da Estrada
Mónica Neira	Concello de Poio
Nacho Crespo	Quinta de San Amaro
Noel Malvido	Concello de Cangas
Noelia Aragunde	Concello de Cambados
Noelia Martínez	Casa do Marqués
Nuria Álvarez	Concello de Lalín
Óscar Álvarez	Hotel Bosquemar
Oscar Fontán	Gran Talaso Hotel Sanxenxo
Óscar Rancaño	Concello da Estrada
Paloma Domínguez	Concello de Pontevedra
Pastora Charlín	Conxemar
Patricia Costas	Concello de Gondomar
Patricia García	Concello de Vilagarcía de Arousa
Patricia Pérez	Troulanda
Patricia Rodríguez	Hotel Ciudad de Vigo
Patricia Verdial	Museo de arte contemporánea de Vigo (MARCO)
Rafael Sánchez	Concello de Tui
Ramón Guinarte	Mancomunidade do Salnés
Ramón Huidobro	Denominación de orixe Rias Baixas

Raquel Santamaría	Hotel Villa Covelo
Rita Pérez	Concello de Redondela
Rocío Cochón	Concello de Poio
Rosa María Pérez	Viajes Val Miñor
Sandra López	CIFP Manuel Antonio
Sara Cebreiro	Concello de Mos
Sarah Barbará	Mosteiro de Oia
Sheila González	Concello de Baiona
Silvia Cernadas	Concello de Soutomaior
Soledad Chayán	Asociación de guías turísticos de Galicia
Sonia Míguez	Concello de Salvaterra do Miño
Teresa Portela	Deportista de elite
Valentín Vereá	Concello de Mondariz Balneario
Vanesa Jorge	Concello de Ribadumia
Vanessa Ucha	Concello do Porriño
Ventura Santorum	Villas Turísticas del Noroeste
Verónica Gómez	Río Miño en Barco Historical Experience
Xoán Quintáns	Revenidas



Deputación
Pontevedra



ríasbaixas

